Asinado dixitalmente por:
REXISTRO ELECTRÓNICO
Data: 16/03/2021 12:18:11
Razón: Rexistro electrónico
Localización: Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 15

Sesión plenaria
9 de decembro de 2020

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ORDE DO DÍA

Punto 1. Textos lexislativos

1.1 Debate de totalidade do Proxecto de lei de museos e outros centros museísticos de Galicia (doc. núm. 2795, 11/PL-000006)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 26, do 06.10.2020
Publicación de emendas á totalidade, BOPG nº 39, do 02.11.2020

1.2 Debate de totalidade do Proxecto de lei de residuos e solos contaminados de Galicia (doc. núm. 2625, 11/PL-000004)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 26, do 06.10.2020
Publicación de emendas á totalidade, BOPG nº 39, do 02.11.2020

1.3 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia (doc. núm. 5637, 11/PPL-000001)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 51, do 23.11.2020
Publicación da modificación do procedemento, BOPG nº 51, do 23.11.2020

Punto 2. Comparecencias

2.1 5989 (11/CPP-000029)
Do vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, por petición propia, para informar sobre a evolución da emerxencia sanitaria da covid-19 en relación coas previsións e liñas xerais de actuación do seu departamento
Publicación da iniciativa, BOPG nº 56, do 02.12.2020

2.2 1419 (11/CPP-000013)
Da conselleira do Mar, por petición propia, para informar das previsións e liñas xerais de actuación do seu departamento
Publicación da iniciativa, BOPG nº 12, do 08.09.2020

Punto 3. Mocións

3.1 5920 (11/MOC-000013)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co impacto na economía galega da consolidación da pobreza e da exclusión social e as repercusións da crise da covid-19. (Moción consecuencia da Interpelación nº 582, publicada no BOPG nº 9, do 02.09.2020, e debatida na sesión plenaria do 24.11.2020)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 56, do 02.12.2020

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

3.2 5923 (e corrección de erros 5936) (11/MOC-000014)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Francisco Rivera, Juan Carlos
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa crise económica e a situación social xeradas pola covid-19. (Moción consecuencia da Interpelación nº 1027, publicada no BOPG nº 11, do 04.09.2020, e debatida na sesión plenaria do 24.11.2020)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 56, do 02.12.2020

3.3 5924 (11/MOC-000015)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto da covid-19 no sector cultural. (Moción consecuencia da Interpelación nº 4381, publicada no BOPG nº 40, do 04.11.2020, e debatida na sesión plenaria do 24.11.2020)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 56, do 02.12.2020

Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 3280 (11/PNP-000347)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia tendentes ao mantemento do servizo de axuda no fogar extraordinario e a prorrogalo ata que a pandemia provocada pola covid-19 se atope controlada na nosa comunidade autónoma
Publicación da iniciativa, BOPG nº 30, do 14.10.2020

4.2 3384 (11/PNP-000361)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pazos Couñago, José Alberto e seis deputados/as máis
Sobre a demanda por parte do Goberno galego ao Goberno central da transferencia á Comunidade Autónoma de Galicia da xestión do ingreso mínimo vital creado a través do Real decreto lei 20/2020
Publicación da iniciativa, BOPG nº 33, do 21.10.2020

4.3 5003 (11/PNP-000571)
Grupos Parlamentarios Popular de Galicia, do Bloque Nacionalista Galego e dos Socialistas de Galicia
Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a creación da nova especialidade de Medicina de Urxencias e Emerxencias
Publicación da iniciativa, BOPG nº 49, do 19.11.2020

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

4.4 5234 (11/PNP-000597)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rey Varela, José Manuel e oito deputados/as máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co sector naval de Ferrol
Publicación da iniciativa, BOPG nº 49, do 19.11.2020

4.5 5525 (11/PNP-000636)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co volume de diagnoses e a capacidade asistencial dos servizos de oncoloxía do sistema sanitario público de Galicia durante o ano 2020
Publicación da iniciativa, BOPG nº 52, do 25.11.2020

4.6 5573 (11/PNP-000642)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e dous deputados/as máis
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de modificar a normativa vixente que regula o servizo de axuda no fogar, así como as cuestións que debe introducir nela
Publicación da iniciativa, BOPG nº 52, do 25.11.2020

4.7 5579 (11/PNP-000643)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e dous deputados/as máis
Sobre as demandas que se deben realizar en relación co desenvolvemento en Galicia do corredor atlántico de mercadorías
Publicación da iniciativa, BOPG nº 52, do 25.11.2020

Punto 5. Interpelacións

5.1 2705 (11/INT-000154)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e tres deputados/as máis
Sobre a política do Goberno galego en relación co sector eólico
Publicación da iniciativa, BOPG nº 27, do 07.10.2020

5.2 4969 (11/INT-000338)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e tres deputados/as máis
Sobre a política do Goberno galego en relación co saneamento das rías
Publicación da iniciativa, BOPG nº 49, do 19.11.2020

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

5.3 5670 (11/INT-000384)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre a política do Goberno galego en relación co impacto do cambio climático en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 52, do 25.11.2020

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

6.1 5977 (11/POPX-000011)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Caballero Miguez, Gonzalo
Sobre a posición do Goberno galego respecto da apertura dun expediente disciplinario ao responsable de xinecoloxía do paridoiro do Hospital Comarcal de Verín
Publicación da iniciativa, BOPG nº 56, do 02.12.2020

6.2 5978 (11/POPX-000012)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana
Sobre as previsións do Goberno galego respecto do deseño dunha estratexia para que Galicia reciba o financiamento necesario para a reactivación económica
Publicación da iniciativa, BOPG nº 56, do 02.12.2020

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 5565 (11/POP-000707)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Sanromán, María Leticia e tres deputados/as máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da garantía de axudas directas ás axencias de viaxes para evitar o seu peche no ano 2021
Publicación da iniciativa, BOPG nº 52, do 25.11.2020

7.2 5451 (11/POP-000693)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Prado, Martín e seis deputados/as máis
Sobre a opinión do Goberno galego respecto do apoio que lle está a prestar o Goberno central ao corredor mediterráneo de mercadorías, en detrimento do corredor atlántico
Publicación da iniciativa, BOPG nº 52, do 25.11.2020

7.3 5966 (11/PUP-000084)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da convocatoria das axudas posdoutorais correspondentes ao ano 2020
Publicación da iniciativa, BOPG nº 56, do 02.12.2020

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

7.4 5591 (11/POP-000712)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e sete deputados/as máis
Sobre os principais resultados e conclusións da macroenquisa realizada pola Xunta de Galicia en relación coa percepción da cidadanía galega respecto da violencia de xénero
Publicación da iniciativa, BOPG nº 52, do 25.11.2020

7.5 5717 (11/POP-000729)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana e dezaoito deputados/as máis
Sobre as razóns da dirección sanitaria de Ourense para incoar un expediente disciplinario a un profesional do Hospital de Verín.
Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 52, do 25.11.2020

7.6 5071 (11/POP-000648)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pazos Couñago, José Alberto e seis deputados/as máis
Sobre a valoración que fai o Goberno galego do inicio do curso marcado pola covid-19 nas escolas infantís de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 49, do 19.11.2020

7.7 5676 (11/POP-000726)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e cinco deputados/as máis
Sobre a dispoñibilidade polo Goberno galego dalgún informe de carácter epidemiolóxico das vinte e cinco granxas de visóns existentes en Galicia respecto da covid-19
Publicación da iniciativa, BOPG nº 52, do 25.11.2020

7.8 5974 (11/PUP-000085)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen
Sobre as afirmacións do conselleiro do Medio Rural nunha rede social respecto de supostos cobros de traballadores da consellaría á cidadanía por axudar a tramitar as solicitudes de corta de madeira
Publicación da iniciativa, BOPG nº 56, do 02.12.2020

7.9 2302 (11/POP-000211)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e Fernández Alfonzo, Ramón
Sobre a disposición do Goberno galego a iniciar un proceso de recuperación da produción marisqueira na ría de Ferrol, ao tempo de articular medidas de protección económica e social para as persoas mariscadoras da ría, con figuras como a do paro biolóxico
Publicación da iniciativa, BOPG nº 23, do 30.09.2020

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

O señor presidente comunica a inasistencia da deputada dona María Guadalupe Murillo Solís (P) e a súa delegación de voto para esta sesión no deputado don Pedro Puy Fraga (P). (Páx. 13.)

Debate de totalidade do Proxecto de lei de museos e outros centros museísticos de Galicia. (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación do proxecto de lei: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González).* (Páx. 13.)

Rolda de defensa das emendas á totalidade, de devolución: *Sra. Díaz Varela (S)* (Páx. 16.) *e Sra. Queixas Zas (BNG).* (Páx. 20.)

Rolda dos grupos parlamentarios non emendantes para fixar a súa posición: *Sr. Ferro Iglesias (P).* (Páx. 24.)

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Díaz Varela (S)* (Páx. 26.) *e Sra. Queixas Zas (BNG).* (Páx. 27.)

Debate de totalidade do Proxecto de lei de residuos e solos contaminados de Galicia. (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación do proxecto de lei: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto).* (Páx. 29.)

Rolda de defensa das emendas á totalidade de devolución: *Sra. Castro Rey (S)* (Páx. 33.) *e Sr. Bará Torres (BNG).* (Páx. 37.)

Rolda dos grupos parlamentarios non emendantes para fixar a súa posición: *Sra. Nóvoa Iglesias. (P).* (Páx. 42.)

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Castro Rey (S)* (Páx. 47.) *e Sr. Bará Torres (BNG).* (Páx. 49.)

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. Popular de Galicia, de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia. (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación da proposición de lei: *Sr. Puy Fraga (P).* (Páx. 51.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sr. Torrado Quintela (S)* (Páx. 56.) *e Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 58.)

Rolda de réplica: *Sr. Puy Fraga (P).* (Páx. 62.)

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Votación dos textos lexislativos

Votación das emendas á totalidade, de devolución, dos GG. PP. do Bloque Nacionalista Galego e dos Socialistas de Galicia, presentadas ao Proxecto de lei de museos e outros centros museísticos de Galicia: *rexeitadas por 32 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 64.)

Votación das emendas á totalidade, de devolución, dos GG. PP. do Bloque Nacionalista Galego e dos Socialistas de Galicia, presentadas ao Proxecto de lei de residuos e solos contaminados de Galicia: *rexeitadas por 32 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 64.)

Votación da toma en consideración da Proposición de lei do G. P. Popular de Galicia, de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia: *aprobada por 41 votos a favor, 32 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 65.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Noa Presas Bergantiños, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co impacto na economía galega da consolidación da pobreza e da exclusión social e as repercusións da crise da covid-19. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 65.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 65.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Ortega Otero (S).* (Páx. 69.)
Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Pérez López (P)* (Páx. 72.)

A señora Presas Bergantiños (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 76.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Carlos Francisco Rivera, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa crise económica e a situación social xeradas pola covid-19. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Francisco Rivera (S).* (Páx. 78.)
Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Pérez López (BNG)* (Páx. 81.) *e Sr. Tellado Filgueira (P).* (Páx. 84.)

Nova intervención do señor Francisco Rivera (S). (Páx. 88.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Mercedes Queixas Zas, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto da covid-19 no sector cultural. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Queixas Zas (BNG).* (Páx. 90.)
Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Díaz Varela (S)* (Páx. 92.) *e Sra. Egerique Mosquera (P).* (Páx. 96.)

Nova intervención da señora Queixas Zas (BNG). (Páx. 99.)

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Votación das mocións

Votación do punto 4 da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Noa Presas Bergantiños, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co impacto na economía galega da consolidación da pobreza e da exclusión social e as repercusións da crise da covid-19: *rexeitado po 18 votos a favor, 40 en contra e 14 abstencións.* (Páx. 102.)

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, agás o punto 4, por iniciativa de Dª Noa Presas Bergantiños, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co impacto na economía galega da consolidación da pobreza e da exclusión social e as repercusións da crise da covid-19: *rexeitada por 32 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 102.)

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Carlos Francisco Rivera, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa crise económica e a situación social xeradas pola covid-19: *rexeitada por 32 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 102.)

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Mercedes Queixas Zas, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto da covid-19 no sector cultural: *rexeitada por 32 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 103.)

Suspéndese a sesión ás tres e trinta e dous minutos da tarde e retómase ás catro e trinta e un minutos.

Alteración da orde do día

O señor presidente comunica o debate acumulado de dúas proposicións non de lei. (Páx. 103.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Marina Ortega Otero e D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia tendentes ao mantemento do servizo de axuda no fogar extraordinario e a prorrogalo ata que a pandemia provocada pola covid-19 se atope controlada na nosa comunidade autónoma. (Punto cuarto da orde do día.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Olalla Rodil Fernández e dous deputados/as máis, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de modificar a normativa vixente que regula o servizo de axuda no fogar, así como as cuestións que se deben introducir nela. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a estas proposicións non de lei. (Páx. 103)

Intervención dos grupos autores das proposicións non de lei: *Sra. Ortega Otero (S)* (Páx. 105.) *e Sra. Rodil Fernández (BNG).* (Páx. 108.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Rodil Fernández (BNG).* (Páx. 108.)
Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Pazos Couñago (P).* (Páx. 111.)

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora Ortega Otero (S) e a señora Rodil Fernández (BNG) interveñen para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 116.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Alberto Pazos Couñago e seis deputados/as máis, sobre a demanda por parte do Goberno galego ao Goberno central da transferencia á Comunidade Autónoma de Galicia da xestión do ingreso mínimo vital creado a través do Real decreto lei 20/2020. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 120.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Pazos Couñago (P).* (Páx. 121.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Rodríguez Rumbo (S)* (Páx. 125.) *e Sra. Rodil Fernández (BNG).* (Páx. 128.)

O señor Pazos Couñago (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 131.)

Proposición non de lei dos GG. PP. Popular de Galicia, do Bloque Nacionalista Galego e dos Socialistas de Galicia, sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a creación da nova especialidade de Medicina de Urxencias e Emerxencias. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención dos grupos autores da proposición non de lei: *Sr. Torrado Quintela (S)* (Páx. 134.), *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 135.) *e Sr. Vázquez Almuíña (P).* (Páx. 137.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Rey Varela e oito deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co sector naval de Ferrol. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 139.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Rey Varela (P).* (Páx. 141.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Seco García (S)* (Páx. 144.) *e Sr. Fernández Alfonzo (BNG).* (Páx. 147.)

O señor Rey Varela (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 150.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e Dª Marina Ortega Otero, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co volume de diagnoses e a capacidade asistencial dos servizos de oncoloxía do sistema sanitario público de Galicia durante o ano 2020. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Torrado Quintela (S).* (Páx. 153.)
Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Carreira Pazos (BNG)* (Páx. 156.) *e Sra. Amigo Díaz (P).* (Páx. 159.)

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Nova intervención do señor Torrado Quintela (S). (Páx. 162.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e dous deputados/as máis, sobre as demandas que se deben realizar en relación co desenvolvemento en Galicia do corredor atlántico de mercadorías. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 164.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Fernández Gómez (BNG).* (Páx. 165.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Fernández Prado (P).* (Páx. 168.)
Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Otero Rodríguez (S).* (Páx. 171.)

A señora Fernández Gómez (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 174.)

Votación das proposicións non de lei

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Marina Ortega Otero e D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia tendentes ao mantemento do servizo de axuda no fogar extraordinario e a prorrogalo ata que a pandemia provocada pola covid-19 se atope controlada na nosa comunidade autónoma: *rexeitado por 33 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 176.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Olalla Rodil Fernández e dous deputados/as máis, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de modificar a normativa vixente que regula o servizo de axuda no fogar, así como as cuestións que se deben introducir nela: *rexeitada por 32 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 177.)

O señor presidente comunica que na seguinte proposición non de lei se chegou a unha transacción. (Páx. 177.)

O señor Pazos Couñago (P) le o texto transaccionado. (Páx. 177.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Alberto Pazos Couñago, sobre a demanda por parte do Goberno galego ao Goberno central da transferencia á Comunidade Autónoma de Galicia da xestión do ingreso mínimo vital creado a través do Real decreto lei 20/2020: *aprobado por 56 votos a favor, ningún en contra e 14 abstencións.* (Páx. 177.)

Votación da Proposición non de lei dos GG. PP. Popular de Galicia, do Bloque Nacionalista Galego e dos Socialistas de Galicia, sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a creación da nova especialidade de Medicina de Urxencias e Emerxencias: *aprobada por 70 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 178.)

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Rey Varela e oito deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co sector naval de Ferrol: *aprobada por 70 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 178.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e Dª Marina Ortega Otero, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co volume de diagnoses e a capacidade asistencial dos servizos de oncoloxía do sistema sanitario público de Galicia durante o ano 2020: *rexeitada por 33 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 179.)

O señor presidente le o texto transaccionado da proposición non de lei que se vai votar a continuación. (Páx. 179.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luis Bará Torres e dous deputados/as máis, sobre as demandas que se deben realizar en relación co desenvolvemento en Galicia do corredor atlántico de mercadorías: *aprobado por 70 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 180.)

Suspéndese a sesión ás oito e corenta e sete minutos da noite.

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ábrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Imos dar inicio á sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procederemos á súa lectura.

A deputada María Guadalupe Murillo Solís xustificou a súa inasistencia e delegou o voto no deputado don Pedro Puy Fraga. A Mesa, que tivo reunión agora, autorizou esta delegación de voto.

Sen máis, entramos na orde do día e comezamos cos textos lexislativos.

Debate de totalidade do Proxecto de lei de museos e outros centros museísticos de Galicia

O señor PRESIDENTE: O Grupo Parlamentario Socialista e o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego presentaron emendas á totalidade a este proxecto de lei.

Para a presentación do proxecto de lei, ten a palabra o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, don Román Rodríguez González.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): Moitas grazas, presidente.

Señorías, traemos hoxe a esta Cámara o Proxecto de lei de museos e outros centros museísticos de Galicia, que é o primeiro texto legal que regulará, de forma autónoma e independente, este ámbito de actuación e que outorgará a estas institucións todo o protagonismo e a relevancia que merecen.

Esta nova norma, que inicia hoxe o trámite parlamentario, vén pechar un ambicioso proceso regulador —poderiamos definilo como un auténtico círculo virtuoso— mediante o que xa aprobamos a Lei de bibliotecas e a de arquivos e documentos, e que agardamos poder culminalo o próximo ano 2021 con esta lei, que sería a primeira lei galega de museos.

O acceso á cultura é un dereito de todas as persoas, así o recoñece a nosa Constitución e tamén o noso Estatuto de Autonomía. E os museos son un instrumento fundamental, dos máis fundamentais dos que dispoñemos os poderes públicos para garantir este dereito. Son auténticas institucións ao servizo da cidadanía e da máxima relevancia nunha sociedade democrática e moderna como a nosa.

Nestes momentos, Galicia conta con 94 museos de moi diversa tipoloxía e natureza. A nosa comunidade experimentou nos últimos anos un importante crecemento. Dende o ano 1986, cando aparecen as primeiras regulacións, o número de museos incrementouse nun 200 %. Antes do actual contexto sanitario, os datos indicaban que máis de un millón e medio de

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

persoas se achegaban anualmente ata os nosos museos. Son tamén auténticos activos económicos dos que depende un importante número de traballadores, tanto de xeito directo como indirecto. Esta clara evolución evidenciou tamén a importancia de regular este ámbito a través dun marco normativo completo e específico.

Este proxecto de lei vén a encher un baleiro existente ata o momento. Sen dúbida, conseguirá profundar na consolidación e na potenciación dos museos de Galicia, dando cumprimento aos mandatos constitucionais e ao estar en liña coa Axenda 2030 para o desenvolvemento sostible.

Señorías, estamos ante unha norma de marcado carácter técnico que dota dunha estrutura común institucións moi diversas. A futura lei ordena todas e cada unha das tipoloxías que se atopan baixo o concepto xenérico de «centro museístico»: os propios museos, as colecións museográficas e os centros de interpretación do patrimonio cultural, que se inclúen por primeira vez no noso ordenamento xurídico. O texto define e limita as súas funcións cunha perspectiva contemporánea, plural e integradora; unha perspectiva na que, de forma expresa, se ten presente a perspectiva de xénero e os colectivos con maiores dificultades de inclusión. Aborda aspectos que teñen que ver coa organización e entra a regular cuestións relativas aos fondos, como a asignación, os depósitos ou as condicións básicas nas que deben acometerse os actos de conservación ou restauración.

Este proxecto tamén recolle as condicións necesarias para a definición, a creación e a mellora dos museos. Cómpre destacar que, dentro destas medidas de dinamización, pon o foco na importancia da participación social e da iniciativa privada, xa que os centros museísticos son escenarios de interlocución coa cidadanía e, por iso, esta lei entende que deben potenciarse para manter un diálogo constante co público ao que se dirixen. Do mesmo xeito, ten presente o impulso e o fomento da investigación científica, outro ámbito que non pode quedar ausente ou agochado xa que nestes centros se desenvolve un importante traballo de estudo que facilita unha mellor comprensión do noso pasado e do noso presente. En conexión directa, este novo marco xurídico non esquece a dimensión pedagóxica destas institucións como axentes de transmisión e de difusión do coñecemento.

Tamén está presente, por suposto, a dimensión económica, ao ser os museos uns importantes activos con capacidade de potenciar o plano turístico, tal e como demostran os datos que acabamos de ver.

En definitiva, o proxecto que vimos a presentar hoxe comprende o papel plural dos museos, un papel que na actualidade non se limita á mera conservación e exposición do patrimonio cultural senón que ten en conta áreas como a social, a educativa, a investigadora e a económica.

Señorías, ademais de establecer o réxime xurídico para todos os museos, esta lei crea, como gran novidade, o Sistema galego de centros museísticos; unha estrutura organizativa e funcional que, cunha dimensión ampla, permitirá coordinar dun xeito eficiente os recursos culturais dos centros que a integran, e que respectará, por suposto, a súa autonomía en todo momento. Este sistema estará formado por un órgano administrativo, a propia Consellería

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

de Cultura, que terá funcións de dirección e de coordinación e que deseñará e planificará a política en materia de museos en Galicia. En segundo lugar, crea o Consello de Centros Museísticos de Galicia, un consello para a cooperación entre as diferentes entidades que prestan servizos na nosa comunidade. O sistema tamén incluirá os diferentes museos, as colecciónsmuseográficas e os centros de interpretación do patrimonio existentes en Galicia.

A pertenza a esta estrutura levará asociados unha serie de beneficios, tales como a participación en liñas de axuda, a prioridade no acceso a determinadas accións colaborativas ou formativas ou a participación en iniciativas de promoción cultural e turística.

Diferentes do sistema, pero como parte del, tamén se prevé a creación de redes de centros museísticos. A finalidade desta figura será fomentar a cooperación e o aproveitamento transversal dos recursos. Os museos poderanse adherir voluntariamente ás redes, que se establecerán atendendo a diferentes ámbitos, como a titularidade, o contido temático ou o discurso museolóxico. Trátase de subsistemas operativos que funcionarán baixo criterios de eficacia e mellora constante.

Todos estes contidos e todas estas novidades son froito dun proceso aberto. Dende o Goberno galego quixemos que a redacción do texto da lei fose participativa. Por iso creamos un grupo de traballo constituído por representantes de diversos ámbitos do sector museístico. En total, convidamos preto de cincuenta entidades de recoñecido prestixio, tanto públicas como privadas, representantes de moi diferentes realidades. Este proceso e estas entidades contribuíron a orientar e a consensuar os contidos da regulación. Mediante as súas achegas puidemos realizar unha correcta diagnose da situación de partida e coñecer de primeira man os intereses e as necesidades destes centros. Foi un proceso moi participativo que levou a que as emendas previas ao trámite parlamentario fosen case inexistentes, a que houbese un pequeno número delas.

Froito de todas as achegas realizadas avanzaremos na accesibilidade universal e na igualdade. A nova lei presenta os museos como centros de cultura ao alcance de toda a sociedade e aposta pola non-discriminación e por ter en conta as necesidades dos colectivos con maiores dificultades de inclusión. Durante todo o proceso de redacción, atendemos moitas das achegas que foron realizadas por entidades como a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade ou órganos como o Consello Económico e Social.

Do mesmo xeito, este proxecto aposta pola implementación das novas tecnoloxías. O obxectivo é dobre: facilitar o acceso da cidadanía ao patrimonio museístico e introducir sistemas integrados de información, de documentación e de xestión.

Señorías, estamos dando un importante salto. Con este proxecto de lei, o Goberno galego expresa unha vez máis o seu compromiso coa cultura, un compromiso que non só se obxectiva a través dun innegable avance normativo no ámbito museístico, senón tamén no orzamentario. Ata o ano 2022, investiremos 36 millóns de euros para garantir o funcionamento destas institucións, destas dotacións. Este investimento supón un incremento dun 12 % respecto ao ano anterior. Xa estamos destinando, desta cantidade, preto de 10 millóns para a programación de multitude de actividades que se desenvolverán no seu seo; e todo isto ás

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

portas do Xacobeo 2021, que será un auténtico dinamizador do consumo cultural e onde os museos terán un relevante papel.

En definitiva, a nova lei de museos e outros centros museísticos de Galicia vén a dar resposta ás necesidades e demandas da cidadanía na súa relación cos museos e a encher o baleiro normativo existente cun marco ambicioso, específico e cunha ollada ampla. Por este motivo, quero facer tamén unha apelación ao consenso nun ámbito tan sensible como este, o ámbito dos museos. O texto que debatemos hoxe neste Parlamento está á altura do papel destas institucións no noso tempo, ao ordenar e regular estes recursos e ao dotalos de identidade propia.

En definitiva, señorías, redactamos este proxecto, de fondo perfil técnico, escoitando o sector e os expertos, e agardando que a oposición saiba estar á altura neste caso.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

O señor PRESIDENTE: Rolda de defensa das emendas á totalidade, de devolución e de posición respecto do proxecto de lei.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Grazas, presidente.

Bos días a todos e a todas.

Nós presentamos esta emenda á totalidade sobre o Proxecto de lei de museos e outros centros museísticos de Galicia porque, aínda que estamos de acordo coa necesidade dunha lei especificamente dedicada aos museos e a este tipo de centros, este proxecto non é do noso agrado, xa que o seu contido non regula coa extensión e coa precisión necesarias aspectos fundamentais desta actividade. Pero ben, antes de entrar no texto, pensamos que deberiamos comezar polo principio —por un mal principio ou por un mal comezo—, porque en marzo de 2019 houbo unha reunión do conselleiro e do director xeral de Cultura —como xa dixo aquí o señor conselleiro— cos representantes de 30 institucións galegas —parece que estaban convidadas 50 pero só chegaron 30— para avanzarlles o inicio do proceso de elaboración desta lei. Ata aí, nada que obxectar. Nesa xuntanza —seica de traballo— escoitáronse as primeiras achegas técnicas dos profesionais involucrados nesas actividades museísticas.

Dicían vostedes nunha nota de prensa —porque falaban de transparencia— que se trataba de conseguir un proceso participativo e transparente. Claro, nós preguntámonos onde está esa transparencia se non existe —ou polo menos a nós non nos chegou— ningún informe nin documento sobre esa xuntanza nin sobre o traballo dese grupo.

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A nós gustaríanos, desde logo, que alguén nos explicase cantas veces se reuniu ese grupo, porque o certo é que non consta ningún tipo de informe ou conclusións elaboradas por el nin ningunha acta levantada das sesións nin a súa composición nin os informes achegados... Ou sexa, nada. Polo que é verdade que podemos poñer en cuestión o que din que en realidade foi realizado. Así que, si, comezamos mal e xa dubidando da necesidade imperiosa desta lei. E digo «necesidade imperiosa» porque parece que así foi como no seu día foi vendida. Pero parece que non debía de ser tan imperiosa se ao final non coñecemos realmente cal era a opinión do sector, das persoas implicadas.

Indo ao texto, dende o noso punto de vista xa comezan errando no principal, que é a descrición de «museo», porque para este grupo parlamentario non é só unha institución dedicada á promoción e ao desenvolvemento cultural, senón que a súa existencia tamén vén definida pola difusión da memoria cultural, pola promoción da identidade e polo desenvolvemento cultural, si, pero tamén social. E esquecen tamén, na nosa opinión, clarificar cal é a misión dos centros museísticos. Esquecen esa misión fundamental que é a difusión da memoria cultural.

Pero é que nin sequera definen con precisión os distintos tipos de centros. Por exemplo, o artigo referido aos centros de interpretación é totalmente confuso, cando este era un dos obxectivos básicos polos que a Xunta xustificaba este texto lexislativo. Tampouco o fai con aspectos primordiais, como a xestión dos museos, a xestión documental e o uso das tecnoloxías da información e da comunicación. Vostede acaba de dicir aquí que era unha das cuestións importantes, outro dos elementos que subliñaba a súa consellaría, e nós, desde logo, vemos que este proxecto de lei ten pouco que dicir sobre as TIC. Aínda menos impulsa a promoción dos museos para facer deles verdadeiros elementos de difusión cultural e de cohesión social.

Pero é que hai máis eivas ou baleiros. O proxecto de lei, por exemplo, non contempla ningunha obriga ou medida por parte da Xunta de Galicia —sobre todo obriga— para o impulso, o fomento ou o apoio económico dos centros museísticos que non sexan da súa titularidade ou xestión, nin sequera para os integrantes do Sistema galego de centros museísticos. A realidade é que nin sequera contempla as obrigas da Administración autonómica con estes centros.

Semella que a Xunta de Galicia tan só quería sumar unha iniciativa legal máis ao conxunto da lexislatura pasada. Ou sexa, facer de novo propaganda da súa xestión. Isto do que falo observámolo perfectamente nas notas de prensa, porque é o único que sabemos deste proceso. Esas notas de prensa publicadas sobre este proxecto de lei acumulan, por certo, moitas imprecisións, como que, por exemplo, se di, ou se dixo, que esta era unha norma pioneira no eido autonómico. A maioría das comunidades do Estado español xa contan con leis semellantes, algunhas elaboradas hai máis de vinte anos. Verán, teñen leis específicas sobre museos Castela e León, Castela-A Mancha, Cantabria, Andalucía, Cataluña, Aragón, Euskadi, Madrid, Navarra e Murcia. Entón, non entendemos iso de «pioneiros».

Outra «imprecisión informativa» da Xunta de Galicia —por tirar un pouco dun termo eufemístico— dáse cando tenta explicar aos medios os seus proxectos, e iso de que «lexislará

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

por primeira vez o papel dos museos», cando vostede sabe que estes museos xa estaban regulados na Lei do patrimonio cultural. A pesar do que se afirma na exposición de motivos, este proxecto de lei, dende logo, non proporcionará maior protección ao patrimonio cultural do que xa está desenvolvido nesa Lei 5/2016, do patrimonio cultural de Galicia, que xa regulaba os museos e as colecciónsmuseísticas e prevía un desenvolvemento regulamentario que en esencia é o que contén —aínda que de forma bastante confusa— este proxecto de lei que hoxe debatemos. A cuestión é que, aínda que a disposición derradeira terceira da lei en vigor —desa Lei 5/2016— habilitaba a Xunta de Galicia para o seu desenvolvemento regulamentario, este non foi realizado. Pero o que tamén resulta curioso é que moito do contido recollido no novo texto, moito do novo texto, debería ser obxecto dun desenvolvemento regulamentario e non aparecer tamén aquí reflectido. Non sei se é que existe algún problema cos desenvolvementos regulamentarios que á oposición nos escapa.

Dito doutra forma, dado o contido deste texto, serviría perfectamente o reflectido na Lei, do 4 de maio, do patrimonio cultural, no seu título VIII, dedicado integramente a museos —artigos 111 a 118—. Din vostedes —non o dicimos nós— no propio informe da consellaría que se xunta neste proxecto de lei: «O título VIII da Lei do patrimonio cultural xa regulaba as denominadas colecciónsvisitables, ao tempo que poñía as bases do que se concibe como rede do Sistema galego de museos». Este proxecto de lei non é o que fala por primeira vez nin do Sistema galego de museos nin da rede, senón que xa se falaba disto naquela lei. Dicían vostedes: «...ao tempo que poñía as bases do que se concibe como rede do Sistema galego de museos para integrar todos aqueles museos e colecciónsvisitables que se atopen en territorio da comunidade autónoma».

Pero é que, continuando coa Lei 5/2016, este texto está elaborado con tal falla de atención que non se coordina con ela en varios aspectos. Por exemplo, non queda recollido o réxime de depósito de achados arqueolóxicos, cando no artigo 99 da citada lei si se fala dos achados casuais sinalando que se poderán entregar a un museo público. Sorprende tamén que na disposición derrogatoria se eliminen as referencias aos museos da Lei do patrimonio, coma se os museos non formasen parte do patrimonio cultural, tendo en conta que son transmisores e depositarios da memoria colectiva.

Entre as carencias deste texto é especialmente grave tamén a falta de referencias á planificación do persoal dos museos e centros museísticos e á fixación das funcións de cada posto de traballo nas distintas áreas funcionais que se contemplan. Tampouco é admisible que se lexisle que as funcións directivas dos museos de titularidade ou xestión autonómica poidan ser asumidas pola escala de grao medio de museos, cando existe unha escala superior. Non parece tampouco admisible a vontade de intromisión e control da Xunta de Galicia na autonomía das outras administracións públicas que aparece neste proxecto de lei. Esta mesma vontade de dominar o sistema por parte da Xunta de Galicia apréciase tamén no artigo 10, que regula a composición do Consello de Centros Museísticos de Galicia, no que todos os membros son nomeados polo titular da consellaría e a súa elección resulta un tanto arbitraria.

E neste último punto queriamos parar un pouquiño, porque, dende logo, dende o noso punto de vista, o que resulta de todo inadmisible é que o Consello da Cultura Galega non teña ab-

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

solutamente ningunha presenza neste proxecto de lei. Non se atopa na relación de órganos e entidades que, segundo a Consellaría de Cultura, constituíron un grupo de traballo ou foron convidados para a elaboración deste texto. Tampouco se contempla que o Consello da Cultura Galega forme parte do Consello de Centros Museísticos de Galicia. Non aparece, non aparece ex professo. Por certo, na composición dese Consello da Cultura Galega tampouco se contempla que os concellos, representados pola Federación Galega de Municipios, formen parte dese consello, tendo en conta que moitísimos centros museísticos do noso país son de titularidade municipal. Pero seguindo co Consello da Cultura Galega, parécenos intolerable, dende logo, que a Xunta de Galicia non lle solicitase a emisión dalgún informe sobre este proxecto de lei, algo que, ademais, confirmou a pasada semana a súa presidenta. A señora Rosario Álvarez confirmou que, efectivamente, non lles fora solicitado ningún informe acerca deste proxecto.

Claro, dado que o Consello da Cultura Galega ten como funcións investigar e valorar as necesidades culturais do pobo galego tentando facer accesible a toda a cidadanía de Galicia os produtos máis valiosos, tanto da cultura propia como da universal, analizar aquelas cuestións que se refiren ao patrimonio cultural galego nas súas diversas facetas e niveis, en atención á súa preservación, ao seu estudo, á súa valorización e á súa difusión, e asesorar os poderes públicos da comunidade autónoma, especialmente a Xunta de Galicia, nós cremos que é a institución que mellor podería informar e corrixir este proxecto de lei, máxime cando ten unha sección de traballo especializada en patrimonio e bens culturais. E, dende logo, ten moita experiencia no estudo dos museos.

Algo que tamén nos sorprende é a eliminación dunha referencia expresa á continuidade no recoñecemento da competencia do Museo do Pobo Galego para actuar como centro sintetizador de todos os museos e coleccións, públicos e privados, integrados no sistema galego de museos dedicados ao estudo, á promoción e á difusión do patrimonio histórico-antropolóxico de Galicia, tal e como figura no Decreto 111/1993, do 22 de maio, da Consellería de Cultura e Xuventude. Sabemos ademais que foi o Museo do Pobo Galego o que tivo que solicitar despois a súa inclusión.

Por todas estas razóns, dende logo, nós consideramos inadmisible este proxecto de lei, que non naceu —ou non nos parece que nacera— con vontade de lexislar os centros que deberían ser garantes da nosa memoria colectiva, cultural e social, senón que foi —como xa dixen— un acto propagandístico máis para poñer cruces no excel de traballos realizados, pero non pretende clarificar, xestionar, organizar e protexer o noso patrimonio museístico.

Por todo isto, solicitamos, loxicamente, a devolución deste proxecto de lei.

Grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señora Varela.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Ten agora a palabra a señora Queixas Zas.

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora QUEIXAS ZAS: Moi bo día, señorías.

Desde o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego agardabamos que, despois de tantos anos prometendo e avanzando esta lei de museos e outros centros museísticos de Galiza, o goberno do Partido Popular nos achegase un marco legal verdadeiramente pioneiro e axustado ás correntes máis renovadoras da ciencia da museoloxía. Confiabamos nas súas posibilidades para nos achegar un documento que asentase por fin os alicerces dunha rede museística viva e verdadeiramente integradora. Mais debo anticipar desde xa que a lectura atenta do seu anteproxecto de lei provocou a nosa desilusión ao non podermos consideralo un marco legal suficiente e tamén á altura das oportunidades do noso inmenso patrimonio museístico. Por iso é que solicitamos a súa devolución.

Facémolo, ao noso ver, por dúas grandes razóns de peso, unha atende á forma e outra atende ao seu fondo, o que pasarei a explicar brevemente.

Canto á forma, cómpre sinalar que en democracia é tan importante o contido dos proxectos lexislativos como o procedemento da súa tramitación. Neste proceso, se de algo non se pecou —ou polo menos así o deron a entender— foi de falta de tempo ou de premura improvisada que impedise un elevado nivel de consulta e de contraste especializado que un marco legal destas características precisa. É por iso que sempre resulta inadmisíbel, prepotente e impropio dun goberno —cando xa non é a primeira vez que tentan lexislar ao atallo— que máis unha vez a Xunta de Galiza obviase órganos consultivos fundamentais, como son o Consello da Cultura Galega —por certo, referenciado no Proxecto de orzamentos, co que estivemos a traballar nestes días, como órgano de alto asesoramento da Xunta de Galiza—, a universidade ou as academias, así como outras institucións e entidades, para se pronunciaren a través dos correspondentes informes a respecto deste Anteproxecto de lei de museos e outros centros museísticos de Galiza, o que supón unha práctica que é, ao noso ver, unha boa proba e garantía de madureza democrática.

Cómpre reparar en que o artigo 32 do Estatuto de autonomía sitúa o Consello da Cultura Galega como máximo órgano de asesoramento e consulta dos poderes públicos da Comunidade Autónoma en materia de cultura e patrimonio. Quixemos sobreentender algunha razón xustificada para tamaña ausencia, mais a recente comparecencia da presidenta do Consello da Cultura Galega na Comisión 3ª ratificou o peor agoiro: a Xunta de Galiza non lle demandou o informe ao Consello da Cultura Galega. Lamentamos este profundo desleixo —cando non exercicio silenciador— dunha alta institución con elevada responsabilidade estatutaria. A Lei do Consello da Cultura Galega sinala no seu título II, referido ás competencias, que son funcións desta institución estatutaria analizar cantas cuestións se refiran ao patrimonio cultural, fomentar a lingua e a cultura galegas, investigar e valorar as necesidades culturais do pobo galego, asesorar e consultar os poderes da Comunidade Autónoma no que xulgue preciso para a defensa e para a promoción dos valores culturais do pobo galego e elevar aos poderes da Comunidade Autónoma informes e propostas a favor da defensa e da promoción dos valores culturais do pobo galego.

Sorprende asemade que tampouco se pedise asesoramento a ningunha das outras entidades que antes mencionamos, como a Real Academia Galega de Belas Artes ou as universidades,

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

recollidas na Lei do patrimonio cultural de Galiza —concretamente no artigo 7— como órganos asesores e consultivos nesta materia. Débese ter en conta que esta lei é o antecedente directo do Proxecto de lei de museos e outros centros museísticos de Galiza que agora o Goberno nos presenta. Ningunha destas institucións e entidades participou tampouco no grupo de traballo creado pola Consellería —de Cultura e Turismo naquela altura— co que a Xunta de Galiza dixo contar na redacción do texto, de acordo coa información achegada na memoria sobre as alegacións presentadas ao anteproxecto de lei.

Como en tantas ocasións, esta volve ser unha práctica perversa de política de feitos consumados. Facemos que ofrecemos un menú democrático, ben adobiado de titulares e literatura administrativa no seu punto, mais logo non hai opcións para escoller a quen consultar, porque a súa cociña é a do mando único, unha triste definición da democracia e cativo respecto para os valores culturais galegos.

Doutra banda, e tamén en relación coa debida transparencia e participación na tramitación lexislativa, é moi cuestionábel que o período de exposición pública coincidise cos meses de verán —do 10 de xullo do 2019 ao 1 de agosto do mesmo ano—, o que evidentemente dificulta ––sabémolo ben–– a presentación de achegas, e que foi evidenciado en que só foron tres as alegacións recollidas, segundo consta na antes citada memoria.

Canto ao fondo ou ao contido concreto recollido no articulado deste proxecto de lei, desde o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego queremos facer as seguintes consideracións, que, ao noso entender, sosteñen a presente emenda de devolución.

En primeiro lugar, o proxecto de lei recolle unha definición e unha consideración conservadora e limitada dos museos e centros museísticos, mesmo desactualizada, pois non ten en consideración as recomendacións formuladas polo ICOM na 139ª reunión da súa xunta directiva, desenvolvida en xullo do 2019 en París ou as novas correntes do pensamento da museoloxía —por certo, unha palabra que apenas ten repercusión neste anteproxecto de lei—, a comezar pola museoloxía social, encamiñada a potenciar a función social dos museos como ferramentas para o desenvolvemento das comunidades e a transformación social. Mesmo a palabra «museoloxía» —insisto—, con todo o que significa como ciencia da xestión do museo, apenas aparece reflectida neste documento; o que, dalgún xeito, tamén expresa o atraso na potenciación de tan atractivo recurso natural e turístico como é o museo e a profesionalización do persoal: o museólogo ou museóloga. De facto, este anteproxecto mantén a definición de «museo» recollida na Lei do patrimonio cultural de Galiza do ano 2016, unha nova proba da base anacrónica que sustenta este soporte lexislativo.

En segundo lugar, resulta especialmente caótico que os trazos que conforman os museos non se inclúan na súa propia definición no artigo 3 e haxa que agardar a chegar ao artigo 13 —como tamén observou o Consello Económico e Social no seu informe—. O mesmo acontece coas colecções museográficas e os centros de interpretación.

En terceiro lugar, malia citar na exposición de motivos as recomendacións da Unesco sobre a protección e a promoción dos museos e das súas colecções, estas non se concretan posteriormente no articulado. Así, o proxecto de lei non recolle a necesaria colaboración entre os

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

museos e a sociedade civil —como ferramentas de desenvolvemento e de transformación social— nin a adopción de códigos de ética e boas prácticas nin os mecanismos de cooperación entre os museos e outras institucións relacionadas coa cultura, co patrimonio e coa educación. E mesmo entra en contradición cos artigos da propia Lei do patrimonio cultural do ano 2016, como, por exemplo, co artigo 6, que fai alusión á colaboración coa Igrexa católica, posuidora —ben o sabemos— dun importante legado cultural, sometido en ocasións a normas de clausura que o ocultan e do que realmente se chega a ignorar o seu valor museístico.

En cuarto lugar, exclúense deste documento legal o patrimonio cultural inmaterial e o patrimonio industrial —tamén de profundo pouso e alento na nosa cultura—, igualmente definidos na Lei do patrimonio cultural de Galiza. E tamén se exclúe abertamente a memoria histórica.

En quinto lugar, entendemos que se trata dun proxecto de lei moi pouco ambicioso, pouco claro en múltiples aspectos, mesmo —tamén hai que dicilo— desordenado e até certo punto caótico na súa formulación —como tamén sinala o Consello Económico e Social no seu informe—, co que incumpre unha norma básica de calquera documento legal e de calquera procedemento administrativo, como é a importancia da facilidade da comprensión para o conseguinte cumprimento.

En sexto lugar, este anteproxecto de lei de museos non recolle as competencias da Comunidade Autónoma a respecto, propiamente, dos museos e doutros centros museísticos. Tampouco recolle os criterios xerais que as políticas públicas nesta materia deben seguir, nin a clarificación daquelas competencias e obrigas que corresponden a outros niveis da Administración —que tamén as teñen—, como acontece cos concellos e coas deputacións provinciais, que, alén de máis, son titulares dalgúns deste espazos, ou aqueles outros fondos museísticos pertencentes ao patrimonio militar, portuario, etc. Falar, como se recolle no articulado, de coordinación e cooperación entre administracións sen clarificar competencias nin deseñar fórmulas para conseguir eses obxectivos supón apenas unha declaración de intencións, mais era preciso avanzar.

En sétimo lugar, este proxecto de lei renuncia a regular con claridade os museos ou as colecções museográficas que son titularidade de institucións como a Igrexa ou o Exército, así como as obrigas que estas teñen á hora de garantir —entre outras cuestións— o dereito de acceso, non só para as persoas visitantes interesadas, senón tamén para as persoas investigadoras, e deixa nas súas mans as devanditas condicións máis alá do principio de nondiscriminación, o que evidencia pouca ambición.

Desde este marco lexislativo, cómpre abrir canles para a xestión deste patrimonio dende ópticas museolóxicas facultativas, que afectan a seguridade, a conservación, a documentación, o estudo, a dixitalización —en definitiva, a divulgación—, que articulen, ademais, nesta interacción lexislativa e práctica, a Fiscalía de patrimonio cultural e a policía especializada en delitos contra este, entre outros departamentos.

En oitavo lugar, tamén entendemos que se obvia neste texto —mesmo xa na exposición de motivos— a tradición histórica do galeguismo en materia museolóxica, así como a identi-

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

dade nacional galega, á hora de propor novas categorías, como a de «museos de interese nacional», entendida como aquela que identifica espazos que sobrepasan o seu marco e teñen un significado especial para o patrimonio cultural de Galiza —aspecto que proba a inmaturidade nunha materia que xa foi tratada no propio Seminario de Estudos Galegos hai practicamente un século—. A este respecto debería quedar patente a idea prioritaria de potenciación do Museo do Pobo Galego como Museo Nacional de Galiza, á semellanza do que ocorre co de Gales, en Cardiff, ou no Museo Nacional de Escocia.

En noveno lugar, cabería sumar a este proxecto de lei de potenciación de centros museísticos, con todo o que implica a súa xestión, aquelas colecciónns significativas das mesmas administracións, concellos de capitais, deputacións, do propio Parlamento, da Xunta de Galiza, universidades etc., como un xeito de documentar e divulgar as orixes e fins deste patrimonio.

E en décimo e último lugar, a respecto do Sistema galego de centros museísticos —que constitúe o elemento central do proxecto de lei—, cómpre lembrar que este xa aparecía recollido previamente na Lei do patrimonio cultural de Galiza —no artigo 114 concretamente—, sen que fose desenvolvido aínda durante estes últimos catro anos desde a súa entrada en vigor.

O título II é se cabe a parte máis caótica do proxecto de lei, especialmente a respecto da ordenación do seu contido e dos dereitos e obrigas dos centros integrados no Sistema galego de centros museísticos. Neste senso, o texto carece de concreción en aspectos fundamentais para a súa aplicación, como a necesaria definición do contido do plan museolóxico, da programación anual de actividades, da memoria de xestión, da organización do persoal, así como das funcións das direccións.

A respecto do Consello de Centros Museísticos de Galiza, o proxecto de lei apenas concede representación ao Goberno galego e ás persoas nomeadas por este, e exclúe del outras institucións como o propio Parlamento de Galiza, a Fegamp ou, ¡como non!, o Consello da Cultura Galega.

Finalmente, o proxecto de lei non contempla un apartado específico dirixido a regular o labor de inspección, como mecanismo para garantir o cumprimento estrito das obrigas dispostas na norma.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego considera suficientemente xustificada a presente emenda á totalidade ao Proxecto de lei de museos e outros centros museísticos de Galiza e solicita a devolución ao Goberno.

Obrigada. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señora Queixas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo grupo parlamentario non emendante, o Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra o señor Ferro Iglesias.

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor FERRO IGLESIAS: Presidenta, membros da Mesa, señorías, moi bos días a todos.

Antes de nada, quero felicitar o Goberno e, por extensión, o conselleiro de Cultura por esta nova lei, unha lei dialogada e consensuada.

Queremos que sexa unha lei de futuro e por iso imos ter moi en conta as súas aportacións e emendas parciais.

Con esta lei, Galicia será unha das autonomías españolas que terá unha lei específica de museos. Non seremos os primeiros, certo, pero trataremos de ser os máis rigorosos e efectivos con esta lei técnica, moderna, e, si, adaptada á realidade presente e futura dos nosos museos.

Asegúrolles que puxemos e seguiremos pondo todo o empeño para que sexa unha lei participativa, pois entendemos que unha lei de protección da nosa cultura e das nosas tradicións non pode separarnos. Por iso sei que superaremos as discrepancias políticas e chegaremos a moitos puntos de encontro.

Galicia precisaba dunha norma que regulase o sector dos museos con flexibilidade e mirando ao futuro, que dotase de seguridade xurídica e potenciase a actividade desenvolvida no eido dos museos, e que tivese en conta a dimensión plural da súa función dentro da sociedade moderna e democrática.

Como saben, a nosa comunidade ostenta a competencia exclusiva en materia de patrimonio. A primeira normativa de museos é un decreto do ano 1986. Posteriormente, no ano 1995 a Lei do patrimonio de Galicia regula no seu título V o ámbito museístico. Esta lei foi tamén derrogada por unha nova lei do 2016, que trata no título VIII sobre os museos. Agora si que teremos unha lei específica e propia para os museos.

A futura lei será a primeira normativa específica que regulará esta materia na nosa comunidade e abordará dun xeito global os retos aos que se enfrontan estas institucións no século XXI como servizos culturais de primeiro nivel ao alcance de toda a sociedade, tanto galega como foránea. Ademais, incorpora as achegas de distintos colectivos e institucións. Esta é unha lei claramente técnica que nace co obxectivo de estruturar o funcionamento interno das noventa e catro institucións museísticas rexistradas na nosa comunidade, nas que se inclúen centros de titularidade pública e tamén privada.

Trátase da primeira lei propia deste eido no noso ámbito. É a lei que faltaba na articulación normativa das institucións culturais de referencia —é dicir, dos nosos arquivos, bibliotecas e museos—: a Lei de bibliotecas do ano 2012, a Lei de arquivos e museos do ano 2014 e agora, para rematar o ciclo, a Lei de museos.

No período de alegacións e informes da futura lei incluíronse melloras orientadas a integrar a perspectiva de xénero destas dotacións e o respecto pola pluralidade, pola participación e pola colaboración dos diferentes axentes sociais, e tamén a facer destes centros uns espazos plenamente accesibles. Deste xeito, esta regulación atende as consideracións formuladas pola Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (Cogami) e polo Consello Econó-

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

mico e Social. Presenta os museos como centros de cultura ao alcance de toda a sociedade, en condicións de igualdade e non-discriminación, e considera, ademais, as necesidades dos colectivos con maiores dificultades de inclusión social.

Así mesmo, apóstase pola implementación das novas tecnoloxías nestas dotacións co dobre obxectivo de facilitar o acceso da cidadanía ao patrimonio museístico pero tamén co fin de introducir sistemas integrados de información, de documentación e de xestión que melloren o funcionamento destes centros. A participación directa do sector realizouse —como dixo o conselleiro— a través dun grupo de traballo constituído xa en marzo do 2019. Neste grupo de traballo, señorías, había membros do Consello da Cultura Galega. Este grupo de traballo permitiu a participación de profesionais de recoñecido prestixio na fase de redacción do texto e serviu para tomar o pulso da situación e os intereses do sector na nosa comunidade, logrando así unha mellor orientación dos seus contidos.

Así pois, o obxectivo desta lei é impulsar os museos galegos como activos de referencia nos planos social, científico, educativo e tamén económico. Con esta finalidade, a Xunta —tamén o recordou o conselleiro— investirá 36 millóns de euros ata o 2022 para garantir o funcionamento destas dotacións. Dentro dese importe, inclúense preto de 10 millóns que se destinarán á programación de actividades dos centros museísticos galegos.

A futura lei ten por obxecto a regulación do réxime xurídico dos museos, das coleccións museográficas e —como saben—, por primeira vez, dos centros de interpretación do patrimonio cultural de Galicia, así como o establecemento dun Sistema galego de centros museísticos para así mellorar organizativa e funcionalmente os centros que integrarán o dito sistema. Este sistema estruturarase ao redor dun órgano administrativo de dirección e coordinación, un órgano colexiado de carácter consultivo denominado Consello de Centros Museísticos de Galicia, e inclúe a totalidade de museos, coleccións museográficas e centros de interpretación que se integren neste sistema.

O proxecto define cada unha das tipoloxías que integran o concepto máis amplo e xenérico de «centro museístico», e delimita as condicións necesarias para a súa creación, así como aspectos organizativos e de xestión. Ademais, regula toda unha serie de medidas de dinamización no ámbito museístico e, finalmente, describe e tamén fixa o réxime sancionador aplicable. Determínase a organización básica dos museos, que incluirá a existencia dun órgano de dirección, e as seguintes áreas funcionais básicas, que desenvolverán a súa actividade mediante a necesaria coordinación interna. Refírome á área de documentación, conservación e investigación; á área de difusión e comunicación e, por último, á área de administración.

Respecto do patrocinio, determínase que a Administración autonómica fomentará activamente accións de patrocinio dirixidas ao sostemento dos centros museísticos, así como ao desenvolvemento dos seus proxectos. Respecto da participación social, as administracións públicas fomentarán a creación e promoverán o labor das asociacións de amigos dos museos e doutros centros museísticos galegos co fin de potenciar e difundir o seu papel na sociedade e facilitar a súa participación nestas institucións. Faise unha regulación acorde co papel dos museos nos nosos tempos ao integrar expresamente a súa función social, pedagóxica, investigadora e económica.

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E xa remato.

En definitiva, este proxecto de lei, que expresa o compromiso dos poderes públicos galegos co cumprimento dos mandatos constitucionais e coa consecución dun sistema de centros museísticos específico para a nosa comunidade autónoma, presenta os centros museísticos coa perspectiva contemporánea que exixen os tempos actuais: centros cunha función ampla, plural e integradora dentro dunha sociedade tamén plural e democrática; centros que, máis aló da clásica vertente cultural, son potentes activos económicos e sociais.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ferro.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Réplica dos grupos emendantes.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, ten a palabra a señora Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Grazas, presidente.

Como xa diciamos, dende o noso punto de vista e para este Grupo Parlamentario Socialista, este proxecto de lei está redactado con certo desleixo, o que, ademais, provoca confusións graves que mesmo poden levar a unha indefensión xurídica. A propia organización dalgúns dos títulos e capítulos que estruturan esta norma leva á confusión. Ademais, asegúrolles que, tal e como está redactada, é moi complicada, mesmo imposible, unha nova redacción clara dos conceptos. Pensamos que, máis ben, merecería unha redacción total desde o inicio. Moitos artigos relacionados coa estrutura, as obrigas, o funcionamento e a xestión dos museos, dos fondos e das colecciónns, xeran dúbidas sobre se se aplican a todos os museos ou só aos integrantes do Sistema galego de centros museísticos. A falla de atención na redacción mesmo leva a que se considere infracción o incumprimento de accións que só son obrigatorias para os museos integrados no dito sistema, cando a inspección se realiza sobre todos os centros.

Nós consideramos que este texto se debe comezar de novo como se debería facer, cun texto ben elaborado, froito dun traballo colectivo de moitas entidades e persoas expertas, e, por suposto, cos informes pertinentes e necesarios —entre eles, o do Consello da Cultura Galega—. Teñamos en conta que nos dous curtos períodos de exposición pública para a presentación de suxestións no Portal de Transparencia da Xunta de Galicia só se presentaron catro achegas, un balance ben cativo e escaso cando afecta directamente a 115 entidades, 115 entidades que resultarán directamente afectadas por este proxecto de lei e das que non se dá conta ningunha na documentación remitida.

Claro, nós podemos concluír disto que non parece que tivese unha gran difusión nin existise demasiado interese da cidadanía por este proxecto de lei, algo que contrasta coa xustificación desta lei por parte do propio Goberno, que dicía que se xustificaba polas demandas do sector

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

e tamén da cidadanía. De ser así, nós —continúo dicindo— poñemos en dúbida que fose auspiciado un auténtico proceso de participación por parte da Xunta de Galicia. Sigo insistindo en que a nós non nos foi achegado ningún informe, ningún ditame, ningunha acta das diversas reunións de participación nas que parece que se estaba desenvolvendo este proxecto e se coñecían os intereses das institucións ou das persoas afectadas por esta lei.

Tampouco nos consta —como sería o máis lóxico e razoable— que fose trasladado o texto do anteproxecto aos museos e centros museísticos de Galicia, por exemplo aos que están baixo a dependencia das administracións locais. Non nos consta. Se foi así, ben. Pero a nós non nos consta.

Por todo isto, nós, desde logo, insistimos en que este proceso de trámite do Proxecto de lei de museos e centros museísticos de Galicia debería ser paralizado para iniciarse de novo se así se entende oportuno, pero sempre que se faga co continuo asesoramento das persoas e das institucións expertas, que son as primeiras interesadas. Nós tamén, pero elas son as primeiras interesadas en que o texto resulte o mellor posible. Pensamos que ten demasiadas eivas, demasiados baleiros e que, para presentar este proxecto de lei, serviría, dende logo —como xa dixemos na primeira quenda de intervencións—, un desenvolvemento regulamentario do título VIII da Lei do patrimonio cultural. Esa é a nosa opinión. Obviamente, o Grupo Popular decidirá que non. Xa esperamos a resposta. Pero, dende logo, entendemos que este texto pode ser moi mellorable. A ver se tamén se entende así despois, no proceso de defensa de emendas parciais, xa que entendemos que se podería mellorar bastante a futura redacción desta lei.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Díaz Varela.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: Bo día de novo.

Ben, as palabras do conselleiro remitían para un primeiro texto. Evidentemente, iso é innegábel, é incuestionábel, é un texto necesario. A primeira redacción, con este marco de lei para o ámbito museolóxico, é necesaria. É irrefutábel, efectivamente. A obxectividade remite para un primeiro texto. Mais a partir de aí, eu creo que, coa nosa intervención, quedaron máis que cuestionadas e suficientemente demostradas algunhas outras características que o conselleiro lle apuxo a esta norma. O de «texto participativo» e «consensuado» temos que seguilo dubidando. De feito, na súa intervención non quedou explícito quen foi esa mesa de traballo —digámolo así— previa á redacción deste documento.

Desde logo, as nosas palabras, como dicimos sempre, non corresponden unicamente á nosa vontade ou á nosa lectura particular e persoal, senón que sempre están contrastadas cos sectores e cos representantes, neste caso, do ámbito da museoloxía. E non estaban, non es-

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

taban aí. As nosas achegas aquí presentadas e recollidas na emenda proceden evidentemente deles e delas.

Tampouco queda demostrado que sexa un texto ambicioso. Vostede falaba do círculo virtuoso, e supoñemos que se refire ao círculo virtuoso do éxito. Mais cómpre ter coidado porque, de non medilo ben e de non telo o suficientemente traballado —e nós entendemos que esta lei, a pesar do tempo transcorrido, non o está— podemos pasar ao círculo vicioso do fracaso. De verdade que no Bloque Nacionalista Galego non desexamos, en absoluto, que sexa unha lei para o fracaso. Por iso pedimos que volva de novo traballarse con outras bases e sustentada realmente noutro contraste moito máis amplo, aberto e verdadeiramente participativo.

Vostede tamén dicía que representa a Galiza moderna. Ben, para nós un texto técnico como este realmente adoece de representar a Galiza moderna á hora de ter en conta todo o que representa e todo o que foi e como chegamos até aquí, porque un texto técnico corre certos riscos —que pensamos que aquí se evidencian—, como é que esquece o fundamental, que é a humanización dos valores que achegan os museos, os museos como entes vivos non como simples espazos, continentes pasivos, senón como xeradores de vida cultural e tamén de formación, de construción formativa da sociedade.

Faltan aquí moitos conceptos para diferentes enfoques dos museos que a cultura galega ofrece: o megalitismo, a cultura castrexa, a romanización, por suposto tamén a arte románica —fundamental—, o período suevo, etc. É dicir, falta realmente toda unha categorización desa riqueza que a nosa rede museística ofrece e pola que entendemos que hai que apostar.

Sorpréndenos —volvemos insistir— que se obvien informes fundamentais como o do Consello da Cultura Galega. E pensamos que foi tamén moi representativo, moi significativo —e neste caso si transparente—, o escrito que nos achegaron dende a Asociación Padroado do Museo do Pobo Galego rexistrado nesta Cámara, no que se nos pide que incorporemos unha emenda que é fundamental, unha disposición transitoria que é fundamental, no sentido de facermos algo que realmente botamos en falta e que entendemos que non hai ningunha razón para obvialo: unha referencia expresa á continuidade do recoñecemento ao Museo do Pobo Galego —a súa propia terminoloxía ben o indica— da competencia para actuar como centro sintetizador de todos os museos e colecciónspúblicas e privadas integradas no sistema galego de museos dedicados ao estudo, promoción e difusión do patrimonio histórico-antropolóxico de Galiza. E agardamos que sexa así, porque realmente é inexplicábel esta falta de consideración cara ao que representa, como Museo do Pobo Galego, este centro.

Da mesma maneira tamén nos sorprende a falta de cumprimento da palabra dada ao propio Museo do Pobo Galego neste momento en que están asumindo algo fundamental, como son as obras de ampliación. Sabemos da colaboración da Consellería de Cultura, mais tamén sabemos da insuficiencia e, sobre todo, do incumprimento da palabra dada no seu momento ao Museo do Pobo Galego para asumir esas obras que son fundamentais.

Cando se fala de compromiso coa cultura, como vostede falou aquí —que evidentemente non dubidamos, mais entendemos que é insuficiente e que precisa aínda dar pasos adiante—, en-

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tendemos que se concreta nos orzamentos. E aquí escoitamos —como outras moitas veces— moitas cifras, pero de verdade que logo, na análise que fixemos dos orzamentos, non aparecen así representadas. Os museos non son especialmente un obxecto de especial atención nin centro de gravidade no orzamento desta consellería.

E non quería esquecer que temos grandes museos absolutamente esquecidos e abandonados, como poden ser o Museo Carlos Maside ou outros museos que parece que teñen unha relevancia menor polo feito de ser de construción popular, como o Museo Etnográfico Olimpio Liste, de Oseira, que estamos en severo risco de perder, sabendo que hai alí un patrimonio cultural moi importante.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora QUEIXAS ZAS: Polo tanto, por favor, revisen de novo este anteproxecto e, desde logo, poderemos volver falar demandando a atención para as emendas parciais que temos presentadas.

Obrigada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Queixas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.) (Pausa.)

Continuamos co debate de textos lexislativos.

Debate de totalidade do Proxecto de lei de residuos e solos contaminados de Galicia

O señor PRESIDENTE: Presentáronse emendas á totalidade do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Para a presentación do proxecto de lei ten a palabra a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, dona Ánxeles Vázquez Mejuto.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Grazas, presidente.

Moi bo día.

Señorías, traemos hoxe a esta Cámara o proxecto do que será a futura Lei de residuos e solos contaminados de Galicia, un texto que supón cumprir o noso compromiso con Galicia, coa Galicia verde, coa Galicia de futuro, coa Galicia sostible, coa Galicia resiliente, coa Galicia que loita contra o cambio climático. Iniciamos así a actualización e a adaptación da lei vixente tras doce anos nos que todo mudou, tanto a forma de consumir como tamén a xeración dos residuos e a súa xestión.

O que queremos é dotar Galicia dun novo marco legal adaptado á normativa comunitaria, completo, claro e seguro dende o punto de vista xurídico. Somos conscientes da necesidade

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

de adaptar a lexislación ao cambio de modelo que se está a experimentar, un sistema que camiña cara a unha economía circular e que está chamado a ser o único modelo de futuro posible en Galicia.

De feito, na última década Galicia estivo sempre ao carón e na vangarda da exixencia europea na planificación dos residuos. Así, no ano 2010 deseñamos o Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia, que permitiu á nosa comunidade estar en condicións de transitar cara a unha nova concepción das políticas de residuos.

No ano 2016 aprobamos o Plan de residuos industriais de Galicia, o PRIGA. Estará vixente ata o ano 2022 e vainos permitir avaliar como se están a xestionar estes residuos e se a súa xeración se está independizando do crecemento económico. Teño que informalos de que verá a luz en breve o primeiro informe do PRIGA, que analiza dende o ano 2016 ata o ano 2018 —os últimos datos que temos son os do ano 2018—, e no cal temos autorizadas un total de 750 plantas. Dende o ano 2016 ao 2018 diminuíronse un 8,5 % os residuos industriais. Destinamos ao reciclado e á valorización un total do 82 % dos residuos industriais de Galicia; e á súa eliminación, o 18 %. Iso quere dicir que non só planificamos, senón que damos conta dos resultados, que son os que no día de hoxe transcenden e que ademais daremos a coñecer en breve: no ano 2016, 3 millóns de toneladas de residuos industriais; no ano 2018, 2,8 millóns de toneladas —dos cales ao reciclado destinamos o 82 %—; no ano 2019 temos dous fitos, dúas claves importantes: a primeira é que demos luz verde á Estratexia de cambio climático e enerxía 2050 e a segunda é que aprobamos a Estratexia galega de economía circular 2030, co obxectivo de pasar dunha economía lineal a unha economía circular —nela perfílanse as liñas das políticas de residuos nos sectores máis relevantes e todos os seus principios inspiradores foron engadidos a este proxecto de lei—.

Agora queremos seguir avanzando con paso firme nunha xestión dos residuos moderna e eficaz. Por iso estamos ante unha lei moi necesaria para a nosa comunidade autónoma, coa que nos adiantamos á aprobación por parte do Goberno central da normativa estatal, que tiña que estar xa operativa en xullo do ano 2020 e que hoxe só ten un texto articulado. Nós pechamos así, dende Galicia, o círculo de ferramentas necesarias e poñémonos á cabeza de Europa en economía circular.

En resumo, esta é unha lei que destaca por ser máis completa e tecnicamente axeitada para dar respostas reais e necesarias á actividade existente en Galicia. Simplificamos as cargas administrativas, que é fundamental, melloramos o control pero tamén a xestión dos procedementos administrativos e apostamos polo emprego verde.

Un dos principios inspiradores da lei é a xerarquía na xestión dos residuos, e incídese especialmente no primeiro chanzo, que é fundamental: a prevención deses residuos. A lei non só fai seus os obxectivos europeos e nacionais, senón que nalgúns casos, como na redución dos residuos que producimos, adiantámonos ata en cinco anos —do 2030 ao 2025— no obxectivo de reducilos un 15 % sobre os datos que temos do ano 2010. Ademais, en Galicia marcámonos como obxectivo acadar no ano 2021 que máis do 50 % dos residuos téxtiles, así como aparellos eléctricos e mobles, se introduzan na cadea da reparación para a reutilización —unha porcentaxe que se vai situar nun 55 % para o ano 2025 e nun 60 % para o ano 2030—.

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Nesta mesma liña o texto tamén contempla a posta en marcha de centros especializados na reparación para a reutilización de residuos, especialmente residuos de aparellos eléctricos, electrónicos, téxtiles e mobles. De feito, xa contamos na actualidade con algún programa, algún plan piloto, como o que inauguramos no ano 2019 no concello de Valga.

O novo texto contempla o incremento progresivo da reutilización ou da valorización material de residuos non perigosos de construción e tamén de demolición, ata acadar o 75 % no ano 2025 —fronte ao 70 % proposto polo Estado—.

Tamén fixa obxectivos de reciclaxe apostando por impulsar a reciclaxe de envases dun só uso, coa meta de ser capaces no ano 2025 de reciclar ata o 65 % destes, e chegar a un 70 % no horizonte do ano 2030.

No referente ao envío de residuos aos vertedoiros —e como tamén marca outro obxectivo de Europa—, fixa que só se poidan enviar o 10 % da cantidade de residuos xerados aos vertedoiros. É o que denominamos «vertido técnico cero».

En relación con este punto quero lembrar que dende o ano 2009 o Goberno galego puxo fin aos vertedoiros e avanzamos cara a unha correcta xestión dos nosos residuos. Acabamos co modelo de vertedoiro que supoñía depositar o lixo directamente sobre o territorio e sen medidas de control e de seguridade. E no ano 2013 clausuramos o derradeiro vertedoiro municipal non autorizado existente en Galicia. Aínda así, dende abril do ano 2009 eliminamos máis de mil puntos de vertidos incontrolados en toda Galicia. Entre este ano e o pasado ano foron máis de douscentos os vertidos que eliminamos.

A futura lei tamén senta as bases para que as plantas acaden ese vertido técnico no ano 2035; é dicir, levar ao vertedoiro única e exclusivamente aquel residuo que non sexamos capaces de tratar por ningunha das vías, un obxectivo que Sogama está a piques de cumprir xa este mesmo ano. Iso quere dicir que nos adiantamos ás directrices europeas quince anos. Voulles poñer un exemplo. A entrada directa de residuos no vertedoiro de Areosa —que é o de Sogama— baixou das 209.000 toneladas que tivemos no ano 2018 ás 40.679 toneladas do ano 2019 —un paso transcendental para acadar ese obxectivo—.

A futura lei de residuos ten como un dos seus piares básicos a colaboración, o apoio e a coordinación cos concellos, como non podería ser doutro xeito. Recoñecemos o seu potencial e tamén sabemos da súa problemática. Pero, por outro lado, somos coñecedores das súas capacidades para que todos nos impliquemos cun obxectivo común e que, polo tanto, os datos que sacamos á luz públicas sexan cumpridos por todas as partes.

Un dos principais puntos de colaboración da Xunta son as entidades locais, que continuarán facendo, como é a súa obriga, a xestión dos biorresiduos, xa que os municipios deben instaurar a recollida separada a partir do ano 2023. Saben que o texto articulado do Goberno central fai aquí unha separación entre concellos de menos de 5.000 habitantes e de máis de 5.000 habitantes, para que os concellos de máis de 5.000 habitantes empecen a súa xestión a partir do ano 2021. Galicia opta por que todos os concellos, tanto de os menos como os de máis habitantes, fagan esta recollida separada a partir do ano 2023.

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Somos conscientes desta meta, polo que nos orzamentos do ano 2021 reservamos un total de 25 millóns de euros para a construción de tres plantas de biorresiduos. A primeira será en Vilanova de Arousa e dará servizo a un total de 25 concellos. Súmase, por suposto, á inaugurada ao longo deste ano instaurada no municipio de Cerceda. De feito, a pasada semana licitamos o proxecto da de Vilanova de Arousa. É un proxecto básico. Será unha planta pioneira e moderna no uso de tecnoloxías eficientes, e facilitará a creación de 30 postos de traballo, entre directos e indirectos.

No relativo ao ámbito municipal, cómpre lembrar que os concellos tamén deberán implantar a recollida de residuos téxtiles e perigosos de orixe doméstica un ano máis tarde —antes do 31 de decembro do ano 2024—.

Outro dos obxectivos básicos deste texto é o de reducir drasticamente o consumo de plásticos dun só uso. A acción humana está a plastificar o planeta, en particular o medio mariño, polo que temos que conseguir que a vida dos plásticos sexa circular. Por iso a lei prohibe a entrega gratuíta de bolsas de plástico e a venda de vaixelas de plástico dun só uso. E faino por dúas razóns principais: son produtos que demandan unha gran cantidade de enerxía para un período útil excesivamente curto e, cando entran en contacto co ecosistema —nos mares, por exemplo—, producen danos e consecuencias que son devastadoras. Cómpre lembrar que o 80 % dos residuos mariños procede da terra e que un dos residuos máis abundantes nos mares é o plástico. Por iso debemos loitar para evitar a plastificación do planeta e, sobre todo, a plastificación dos nosos mares.

Frear o desperdicio alimentario é outra das eivas ás que o Goberno galego quere dar resposta coa entrada en vigor deste novo texto normativo. Neste sentido, quero lembrar que aproximadamente un terzo dos alimentos producidos no mundo se perde ou se desperdicia, o que equivale a 1.300 millóns de toneladas ao ano. Debemos reducir a perda alimentaria, non só pola comida senón tamén por aforrar en recursos, tanto nos que fan falta para producilos como nos que nos fan falta para xestionalos despois como residuos. Ademais, como cidadáns debemos ser máis responsables cos nosos hábitos de compra. Estar máis atentos co que debemos desbotar ou co que debemos aproveitar, xa que o 42 % dos residuos alimentarios se xera nos nosos fogares.

Para conseguir este obxectivo de redución de desperdicio alimentario, a lei establece que en 2025 debemos reducir nun 30 % o voume de residuos de alimentos que xeramos respecto do ano 2010, unha porcentaxe que se leva ao 50 % cinco anos despois, no ano 2030. Para logralo, os titulares de establecementos de restauración estarán obrigados a entregar, se o cliente así o solicita, as fraccións sobrantes de alimentación non consumidas no propio local. E deberán facelo en recipientes compostables nun 50 %, con material biodegradable, nunca en materiais de plástico dun só uso.

Ademais, promoveremos un código de boas prácticas en relación cos excedentes alimentarios; é dicir, un pacto social, no que participen todos os axentes implicados no canal Horeca, para mitigar a produción dos desperdicios alimentarios. Polo tanto, e por todo isto, é necesario moita formación e moita educación ambiental, xa que deste xeito potenciaremos que o consumo de materias primas e produtos se realice dende unha óptica cada vez

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

máis responsable. De feito, esta lei aposta por impulsar que os máis novos actúen como catalizadores para un futuro mellor. Vai ser o seu futuro, o que lles pertence pero tamén o que merecen.

Por último, o texto tamén fai especial fincapé na aposta por unha Administración sostible e respectuosa co medio ambiente. Para iso, inclúe numerosas medidas, entre as que destacan o emprego de enerxías renovables na Administración e o impulso da denominada «contratación pública verde».

Pero esta lei non só se ocupa dos residuos e da súa xestión, senón que pon o seu foco na prevención dos solos contaminados. Establécese que os solos deberán conservar as súas funcións naturais no seu ámbito máximo, e deberán recuperarse usando as mellores técnicas dispoñibles e priorizando sempre os tratamentos de recuperación in situ. O que queremos é promover un mellor recoñecemento e control da calidade dos nosos solos. Para logralo, establecerase a creación dun inventario completo de solos a través do Rexistro de Calidade do Solo. Isto compleméntase cun réxime sancionador que define novas tipificacións de sancións para os solos contaminados, cunha contía máxima que pode chegar a 1,7 millóns de euros no caso de sancións moi graves.

En definitiva, estamos ante unha lei imprescindible para Galicia e que nos permitirá continuar traballando na consecución dun futuro máis sostible. É un texto co que Galicia se adianta á normativa estatal, que actualmente consiste simplemente nun texto articulado que aínda non obtivo o visto e prace, ou a luz verde, do Consello de Ministros para ser remitido ao Congreso. Supón unha aposta decidida pola transformación da sociedade galega nun modelo comprometido de produción e de consumo diferente, e que busca conseguir unha Galicia resiliente que traballa para reducir o cambio climático...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): ...e que recolle os esforzos do Goberno galego de cara a cumprir os obxectivos de desenvolvemento sustentable nos que se concreta a Axenda 2030. É unha lei, polo tanto, que responde aos retos medioambientais, sociais e tamén económicos, e que permitirá converter Galicia nunha comunidade adaptada aos cambios e retos que nos depara o futuro.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Rolda de defensa das emendas á totalidade e de posicionamento respecto do proxecto de lei.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, ten a palabra a señora Castro Rey.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidente.

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Dende o Grupo Parlamentario Socialista plantexamos a devolución deste texto do Proxecto de lei de residuos e solos contaminados de Galicia porque, aínda que si defendemos a necesidade dunha modificación legal da Lei de residuos do ano 2008, vixente neste momento, entendemos que este novo texto debería ser moito máis ambicioso. Este texto queda no medio camiño entre o que tiñamos e os avances nos postulados europeos en relación coa xestión de residuos, como desenvolverei a continuación.

Sen entrar a valorar modificacións puntuais do seu articulado —porque non é este o momento—, os motivos fundamentais e de maior peso para plantexar a nosa emenda de devolución son, por un lado, a práctica ausencia de regulación dos plásticos —xa que deben estar aquí integrados e non se debe deixar para unha regulación específica por estar presentes na maior parte dos produtos—, e, por outro lado, a diferenza no concepto de xestión dos residuos, xa que dende o Goberno da Xunta se segue a tender a unha xestión centralizada e nós avogamos máis por unha xestión de proximidade.

Para nós, os socialistas, o primeiro obxectivo de calquera política en materia de residuos debe ser reducir ao mínimo os efectos negativos da xeración de residuos, tanto na saúde humana como no medio ambiente. Así mesmo, e en consonancia cos principios que rexen a economía circular, entendemos que a dita política debe ter tamén por obxecto, por un lado, facer un uso eficiente dos recursos, cunha aposta estratéxica decidida do Goberno da Xunta de Galicia, unha boa coordinación co resto das entidades públicas —e refírome aos concellos e ás catro deputacións—, así como a implicación e o compromiso do conxunto dos axentes económicos e sociais, e fundamentalmente tamén a implicación da cidadanía. Polo tanto, son catro as actuacións que entendemos fundamentais: a vontade política, a coordinación, o consenso e a sensibilización da cidadanía.

Unha regulación que nos leve a acadar unha correcta xestión dos residuos evita que estes acaben no medio mariño, e as políticas que eviten o depósito dos residuos biodegradables en vertedoiros contribuirán a reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro. Polo tanto, para nós unha nova lei de residuos de Galicia debe ter catro obxectivos principais: sentar os principios da economía circular en materia de residuos, contribuír á loita contra o cambio climático, protexer o noso medio mariño e contribuír á creación e consolidación de emprego no sector da xestión de residuos.

E, despois destas liñas un pouco máis xenéricas e centrándome un pouco no articulado deste proxecto de lei, non podemos esquecer que a normativa europea en materia medioambiental é moi dinámica e está a avanzar constantemente. Polo tanto, o atraso que levou a tramitación deste proxecto de lei —que se iniciou hai case tres anos— provocou, entre outras cousas, que este proxecto de lei non apareza aliñado coas actuais políticas europeas sobre xestión de residuos. E refírome á Directiva europea 2019/904, do 5 de xuño de 2019, relativa á redución do impacto de determinados produtos de plástico no medio ambiente. Pola contra, si aparece o anteproxecto de lei que se está a tramitar no Congreso dos Deputados.

A estas alturas non pode entenderse unha normativa en materia de xestión de residuos que deixe fóra as novas exixencias en relación coa xestión do uso do plástico. O plástico, como sabemos, é un material moi presente na nosa vida, que ten efectos beneficiosos —como pode

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ser a seguridade alimentaria ou a facilidade para o transporte— pero que tamén presenta moitos e graves problemas en relación co medio ambiente, xa que é un material que se fragmenta en moitas partículas e que se degrada moi lentamente. A Unión Europea marcou unha clara estratexia para avanzar cara a un sector do plástico máis circular e para loitar, sobre todo, contra a contaminación mariña derivada destes plásticos. Este é un dos principais motivos da nosa emenda, xa que non entendemos como non se inclúe esta regulación europea nesta xestión; e sobre todo tratándose de Galicia, un lugar onde temos unha gran riqueza mariña e onde afecta se cabe moito máis este problema. Os animais mariños están a inxerir moitos microplásticos. E, ademais, ao transferirse dentro da cadea alimentaria, isto provoca que ao final acaben nos nosos pratos afectando tamén a saúde humana. Por outra banda, tamén está o lixo acumulado nas praias, que afecta directamente o sector turístico e que ademais supón un custo para a Administración en labores de limpeza —entre outros moitos prexuízos que xa coñecemos dos plásticos—.

Por outra banda, segundo os datos do Plan estatal marco de xestión de residuos do ano 2016 ao 2022, establécese que a recollida selectiva e o tratamento diferenciado da materia orgánica de orixe domiciliaria implica o 42 % dos residuos de competencia municipal, polo que nós si que entendemos que deben recortarse os prazos e poñer como obxectivo, tanto para os concellos máis pequenos como para os máis grandes, a separación dos biorresiduos antes do 31 de decembro do 2021, adaptándonos así á nosa realidade territorial. Porque hai que combinar diferentes fórmulas, aquelas que poden ser as máis axeitadas a cada lugar —nalgúns lugares pode ser a compostaxe ou noutros pode ser a recollida porta a porta—, e aplicar por riba de todo e fundamentalmente o principio reitor de que quen contamina paga.

En relación coas entidades locais, esta lei debería exixir unha maior coordinación interadministrativa, regular os mecanismos para acadar un financiamento suficiente e posibilitar aos concellos a participación nos plans autonómicos, tendo en conta os concellos e as súas especialidades para a súa redacción.

Por outro lado, en relación co modelo de xestión de residuos rexeitamos o modelo de concentración, o modelo Sogama, que segue a estar presente neste proxecto de lei. Nós optamos —sempre sen prexuízo da aplicación da xerarquía de xestión, que debe prevalecer— por un modelo de suficiencia e proximidade. Apostamos pola creación dunha rede para a valorización de residuos para a fracción resto, como tamén para a valorización enerxética e o aproveitamento ou tratamento do rexeitamento; unha rede que permita a valorización dos residuos e, no caso de que este non sexa posible, a súa eliminación en instalacións máis axeitadas e próximas, que dean servizo a unha zona territorial concreta e que utilicen tecnoloxías e medios idóneos en cada caso para asegurar un elevado nivel de protección da saúde pública e do medio ambiente.

Consideramos máis axeitada a agrupación dun ámbito territorial determinado para acadar unha mellor economía de escala, sen descartar, para ámbitos concretos, a aposta por instalacións máis pequenas e de ámbito local ou comarcal distribuídas polo territorio. Por outra banda, tamén contribuirían a xerar emprego nestes diferentes territorios. E rexeitamos como solución a incineración polo impacto ambiental que esta produce.

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A prevención entendemos que é fundamental. Dentro dunha eficiente política de residuos son fundamentais as medidas de prevención mediante inclusión de obxectivos concretos e cuantificables en materia de prevención da xeración de residuos, que penso que nesta lei poderían ser máis ambiciosos e ter unha maior carga impositiva.

Ten que facerse especial fincapé na redución de envases fomentando o uso de fontes de auga potables e de envases reutilizables, especialmente en sectores como pode ser o da hostalaría ou o da restauración. Terían que incluírse artigos específicos nos que se recollesen as medidas de prevención, que aparecen na directiva que mencionaba anteriormente, en relación coa promoción de modelos de produción e consumo sostibles, cos deseños de produtos que sexan eficientes e duradeiros en termos de vida útil, así como coa redución da xeración de residuos no sector industrial, no da extracción de minerais ou na construción, ao tomar en consideración as mellores técnicas dispoñibles.

En relación coa fiscalidade medioambiental, esta é necesaria mediante o establecemento de figuras impositivas que teñen que constituír un instrumento económico complementario para coadxuvar á protección e defensa do medio ambiente, que, aínda que certamente non sexan politicamente rendibles nun inicio, si son necesarias para estimular e incentivar comportamentos máis respectuosos co entorno natural e poden ser combinadas con outras figuras, como poden ser a subvención ou as exencións fiscais para empresas particulares... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio, por favor.

A señora CASTRO REY: ...que cumpran determinados obxectivos medioambientais.

Tamén é necesario aumentar a transparencia na xestión dos residuos. Un principio básico neste sentido ten que ser a transparencia cara á cidadanía. A cidadanía ten que saber e recibir de forma clara e desglosada o que paga e por que o fai. E ten que ver recompensado o esforzo propio cara a unha actitude positiva, solidaria e respectuosa co medio ambiente. Para isto, deberanse plasmar todos os conceptos e o servizos, que en cada caso inclúen os prezos públicos, as tarifas ou as taxas de recollida e tratamento de residuos.

En relación coa implicación dos concellos e da cidadanía, o ditame do Consello Económico e Social que acompañaba a este anteproxecto de lei criticaba nas súas consideracións xerais, por unha parte, a falla de medidas reais para a adecuación e formación medioambiental, a falla de coordinación con outras comunidades autónomas, o financiamento insuficiente dos concellos ou a pouca ambición nas obrigas da Administración para garantir o acceso á información. Ademais, tamén criticaba que non se facilitaba a participación dos concellos na planificación.

Polo tanto, nesta lei falta incidir tamén en aspectos como a necesidade de facer partícipe a cidadanía neste labor mediante a creación de campañas de sensibilización para a integración nos programas que se establezan, por exemplo, para a protección do medio mariño ou en materia de augas. Tamén hai que mellorar a información á disposición da cidadanía sobre a prevención na xeración de residuos, a súa separación axeitada en orixe, a posible reutiliza-

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ción e reciclaxe, campañas que promovan a participación activa en accións de redución da produción de residuos, sobre o seu perigo, accións de preparación para a reutilización ou na implementación da recollida selectiva.

Un exemplo da importancia disto, das campañas de información ás que me estou a referir e de boa xestión, témolo na miña provincia. A Deputación de Pontevedra fixo unha campaña de información, concienciación e sensibilización previa dirixida aos concellos sobre a compostaxe que, ao final, está a facer que a implementación deste sistema nos diferentes concellos pequenos estea a ter un alto grao de éxito entre a poboación.

Pois iso, tendo en conta estes precedentes aos que me refiro —da Deputación de Pontevedra—, que non incorra a Xunta no erro de pretender impoñer sen antes informar e sensibilizar. E, ademais, tendo en conta o que lle gustan ao Goberno da Xunta estas grandes campañas publicitarias de autobombo, podían utilizalas tamén para estes labores de información e de concienciación para unha xestión eficiente dos residuos.

E, xa por último, quería incluír na miña intervención —porque non creo que as poidamos extraer desta regulación— as novas circunstancias nas que nos atopamos. E refírome á pandemia da covid-19. A loita contra esta pandemia provocou tamén o aumento de determinado tipo de residuos; en concreto, plásticos dun só uso como luvas, cubrebocas ou pantallas de protección, que xa non se usan unicamente no eido sanitario senón que tamén os estamos a usar agora mesmo todos na rúa. A demanda destes produtos multiplicouse, e isto supón tamén un grave problema de contaminación porque moitos deles non son reciclables —e refírome aos cubrebocas—, ou porque noutros casos, sendo reciclables, en moitas ocasións non se fai.

Aínda que espero que esta nova normalidade na que nos atopamos sexa temporal e non volva repetirse, que non veña para quedar, creo que si sería bo tela en conta de cara a unha regulación, xa que esta lei se atopa aínda en tramitación. Entón estamos no momento de poder incluílo, porque, se non regulamos de forma eficiente a xestión destes novos recursos, as consecuencias para o medio ambiente poden ser devastadoras.

Sen máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Castro.

(Unha persoa dos servizos da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Bo día.

Señora conselleira, ¿sabe o que é isto? *(O señor Bará Torres amosa desde o estrado un recipiente de vidro cun material.)* Se pode mirar, verá que isto é compost de máxima calidade, compost producido en Pontevedra, a 100 quilómetros dun domicilio; é dicir, cumprindo estritamente e exemplarmente o principio de prevención, o principio de autosuficiencia, o principio de

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

proximidade, os principios que deben rexer a política de residuos, a política de quilómetro cero e de converter os residuos —o que é o lixo, a basura— en recursos, en recursos para facer máis produtivos os solos. Este é o modelo polo que ten que apostar a Xunta de Galiza e abandonar definitivamente o modelo Sogama *(Aplausos.)*

¡A ver se caen do cabalo! A ver se caen do cabalo non no camiño de Damasco, senón camiño de Cerceda ou de onde sexa, pero a ver se caen do cabalo. *(Murmurios.)* Porque isto é o moderno, isto é o futuro, isto é o europeo. O seu non é a vangarda, o seu ponnos de pechacancelas no Estado e en Europa no tratamento dos residuos. Ese non é o camiño. Porque ¿saben o que fan vostedes con este residuo que eu podo tirar a cen metros da miña casa e convertelo en compost? ¿Saben o que fan vostedes, o que fai Sogama? Trasladalo centos de quilómetros para queimalo. Esa non é a solución.

E vostedes acaban de presumir recentemente de que amplían Sogama para poder tratar todo o lixo producido en Galiza. ¡Pero iso é absolutamente demencial, iso é aberrante! ¡Como poden estar aínda situados aí! Vostedes están situados no plistoceno do tratamento dos residuos *(Aplausos.)* Son políticas do pasado, son políticas do século XX e estamos no século XXI, señora conselleira. Isto non ten sentido. Isto non é economía circular, isto é o círculo vicioso das portas xiratorias que vostedes teñen con Gas Natural e con Fenosa. Porque fíxese en que consiste Sogama. Consiste en trasladar o lixo, que no 70 % é auga, centos de quilómetros. ¡Fíxese que ineficiencia o deste sistema centralizado! Consiste en secalo nunha planta con gas natural —que xa saben vostedes quen llelo subministra e a quen llo pagan— e despois queimalo e producir miles de toneladas de rexeitamentos que van a un vertedoiro no que hai máis de 5 millóns de toneladas acumuladas —en Areosa, señora conselleira—. Vostede está falando de que eliminan os vertedoiros e hai 5,5 millóns de toneladas acumuladas no vertedoiro de Areosa. De media son máis de 120.000 toneladas de escouras e de residuos —algúns perigosos e tóxicos— que vostedes están depositando aí. E son centos de miles de toneladas de CO2, resultado de transportar o lixo —por moito que agora unha parte a transporten en tren—, de secalo, de queimalo e tamén da propia acción do vertedoiro. Son máis de medio millón de toneladas de CO2 que vostedes emiten con ese sistema, porque Sogama é unha gran factoría de cambio climático. Iso é o que están facendo vostedes con este sistema. *(Aplausos.)*

É un sistema tecnicamente ineficiente, economicamente custoso, socialmente irresponsable e medioambientalmente nocivo. E non se pode seguir por ese camiño. Non se pode seguir por un camiño que consiste en levar a Sogama o 80 % dos residuos producidos en Galiza e recuperar moi pouquiño. Reciclan o 3 % —dino vostedes na memoria do ano 2015— e o resto vai para queimar e para un vertedoiro. Este é o seu modelo de vangarda do que presumen tanto. Pois ese non é o camiño, señora conselleira.

E por iso o BNG fai unha emenda de totalidade, unha emenda de devolución a este proxecto, porque é un proxecto obsoleto, fracasado, condenado a desaparecer e que vostedes pretenden blindar por lei. Porque non ten nada que ver o que vostede contou aquí —o que poñen na lei porque non lles queda máis remedio que poñelo, xa que é unha obriga da normativa europea que teñen que traspoñer— e o que están facendo na realidade. Non ten nada que ver. É o día e a noite.

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Vostedes actúan, en materia de residuos, coma un condutor kamikaze que vai en sentido contrario e pensa que van ao revés os demais. Pero quen van ao revés son vostedes con este sistema. ¿Non se dan conta de que están completamente errados?

Vostedes incumpren a directiva europea de residuos, incumpren a lei estatal do 2011, incumpren o Pemar, que di claramente que os plans autonómicos teñen que establecer o sistema de recollida separada dos residuos. Non hai que esperar unha lei para facelo, xa o di o Pemar. Incumpren tamén o de que «antes de 2020 a cantidade de residuos domésticos e comerciais destinados á preparación para a reutilización e reciclaxe deberá alcanzar como mínimo, en conxunto, o 50 %». ¿Sabe en que mes estamos do ano 2020, señora conselleira? No mes de decembro, e Galiza está no 15 %, ¡no 15 %! Sogama é menos. A media é do 15 %, cando debiamos estar no 50 %. ¿E saben quen están mellor? Os que van noutro camiño, os que están apostando pola compostaxe, pola recollida separada, polo tratamento de máis do 50 % da fracción do lixo municipal. Non é o 43 %; o 43 % son os residuos orgánicos, os biorresiduos, pero a iso hai que sumarlle os restos de podas, o resto de xardinería..., e pasa do 50 %. Por iso hai modelos en Galiza —que non son campañas, son modelos—, sistemas tecnicamente moi avanzados e moi estudados que se están implantando, por exemplo, efectivamente, na provincia de Pontevedra, porque houbo alí un goberno con visión e con valentía —do BNG, por certo, e que leva esta área— para implantar o modelo Revitaliza. E tamén Allariz, por certo, Allariz RE. ¿Sabe que porcentaxe ten Allariz? O 15 % de media en Galiza. No 2019 pasaba do 40 %; está en condicións de cumprir en 2020 o 50 % que pide Europa. E na provincia de Pontevedra, os concellos de liña 2, os que están máis avanzados, como Vilaboa, como Mondariz, Mondariz-Balneario, ou como, por exemplo tamén, As Neves, están por riba do 30 %; estaban arredor do 30 % no 2019. Están tamén en condicións de acercarse a ese obxectivo europeo. Están mellorando, ademais, por simpatía, a recollida das outras fraccións, porque cando a xente separa o lixo orgánico tamén mellora a separación, a reutilización e a reciclaxe do vidro, do papel e dos envases lixeiros. É algo que está tecnicamente e cientificamente demostrado. Ese é o camiño, señora conselleira.

¿E vostedes saben o que están facendo? Vostedes non lles collen o teléfono; non aos responsábeis políticos do Revitaliza, senón que lles collen o teléfono na súa consellería —podo dicírllelo aquí— aos técnicos do Revitaliza, que queren falar coa Xunta. Porque ¿sabe con quen falan os técnicos do Revitaliza? Coa Comisión Europea, que lles está pedindo os datos, e países de todo o mundo están vindo aquí a copiar e aprender o modelo. E co Estado tamén, que lle pide tamén as cifras e a experiencia de Pontevedra. E vostedes non lles collen o teléfono. Iso é sectarismo, *(Aplausos.)* non se pode chamar doutra maneira. *(Aplausos.)*

Vostedes mesmo incumpren o seu propio Plan de residuos do 2016, a revisión que tiveron que facer despois do Pemar, que establecía uns obxectivos de compostaxe... Por certo, compostaxe domiciliaria, compostaxe comunitaria —que está sen regular aínda—, compostaxe en microplantas e despois en plantas. E agora vostedes descubriron a compostaxe e están facendo, para quedar ben, unha planta en Areosa —ía ser para grandes produtores e agora é para concellos próximos— e outra planta... Por certo, dise Arousa. Xa que vostedes empezaron a pronunciar Galiza... *(Risos.)*, pois é Vilanova de Arousa. *(Aplausos.)* Dixo vostede aquí «Arosa». Non sei onde queda esa ría ou ese concello; é Arousa; e «Galiza» tamén, señora Egerique. ¡Parabéns por este paso dado adiante por parte do Partido Popular! *(Murmurios.)*

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Vostedes botáronse ao monte en materia de residuos e colleron un camiño, unha fuxida cara a adiante, que non vai a ningún lado. Porque, ¿a que vén contratar hai pouco tempo, cando Europa vai na dirección contraria, unha ampliación da planta de Sogama? Por certo, cun contrato que hipoteca este país por unha década, porque é un contrato de quince anos pola ampliación e pola xestión da planta a unha empresa que se chama Valtalia —que non sei se iso ten segundas— e outro de transporte por dez anos. Suman eses contratos 500 millóns de euros para tratar todo o lixo —presumen vostedes— producido en Galiza. ¡É que van no sentido contrario! ¿Non se dan conta de que van no sentido contrario?

Aí a señora Prado estalle apuntando que Pontevedra está no sistema Sogama. ¡Claro que estamos no sistema Sogama! *(Murmurios.)* ¡Claro que estamos! Pero explícolle por que e por onde estamos agora, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* por onde estamos avanzando coa compostaxe, que é a solución; é máis do 50 % do lixo producido.

Polo tanto, non nos veñan con contos, non nos veñan con campañas..., que iso o fan moi ben, dedicar moito a propaganda e facer a campaña: «Galiza súmase á prevención» e «Sogama reparte composteiros». Non, non se trata diso, trátase dun proceso de sensibilización, dun proceso de formación, dun proceso de aprendizaxe, dun proceso de compromiso, dun proceso de autorresponsabilidade da xente.

Porque o futuro non consiste en tirar unha bolsa de lixo diante da porta da casa nunha rúa para que a veñan recoller e que fagan con ela o que lles pareza; a xente ten que corresponsabilizarse. E iso é a economía circular, é tratamento in situ, é proximidade, é quilómetro cero e é creación de postos de traballo. Porque vostede dixo aquí que a planta de Vilanova de Arousa ía crear 30 postos de traballo. No Plan Revitaliza —que está nunha fase aínda inicial— traballan máis de cen persoas, señora conselleira, ¡máis de cen persoas! ¿E sabe en que traballan? Non traballan nunha planta, traballan en sensibilizar, traballan en concienciar, traballan en responsabilizar a xente, en aprender a ter outra relación cos residuos para convertelos en recursos. Iso é absolutamente fundamental, ten que ser practicamente o 90 % do traballo, e para iso hai que formar tamén persoas con capacidade, con cualificación técnica. E por iso en Revitaliza crearon a «Facultade da Compostaxe», que é un exemplo en toda Europa e que están poñendo en toda Europa. Hai organizacións en Europa que están dicindo que Europa acabará copiando o modelo de Pontevedra, ¡fíxese vostede! *(Murmurios.)* Non... Dálle a risa á señora Nóvoa, ¡dálle a risa! Pois si, é así, está escrito. Son organizacións consultoras da Unión Europea —terían vostedes que ir un pouco máis á hemeroteca, estar máis pendentes e quitar as orelleiras— que están dicindo que a Unión Europea acabará establecendo o sistema de Revitaliza.

Eu, de verdade, invitaríaa a vostede —tamén á señora Nóvoa— a coñecelo, a collerlles o teléfono aos técnicos; a coñecelo porque non está de máis aprender. O saber non ocupa lugar. Deberían ter un pouco máis de humildade e achegarse á realidade, baixar á terra e coñecer como se fan as cousas ben, porque por aí están pasando representantes de todo o Estado español e de todo o mundo, e tanto a UNESCO como a ONU están poñendo tamén esa experiencia como exemplo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Por Sogama, si... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Por Sogama mellor que non se acerquen porque igual acaban chamuscados, porque é o que fan vostedes alí. En fin...

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Despois, claro, vostedes, que son uns contrabandistas das ideas, aprópianse do discurso, da mensaxe: do verde, do sustentable, do circular..., cando fan todo o contrario. Non se pode facer iso, manipular as ideas e os conceptos e utilizalos para o sentido contrario. Miren, plásticos, envases e embalaxes... Falou vostede do residuo da alimentación, pero, bueno, voulle dicir unha cousa... Non lle dixen antes —que tamén llo podo dicir para que vexa vostede os datos— que, mire, estes son os datos do Plan de residuos de Galiza. *(O señor Bará Torres amosa un documento.)* ¿Saben en que gastan vostedes a maior parte dos cartos, o 80 % do plan? Na incineración; o 80 %, 427 millóns. ¿Sabe canto gastan vostedes en prevención, que é o punto máis alto da xerarquía, o primeiro punto da xerarquía, o que debería ser prioritario? Gastan vostedes 11 millóns en dez anos, o 2,23 % de todo o plan; e para queimar, o 81,92 %. Con isto xa non hai nada máis que dicir. Vostedes están incumprindo de principio a fin a xerarquía de residuos, están indo no sentido contrario, están gastando máis no que se debe gastar menos, no que debería ser a última solución. Porque nós non dicimos neste momento que non haxa que incinerar, pero esa fórmula ten que ir cara á desaparición. E por iso propoñemos unha axencia, un organismo alternativo a Sogama, porque a propia palabra Sogama xa bota para atrás: Sogama, Sociedade Galega de Medioambiente. Deberían cambiarlle o nome: Sogain, sociedade galega de incineración, e vertedoiro, porque a iso se dedican fundamentalmente. Pois estes son os datos.

Pero, mire, a incineración e o depósito en vertedoiro están no último posto da xerarquía de residuos; debería de ser a última opción. Vostedes, na Estratexia da economía circular que lles encargaron ás universidades *(Murmurios.)* e despois caparon *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* —si, metéronlle as tesoiras, a motoserra—, ¿sabe o que puxeron aí na medida 8.1.3? O establecemento ou, polo menos, facer un estudo para o establecemento dunha fiscalidade verde que penalizase a incineración, amais do vertido. ¿Onde está iso na lei? ¿Onde está? Se o puxeron vostedes...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: ¿Xa? *(Risos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): O reloxo vai 20 segundos por enriba do tempo xa.

O señor BARÁ TORRES: ¡Ah!, claro, vía o reloxo ao revés.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Ten vostede outro segundo turno despois.

O señor BARÁ TORRES: Ante iso, nós temos proposto as alternativas: propoñemos un imposto á incineración e ao vertido, propoñemos unha axencia galega dos residuos e da economía circular, propoñemos un fondo de residuos, propoñemos un sistema para os envases e embalaxes alternativo a ese sistema perverso de Ecoembes...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: ...o sistema de depósito de devolución e retorno...

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor BARÁ TORRES: En fin, temos moitas propostas e alternativas que están tamén baseadas na experiencia do que se está facendo ben no mundo, do que se está facendo ben en Galiza...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Xa rematou o seu tempo, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: ...do que se está facendo ben no concello de Pontevedra.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Ten vostede outro turno despois.

¡Estaba en roxo!

(O señor Bará Torres diríxese ao presidente.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Xa, pero non vale compensar con outros grupos. Isto... ¡É que, se non, imos apañados! *(Risos.)* En fin, vostede é un voceiro experimentado xa neste Parlamento.

Ten a palabra, en nome do grupo parlamentario non emendante, para fixar a súa posición, a señora Nóvoa Iglesias.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

A señora NÓVOA IGLESIAS: Señor Bará, o Grupo Popular asume un erro que se produciu nunha emenda nun debate da semana pasada. Pero, mire, os galegos xa lle contestaron: Galicia, Galicia, Galicia, e, por cuarta vez, Galicia. *(Aplausos.)*

Mire, gustaríame comezar agradecendo e felicitando a señora conselleira de Medido Ambiente, Territorio e Vivenda pola consecución desta importante lei, a Lei de residuos e solos contaminados, que supón que Galicia se coloque á cabeza do resto de rexións españolas na adaptación e na integración da súa normativa ao contido da Directiva europea en materia de residuos.

Hoxe, señorías, debatemos en sede parlamentaria a súa oportunidade, e resulta incomprensible como a oposición pode cuestionar a idoneidade deste proxecto de lei no momento actual. Señorías, Galicia conta cunha lei autonómica de residuos con data de 2008 que, tras doce anos da súa entrada en vigor, obviamente, está obsoleta, polo que resulta imprescindible dispoñer dun novo texto legal, sen prexuízo de que se vaia adaptando en función dos cambios normativos que se vaian producindo.

Como saben, señorías da oposición, existen importantes directivas europeas aprobadas nos últimos anos que, evidentemente, non están na Lei de 2008, pois todo o marco normativo

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

europeo en materia de residuos, economía circular e cambio climático estivo nos últimos anos en continua revisión, e Galicia ten que adaptarse.

Resulta sorprendente que se opoñan á necesidade dunha nova norma legal da Comunidade Autónoma en materia de residuos, querendo manter a vixencia dun texto de doce anos de antigüidade, pretendendo adiar a Galicia e reclamando a apertura dun proceso de diálogo que só agocha a vontade de tentar obstaculizar o proceso lexislativo, pois saben que na tramitación dun proxecto de lei en sede parlamentaria se presentan emendas, debátense... De feito, chégase a moitos acordos coa oposición que, consecuentemente, melloran os textos iniciais.

Dende o Grupo Popular cremos que é perfectamente acaída a tramitación deste proxecto lexislativo no momento actual, no que se está constituíndo a nivel europeo e mundial un novo modelo produtivo no que Galicia non pode quedar atrás. E non podemos agardar á presentación da Lei básica estatal, que si, señora Castro, leva retraso, pois tiña que ser en xullo cando se tiñan que adaptar as normativas europeas, as directivas europeas, e o Goberno do señor Sánchez non o fixo. Esa si que que leva retraso. Ademais, ata o de agora o Goberno central o único que fixo foi sacar un anteproxecto de lei que nin sequera mereceu a aprobación do Consello de Ministros para iniciar a súa tramitación nas Cortes. Ese é o exemplo, señorías, do diálogo ao que nos ten acostumados o señor Sánchez.

Pola contra, o Goberno da Xunta de Galicia, na súa competencia autonómica de aprobar as normas adicionais sobre a protección do medio ambiente e da paisaxe, envía ao Parlamento esta importante e acaída lei que pretende definir un marco normativo de vangarda que asuma os retos dos máis altos estándares europeos.

A verdade é que son previsibles, e a crítica a Sogama é o que centra boa parte das emendas á totalidade que presentaron vostedes. Mire a mellor proba da sostibilidade do modelo Sogama, señor Bará. *(A señora Nóvoa Iglesias mostra un mapa de Galicia de cor verde.)* Mire para aquí, que eu lle vou ensinar un mapiña de Galicia. Esta é a mellor proba: 295 concellos —de 314— adheridos a Sogama; 295 concellos adheridos voluntariamente, que teñen competencias en xestión de residuos. *(Aplausos.)* Todos estes concellos, todos, de todos os signos políticos, están adheridos a Sogama; concellos con gobernos que, como digo, teñen a competencia exclusiva en materia de recollida e tratamento de residuos e que decidiron voluntariamente, no seu día, encomendarlle a xestión da fracción resto a Sogama, e permanecen adheridos ata o día de hoxe.

Cómpre ter en conta que esta adhesión non comporta un compromiso de entrega de determinado volume de residuos. Os concellos adheridos son os que teñen a responsabilidade de poñer en marcha recollidas selectivas das distintas fraccións como requisito imprescindible para acadar maiores cotas de reutilización e de reciclaxe.

A propia Sogama puxo en marcha un drástico proceso de modernización que lle permitiu duplicar cuantitativamente a súa capacidade de tratamento e mellorala cualitativamente incrementando a recuperación de materiais reciclables do lixo en masa, pero mantendo a imprescindible valorización enerxética dos materiais non recuperables, e que está suxeita

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

—como non pode ser doutra maneira— a exixentes estándares de eficacia, de eficiencia enerxética e de limitación de emisións, en liña coa finalidade de acadar o vertido técnico cero.

De feito, a modernización de Sogama acometeuse para atender a demanda dos concellos galegos e garantir o axeitado tratamento dos residuos e non cun ánimo centralizador que resultaría irrelevante á vista da competencia exclusiva das ditas entidades de poñer en marcha o sistema de recollida ou tratamento que consideren.

Pero o certo é que vostedes, señorías, gobernaron en Galicia e puideron cambiar o modelo Sogama, e non só non o fixeron, senón que, é máis, ademais de non prescindir de Sogama, o que fixeron foi levala a unha xestión nefasta, baixo a responsabilidade directa dunha consellería rexentada polo PSdeG naquel momento que o que fixo foi incrementar en máis dun 60 % o volume de residuos depositados no vertedoiro de Areosa sen ter recibido, señorías, ningún tratamento; ata o punto de que no 2009 o dito vertedoiro estaba practicamente esgotado, señor Bará. Esa era a súa responsabilidade naquel momento. E non tomaron ningunha medida para evitar o colapso inminente.

Polo tanto, lecciónns de xestión de residuos das súas señorías da oposición, poucas, señorías.

Insisto, con esta lei queda, por suposto, a salvo a competencia dos concellos galegos de articular sistemas alternativos de tratamento de residuos, sempre que se adapten á planificación autonómica e estatal nesta materia, e recibindo, por suposto, a colaboración da Xunta de Galicia, tal e como xa se está facendo agora mesmo.

Comentouno a señora conselleira na súa intervención de hoxe e na de hai uns días na Comisión de Orzamentos, na que lles deu conta das novas plantas de compostaxe e do apoio económico que recibirán os concellos nesta materia. Nomeou aquí hoxe a planta de Vilanova; moi pronto haberá outra tamén na zona do norte de Galicia e tamén no sur da miña provincia. Comentóullelo tamén na Comisión de Orzamentos.

En canto ás críticas á incineración de Sogama, saben que está situada no final da orde de preferencia da eliminación de residuos, sendo o penúltimo escalón a valorización enerxética que se utiliza cos residuos que non poden ser recuperados tras a reciclaxe. ¡Señor Bará, dos que non poden ser recuperados! ¡É que non entende! ¿Que parte desa frase non entende? A crítica que profesa, señor Bará, é por un descoñecemento total. A valorización enerxética que Sogama aplica á fracción resto está plenamente de acordo coa xerarquía de residuos, e son prácticas perfectamente aceptadas polo contexto normativo europeo, que ata ben pouco financiaba plantas deste tipo en todos os países. Vostedes poñen de exemplo a Alemaña e a Dinamarca cando lles apetece —non podo dicir outra palabra, pero ben, cando lles peta, mellor dito—. Nese momento poñen de exemplo a eses países, pero cando hai unha planta que está no alto de todos os estándares europeos, vostedes critícana, como fan sempre, aínda que son previsibles. Pola contra, se tomamos o seu principio de proximidade, o principio de proximidade que impulsa o BNG, obrigaría a cada concello galego a dispor dun sistema de recollida e tratamento para todas as fraccións de residuos municipais; cousa que sería admisible..., *(Murmurios.)* señorías, pero é que teñen a competencia os concellos. Nin esta lei

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

nin nós, este grupo, nega que teñan a competencia os concellos, pero é obvio que estas infraestruturas son moi complexas, tanto dende o punto de vista técnico como dende o punto de vista humano.

Vostede e mais eu, que temos responsabilidades de goberno —non sei se as ten agora vostede, pero eu si, que son a tenente de alcalde nun concello de máis de 5.000 habitantes—, sabemos o complexo que é todo o tema dos residuos. Polo tanto, vostede...

En fin, nós defendemos e desexamos que cada concello implante a recollida selectiva do tratamento da fracción orgánica que queira e orientada á compostaxe tamén, que despregue a recollida selectiva de envases, de vidro e cartón e, en último lugar, que entregue a fracción resto a Sogama. Para todo isto a Xunta de Galicia vén prestando apoio a concellos tanto de forma individual como mancomunada.

Pero nós aquí tamén podemos analizar outro tipo de modelos alternativos, como o da Coruña, ¿non?, posto en marcha por un goberno do PSdeG e que actualmente volve ser responsable da súa xestión. Dende o seu inicio pretendía eludir a incineración, e o que resultou foi que se acumularon importantísimos problemas de eficiencia, e agora mesmo hai un só vertedoiro que está totalmente esgotado e pendente de selado. Esa é a súa xestión.

E outro apunte, señor Bará. Vostedes son hoxe aquí adaís da compostaxe e, miren, o Plan Revitaliza, ese que impulsa a Deputación con 10 millóns de euros, o que fixo foi provocar o aumento dende 2015 dos envíos a Sogama. *(Murmurios.)* ¡Home!, é que están aí as estatísticas, máis dun 2 %. ¿Ese é o éxito...? *(Murmurios.)* Esa é a realidade, eses son os datos, e ese é o éxito da súa xestión.

Miren, en Galicia —díxoo a conselleira hai un pouco— había máis de tres mil vertedoiros ilegais. Dende o 2009 pecháronse todos os vertedoiros e eliminároнse moitos que si que contaminaban, señorías. Pero o que está claro é que vostedes continúan de costas á realidade e non queren recoñecer o que, por outra parte, si recoñecen os gobernos locais, tamén —insisto— de todos os partidos, mesmo dos seus partidos, que recoñecen o valor que ten Sogama e que son 294 os concellos que están adheridos.

E, por dar algún dato máis relacionado con Sogama, dígolle que en 2008 levaba o vertedoiro o 46,38 % dos residuos que recibía, e en 2008 creo que gobernaban vostedes, señor Bará; e en 2019 o vertido directo foi tan só dun 5 %. Podemos poñer os datos de Nostián, na Coruña, cun 47 % ao vertedoiro, e a planta de Lousame, cun 61 %. Eses son os datos que vostede non quere ver.

Este ano, como dixo a conselleira, quince anos antes do establecido polo Parlamento Europeo, Sogama constituirá o vertido técnico cero —quince anos antes; iso tampouco o valora—. O que quere dicir é que Galicia fixo os deberes. Isto é froito do investimento, do traballo e da aposta do Goberno da Xunta de Galicia por ese sistema de xestión de residuos.

No relativo aos biorresiduos, esta lei atinxe estritamente ao recollido nas directivas europeas, mentres que a estatal introduce a diferenciación para os concellos de máis de 5.000 habi-

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tantes. Veríanse obrigados 113 concellos en Galicia a cumprir antes de tempo, dous anos antes do que di Europa.

O que demostra todo isto é que seguen alonxados da realidade municipal, porque o papel o aguanta todo, pero a realidade non é así, e vai ser moi complexo que concellos deste tipo, como no que eu vivo, poidan adaptarse a este sistema que vostedes propoñen. Pero, iso si, non son capaces de poñer en valor, por exemplo, o obxectivo de acadar no ano 2025 a reciclaxe do 75 % de residuos non perigosos da construción, como di esta lei, que o anteproxecto estatal nin o nomea.

En canto a datas do resto de obxectivos recollidos na lei, é evidente que se terán que actualizar no momento en que se aprobe esta lei e agardo que no proceso de negociación de emendas poidamos chegar a acordos con todos vostedes. Este diálogo creo que debería ser o normal e non casa moito con estas emendas á totalidade que vostedes plantexan.

No referente ás medidas de fomento á fiscalidade ambiental, sorprende que ambos os grupos, tanto o BNG como o PSdeG, queiran establecer fiscalidade autonómica, cando o Goberno central xa anunciou unha importante batería de impostos. Nós cremos que a aposta pola unidade de mercado é importante e consideramos que estes temas deben ser regulados de xeito homoxéneo en todo o Estado. Tamén cremos que o que contamina debe pagar, pero non de forma excesiva; creo que non é o momento de subir impostos.

No tocante á xestión de residuos covid, explicouno moi ben a conselleira na Comisión de Orzamentos. Están a ser tratados nunha liña independente de residuos urbanos, na que os residuos sanitarios se someten a un pretratamento para despois ser eliminados a máis de 850 graos; unha temperatura que elimina calquera tipo de patóxeno. Tratáronse máis de 65.000 quilos de residuos sanitarios, e aí está como outras comunidades se viron afectadas por denuncias na Fiscalía; ben, que a Fiscalía o está revisando, pero en Galicia non ocorreu. Polo tanto, creo que é un éxito que todos debemos ter en conta, que todos os nosos residuos se trataron en Sogama e que non tivemos que ver residuos acumulados, como ocorreu noutras comunidades, ás aforas dos hospitais. Iso aquí non ocorreu, señorías. Xa está ben de que vostedes sempre estean a criticar e non recoñezan as cousas e o traballo, sobre todo, que fai todo o persoal.

É importante destacar, como ben explicou aquí a conselleira, todos os obxectivos desta lei, que obriga á eliminación do plástico na sociedade galega, prohibindo a entrada gratuíta de bolsas e a venda de vaixela de plástico. Tamén, no tocante aos desperdicios alimenticios, fomenta a entrega dos sobrantes nos restaurantes e destaca a creación de puntos de recollida de residuo industrial en grandes superficies comerciais, edificios públicos ou a regulación de puntos limpos municipais. Tamén fomenta a compra pública verde e destaca un obxectivo importante, que é a protección do noso solo, para o que se establece a súa regulación, así como un inventario e mais unha garantía financeira.

En definitiva, señorías, o Grupo Popular defende unha lei que substituirá outra de 2008 e que tras doce anos dende a súa posta en vigor queda, evidentemente, obsoleta; unha lei que ten como obxectivo prioritario o pulo necesario para a recollida selectiva e separada e para

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

aproveitar por completo a vida útil dos residuos, consolidando así un cambio de modelo produtivo que permita avanzar a Galicia cara á economía circular. É, señora conselleira, toda unha aposta pola prevención, pola reutilización e pola reciclaxe, en liña co principio de xerarquía na xestión de residuos.

Con vostedes, señorías, agardo que poidamos chegar a acordos no proceso de elaboración do ditame, como exemplo dun diálogo que permita sacar adiante unha lei que nos represente a todos.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Nóvoa.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Ábrese un turno de réplica para os grupos parlamentarios emendantes.

En primeiro lugar, ten a palabra, en nome do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a señora Castro Rey.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidente.

Creo que todos temos que ter como obxectivos prioritarios na nosa política galega o cumprimento deses obxectivos de desenvolvemento sostible incluídos na Axenda 2030 e, sobre todo, relacionados coa xestión de residuos; refírome á produción e ao consumo sostible, á acción polo clima e á vida submarina.

En relación co que dicía a señora Nóvoa, vostede di que a lei estatal vai con moitísimo atraso. Se poñemos nunha balanza, vemos que hai unha lei estatal actual, vixente, que é do ano 2011, e un anteproxecto de lei que se está a tramitar no Congreso, que si que inclúe a transposición da Directiva europea do 5 de xuño de 2019 —por tanto, de hai un ano e poucos meses— e que trata no seu articulado —como reprochaba eu na miña primeira intervención— o relativo á redución e ao impacto de determinados produtos de plástico no medio ambiente. Tamén se poñemos, por outra banda, nunha balanza a lei actual vixente en Galicia, que é do ano 2008, e o anteproxecto de lei que estamos a tramitar, aínda que sexa nunha fase un pouquiño máis avanzada, que se iniciou dende hai máis de tres anos, non sei cal sería o que vai con máis atraso.

Creo que urxe definir con claridade as obrigas e a responsabilidade ampliada do produtor, que son as principais, ao final, responsables da xeración de residuos, e temos que poñer con eles o principio de «quen contamina, paga», porque só así esta reforma lexislativa dará resposta aos retos que expón a emerxencia climática e o necesario cambio cara a unha economía circular, da que vostede tamén falaba; unha economía circular que sexa coherente cos límites do planeta e respectuosa cos dereitos humanos.

Este proxecto de lei de residuos e solos contaminados está moi lonxe neste momento de responder a eses retos. Necesitamos unha lei que incorpore obxectivos máis ambiciosos para

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

reducir a xeración de residuos a niveis inferiores aos do ano 2010, limitando para iso a produción anual da fracción resto por habitante e alcanzando unha redución de residuos do 20 % para o ano 2030.

Teñen que adoptarse medidas concretas no ámbito da prevención —a prevención é fundamental—; medidas que aborden as primeiras fases do ciclo da vida do produto, na concepción e deseño, na produción ou no consumo, e que sexan efectivas para reducir a cantidade de recursos empregados, os residuos xerados e os seus impactos tamén sobre o medio ambiente, así como a toxicidade de materias e produtos.

Ata o de agora, as políticas que se levan facendo, as de poñer unicamente o foco na fase de xestión e eliminación de residuos, tenden a demostrar ou demostran que son ineficaces para reducir os impactos ambientais. Este enfoque contravén a xerarquía de residuos establecida, ademais, pola Unión Europea e demostrouse que era ineficaz sobre todo para certas fraccións, como poden ser os envases e os plásticos.

Segundo os datos recentes, co actual sistema de contedores unicamente reciclamos arredor de 25 % dos envases. Isto non pode ser, e demostra claramente que só reciclar non é a solución. Fronte a esta estratexia errada, creo que a lei debe de apuntar cara aos primeiros responsables da selección de residuos, que son as empresas produtoras, exixir a redución do sobreenvasado e dos envases superfluos, eliminar os produtos e envases de usar e tirar e, sobre todo, evitar caer en falsas solucións como os mal chamados bioplásticos, que entre outros inconvenientes agravan o problema do lixo disperso.

Cómpre unha aposta decidida por combater a obsolescencia programada e percibida e por alongar a vida útil dos produtos, a súa reparación e a súa reutilización, establecendo requisitos de deseño e produción e fomentando os servizos de reparación e venda de segunda man, incluíndo, como dicía anteriormente e na miña primeira intervención, as medidas fiscais.

É necesario un imposto verde ou figuras impositivas como un instrumento económico complementario cara a estimular e incentivar comportamentos máis respectuosos co contorno natural. Non se trata de solapar impostos de carácter estatal, senón de coordinalos con algúns de carácter autonómico e de fixar obxectivos específicos por fluxo de residuos, tales como o téxtil, envases, produtos de hixiene persoal; de implantar un sistema de depósito, devolución e retorno; de garantir unha recollida e un tratamento efectivos da materia orgánica; e de desincentivar mediante un imposto, como dicía, tratamentos finalistas como o vertido e a incineración.

E, por último, xa para concluír, creo que non poden permitirse máis maquillaxes nin lavados de cara. Temos que aproveitar este contexto para darlle un xiro de 180 graos ao noso modelo de produción e de consumo e para darlle ao problema unha patada cara a adiante. É un modelo no que o tempo para actuar se esgota e, polo tanto, necesitamos unha lei de residuos urxente e efectiva.

E, sen nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Castro.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Grazas.

Para que lles quede claro xa de principio, non nos opoñemos a unha lei, porque, ademais, é obrigatoria. Hai que facer a transposición da normativa europea. O Estado, o Goberno central, vai a paso de tartaruga. ¡A ver se espabilan! Non nos opoñemos a unha lei, opoñémonos a esta lei, a este sistema, que é obsoleto; un sistema fracasado e un sistema do pasado, un sistema ineficiente, un sistema custoso, un sistema ambientalmente indefendíbel e un sistema, ademais, centralizado. E un sistema centralizado vai en contra de todo o sistema de residuos e das directivas europeas. É antitético. E, claro, así estamos, con datos de reutilización e reciclaxe do 13 %. Estamos á cola Estado. ¡E grazas a que hai outros sistemas alternativos a Sogama que soben a media —que tampouco os poñemos aquí como exemplos da perfección, xa que teñen moito que corrixir, non funcionan ben, pero soben a media—! Vostedes téñennos á cola. Estamos despois de Melilla e despois da Comunidade de Madrid; somos os terceiros peores do Estado. E vostedes veñen aquí a presumir. ¿De que?, ¿de que presumen?

Claro, sobre o resto, dígolle que Sogama sen o resto, sen a materia orgánica, non ten combustible. O alimento de Sogama é a materia orgánica. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, compran o gas natural para secar a materia orgánica, porque non arde mollada, húmida. Co 70 % de auga non arde. Entón, cómpranlle o gas natural ao socio de Sogama —é a economía circular perfecta, o círculo vicioso—, e todo queda na casa. É o de Juan Palomo*: yo me lo guiso, yo me lo como*. Esa é a filosofía da Sogama do Partido Popular.

Señora Nóvoa, é que non queda outra. E vostede dirá: é que o meu concello é pequeno... ¡Non queda outra! É obrigatoria por lei —que nós pensamos que xa debería ser antes— a recollida separada e tamén o tratamento separado da materia orgánica, e iso bota abaixo o modelo Sogama, o sistema Sogama —que non é un modelo, por certo—. E, claro, vostedes fanse esa trampa ao solitario de que aumenta o envío a Sogama desde o 2015 dos concellos Revitaliza. ¡Falso! ¡De toda falsidade! Non é certo, do 2015 ao 2016, co ciclo económico, aumentou a produción de residuos en xeral, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* pero os concellos da liña 2 do Revitaliza están mellorando moitísimo a recollida selectiva de materia orgánica. A recollida das outras fraccións tamén, por simpatía, como lle dixen antes. Se vostedes lles colleran o teléfono, explicaríanllelo; se vostedes recollesen os datos que manda Sogama, que os teñen na Unión Europea e en Madrid, saberían que concellos do Partido Popular, como, por exemplo, Mondariz-Balneario, son exemplo do Revitaliza. Non é unha cuestión de siglas, de ideas políticas; son concellos do Partido Popular, do PSOE e do BNG que están no Revitaliza, na liña 2 de Revitaliza, e que xa van pasar á liña 3, cun novo sistema impositivo tamén. Valga é outro concello do Partido Popular alumno avantaxado de Revitaliza. Non é unha cuestión de siglas.

Miren, remato coas propostas —que non me deu tempo antes— que lles brindamos como opcións, como alternativas, para traballar por un acordo, porque non podemos permitirnos

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

un país que non teña un acordo nesta materia. É unha cuestión fundamental, tamén polas emerxencias, polas urxencias ambientais que temos enriba. Por iso, propoñemos o cambio de modelo, a aposta polo tratamento in situ, de proximidade, polo tratamento local, polo quilómetro cero, polo que significa iso para tratar máis da metade, por certo, dos residuos municipais; é que é máis da metade.

Segundo, o establecemento do sistema de depósito, devolución e retorno é outra peza clave para que o lixo, o plástico, non acabe inzando as nosas rías e os nosos ríos. Mañá falaremos das rías, non teño aquí tempo para estenderme nesta cuestión, pero as rías están nun estado crítico, e unha das causas é isto. Hai que romper con ese monopolio no que están as grandes produtoras de lixo, de envases, como Coca-Cola, Danone, en fin...; tamén as grandes superficies comerciais están en Ecoembes como un *lobby* que controla esta cuestión. Temos que cambiar o modelo, porque, ademais, está na nosa cultura, na nosa tradición, o de devolver o casco. É facilísimo, igual que reciclar e compostar, está no noso ADN, na nosa tradición, e a xente enténdeo perfectamente e implícase neste sistema.

Hai que ter obxectivos máis estritos, para todas as fraccións e obxectivos de redución dos desperdicios alimentarios, moito máis ambiciosos. As administracións deben dar exemplo do fomento da compra pública verde, da bioeconomía e tamén da economía circular. É fundamental fomentar a participación en todo o ciclo e en todo proceso e crear a Comisión de Residuos de Galiza; crear un imposto á eliminación, á incineración e á eliminación en vertedoiro; crear un fondo de residuos para financiar, sobre todo, medidas de prevención e de fomento deste tipo de alternativas; e transformar Sogama na axencia de residuos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: ...para a economía circular.

Remato, señor presidente.

Son propostas —as que lle ofrecemos— avanzadas, realistas, posíbeis, contrastadas, exitosas, eficientes, respectuosas co medio, para situar Galiza na cabeza de Europa e na cabeza do mundo. Xa se está facendo, é posíbel.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Bará.

Pasamos agora ao seguinte punto, que o 1.3

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. Popular de Galicia, de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para a presentación da proposición non de lei, polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ten a palabra o señor Puy Fraga.

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PUY FRAGA: Señor presidente, señorías.

Moi bos días a todos e a todas.

É para min unha honra como portavoz do Grupo Parlamentario Popular presentar hoxe, diante desta Cámara, esta Proposición de lei de modificación da Lei de saúde de Galicia, Lei 8/2008. Posiblemente é un dos proxectos, dentro dos moitos proxectos e proposicións de lei lexislativas que esta Cámara está a debater ao inicio desta lexislatura, dos que consideramos máis importantes.

Esta proposición de lei ten uns obxectivos claros, que son cubrir as lagoas e as carencias da lexislación vixente para loitar mellor contra a pandemia; unha situación sanitaria que resulta ser, para nós, para a nosa xeración, completamente nova, imprevista e, pola súa duración, unha epidemia longa, pola súa persistencia no tempo, e así mesmo porque é unha situación que todos pensamos que pode ser recorrente, non só a curto prazo senón con respecto aos próximos anos.

Ao falar da pandemia, é preciso, unha vez máis, recordar os últimos datos que temos en Galicia: hai máis de 52.000 persoas que padecen ou padeceron o contaxio; esta segunda onda, afortunadamente, está sendo menos intensa, tanto en Galicia como en España, do que foi a primeira, a diferenza do que está a ocorrer noutros países de Europa; Galicia, dentro de España, tamén segue a ter unha incidencia acumulada menor, tanto a sete días como a catorce días —na última, a catorce días, que estamos cos últimos datos feitos públicos polo Ministerio—, son 178 fronte aos 215 da media de España; e tamén temos menor positividade. Estes datos menos malos, evidentemente, non queren dicir que non teñamos que seguir traballando e, por suposto, levar sempre na memoria os máis de 1.200 falecidos en Galicia, levar sempre na memoria o seu sufrimento, os das súas familias, os dos seus amigos, cos que compartimos a súa dor, e, por suposto tamén, levar sempre na memoria a todos os que están loitando contra a pandemia nos postos que sexa. A todos queremos darlles ánimos e forza, e tamén a todos aqueles que aínda hoxe están contaxiados.

Como sociedade temos unha arela, e é que hai unha luz ao final do túnel, que son as vacinas, que xa se está empezando a pensar na súa distribución, pero aínda quedan meses. O propio Goberno de España anunciou que isto ata o verán non estaría resolto. Polo tanto, temos que seguir comportándonos con responsabilidade durante toda esta temporada e tendo sempre presente os que sofren a enfermidade, pero tamén as súas consecuencias económicas e sociais, e temos que facer todo o posible para minimizar as consecuencias desta situación inédita en moitos anos.

Precisamente, a proposición de lei entendemos que é un exercicio de responsabilidade porque acumula a experiencia da xestión desde o mes de marzo por parte da Administración autonómica; un período no que se evidenciou que o noso marco normativo sanitario non estaba preparado para afrontar unha pandemia longa, con efectos xeneralizados na sociedade, propiamente e etimoloxicamente unha pandemia, tanto nos efectos na saúde pública e no sistema sanitario como no conxunto da vida da sociedade; é dicir, tanto nos aspectos económicos como sociais e mesmo políticos, porque vimos e experimentamos en primeira persoa os efectos sobre o propio funcionamento do sistema democrático.

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Como é sabido, o marco normativo está caracterizado por unha constitución que prevé estados de excepción, concretamente o estado de alarma para situacións de pandemia. Foi unha aplicación da Constitución óptima no primeiro momento, e permitiu afrontar o primeiro embate, a primeira onda da pandemia. O meu grupo estivo de acordo sempre con esa aplicación do estado de alarma. O noso partido apoiou os dous primeiros meses catro votacións seguidas; os votos do Partido Popular permitiron esa declaración do estado de alarma, pero o feito é que ese estado de alarma está pouco desenvolvido. A lei orgánica que regula os estados de alarma, excepción e sitio, que é a Lei orgánica 4/81, remítese no seu artigo 12, para casos de crises sanitarias —no seu artigo 4.b)— tales como as epidemias, a que a autoridade competente —autoridade competente cando se declara o estado de alarma— poderá adoptar por si, segundo os casos, as medidas establecidas nas normas para a loita contra as enfermidades infecciosas, e o feito é que as leis sanitarias, tanto a nacional —a Lei orgánica 3/1986, de saúde— como a Lei de saúde de Galicia, que é a Lei 8/2008, non prevén situacións pandémicas como as que estamos a vivir. De aí que houbese un intento de reformar a Lei orgánica estatal. Propúxose na Conferencia de Presidentes a inicios do mes de maio, houbo mesmo un compromiso de reforma antes do segundo estado de alarma por parte do Goberno de España e finalmente non se fixo, pese a que o Ditame da Comisión de Reactivación do Congreso ––que se elaborou en xuño-xullo–– aconsellaba acometer esta reforma.

Pero apenas se resolveron os problemas xurídicos que se plantexaron durante estes primeiros meses de pandemia, e a disparidade das revisións xurisdicionais das medidas adoptadas polos distintos gobernos autonómicos na etapa de cogobernanza previa ao segundo estado de alarma deixaron en evidencia a necesidade de facer reformas, como unha que se fixo —que foi acertada—, que foi a reforma da Lei de xurisdición contencioso-administrativa, para que a competencia da revisión das medidas anticoronavirus adoptadas polas comunidades autónomas fosen realizadas polos tribunais superiores de xustiza. No resto non houbo acción lexislativa.

Eu creo que son obvios dous problemas que xurdiron na etapa de cogobernanza. En primeiro lugar, os estritamente xurídicos. Hai un auto do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid que constitúe unha clara chamada de atención sobre a necesidade de recorrer á lei e non a ordes ministeriais ou a ordes das consellerías para restrinxir o exercicio dos dereitos fundamentais. E recordo o que di ese auto. Di literalmente: «*Los derechos fundamentales que la Constitución atribuye a los ciudadanos no pueden verse afectados por ninguna ingerencia estatal no autorizada por sus representantes mediante una disposición con rango de lei que reúna las condiciones mínimas suficientes requeridas por las exigencias de seguridad jurídica y certeza del derecho.*»

É máis, a sentenza aconsella recorrer aos instrumentos que prevé o estado de dereito —que son as leis—para lexislar nas situacións de pandemia cando as autoridades sanitarias se ven obrigadas a limitar o exercicio dos dereitos fundamentais.

A segunda chamada de atención foi xa no segundo estado de alarma, tamén no período de cogobernanza, cando algunha comunidade autónoma, por exemplo, Asturias —na que houbo un comportamento exemplar na primeira onda, pero que se viu afectada especialmente pola segunda—, o seu goberno autonómico, pediu o confinamento total domiciliario no seu territorio. Aí o Ministerio de Sanidade pediu que se agardase, dixo que non estaban previstos os confinamentos totais domiciliarios e que, polo tanto, terían que esperar aos efectos das

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

medidas intermedias que se ían adoptando polas distintas comunidades autónomas. O feito é que o período de cogobernanza se viu contradito polo feito de que unha comunidade autónoma pediu unha medida que non foi adoptada, porque tampouco estaba prevista nin na lei orgánica, nin na lei autonómica correspondente.

Faise necesario, en definitiva, dar certezas legais, tanto aos administrados como ás administracións. Non foi posible actualizar a lei estatal, pese a que aquí o pedimos desde esta Cámara, pero si podemos reformar a lei autonómica; por certo, dando cumprimento tamén á recomendación quinta da Comisión de Reconstrución Social e Económica do Congreso, que aprobou, co voto dos partidos aquí representados na súa parte sanitaria, a recomendación quinta na que se instalaba a «*...actualizar la legislación sanitaria de ámbito nacional y autonómico*», dándolles prioridade a aquelas que irían dirixidas a loitar contra un posible segundo rebrote da pandemia, que é o que estamos a vivir.

En definitiva, plantexamos un debate lexislativo que quere ter proxección para o que queda de pandemia, pero tamén para parar as posibles pandemias que poidan vir no futuro. Fronte á improvisación, ás incertezas e á disparidade de criterios xudiciais, cremos que a regulación por lei garante o automatismo das respostas, reduce incertezas nos administrados sobre o que a Administración pode e en que circunstancias facer e permite unha interpretación máis homoxénea polos tribunais da proporcionalidade e a adecuación das disposicións que a autoridade sanitaria adopte, así como resolve ––tratamos de resolver–– os problemas competencias, como o que se plantexou en Galicia con relación ás sancións.

E precisamente esta proposición de lei o primeiro que fai é delimitar que autoridades exercen as competencias en caso de pandemia. Establécese, polo tanto, e delimita quen é a autoridade sanitaria, que inclúe desde o Consello da Xunta, á persoa titular da Consellería de Sanidade ––que hoxe nos acompaña, e por iso tamén llo agradecemos––, ás persoas titulares da Inspección de Servizos, aos titulares das xefaturas territoriais de sanidade e aos alcaldes e alcaldesas.

En segundo lugar, con esta proposición de lei tamén enumeramos as medidas susceptibles de ser adoptadas polas autoridades sanitarias, que van desde a incautación e inmobilización de produtos —algo que está previsto no estado de alarma, pero non na Lei galega de sanidade— ata medidas de todo tipo: delimitacións de capacidade, medidas de seguridade e hixiene en determinados lugares ou actividades, medidas de autoprotección ou intervención en centros de servizos sociais ou subministración de datos necesarios para o control e a contención do risco para a saúde pública.

En terceiro lugar, esta proposición de lei tamén establece medidas preventivas de recoñecemento, tratamento, hospitalizacion ou control cando se supoña a existencia de perigo para a saúde da poboación ou para unha persoa ou grupo de persoas. Prevemos o illamento domiciliario, o internamento nun centro hospitalario ou o internamento noutro lugar, o sometemento a corentenas no domicilio ou noutro lugar adecuado das persoas que estivesen con enfermos, ou medidas para a limitación ou restrición da circulación ou mobilidade das persoas dentro dunha zona afectada en determinados lugares da mesma ou en determinadas franxas horarias.

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Tamén prevemos a intervención dos centros de servizos sociais, logo de que se comprobara que é unha medida imprescindible para a protección da saúde pública, especialmente das persoas maiores e dos discapacitados. Ademais, estas medidas adoptaranse coa urxencia que se requira, sen que iso evite, evidentemente, o seu posterior control por parte da xudicatura.

En terceiro lugar, establece as garantías de protección dos dereitos da cidadanía. Evidentemente, imponse como límite absoluto o respecto da dignidade da persoa, e prevense unha serie de regras de actuación, como a relativa a que deben ser o menos intrusivas e invasivas posible para lograr o obxectivo de saúde pública, pero tamén se prevé que sexan temporais, que sexan transparentes e que sexan motivadas conforme a tres regras: a idoneidade, a necesidade e a proporcionalidade da norma adoptada.

En cuarto lugar, e finalmente, introdúcense tres cuestións engadidas. A proposición de lei para a modificación da Lei de saúde de Galicia presta unha especial atención ás novas tecnoloxías, como o mecanismo de información, prevención, detección e seguimento das enfermidades, algo que esta nova pandemia nestes tempos vén de demostrar que é un instrumento útil e que pode utilizarse para mellorar a situación, o seguimento e o rastrexo da pandemia.

En segundo lugar, tamén se impón, dalgunha maneira, ou se fai referencia á necesaria colaboración entre a Administración galega e os concellos, que se deben de facilitar información e prestar reciprocamente a cooperación necesaria. E, finalmente, claréxase o réxime sancionador cun réxime sancionador máis claro e máis completo que evite que as normas non se cumpran, porque, entre outras cousas, pese a que se impoñan sancións, estas non se fan efectivas.

Señorías, din os psicólogos sociais que hai tres formas de afrontar unha pandemia, como calquera outro tipo de desgraza que afecte un individuo ou un colectivo de persoas. Hai unha primeira resposta, que é o negacionismo. En política temos visto negacionismo por parte da Administración americana, e o único que podemos dicir disto é que politicamente é lamentable. Hai unha segunda resposta, que é autorreferencial, que trata un de preocuparse por si mesmo, de como lle pode afectar a situación e de como pode saír dela. Esta actitude, desde un punto de vista político, pensamos que é claramente irresponsable. E hai unha terceira forma de afrontar unha desgraza como a pandemia que padecemos, que é sendo eficaces e centrándonos en coñecer e analizar ben a situación para procurar as formas máis eficaces de resolver os problemas.

Esa é a posición que cremos que debe de primar nesta Cámara, e por iso plantexamos este debate, que é xenuinamente lexislativo, para determinar entre todos como actuar diante dunha pandemia, coa lei na man, con todas as garantías posibles que permitan minimizar os seus efectos na saúde pública e nas relacións sociais, económicas, persoais e de todo tipo, tanto no presente como no futuro. Agardamos, señorías, como sempre, que este debate xenuinamente lexislativo sexa un debate construtivo, con achegas útiles, que, evidentemente, nós intentaremos incorporar á norma finalmente aprobada pola Cámara.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Rolda dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Bo día.

Bo día a todos e a todas.

En primeiro lugar, quero celebrar a relevancia da psicoloxía social nos debates parlamentarios. Non estarei eu máis contento nunca. Tamén di a psicoloxía social que en momentos de incerteza como os que vivimos tenden a aparecer os populismos autoritarios. Iso si é o que realmente di, e creo que é axeitado para o debate de hoxe.

Non podemos estar de acordo con esta lei. Creo que é, ademais, un compromiso ético non estar de acordo con esta reforma, e vou explicar por que.

En primeiro lugar, salvando as imprecisións —entendo que involuntarias, pero estrañas— sobre a exposición de motivos desta lei, este é un debate, evidentemente e puramente, de dereito e non de saúde. E, en segundo lugar, apelando tanto ao Ditame da Comisión de Reconstrución do Congreso dos Deputados, estaría moi ben que o PP non votase en contra na propia comisión, porque, apelando a ela, faise unha reforma da lei aquí, agora, pero alí votouse en contra. E tamén se apela a que o Grupo Popular estivo sempre a favor do estado de alarma, cousa da que igual o Partido Popular non se enterou, pero non estivo sempre a favor do estado de alarma. *(Aplausos.)* Polo tanto, é importante apelar a cuestións que son, en primeiro lugar, certas.

Nós non podemos estar de acordo —de feito, non estamos de acordo— nin sequera coa forma coa que se trae este debate aquí. En primeiro lugar, porque se propón unha reforma moi relevante, como se vén anunciando, e é certo que o é, pero propona o Grupo Popular evitando informes xurídicos, dos que estaremos moi contentos de saber que din, porque existen bastantes problemas xurídicos nesta formulación da lei. Pero non os ten. O único informe que coñecemos é o da Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia, que di que non lle gusta a lei por algunhas cuestións que afectan a súa área. É o único informe que coñecemos —sóubose hoxe—. Polo tanto, non hai informe xurídico para unha lei, que ademais é un debate puramente xurídico, como foi trasladado aquí na exposición de motivos.

Por tanto, xa é unha manobra parlamentaria estraña, unha manobra parlamentaria de dubidosa —¡de dubidosa!— apreciación e proporcionalidade para o que estamos debatendo, unicamente feita para alimentar un certo delirio boliviariano do señor Feijóo despois do batacazo que levou no Congreso, onde quedaron sós facendo unha proposta como esta; ¡sós!, ¡sós!

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Estariamos de acordo se o que se trae aquí é un debate sobre o regulamento sancionador, que é necesario. Poderiamos discrepar seguro sobre algunhas cuestións, pero o regulamento sancionador pode ser necesario, porque hai un problema nos xulgados coas sancións, coas normativas que se emiten, e é evidente que hai que facer un traballo sobre iso. Pero é un regulamento sancionador o que necesitamos, non unha modificación da Lei de saúde, que fai outra cousa como o que fai esta. Necesitamos un regulamento sancionador, como o que, por certo, xa fixeron Andalucía, Estremadura, Navarra, Aragón, Valencia..., e podo seguir. Iso é o que necesitamos, un regulamento sancionador, e estaría ben, tería sentido e é, evidentemente, unha necesidade. Pero non isto, porque isto non é un regulamento sancionador, isto é outra cousa, isto é un estado de alarma permanente. O PP, que non quería o estado de alarma nunha pandemia, quere implantar en Galicia agora un estado de alarma permanente, haxa ou non haxa pandemia, *(Aplausos.)* e isto é o que non podemos aceptar.

O artigo 38 ao que se refire é practicamente, con algún matiz —¡algún matiz!—, unha réplica dos reais decretos do estado de alarma. O 38 *bis* é a orde ministerial do 24 de marzo con respecto á intervención nos centros, nas residencias de maiores, fundamentalmente. Basicamente é unha réplica do estado de alarma levado á lei, e, polo tanto, para poder ser utilizada sempre.

Non estamos de acordo cun estado de alarma nunha situación excepcional histórica, pero si estamos de acordo cun estado de alarma —que en realidade isto é o que é— trasladado a todo o debate de todos os días de todo o resto da nosa vida. E iso non é comprensible se non é por unha deriva autoritaria. Temos un problema con esta formulación, porque plantexa normas coas que a ver se vai ser que o PP non estaba de acordo porque as aplicaba o Goberno central, pero coas que estaba fulgurantemente en contra, e di cousas sobre o estado de alarma como as que dixo o señor Feijóo e que non vou repetir porque me parecen obscenas, pero agora queren implantalo. O estado de alarma está ben se o utilizo eu, iso é o que se destila desta lexislación.

Por tanto, non podemos estar de acordo, claro que non podemos estar de acordo. Ten algunhas cuestións de fondo, ¡de fondo!, que son preocupantes. En primeiro lugar, a delimitación da autoridade sanitaria. É un tema serio. Permítanme dicir que isto vai facer autoridade sanitaria o veciño do quinto, vai facer autoridade sanitaria a todo o mundo, ¡a todo o mundo! A delimitación da autoridade sanitaria está —ía dicir difusa— practicamente desaparecida desta lei, ¡desaparecida! É todo o mundo. Segundo esta lei —artigo 33—, un inspector de Patrimonio pode aplicar unha sanción a un cidadán calquera sen explicación de por que, e isto non ten sentido. Hai unha curiosidade: son inspectores, pero autonómicos. Un da Facenda estatal non pode, os inspectores do Estado xa non os queremos. Isto da confrontación xa é extremo. Os inspectores estatais, non; pero os autonómicos, si. Non di en ningún momento que sexa relacionado co ámbito da saúde nin —é máis— calquera profesional no exercicio dun labor sanitario —que pode ter un certo sentido—. Pero entón preguntámonos —e imos traer un debate, señor conselleiro, e permítamo aínda que xa sei que non lle corresponde—: non sabemos aínda cales son os rastrexadores pero van poder tomar decisións sobre isto. Igual imos poder delimitar e saber cantos son, porque van poder tomar decisións de sancións pola rúa. Entón xa os delimitamos. Téñense que identificar. ¡Ah!, ¡non! Non se teñen que identificar. Non o di a lei. Non sabemos quen son, non sabemos cando

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

están, non sabemos quen os contrata. Están contratados por días, por unha empresa externa. Pero poden aplicar sancións a calquera cidadán fundamentándose unicamente, e —como di a lei— sen o procedemento administrativo necesario, só porque eles o deciden.

Hai algunha apreciación —permítame que colla a lei para citar textualmente algunha cuestión que é delicada—, porque, evidentemente, si, o TSJ de Madrid falou dalgunha cuestión e das modificacións en cuestións como os dereitos fundamentais e as liberdades públicas e da súa modificación necesaria. Eu non son un técnico xurídico —eu sono en psicoloxía social—, pero dixo unha cousa moi importante: que se pode modificar mediante leis orgánicas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Iso di o auto do TSJ de Madrid. E a proposta de modificación de lei que se trae aquí fala das medidas limitativas de dereitos fundamentais e liberdades públicas. Nós queremos un informe xurídico para saber realmente se isto se pode facer a través dunha modificación dunha lei autonómica. *(Murmurios.)* Non serei eu quen lle leve a contraria aos que saben de dereito, pero é sorprendente que teñamos unha cuestión sobre dereitos fundamentais e liberdades públicas que foi un elemento nuclear da nosa transición democrática, un elemento fundamental do noso debate constitucional, cunha ancoraxe xurídica clarísima e que só ten procedementos moi establecidos para poder modificarse, e que se poida modificar cunha proposta que trae aquí un grupo parlamentario a un parlamento autonómico. Pódese modificar, por certo, unha cuestión tan importante como os dereitos fundamentais e as liberdades públicas en Ribadeo si e en Vegadeo non. E tampouco estamos de acordo con iso.

Xa non queda tempo para falar—sería para outro debate— de que na regulamentación trae dous réximes sancionadores distintos, e recoñéceo a propia lei; incluso coa mención de que pode existir confluencia de sancións por dúas vías distintas. Temos unha lei e dous regulamentos sancionadores, ¡unha lei e dous regulamentos sancionadores! E sorpréndenos, ademais —e non o podo deixar pasar—, que non se mencione a cuestión do debate lexítimo e importante sobre a vacinación obrigatoria que esta lei implica, porque o implica. É un debate complicado. En primeiro lugar, a nosa posición é clara, primeiro, sobre o debate, que é lexítimo; segundo, cremos máis na concienciación que na obrigatoriedade; terceiro, os datos din que Galicia e España teñen uns niveis de vacinación historicamente elevados, moi por riba de países nos que si son vacinas obrigatorias. E o exemplo está nas idades infantís, nas que claramente estamos mellor. Non hai un problema de antivacinas en España aínda que algúns o queiran alimentar —por exemplo, cando o PP tiña na Televisión Española todos os días a Javier Cárdenas falando de antivacinas e de enfermidades que veñen polas vacinas—. Todos sabemos que non hai un problema de antivacinas en España, pero sabemos que hai un problema de pobreza, porque as persoas que non se vacinan son as que están en núcleos ou en entornos sociais de difícil acceso ao sistema. Son poucas, pero demasiadas se vemos as realidades unha a unha. E ese é o problema da vacinación. Aí están os problemas de vacinación. É un problema socioeconómico, non sanitario. Non hai un problema de antivacinas real, pode habelo se o alimentamos. Por certo, tamén se alimenta —tamén o di a psicoloxía social— se facemos frentismo. Se obrigamos a vacinarse, imos alimentar as persoas antivacinas, e iso é unha evidencia. Por tanto, nós cremos que ese debate ten que afrontarse desa maneira.

Pero, en todo caso, tendo unha posición lexítima sobre a vacinación obrigatoria —que non compartimos pero que é lexítima—, di a lei que calquera autoridade sanitaria pode levar a

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cabo ou pode ordenar isto. E menciónoo literalmente, vouno ler: «Aínda que siga existindo incerteza científica, unha autoridade sanitaria...» —que pode ser calquera funcionario, como está aquí recollido, calquera, de calquera ámbito— «...pode obrigar a vacinar...». Está na lei: «Aínda que siga existindo incerteza científica...» —estou lendo directamente, artigo 38 ter—. Por tanto, esta lei ten graves debates e é unicamente un delirio de grandeza.

¿Cal é o problema? Que o Partido Popular presume en público de que é unha lei de saúde, pero o que lle gusta de verdade en privado é que é unha lei que restrinxe dereitos. E por iso lles gusta demasiado. E iso nós non o imos apoiar.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi bo día.

Eu vou empezar dicindo que esta proposición de lei que trae hoxe aquí o Partido Popular é para o BNG rechazábel tanto na forma como no fondo. Éo na forma porque resulta curioso, despois de que o presidente da Xunta estivese durante meses anunciando e demandando a necesidade de modificar a lexislación sanitaria, anunciando a presentación da modificación da Lei de saúde —incluso o Consello da Xunta do 29 de outubro abordou este tema e a información oficial do Consello da Xunta di que a Xunta reformará a Lei de saúde de Galiza para contar cunha normativa adaptada para afrontar a pandemia, e curiosamente relata unha serie de argumentos que hoxe deu aquí o señor Puy, co cal supoño que hoxe virá aquí en función de delegado do Goberno e non de voceiro do Partido Popular—, sorprende, xa que logo, que non sexa a Xunta quen presente un proxecto de lei que anunciou, que levou ao Consello da Xunta, mais que logo, ¡sorpresa!, non o presenta a Xunta senón o Partido Popular. Sería bo que na quenda de réplica que ten o hoxe o delegado do Goberno, o señor Puy, nos explique o porqué, a razón. Por moito que a confusión entre o Goberno e o partido sexa habitual —é algo que practica o Partido Popular con bastante profusión—, non deixa de ser sorprendente. E igual ten algo a ver con saltar todos os informes preceptivos que tería que traer esta lei se viñese presentada polo Goberno e non polo Partido Popular. Pois é máis que dubidoso que fosen favorables. Por exemplo, o informe sobre o impacto de xénero emitido pola Secretaría Xeral de Igualdade di na súa páxina 4 que «é preciso efectuar unha observación respecto da consecuencia que a aplicación práctica desta previsión pode ter para as persoas que teñan a condición de vítimas de violencia de xénero» —se son sancionadas, xa que poden quedar sen esa consideración, e sobre as axudas da mesma—. Dío a Secretaría Xeral de Igualdade. Ou, evidentemente, sería interesante ver os informes xurídicos a respecto de como se poden delimitar dereitos fundamentais nunha lei ordinaria de sanidade. Tamén sería moi interesante coñecer eses informes xurídicos. Poderiamos falar de cal sería, ao mellor, a valoración do CES; é dicir, de todos eses informes.

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Seguramente por iso utilizan este mecanismo conxunto nunha lei anunciada no Consello da Xunta, elaborada na Xunta —evidentemente, porque ten o mesmo contido—, mais presentada no Parlamento polo Partido Popular e defendida hoxe polo señor Puy Fraga en figura de delegado do Goberno.

Polo tanto, hai discrepancia máis que evidente do Bloque Nacionalista Galego en canto á forma e en canto a que se presente polo procedemento de urxencia. É unha lei anunciada desde hai meses, que era urxentísima, que era necesaria, que era imprescindible porque, se non, non habería mecanismos para poder actuar. E tardan meses en facela e logo fana por un mecanismo de urxencia quizais non porque sexa tan urxente —porque todo o que aquí contempla estano aplicando nunha ou noutra medida—, senón para insistir nesa idea de que as cousas van mal porque a Xunta non ten instrumentos para poder efectivizalas. Eu creo que ten máis a ver con iso que non coa realidade.

E hai discrepancia, evidentemente, no fondo, porque pretende o Partido Popular regular nunha lei de uso ordinario unha situación totalmente extraordinaria, que pretende regular en quente no medio dunha pandemia como non temos coñecido outra, cos galegos e galegas en estado de shock e con moita incerteza polo que poida acontecer, o que consideramos que é unha auténtica irresponsabilidade. E só ten explicación, desde o noso punto de vista, na carreira en que está inmerso o Partido Popular —e Núñez Feixóo en especial— desde o inicio da campaña, instalado na campaña permanente do *spot* publicitario diario en vez de liderar a situación, poñerse á fronte e aportar solucións. En vez de asumir responsabilidades, opta polo doado. E o doado é responsabilizar os outros, derivar a responsabilidade cara á responsabilidade individual para que pareza que é un problema persoal, que é un problema de que esta ou aquela persoa ou aquel grupo saltan as medidas establecidas; en vez de abordalo como que é unha cuestión colectiva, traslada a responsabilidade cara aos galegos e ás galegas coma se a situación fose responsabilidade dos incumprimentos dos galegos e das galegas para ocultar que na sanidade, no ensino, nos servizos sociais, no emprego, os resultados teñen moito máis a ver co investimento social, co investimento económico ou co investimento político que se realice e non cos comportamentos individuais —que, por certo, o pobo galego está sendo exemplar nese cumprimento individual das medidas que se están a implementar—.

E o PP impulsa unha lei de medidas coercitivas, unha lei coercitiva, pouco a ver cunha lei de modificación sanitaria, que se pode resumir en recorte de dereitos e de liberdades, e en sancións para fortalecer o relato desa responsabilidade individual e da criminalización. Di o Partido Popular que é preciso modificar a lei porque non procede decretar un estado de alarma continuo diante de cada rebrote e, polo tanto, fai un estado de alarma permanente. Non procede decretar o estado de alarma cando proceda, senón que é mellor, nunha de sanidade, ter un estado de alarma permanente para aplicalo cando consideren mester, sen ningún tipo de control. E, polo tanto, presenta esta lei de restricións.

Esta proposición de lei —curioso— establece límites temporais para a aplicación destas medidas que son, nunha parte importante, eliminación de dereitos fundamentais. E non establece límites temporais na vixencia da aplicación das medidas. Di «...o tempo que sexa necesario...». ¡Menuda garantía xurídica é o tempo que sexa necesario! ¡Vamos, en calquera

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

estado democrático sería considerado fantástico! Non establece ningunha obriga de renderlle contas ao Goberno, non ten que render contas en ningún lado nin vir a este Parlamento explicar qué é o que está aplicando, por canto tempo nin por que. ¡Democrático todo! ¡É todo tremendamente democrático!

O Partido Popular é responsable da deterioración brutal da sanidade pública. Dicía o señor Puy ao principio que nos encontrou esta pandemia sen lexislación xurídica para atender esta necesidade. Co que nos atopou foi sen unha sanidade acorde para defender e para afrontar esta situación. Diso non quere oír falar nada o Partido Popular.

Pois o responsable da deterioración da sanidade pública e de que estea nunha situación que non dá afrontado nin a situación anterior e menos a da pandemia fala desa necesidade de ter instrumentos para loitar con eficacia contra a pandemia. Os instrumentos son tales así como os que dixen antes: restricións e restricións. E o principal instrumento para loitar contra a pandemia é un sistema sanitario forte, con profesionais suficientes, con condicións laborais dignas. Ese si que é un instrumento potente para loitar contra a pandemia.

E ¿contempla esta modificación da Lei de saúde que presenta o Partido Popular medidas para rectificar esa folla de ruta e fortalecer a sanidade pública? A resposta é que non. Todas as persoas expertas —e está aquí o conselleiro de Sanidade— afirman por activa e por pasiva que, na loita contra a covid, a atención primaria é fundamental, unha peza chave. ¿Contempla esta modificación da Lei de saúde algunha medida para fortalecer a atención primaria como peza chave? A resposta é que non.

Todas as persoas expertas afirman que un sistema de rastrexo eficiente é fundamental. A detección precoz de positivos, identificalos, illalos e facer seguimento dos contactos é fundamental. ¿Contempla esta modificación da Lei de saúde, teoricamente, para loitar contra a pandemia, algunha medida para ter un sistema de rastrexo eficaz e eficiente? Non, absolutamente ningunha. ¿Contempla esta modificación da Lei de saúde algunha medida de reforzo do sistema de saúde pública, da medicina preventiva? A resposta é que non. ¿Contempla un cambio de modelo de residencias de maiores —que o actual só busca o lucro a custa dos nosos maiores—, un cambio de modelo para un modelo realmente sociosanitario no que os maiores se atendan dende a atención primaria? A resposta é que non. ¿Contempla mecanismos que permitan anticipar, planificar, deseñar, reforzar? A resposta é que non. Absolutamente ningunha destas cuestións fundamentais para loitar contra unha pandemia son de preocupación e ocupación do Partido Popular. Non se recolle ningunha nesta modificación da Lei de saúde e si medidas, todas, totalmente coercitivas.

A palabra chave desta modificación é a palabra «sanción», máis de setenta veces mencionada nesta modificación lexislativa. Son 20 páxinas destinadas ao réxime sancionador. Establece un réxime de sancións cunha contía que se pode considerar obscena, obscena, de ata 600.000 euros, para persoas en moitos casos con economías realmente escasas.

E a seguridade xurídica, que é un dos elementos esgrimidos polo Partido Popular para a presentación deste proxecto de lei, dende logo queda máis que en entredito. Establece toda unha serie de medidas preventivas para adoptar no caso de que exista ou se sospeite razoable-

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

mente a existencia dun risco inminente. ¡Vaia seguridade xurídica! Sobre esta frase é sobre a que se sustenta a suspensión de dereitos fundamentais, sobre esa frase. Dende logo, dende o BNG cremos que é inasumible e inaceptable que se restrinxan desta forma tan absoluta dereitos fundamentais con base en algo tan indeterminado. Podemos falar tamén de que no artigo 38 *ter* se fala de adoptar medidas mesmo sen procedemento administrativo. Todo o mundo se converte en autoridade sanitaria sen saber moito que é o que ten que facer, pero todo o mundo se converte en autoridade sanitaria, que é un auténtico despropósito. Incumpre unha das motivacións esgrimidas para cambiar a lei, como é delimitar con claridade as actuacións nesta epidemia...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...que non delimita.

Remato, presidente.

Inclúe a vacinación obrigatoria, coma se en Galiza o problema de vacinarse fose un problema. Máis ben é o contrario. En Galiza temos o problema de que a xente quere vacinarse e non hai vacinas, como acaba de pasar no tema da gripe, ou como que tiveron que acudir os pais e nais a Portugal a mercar vacinas porque non había vacinas en Galiza. E non inclúen a organización, o dispositivo de distribución da aplicación da vacina. Iso non se inclúe, pero si a obrigatoriedade nun país como o noso onde non hai ese problema, ou cuestións deste tipo, o que, dende logo, non nos parece de recibo.

Por iso remato dicindo que logo a Xunta convida e os concellos pagan; un réxime sancionador escandaloso pero, logo, a aplicación dese réxime sancionador corre maioritariamente por cargo dos concellos, que nunha parte moi importante non teñen nin policía local.

A señora PRADO CORES: Polo tanto, este cambio...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado...,

A señora PRADO CORES: ...de lei non pretende mellorar a saúde da poboación, dos galegos e das galegas, senón...

O señor PRESIDENTE: ...terminou o tempo.

A señora PRADO CORES: ...facer unha limitación gravísima de dereitos...

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o tempo. Moitas grazas. *(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Réplica do grupo autor da proposición, señor Puy.

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PUY FRAGA: Eu quero agradecer algunhas —poucas, a verdade— das consideracións propositivas que fixeron para mellorar esta proposición de lei. Agardamos as súas emendas, que supoño que tamén estarán ben informadas xuridicamente por numerosos organismos xurídicos, para intentar mellorar a lei que hoxe presentamos como grupo.

Eu alégrome diso pero lamento profundamente que tanto o Bloque como o Partido Socialista estean en contra de regular por lei as limitacións á práctica de dereitos que impón unha pandemia que de facto xa se están aplicando sen respaldo legal e unicamente co control xurisdicional. Vostedes prefiren, evidentemente, que o líder de turno diga en cada momento o que se pode facer ou non. Esa é a situación que queremos corrixir, a que queremos corrixir a nivel de España e que queremos corrixir a nivel de Galicia. Vostedes séntense cómodos con esta práctica e o máis curioso é que din que esta lei, que regula por lei como se exercen os dereitos, é autoritaria.

Señor Torrado, permítame que esa parte en concreto eu non a tome en serio. Vostedes prefiren que se actúe sen límites legais de ningún tipo e unicamente coa xurisdición como mecanismo de recurso para a cidadanía. E nós entendemos que isto debe estar regulado legalmente e tamén sometido, ¡como non!, á xurisdición dos tribunais.

Din que esta lei é unha deriva bolivariana. A min, señor Torrado, gustaríame preguntarlle de que deriva bolivariana falamos, se da deriva bolivariana que defende o señor Borrell ou da deriva bolivariana que defende o señor Zapatero. Eu creo que deberían vostedes de centrarse con relación ao que é bolivariano ou non, porque ás veces é unha gran democracia que non entendemos todos, incluído o señor Borrell. *(Aplausos.)*

Se vostede tivese lido a exposición de motivos da lei cun pouco de detemento, vería que hai unha páxina enteira dedicada a explicar o que di o Tribunal Constitucional sobre o que é o desenvolvemento dun dereito constitucionalmente recollido, que pode facerse, cando é un desenvolvemento directo, a través dunha lei orgánica ou, cando non, a través dunha lei ordinaria. E, de feito, se vostede colle a Lei de saúde do ano 2008 de Galicia, verá que hai moitas cousas que se lles impoñen aos cidadáns, como é natural; porque o exercicio dos dereitos, directamente, regúlase por lei orgánica, pero toda a regulación que hai, desde o código de tráfico a calquera outra cuestión que impón multas e sancións, etc., faise con cobertura legal. E a proba está en que vostedes mesmos, desde os concellos —desde moitos que gobernan vostedes—, estiveron exixindo unha normativa clara respecto de que sancións podían impoñer ou non os concellos. E traemos unha lei aquí e vostedes din que non fai falta a lei e que é bolivariana.

Miren, eu lamento moito a confusión que teñen, como ten confusión co que votou o PP na Comisión de Reconstrución do Congreso. O PP votou que si ás propostas de sanidade despois de que se aceptaran unhas emendas, feito que foi aplaudido polo seu Goberno e que polo menos en materia sanitaria houbese un consenso. O que pasa é que nós chegamos a un consenso para reformar a Lei de saúde do Estado e vostedes incumprírono, pero vostedes saberán por que. E nese ditame o que se di é que tamén se reformen as leis autonómicas de saúde —que é o que propoñemos facer, e vemos agora que co seu voto en contra—. Vostede prefire regulamentos. Moi ben, pois, ¡aleluia!, vivan os regulamentos e que as leis non vallan para nada. Eu a verdade é que non entendo moito isto.

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Señora Prado, claro que esta lei ten informes xurídicos. Primeiro os que respaldan a propia acción do Grupo Parlamentario Popular. Pero, a partir de agora, está suxeita ao control xurídico que van exercer os letrados que asesoran o Grupo Nacionalista Galego e o Partido Socialista Galego. Porque supoño que as 67 proposicións de lei que a oposición trouxo na pasada lexislatura a esta Cámara virían con bos informes xurídicos. Non quero quitarlles valor á capacidade de presentar alegacións xurídica e tecnicamente correctas a unha proposición de lei. *(Aplausos.)* E, por suposto, está o control xurídico que exercen os letrados da Cámara, que, se ven algunha cuestión contraria á legalidade ou á Constitución, nolo advertirán. E, por suposto, está activo o control que fai a Administración do Estado sobre todas as tramitacións legais que fan os parlamentos autonómicos.

Chámame «delegado do Goberno». Pois, mire, vostede confunde o que é un delegado do Goberno co portavoz dunha maioría, na que entre outras cousas está o presidente e dez membros do Goberno. *(Aplausos.)* Do que pode vir esta confusión é, loxicamente, no caso da señora Prado —que foi a que dixo que traballaba aquí como delegado do Goberno—, de que vostedes, cando estaban no Goberno, tiñan un portavoz que era da minoría que se opoñía no Parlamento ao Goberno do que formaban parte. Ben, nós, afortunadamente, non temos ese problema. Somos un grupo que preside o presidente da Xunta, o señor Feijóo, e do que eu teño a honra —pola confianza que me dan os meus compañeiros e que moito lles agradezo— de ser o seu portavoz. *(Aplausos.)*

Sobre as sancións, hai un experimento que acabamos de vivir, que é o que pasou en Suecia. Suecia foi confiando na responsabilidade social e individual ata o 20 de novembro, no que chegan á conclusión de que a confianza nas persoas e no seu comportamento individual non serve para loitar contra a pandemia. E o que fan é introducir un sistema de restricións horarias de venda de alcohol e inmediatamente un sistema de sancións que chegan, no caso de Suecia, ata seis meses de prisión para os que incumpran as regras que se establecen.

Polo tanto, dicir que esta lei impón sancións cando non existen sancións e cando son necesarias, como o feito sueco demostra, paréceme que é vivir nos mundos de Yupi, señora Prado.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PUY FRAGA: Eu síntoo moito, pero as normas, afortunadamente, cúmprense cando a inmensa maioría, como ocorre en Galicia e en España, cumpren as normas por convicción. Pero sempre hai xente, como os que fixeron a festa en Pontevedra ou noutros lados, que incumpren as normas. E para iso, evidentemente, o único que cabe é sancionar.

A vacina non é obrigatoria e, polo tanto, tampouco esta lei a pon obrigatoria. Pero ¿que pasaría se o Estado —que o señor Illa dixo que, en principio, non ía ser obrigatoria—, a pon obrigatoria? Pois, se o Estado declara que é obrigatoria a vacina, esta lei prevé a situación de como vacinar cando sexa obrigatoria. Mentres tanto, evidentemente, a obrigatoriedade non funciona e non existe.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PUY FRAGA: Remato, señor presidente.

Hoxe fixo vostede, señor Torrado, unha alusión á psicoloxía social. E hoxe vén unha entrevista moi interesante do profesor Sabucedo —que vostede e mais eu coñecemos— na que di que a confrontación política e a polarización leva a unha perda de confianza nas institucións e a unha relaxación fronte ao virus. Di que as mensaxes contraditorias fan que a resposta non sexa uniforme e que a pandemia siga crecendo. E di, ademais, que as consecuencias económicas e sociais da pandemia, que desacreditan as institucións, o que abren é o campo ao populismo.

Certamente estamos de acordo con isto, e, polo tanto, eu pídolle polo menos a responsabilidade...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PUY FRAGA: ...que nós lle estamos a pedir a toda a cidadanía, e tamén á oposición.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

Votación dos textos lexislativos

O señor PRESIDENTE: Procedemos á votación dos textos lexislativos.

Facémolo de xeito conxunto. Votamos as emendas á totalidade de devolución presentadas ao Proxecto de lei de museos e outros centros museísticos de Galicia. Votamos.

Votación das emendas á totalidade, de devolución, dos GG. PP. do Bloque Nacionalista Galego e dos Socialistas de Galicia, presentadas ao Proxecto de lei de museos e outros centros museísticos de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas á totalidade e o proxecto de lei continúa o seu trámite parlamentario.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora, tamén de xeito conxunto, as emendas de devolución presentadas ao Proxecto de lei de residuos e solos contaminados de Galicia. Votamos

Votación das emendas á totalidade, de devolución, dos GG. PP. do Bloque Nacionalista Galego e dos Socialistas de Galicia, presentadas ao Proxecto de lei de residuos e solos contaminados de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 41.

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas á totalidade e o proxecto continúa o seu trámite parlamentario.

O señor PRESIDENTE: Por último, votamos a toma en consideración da Proposición de lei do Grupo Parlamentario Popular, de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia. Votamos.

Votación da toma en consideración da Proposición de lei do G. P. Popular de Galicia, de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; votos en contra, 32.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada a toma en consideración desta proposición de lei e, polo tanto, continuará o seu trámite parlamentario.

O señor PRESIDENTE: Remataron aquí as votacións dos textos lexislativos.

Xa foron comunicadas as distintas alteracións que había na orde do día e corresponde agora o debate das mocións.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Noa Presas Bergantiños, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co impacto na economía galega da consolidación da pobreza e da exclusión social e as repercusións da crise da covid-19

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Marina Ortega Otero, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción. (11/MOC-000013, doc. núm. 5920).

Emenda de modificación do punto 4, que quedará redactado co seguinte contido:

«4. Que, no marco de colaboración que establece o Real decreto lei 20/2020, do ingreso mínimo vital, se analice a xestión desta prestación pola Comunidade Autónoma de Galicia baixo criterios de eficiencia, mantendo vías de diálogo e acordo co Goberno do Estado.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción, ten a palabra a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Bo día a todas e a todos.

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Hoxe, con esta moción, desde o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego propoñemos un paquete de medidas urxentes para intervir no que consideramos que é un dos principais problemas humanitarios e económicos que ten o noso país, que é o agravamento da pobreza neste contexto da Galiza covid. Insistimos de novo: para nós a pobreza é, sobre todo, un problema de dereitos humanos, pero non se pode negar que é tamén un enorme problema económico. Tamén é consecuencia dun sistema económico que o que fixo foi consolidar a desigualdade no lugar de combatela e que, polo tanto, deberiamos aspirar a transformar.

Entendemos que hai que enfrontar a pobreza ademais en todas as súas dimensións, non só do punto de vista asistencial senón dun punto de vista transformador —tamén na súa estrutura— e transversal. De feito, hai quince días, cando tivemos a interpelación que dá lugar a esta moción, eu recordaba as palabras de Eloína Ingerto —a presidenta da Rede Galega contra a Pobreza— na Comisión de Reactivación, que nos dicía acertadamente que a pobreza non entende de consellarías, que a vida das persoas non se organizaba en consellarías e que había que ir máis alá de confinar a pobreza —como xa se fai en ocasións— na Consellería de Política Social. Para mostra, un botón: nós respectamos a decisión do Goberno sobre quen veu responder as nosas preguntas, pero non deixa de ser sintomático que, habendo dous conselleiros responsables da xestión económica na estrutura do Goberno, a unha interpelación centrada no ámbito económico viñera responder a conselleira responsable de política social. Pensamos que é algo respectable, loxicamente, pero desde logo apunta a que, efectivamente, esas recriminacións ou achegas que facía a señora Ingerto están máis de actualidade ca nunca.

E hoxe queremos insistir tamén en que a pobreza é, ademais, un problema crecente que se vai agravar de forma considerable, que xa se está agravando, neste contexto da Galiza covid e que, polo tanto, non é estable. E pensamos que o peor que nos pode pasar canto a isto é un pouco o que ás veces dicimos que sería o peor que nos podería pasar coa pandemia, que é normalizar, naturalizar, os seus resultados en termos de vidas humanas. Pois coa pobreza acontece o mesmo. O peor que nos podería pasar neste momento histórico é asumir que é normal que a pobreza se incremente ata puntos insostibles e que temos que asumilo con naturalidade. Nós pensamos que iso non é así e reclamamos hoxe un cambio de rumbo das políticas orzamentarias e económicas, porque sobre todo temos a conclusión do que aconteceu nestes últimos anos, cando o saldo da crise de 2008 é que se consolidou a pobreza no noso país. E iso vémolo cada trimestre na enquisa estrutural a fogares. Pero vémolo tamén en resultados tan dramáticos como que no peche de 2019 tiveramos case un cuarto da poboación en risco de pobreza e exclusión social. Pero é que do 2018 ao 2019 tamén incrementaron, e do 2017 ao 2018 tamén incrementaron, cando o produto interior bruto medra na nosa economía desde o 2014. Polo tanto, a pregunta é: antes da pandemia, ¿a década de goberno do Partido Popular serviu para atallar a pobreza no noso país? A resposta é claramente que non, nin recuperación desde 2008 nin crecemento san nin cohesión social.

Polo tanto, no día de hoxe son tremendamente importantes as correccións que se leven a cabo para que isto non empeore. E temos síntomas de que desafortunadamente vai ser así, porque temos o contexto económico e laboral que había xa na época prepandemia e temos as consecuencias máis inmediatas. Así, as voces expertas sinalan que, por exemplo, algo

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

como obter un traballo digno xa na época prepandemia era moi dificultoso, e que precisamente esa ferramenta que debería impedir que moita xente caia na pobreza ou facilitar que moita xente saia desa situación de pobreza non se dá. E agora, cunha crise económica sen precedentes, seguramente a escalada sexa sen precedentes. O empobrecemento non vai avanzar de forma lineal ou estática, relativamente controlada —como estaba acontecendo nestes últimos anos—, senón que agora é como se houbese un tobogán que precipita moitas maiorías sociais cara abaixo, cara a índices de pobreza que non son aceptables.

Agora a pandemia é a razón máis inmediata dese incremento, pero non é a única; a máis profunda é o modelo económico e laboral. E temos, por exemplo, os últimos datos de emprego, que son tremendamente preocupantes e non se corresponden co discurso conformista que ten moitas veces a Xunta de Galiza. Sen ir máis lonxe, os datos de emprego que coñeciamos hai escasos días dinnos que case o 25 % das novas persoas desempregadas do Estado español en novembro estaban en Galiza. Fomos a primeira comunidade onde máis medrou o desemprego en termos absolutos e a segunda en termos relativos. Caeron tamén as cotizacións á Seguridade Social. E ollo tamén co tipo de desemprego: de máis de 187.000 persoas desempregadas, o 45 % non vai ter acceso a unha prestación contributiva.

Isto súmase a outros feitos estruturais que son graves e preocupantes. O máis transversal, xunto coa cuestión do emprego, con toda certeza é o da vivenda. O elevado gasto en vivenda capta a maior parte das rendas das familias e dos fogares. Polo tanto, aínda que en moitos deles existan rendas, iso non pode garantir que haxa unha vivenda digna. O habitacional é un dos problemas fundamentais.

É preocupante tamén, neste contexto, o que deducimos dos orzamentos que estamos a tramitar na Cámara, que non amosan nin unha preocupación por parte do Goberno por corrixir a política fiscal nin tampouco por corrixir as cuestións económicas laborais ou habitacionais, e nin tan sequera por aspirar a ter un enfoque realmente transversal do fenómeno da pobreza e de como enfrontala.

Polo tanto, hoxe o que propoñemos aquí son cinco medidas que consideramos urxentes, sen perder a vista de que o que nos debería motivar é un cambio transversal e profundo das políticas para actuar realmente nas raíces do empobrecemento e impedir que a covid-19 vaia ser unha fenda brutal do punto de vista social.

Entón, neste paquete de cinco urxencias, a primeira delas é coñecer, porque o que non se estuda non se pode atallar, aquilo do que non se fala non se pode corrixir. Polo tanto, insistimos unha vez máis en que xa é unha carencia enorme que esteamos comezando esta lexislatura —que esteamos tramitando os seus primeiros orzamentos— e que a Xunta de Galiza aínda non se dignara facer un estudo completo sobre o fenómeno da pobreza e do risco de exclusión social e o seu impacto na economía. O que propoñemos é que se faga e que se pacte cos axentes sociais e políticos un horizonte temporal plurianual de orzamentos e de partidas económicas destinadas a esta cuestión.

En segundo lugar, hai moitas urxencias que atender e por iso propoñemos un plan de emerxencia social para o noso país que inclúa medidas efectivas de natureza económica, como,

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

por exemplo, algo tan elemental como o cumprimento dos prazos para o cobro das prestacións sociais e medidas para os desafiuzamentos; ou algo tan elemental como un deseño que sexa transversal e que sexa consensuado tamén cos profesionais dos servizos sociais, movementos sociais, sindicatos e axentes sociais implicados.

Propoñemos tamén, en terceiro lugar, que haxa un compromiso co futuro. Hoxe, mentres temos os debates nesta Cámara, fóra dela hai un debate que é fundamental tamén para o noso país, que é se realmente se vai verificar ou non ese veto, por exemplo, de Hungría e Polonia aos fondos europeos. Na memoria propia dos orzamentos recóllese o risco de minoracións na recadación propia da comunidade. Tamén sabemos que, polo escenario que hai a nivel de Estado, non sería descartable tampouco unha minoración dos ingresos que se prevén dese ámbito. Nós o que propoñemos no terceiro punto é que fagamos un pacto de país polo combate contra a pobreza. Porque as declaracións institucionais están moi ben, pero estaría moi ben que o grupo que sustenta o Goberno vote este punto, que o que di é que, se nalgún momento hai restricións de gasto por causa de minoración deste tipo de ingresos, non afecte as políticas sociais. Porque, efectivamente, non nos fiamos. Sabemos o que se fixo neste país na década na que se pagou a crise do ámbito financeiro, na que precisamente foron servizos públicos básicos e programas tan importantes como estes os primeiros afectados. Polo tanto, o que propoñemos é que, se hai redución de ingresos nos próximos anos, haxa un pacto neste país para que non afecten as partidas sociais.

Tamén, en terceiro lugar, entendemos que hai que axudar a quen axuda. Nestes meses e nestas semanas temos moitos debates sobre sectores especialmente afectados pola pandemia, que teñen reducidos os seus ingresos —por exemplo, os pequenos e pequenas autónomas—, e como temos que axudalos. Nós entendemos que a Xunta de Galiza tamén ten que asumir que o terceiro sector está asumindo nalgúns casos gastos exorbitados, porque precisamente está cumprindo o papel que a Administración galega debería ter. E, polo tanto, é lóxico —ou é de xustiza— que se incorporen axudas que xa existen ou que se abran axudas específicas para estas entidades, para que poidan tamén enfrontar a situación da covid e o sobreesforzo que están a facer aqueles a quen temos que estar agradecidos e agradecidas.

Tamén incluímos unha cuestión respecto de garantir que todo o mundo poida ter unha renda. Eu creo que sobran as palabras xa sobre o absoluto fiasco que está a ser o ingreso mínimo vital, pero tamén sobre o absoluto relaxamento que ten a Xunta de Galiza sobre esta cuestión. Así que incluímos aquí que se tomen as medidas lexislativas necesarias para compatibilizar estas axudas pero tamén para ter ambición de cara ao futuro e aspirar a complementar iso para que poida ser unha verdadeira renda galega de inserción social.

Por último, e volvendo ao que dicía no medio da miña intervención de que a habitacional é unha cuestión esencial, propoñemos simplemente que se asuman as demandas da Rede Galega contra a Pobreza en materia de vivenda. Porque —insisto— as declaracións institucionais quedan moi ben neste Parlamento pero mellor quedarían plasmadas nestes orzamentos, e a comezar por tres: unha liña específica nos orzamentos para a cuestión dos desafiuzamentos, esa estratexia de erradicación do chabolismo e da infravivenda —que ademais é especialmente necesaria neste momento— e a plena implantación do Plan de atención a persoas sen fogar en Galiza. Polo tanto, entendemos que dentro da cuestión habitacional

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

estas serían as tres máis urxentes do total que promove a Rede Galega contra a Pobreza. En todo caso apunto que non incluímos aí o noso programa electoral respecto da cuestión da vivenda —e remato xa, señor presidente— senón as propostas dunha entidade lexitimada que todos e todas respectamos, e respecto da que noutras cuestións, como nesa tarxeta básica, a Xunta de Galiza deu o brazo a torcer e acertou. Polo tanto, convidamos a que se siga nesa liña.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Como digo, son cinco propostas urxentes que non serían o gran cambio transversal que precisamos pero que serían un paso importante neste contexto social tan complicado.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Ortega.

A señora ORTEGA OTERO: Grazas, presidente.

Atopámonos nun contexto moi complexo derivado dunha pandemia sen precedentes, pero o certo é que xa existía información alarmante en Galicia respecto dos datos de galegos e galegas que se atopaban ante dificultades económicas que derivan no umbral da pobreza. Hai dous anos o Consello Económico e Social alertaba de que non se producira a mellora esperada para os galegos máis afectados pola crise económica. En concreto, alertaban de que a desigualdade, o emprego precario e os salarios baixos persistían en Galicia pese á remontada dos datos económicos iniciada en 2014.

E no dito estudo recollían diversos datos en canto ás debilidades económicas en Galicia, que indicaban que, despois de encadear en 2017 nove trimestres de crecemento do PIB igual ou superior ao 3 %, o nivel de ocupación en Galicia seguía por debaixo do que había no ano 2008. Así mesmo, o Consello Económico e Social demandaba un modelo de crecemento máis inclusivo, con menos desigualdade e cunha distribución de riqueza máis equitativa.

A porcentaxe de galegos e galegas que vivían por aquel entón baixo o umbral da pobreza xa era significativo, crecendo máis de dous puntos respecto da década anterior. E Ourense destacaba como a provincia que sufría a peor situación. Hai un ano, en 2019, os datos eran altamente preocupantes. En canto á pobreza infantil, en concreto, un de cada cinco menores atopábase en risco de pobreza e exclusión.

Ademais, 655.000 persoas, exactamente o 24,3 % da poboación galega, atopábase xa en risco de pobreza ou exclusión social. E en xullo deste ano, EAPN Galicia —a Rede galega contra a Pobreza, que representa máis de 130 organizacións do terceiro sector, de acción social— pu-

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

blicaba o avance dos resultados dun estudo sobre a materia. Nese estudo informábase de que Galicia é unha das cinco comunidades autónomas de todo o país que reduciu a renda media respecto ao ano anterior. En canto á taxa de pobreza, a nivel nacional reduciuse menos dun punto de media, e incrementouse en seis comunidades autónomas de España. Unha das que lamentablemente incrementa a súa taxa de pobreza é Galicia.

O outro dato relevante respecto de Galicia no dito estudo é respecto da carencia material severa, onde textualmente indican: «Incrementouse notablemente en Galicia». Este tipo de datos contextualiza que en Galicia antes da pandemia xa existía unha situación preocupante, con peores datos que a media nacional. Por iso nisto é preciso afondar hoxe máis ca nunca, tendo en conta a pandemia que estamos a vivir e como pode afectar a nosa economía e a nosa sociedade.

O feito é que estamos preto das datas do Nadal e organízanse en moitos lugares bancos de alimentos para aquelas persoas que están en situación límite. Este feito dá conta do asistencialismo do cal debemos fuxir apostando por un enfoque de dereitos. Pero esta realidade estanos amosando que moitas das persoas que o ano pasado colaboraban cos bancos de alimentos hoxe son usuarias dos mesmos. A dura realidade golpea forte cando a maioría das persoas nunca pensan verse nesta realidade e a perciben lonxe pero que de repente están dentro. Polo tanto, é unha realidade que nos afecta a todos como sociedade e que temos que combater.

O máis grave desta dura realidade é que ten rostro de neno ou nena. Non podemos permitir que a taxa de pobreza infantil en Galicia continúe en aumento, tendo en conta que en 2019 xa estaba nun 26 % e incluso en provincias como Ourense e Lugo ascendía ata o 30 %. Temos que romper o círculo de desigualdade de oportunidades no que estes menores se ven inmersos. Non podemos permitir que a pobreza se herde de pais a fillos. Estamos nunha sociedade con recursos, que ten que ofrecer a verdadeira igualdade de oportunidades. Os nosos menores non son o futuro, senón que son o presente.

Dende EAPN Galicia, na comparecencia na Comisión de Reactivación, destacaban a palabra «emerxencia». Atopámonos nunha situación de emerxencia, na que debemos afondar con políticas excepcionais e en clave transversal. Non serve neste contexto o que serviu en anos anteriores. O Goberno que sustenta o temón da Xunta de Galicia ten que levar a cabo un plan galego de reactivación potente, no cal a clave sexa a propia coordinación entre áreas. Todas as consellarías deben aunar esforzos cara a un mesmo obxectivo en comunidade. Non pode ter cabida a descoordinación neste contexto. Non será posible un plan potente neste contexto se os datos dos presupostos galegos amosan que partidas como sanidade ou educación, por exemplo, baixan o seu peso relativo. Non podemos coordinar un plan potente se o programa de inserción social e pensións asistenciais, de política social, perde peso relativo. Non é posible un plan eficaz se os presupostos en Galicia esquecen a nosa mocidade reducindo as partidas específicas para a xuventude. Tampouco será posible a reactivación se non existe investimento en vivenda, ou no fomento da empregabilidade, que mesmo perde peso relativo.

Os movementos contra a pobreza en Galicia son claros indicando que un dos sectores máis afectados será o dos menores e a propia xuventude. Non podemos permitir que Galicia viva

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

outra onda migratoria que afecte a nosa mocidade, nin polo reto demográfico nin por estratexia de país nin por xustiza. Como sabedes, os medios deron conta de que case cinco mil xoves volven cos seus pais ao non poder pagar o alugueiro. Temos que poñer solución canto antes e impedir isto, impedir que esta crise limite a autonomía, como pasou na crise pasada, que limitaba a autonomía e a emancipación que corresponde por idade no propio ciclo vital. Aconteceu na anterior crise, que condenou toda unha xeración, que alongou en demasía o tramo de xuventude en canto á dependencia dos propios pais e nais e condenou a moitos a ter que facer as maletas na busca de oportunidades. Non nos podemos permitir perder máis xuventude por xustiza e respecto ao noso pobo galego. Non queremos ver máis titulares coma este, coma o de que case cincuenta mil mozos deixaron Galicia na última década para irse ao estranxeiro. *(Aplausos.)*

Hai días lía nos medios de comunicación que o Goberno galego pagará un extra a quen cobre o ingreso mínimo vital se se forma para lograr un emprego. Este tipo de accións paternalistas, condicionando recursos ás persoas máis vulnerables nun contexto de crise coma este, son lamentables. A xente non deixa de atopar o emprego porque non se queira formar. É evidente que ninguén decide atoparse por pracer en situación de pedir unha Risga ou un ingreso mínimo vital. O Goberno galego ten que cambiar o chip e poñerse a traballar xa na reforma da Risga para que permita a compatibilidade e a subsidiariedade co ingreso mínimo vital. Non queremos pensar que o Goberno galego está agardando o transvasamento de usuarios de Risga para o ingreso mínimo vital para aforrar este orzamento —tendo en conta que o 70 % dos fogares beneficiados pola renda autonómica xa dispoñen do ingreso mínimo vital; en concreto, 9.000 fogares—. A clave é que ambas as dúas traballen xuntas e o Goberno deseñe un plan de empregabilidade para que as persoas que están recibindo estas prestacións poidan ter un emprego digno e a autonomía que precisan.

Diciamos dende os movementos sociais na loita contra a pobreza: menos cursos e máis emprego. Todas as consellerías son e fan política social. O impulso e o investimento no emprego hoxe é máis importante ca nunca. E por suposto hai que traballar en calidade, impulsando entre outras cuestións o talento asociado ao contorno. Galicia ten un potencial por desenvolver en industria e turismo, así como noutros sectores.

O traballo entre as administracións e a coordinación será necesario. O Estado implicouse con medidas como os ERTE, que supuxeron salarios a case 650.000 galegos e galegas, así como 90.000 autónomos galegos e galegas tamén se beneficiaron de axudas —con case máis de 1.100 millóns de euros a maiores das transferencias ordinarias pola crise da covid—. É preciso que todas as administracións traballemos coordinadas e que dende Galicia exista un plan de acción coordinado e transversal entre consellerías para que a xestión deses fondos sexa óptima e derive nunha pronta reactivación do noso país, que vive un momento excepcional e precisa medidas excepcionais.

No ámbito da pobreza, os servizos sociais comunitarios son un piar clave. Non entendemos como os presupostos do Goberno da Xunta reducen partidas orzamentarias destinadas aos concellos, e máis tendo en conta o momento que estamos a vivir e o esforzo adicional que fixeron e fan nesta pandemia, co sobrecusto que iso supón. Pero é complexo de asumir este feito nunha crise sociosanitaria na cal será vital o traballo dos servizos sociais do ámbito local,

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

alí onde comeza o primeiro contacto entre a Administración e a dura realidade, alí onde se detectan as casuísticas aptas de ser atendidas, alí onde se pon nome e apelidos ás cifras.

Outra clave é traballar onde as persoas expertas na loita contra a pobreza inciden: na vivenda. Moitas persoas afectadas pola crise, ou xa tocadas anteriormente ao non dispoñer de recursos, sabemos que priorizan gastos incluso á custa da calidade da alimentación. Isto é un feito especialmente grave en fogares con menores a cargo.

A exclusión residencial no 2008 era do 35 % da poboación galega, segundo o informe de FOESSA —máis da metade dos seus ingresos en pagos relacionados coa vivenda—. «Non ter vivenda digna mata, e con agonía» —trasladaban dende EAPN as propias palabras da xente afectada nun encontro de participación do sector—. Así mesmo, solicitaban a creación dunha comisión parlamentaria sobre a exclusión residencial, o que compartimos. É complexo dixerir que Galicia finalizou a lexislatura con menos vivendas protexidas rematadas dende que existen datos, ou que Galicia lidera o parque de vivendas vacías cun 18 % —cinco puntos máis que a media—. É fundamental apostar polo acceso á vivenda, así como en materia de alugueiro.

A feminización da pobreza, a exclusión, o rostro de neno ou nena, de mozos e mozas, as persoas con discapacidade ou dependencia...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora ORTEGA OTERO: ...amosan a cara dunha situación complexa. Sen coordinación entre consellerías e administracións non será posible a loita contra a pobreza. É urxente, máis ca nunca, un plan galego de reactivación potente. Non queremos perder máis xeracións de mozos e mozas e, sobre todo, non podemos permitir que ningún menor pase dificultades na nosa sociedade. A coordinación será clave. Fagámolo posible porque ninguén está libre de caer en situación de risco.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Ortega.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Pérez López.

A señora PÉREZ LÓPEZ: Bo día, presidente, membros da Mesa, señorías.

Coincido con vostedes, eu penso que case en exclusividade, en que a crise xerada pola covid-19 —inimaxinable hai un ano por estas datas— suporá sen dúbida un reto para a Administración, o tecido empresarial, os colectivos sociais, e os milleiros de galegas e de galegos.

O Grupo do Bloque Nacionalista Galego trae hoxe a este Pleno unha moción sobre un tema complexo e importante, un tema do que moitos falan pero poucos tratan de resolver. Bota-

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

mos en falta as medidas concretas, señora Presas, as que anunciou na súa interpelación que ía traer. Porque esas cinco urxencias que vostede presenta hoxe están totalmente cubertas polo Goberno galego nestes momentos.

Miren, levan anos co mesmo discurso, insinuando unha actitude conformista do Goberno galego, que non é real en absoluto. Levan anos insinuando unha Galicia máis desigual desde que vostedes perderon o Goberno, que non é real en absoluto. E levan anos insinuando medidas cosméticas, que non son reais en absoluto.

E continúan a dicir hoxe que o Goberno do Partido Popular non fixo nada por atallar a pobreza, a pesar de que o indicador do risco de pobreza e exclusión social da Unión Europea —AROPE— di que Galicia é unha das oito comunidades autónomas que máis conseguiu reducir a súa taxa. Nós non miramos a taxa segundo nos convén, e teño dúbidas de como o fan vostedes. Mire, aquí lla teño. *(A señora Pérez López amosa un gráfico desde o estrado.)* Pode collela do dereito ou do revés, pero Galicia segue a ser a cuarta comunidade que máis reduciu a taxa de pobreza.

Dan unha de cal e unha de area. Vostede recordou hoxe verbas da presidenta da Rede Galega contra a Pobreza. Pero o outro día foron quen de cuestionar nesta Cámara as propias palabras da señora Ingerto. E obvian, dependendo de onde se produza o debate, a curva analizada dende o ano 2009 —acabámolo de escoitar agora aquí—. *(A señora Pérez López amosa un gráfico desde o estrado.)* Esta é a curva desde o ano 2008. Pódea ver do dereito ou pódea ver do revés, pero segue estando debaixo da media nacional. Ou mire este outro mapa que lle vou traer, no que se pode visualizar perfectamente o PIB per cápita por comunidades autónomas. *(A señora Pérez López amosa un mapa desde o estrado.)* ¿Dígolle quen goberna Estremadura, quen goberna Castela-A Mancha ou quen gobernou ata hai pouco Andalucía?

Miren, seguiremos traballando, porque todo é mellorable, pero dende logo non imos consentir —non o imos facer— que nos tachen de conformistas nin de levar a cabo só medidas estéticas. Coincidimos con vostedes en que nos enfrontamos a un momento no que todos —e digo todos— temos que sumar esforzos e arrimar o ombreiro máis ca nunca. E dígolles isto, señora Ortega e señora Presas, porque hai seis días que se aprobaron no Goberno central os peores orzamentos para Galicia desde hai décadas, *(Aplausos.)* uns orzamentos baseados nun crecemento irreal dos ingresos —e non o digo eu, díxoo o Fondo Monetario Internacional— e que castigan sen piedade as galegas e os galegos, pero con maior dureza, señora Presas e señora Ortega, aqueles que hoxe se atopan nunha situación de vulnerabilidade. Pola contra, Galicia asume cos seus orzamentos —os orzamentos máis altos da nosa historia— un maior protagonismo e a responsabilidade que nos corresponde, cos que a Administración autonómica prevé afrontar, cun importante gasto social, as consecuencias derivadas desta pandemia.

Seguiremos traballando para crear oportunidades nesta comunidade e continuaremos coas actuacións levadas a cabo durante estes meses. O Plan de recuperación social, ese ao que vostedes lle queren chamar «Plan de emerxencia» e que din que non hai, é real. Está dotado con máis de 70 millóns de euros e permitiu reforzar e axilizar a Risga —3.168 prestacións dende o mes de marzo ata o mes de outubro—. Permitiu incrementar en máis dun 50 % as

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

partidas da AIS —1.756 no mesmo período—. Permitiu dotar de axudas extraordinarias os concellos para atender as persoas sen fogar e as axudas de emerxencia social. E permitiu a posta en marcha da Tarxeta Básica —eloxiada por todas as entidades sociais—, que dignifica as persoas e que vostedes mesmos aplaudiron, tanto pola súa celeridade como pola medida en si. Está o Servizo de Axuda no Fogar, o Bono Coidado Extraordinario, o incremento do Xantar na Casa... E podería seguir enumerando.

Falan da atención ás entidades de iniciativa social. Hai unha primeira orde no mes de xuño de 1,5 millóns de euros e unha orde máis alta, de preto de 18 millóns, de axudas para financiar case mil programas dirixidos a persoas en risco de exclusión. Aínda non se enteraron vostedes, porque, se non, non o traerían hoxe como unha medida urxente a este Pleno. Tamén seguiremos traballando na renovación da Axenda Social Única, que, seguindo a liña deste Goberno de estar en permanente contacto coa sociedade, se traballará en colaboración coas entidades sociais e entidades locais.

Miren, hoxe falamos aquí de pobreza, de exclusión social e das repercusións da crise da covid-19. E tráeno a este Pleno os que co seu voto facilitaron a investidura dun Goberno que estivo durante meses cobrando o IVE das máscaras e enganando preto de 2.700.000 galegos, *(Aplausos.)* galegos entre os que se atopan as persoas das que estamos a debater hoxe, señora Presas. As persoas máis vulnerables foron as máis prexudicadas. O presidente da Xunta pediulle a baixada do IVE ao Goberno en reiteradas ocasións desde o mes de abril, porque era algo que consideraba de xustiza. Señora Ortega, vostede acababa de aterrar de Madrid naqueles momentos. E vostedes, señora Presas, consentiron que se producise ese engano ata hai poucos días, que empezaron a teatralizar o desencantamento co continuo maltrato do Goberno central ao noso país. *(Murmurios.)*

Miren, desde o Goberno galego somos sabedores e coñecedores das necesidades deste país, e estase a traballar na inclusión social no sentido máis amplo, en como hai que facelo. Porque lograr unha sociedade máis xusta non queda confiando só ao ámbito da inclusión social. Pídennos crear un plan de emerxencia. ¿Non lles parece que non hai mellor plan que presentar hai poucos días os orzamentos máis altos da historia do noso país? ¿Non lles parece que non hai mellor plan que pasar de 66,4 millóns de euros destinados á loita contra a pobreza —cando gobernaban vostedes en plena crise do 2008— a pasar a 125 millóns agora no orzamento do ano 2021? ¿Non lles parece que non hai mellor plan que que se incrementen os orzamentos da Consellería de Política Social, unhas partidas que continuarán atendendo todas as demandas para dar resposta a todo o mundo que o precise? *(Aplausos.)* ¿Non lles parece que non hai mellor plan, señora Presas, que que se vexan as medidas adoptadas pola Consellería de Política Social para seguir desenvolvendo o Programa Reconduce complementadas con incrementos na Consellería de Vivenda, ou que o incremento dos orzamentos da Consellería de Economía ou da Consellería de Emprego para a reactivación e a recuperación do tecido empresarial e a xeración de emprego e riqueza? ¿Non lles parece, señorías, que o traballo, ter un posto de traballo, é o mellor medio posible para deixar atrás a pobreza e saír do asistencialismo? *(Murmurios.)*

Señora Presas, a Xunta está a traballar xa para redefinir a Risga e as axudas da inclusión social, para simplificalas, reducir ao máximo a burocracia e adaptalas á recente entrada en

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

vigor do ingreso mínimo vital. Pero pídennos unha celeridade pouco rigorosa pola súa parte en relación co ingreso mínimo vital. Hai escasamente un mes o Goberno aínda estaba a introducir cambios nel e hai pouco —a semana pasada— dixo que o ía modificar de novo. Adaptarse a algo que non está pechado élle un pouco difícil. Por iso me sorprende o ímpeto co que exixen nesta Cámara e que esmorece cando vostedes cruzan o túnel do Padornelo. *(Aplausos.)* Oxalá o 70 % —como dicía a señora Ortega— das persoas que están cobrando a Risga estivesen cobrando o ingreso mínimo vital. Pero, señora Ortega, eu penso que nin é o 10 % da cifra que vostede mencionou, ¡nin o 10 %!

Coincido con vostede, señora Presas —porque a señora Ortega non fixo ningunha mención a iso—, no fiasco do ingreso mínimo vital. Por primeira vez coincidimos na definición que facemos deste ingreso. Foi un fiasco material, porque as prestacións non chegan aos petos de quen máis o necesita, e un fiasco moral, porque se dedicaron a crear —señora Ortega— expectativas no mes de xuño que vostedes mesmos sabían que eran fogos de artificio.

Teñen nas súas mans nestes momentos apoiar este Goberno para exixir o traspaso da xestión e dos fondos á nosa comunidade, ao igual que fixeron e que o están a facer con outras. Vostedes saberán, señora Ortega, os motivos de por que a unhas si e a outras non. Deberían preguntarlle ao Goberno central en vez de pedirlle ao Goberno galego —como dixo vostede— que cambie o chip. Aínda sigo atónita nestes momentos tras escoitar a súa intervención. E fágolles esta petición de que apoien o Goberno galego e pídolles o seu apoio co total convencemento de que as galegas e os galegos sairán beneficiados, porque nos avalan décadas de experiencia na xestión da Renda de Inclusión Social de Galicia.

Señoras deputadas e deputados, asumimos o compromiso e a responsabilidade que nos deron os galegos e as galegas no pasado mes de xullo. No momento en que máis se necesita, Galicia contará con máis fondos ca nunca para apoiar as persoas e os colectivos que están a afrontar a cara máis dura da peor situación que recordamos todos os que estamos aquí. Deilles datos obxectivos. O noso plan é moito máis ambicioso, e con solucións concretas, que o que vostedes traen hoxe aquí. E imos seguir traballando coas entidades sociais e centrándonos nas persoas máis vulnerables.

Con humildade recoñézolle que non está todo feito e que seguiremos traballando. Por iso, que as galegas e os galegos non dubiden en ningún momento de que este Goberno será quen de chegar con celeridade a eses fogares máis necesitados e que presentan maiores dificultades, que será quen de reactivar a economía galega, de crear emprego de calidade e de seguir combatendo a pobreza.

Máis nada pola miña parte e moitas grazas a todas e a todos. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pérez.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo grupo autor da moción, a señora Presas.

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Señora Pérez, con todos os respectos, eu creo que, dada a grave situación que está pasando nestes momentos seguramente xa máis dun cuarto da poboación do noso país, con índices de risco de exclusión e de pobreza que creo que todos e todas, con independencia das nosas diferenzas políticas, somos conscientes de que son preocupantes —aínda que difiramos nas solucións—, debería tomar este tipo de debates cun pouco máis de seriedade. Porque, desde logo, hai dous traumas que eu os convido a que —cando menos cando falamos de cuestións tan delicadas coma esta— superen.

O primeiro é o do Bipartito. Eu non fixen unha soa mención ao Bipartito ou ao 2009 na miña intervención. Por dicir, direille que nin sequera tiña dereito a voto cando entrou o Bipartito neste país. En todo caso, vostede veu aquí coa matraca de que somos nós quen non superamos non sei que dunhas eleccións. Mire, os que non superan ese goberno son vostedes. De verdade, superen ese trauma mental e asuman que estamos en 2020 nunha crise sen precedentes e que hai que tomar medidas. E nalgún momento deixará de ser un argumento válido para vostedes remitirse obsesivamente a ese goberno, que, efectivamente, foi un gran goberno e por iso vostedes seguen traumatizados dez anos despois. ¡Pero supéreno! *(Aplausos.)* E, cando queiran, facemos un debate monográfico, pero, de verdade...

E a segunda cuestión é a dos orzamentos do Estado. Porque, claro, o que lle molesta ao Partido Popular non son eses terribles orzamentos. A vostedes o que lles amola é que o BNG mantivo a súa palabra, a dignidade, e votou en contra e presentou emendas. *(Aplausos.) (Fortes murmurios.)* ¡Iso é o que lles molesta! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Entón quen vén facer teatro aquí é o Partido Popular, ¡e acúsanos a nós de facer teatro! *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Miren, señores do Partido Popular, benvidos ás reclamacións fronte aos gobernos centrais que non tratan ben a Galiza. ¡Benvidos! *(Fortes murmurios.)* Nós non temos ningún tipo de problema en votar con vostedes cando se trata de criticar ese tipo de cuestións. *(Aplausos.)* Pero, por favor, non desvirtúen estes debates.

Logo, claro, ¿como non imos falar de...? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* En fin, antes de que me esqueza, tamén lles agradeceriamos que intentasen non mentir. Porque, claro, veu vostede dicir que nós na intervención anterior o que fixemos foi desmerecer e cuestionar as palabras da señora Ingerto. En absoluto, e creo que non enriquece para nada o debate parlamentario entrar nese tipo de falsidades. Porque nós recoñecemos a Rede ata o punto de que non temos problema en recoñecer aquí cuestións cando o Goberno galego rectifica e as fai ben. Eu puxen un exemplo: vostedes asumiron a proposta da Tarxeta Básica conforme reclamaba este organismo. Este organismo deu os parabéns nesta Cámara e a nós non nos caen os aneis por recoñecer que esa era unha medida necesaria e que o enfoque é adecuado. Pero vostedes veñen aquí cun discurso prefabricado porque o que non lles gusta é o diálogo. E iso é o que explica que vostedes nin sequera se molestasen en presentar unha emenda a esta tan terrible falta de concreción da emenda do BNG.

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Claro, vén aquí por riba dicir que é que non presentamos medidas concretas. ¿Non é unha medida concreta promover que haxa un estudo transversal sobre a situación da pobreza neste país e que se consensúen cos axentes sociais medidas e se faga unha planificación orzamentaria para os próximos cinco anos? ¿Non é concreto iso? É abstracción, é unha figura retórica... ¿Non é concreto un plan de emerxencia social con medidas específicas para o cobramento das prestacións para os desafiuzamentos e para outras cuestións que hai que consensuar tamén cos servizos sociais do noso país? Se cadra o que non lles gusta é a parte de consensuar, pero concreto é. Unha cousa é que non lles guste, pero concreto é.

Claro, vostede fala aquí dos orzamentos máis altos da historia. Pero eu fíxenlle unha pregunta moi clara ao Goberno do Partido Popular: se hai unha minoración deses orzamentos porque en 2021 e 2022 non sexamos quen de ter ese teito de gasto tan alto, ou porque os fondos europeos, que están en cuestión, non cheguen a tempo, ou porque desde o Goberno maligno do señor Pedro Sánchez non se lle remita a Galiza a contía que lle correspondería dos fondos covid, ¿que van facer vostedes? Aquí o que teñen é ese compromiso concreto de dicir aquí —e que quede no *Diario de Sesións*— que non recortarán partidas sociais. Pero non o fan, porque sabemos que non podemos confiar en que vostedes o fagan, porque ese é o seu modelo político, económico e social. É o modelo que consolidou, efectivamente, a pobreza na anterior crise económica e financeira. *(Aplausos.)* ¡Claro que si! *(Aplausos.)* Iso é o que lles molesta. *(Aplausos.)*

¿Non é concreto pedir que nas ordes de axudas específicas para sectores especialmente afectados pola covid se teña en conta a situación do terceiro sector, que está asumindo gastos inasumibles de contratación de persoal, de xestión, de asunción de urxencias como os bancos de alimentos? ¿Non sería xusto contemplalo tamén como un sector económico máis dos damnificados pola covid? Non se están lucrando da maior carga de traballo, senón todo o contrario. ¿Non é concreto apostar por, efectivamente, corrixir as carencias dese ingreso mínimo vital e as carencias pola perda de tempo permanente da Xunta de Galiza, que non trae unha modificación legal a este Parlamento? ¡Cheguemos a un consenso!, pero co horizonte de ter algo mellor que ese ingreso mínimo vital e que a Risga, que non están cubrindo as necesidades. Claro, o que pasa é que non emendan para logo montar un «numerito» na súa proposición non de lei, xa o imaxino.

E xa remato con esta cuestión, señor presidente. Din vostedes que lle faltamos ao respecto á Rede Galega contra a Pobreza, pero quen o fai é o Partido Popular, porque aquí hai tres propostas concretas que non son programa do BNG, que son propostas da Rede Galega contra a Pobreza e que vostedes as van vetar sen molestarse en presentar unha emenda.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas. ¿Acepta a emenda?

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: E a emenda do Partido Socialista non a imos aceptar porque entendemos que desvirtúa o sentido. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Carlos Francisco Rivera, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa crise económica e a situación social xeradas pola covid-19

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a moción, ten a palabra o señor Francisco Rivera.

O señor FRANCISCO RIVERA: Si, señor presidente.

Bo día a todos, deputados e deputadas.

Hai quince días, efectivamente, tiñamos nesta Cámara un debate, unha interpelación que lle formulabamos ao señor conselleiro de Economía e na que plantexabamos unha serie de medidas que nós entendemos que son necesarias para combater a actual crise económica —diante dunha situación eminentemente moi complexa e difícil que o país, no seu conxunto, está a atravesar, especialmente determinados ámbitos económicos por todos coñecidos—. E hoxe traemos unha moción que nós entendemos que é acaída porque neste momento se están debatendo, nesta Cámara, os orzamentos da Xunta de Galicia e, por tanto, nós encadramos a moción dentro das posibilidades e capacidades orzamentarias que entendemos que a Xunta ten para levar adiante todas as peticións que facemos nesta moción. Dende logo, con esta moción non estamos facendo un brinde ao sol nin estamos pedindo absolutamente nada imposible.

Esta é unha moción que responde á necesidade de dar unha resposta áxil, eficaz e inmediata a unha situación que se volve dramática, especialmente para os sectores económicos máis afectados. É verdade que estamos diante dunha crise asimétrica, onde o impacto desta é distinto en función da actividade económica, pero todos coincidimos en que hai un impacto contundente e moi forte no ámbito das pemes e no dos autónomos, especialmente no ámbito daqueles autónomos que, como consecuencia das medidas de confinamento ditadas pola Xunta de Galicia, se viron obrigados a pechar os seus negocios. Falo loxicamente da hostalaría, aínda que, efectivamente, hai máis actividades —ligadas aos autónomos e ás pemes— absolutamente moi prexudicadas, como son as axencias de viaxes, o pequeno comercio, o ocio nocturno, etc.

En definitiva, sabemos que ninguén ten solucións máxicas para isto e tampouco pedimos que a Xunta de Galicia adopte solucións máxicas nin imposibles. Pedimos respostas a esta situación dentro das capacidades orzamentarias que ten a Xunta. No ano 2020, a Xunta de Galicia percibiu algo así como 735 millóns para loitar contra os efectos da pandemia. É verdade que parte deles —417, se non me equivoco— eran para gastos sanitarios, 93 para gastos educativos e 224 millóns para compensar a caída da actividade, ingresos por caída de actividade.

Pois ben, diante desta situación, efectivamente, hai un nivel de resposta que nós entendemos que foi eficaz e contundente nun momento dado por parte do Estado —e que o segue sendo—, mantendo e creando no seu momento un escudo social que tamén permitiu en Ga-

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

licia manter a actividade económica e o emprego de miles e miles de persoas a través dos ERTE e das prestacións aos autónomos. Entendemos que, en comparanza con Galicia, outras comunidades autónomas tiveron unha reacción de máis empaque, moito máis eficaz e máis rápida; algunha delas xa adoptando...

(O señor Francisco Rivera diríxese á señora presidenta.) Señora presidenta, se me pon a hora do reloxo... É que non vexo o tempo que levo e igual me enrollo...

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): De acordo.

O señor FRANCISCO RIVERA: Perdón pola interrupción.

Sigo.

Dicía que, efectivamente, houbo un nivel de resposta contundente tamén nas comunidades autónomas en termos comparados. Algunha delas estableceu unha segunda onda de axudas xa neste momento respecto dos autónomos e das pemes. Tamén houbo unha reacción no eido local, especialmente nos concellos —e dá igual o tamaño destes—. Reaccionaron de xeito contundente e actuaron no financiamento da actividade económica nos seus concellos, a pesar de que os concellos non teñen competencias no ámbito do financiamento da actividade económica. Financiaron con axudas directas os sectores económicos máis golpeados, optimizaron o seu orzamento e utilizaron o seu remanente, mesmamente nunha situación complexa para os concellos, de caída de ingresos e de aumento de gastos. De aí que nos chame a atención que a Xunta de Galicia tamén percibise fondos do Estado para efectuar transferencias ás entidades locais, especialmente para loitar contra os efectos da covid, e que as entidades locais e os concellos aínda hoxe non recibisen apenas nada.

Por iso é bo escoitar e atender ao que se dixo na Comisión de Orzamentos, nas comparecencias que houbo nestes últimos días na propia Cámara galega, atender ao que dicía o presidente da Fegamp, que falaba —entendo que en nome de todo o municipalismo— da necesidade dunha coordinación moito máis efectiva da Xunta de Galicia e os concellos, e de establecer unha comisión de seguimento ao respecto. Reclamou máis financiamento, de aí que non entendamos que nun orzamento certamente expansivo como o actual, que incorpora 1.574 millóns de suplemento de gasto, as transferencias aos concellos se reducisen un 6,4 %. De aí que tamén sería conveniente escoitar o presidente da Fegamp, que fala en nome de todo o municipalismo, sobre a necesidade de activar un fondo extraordinario para atender os gastos impropios que están asumindo os concellos como consecuencia da covid, especialmente no que atinxe á desinfección de colexios e ás axudas de emerxencia social.

Debatemos, efectivamente, co señor Conde. O señor Conde, na propia comparecencia da Comisión de Orzamentos da semana pasada, seguía insistindo en que a Xunta de Galicia activara un plan de 1.000 millóns de euros para loitar contra os efectos derivados da pandemia no eido económico. Logo falábanos de que no orzamento de 2021 se plantexan 5.560 millóns de euros. Ben, a verdade é que as axudas están chegando por pingas e non son suficientes, non teñen empaque para impactar nunha crise como a que estamos vivindo, como a que están vivindo os sectores económicos deste país. Dende logo, nós entendemos que o orza-

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

mento da Xunta permite unha reacción moito máis ampla da que se está dando neste momento.

Efectivamente, coincidimos co señor Conde en que os orzamentos do ano 2021 son orzamentos expansivos, uns orzamentos que, efectivamente, incorporan 1.574 millóns máis de capacidade de gasto á Xunta de Galicia —685 millóns remitidos polo Estado mediante a asunción do déficit que se lle permita á Comunidade Autónoma, no 1,1 %; 430 millóns de euros dos fondos Reindus e unha maior capacidade de endebedamento da propia Xunta, tamén con cargo ao déficit no 1,1 % restante—. Nese sentido, tamén facemos un chamamento a que a Xunta esgote a capacidade de endebedamento e a capacidade de gasto nunha situación coma esta.

En fin, diante destes orzamentos da Xunta, vanme permitir que tamén amose a satisfacción por que no Congreso dos Deputados se aprobase —cando menos no Congreso xa— o trámite orzamentario respecto dos *presupuestos generales del Estado*. Esta aprobación é a que permite, efectivamente, que os orzamentos da Xunta sexan expansivos, como é lóxico. Sen orzamentos no Estado, loxicamente, este tipo de transferencias, das que lles estou falando, serían absolutamente imposibles. Por iso nos parece incrible que o Partido Popular —partido que ocupa a principal posición na oposición ao Goberno do Estado en Madrid, un partido de goberno, un partido que sabe que nestes momentos estamos vivindo unha situación inédita como nunca nos últimos oitenta anos— se opuxera á tramitación ou á aprobación dos orzamentos. Parécenos absolutamente incrible. Xa non é que lle pidamos lealdade dende o Goberno —ou dende o Partido Socialista, que tamén lla poderiamos pedir—, pero é que, o Partido Popular, neste caso, vetando os orzamentos non está sendo leal co conxunto do Estado, non está sendo leal co conxunto dos cidadáns.

Digo isto, basicamente, porque os socialistas, nun momento non tan complexo como este, non hai tanto tempo, si permitiron dalgún xeito, sendo leais ao Estado... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* —Si, non se sorprenda.— ... sendo leais ao Estado e ás institucións, que houbese un goberno en España cando efectivamente as urnas non daban desbloqueado esa situación; permitírono absténdose os deputados socialistas no Congreso dos Deputados para que o señor Rajoy fose presidente do Goberno. *(Aplausos.)* Por iso non lles pedimos lealdade co PSOE, pedímoslles lealdade co Estado, neste caso.

Logo, sobre a posición do BNG en relación cos orzamentos, en fin, cada un ten a visión que ten. A nós parécenos que o BNG neste contexto está quedando sen relevancia nin peso ningún no ámbito da política estatal, que os orzamentos non son malos para Galicia se se contemplan en termos de investimento por persoa, dado que contemplan máis investimento para os galegos e as galegas que para o resto da media do Estado. Son uns orzamentos bos dende un punto de vista social tendo en conta...

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Ten que ir rematando, señor Rivera.

O señor FRANCISCO RIVERA: ... —si, remato xa— tendo en conta que en Galicia temos socioloxicamente unha poboación envellecida e, por tanto, perceptora de moitísima renda en concepto de pensións. E son uns orzamentos que, en definitiva, descontado o investimento no AVE, invisten máis en Galicia que no ano 2018.

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Por iso, a estratexia ou a posición do BNG para nós é absolutamente inentendible ao votar «non» aos orzamentos, ao votar «non» á Lei de reforma educativa, ao votar «non»... *(Fortes murmurios.)*, ao votar «non» ás conclusións do Pacto de Toledo ou ás recomendacións da Comisión de Reactivación que se deu no Congreso dos Deputados. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Aplausos.)* Está moi ben iso da dignidade de que falaba a señora deputada, pero...

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Señor Francisco Rivera, ten que ir rematando.

O señor FRANCISCO RIVERA: ...co seu voto estanse colocando vostedes nun bloque, que é o bloque do «non», lamentablemente compartido con algunhas forzas políticas —como vostedes saben— non moi amigas deste país, como son Vox e outras máis.

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Señor Francisco Rivera, ten o seu tempo máis que esgotado.

O señor FRANCISCO RIVERA: Ben, logo seguimos coa cuestión, pero se me dá un segundo, remato.

A alternativa aos orzamentos do Estado ¿cal é para o BNG?, ¿cal é para o Partido Popular? ¿É seguir mantendo os orzamentos de Rajoy, entón?.

Ben, seguimos no seguinte turno.

Grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señor Francisco Rivera.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Quenda, agora, dos grupos políticos para posicionarse sobre esta moción.

Polo Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra o señor Pérez López.

O señor PÉREZ LÓPEZ: Bos días a todos e a todas.

Adiantamos que o Grupo Parlamentario do BNG dará o seu apoio a esta moción. E farémolo —aínda que facendo algunhas puntualizacións que consideramos necesarias— porque nesta moción se condensan moitas das cuestións que foron xa solicitadas reiteradamente polo BNG dende o comezo do curso político.

Que no mes de decembro —nove meses despois do inicio da pandemia e das restricións que levou aparelladas— sexa necesario que a oposición inste a Xunta para aprobar de maneira inmediata axudas directas á hostalaría, á restauración e ás cafetarías, ou que se solicite que a Xunta compense gastos impropios dos concellos pola covid-19 ou aprobe axudas directas aos autónomos e ás pemes afectados pola pandemia, non é máis que a constatación de algo que xa

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

todas as galegas e galegos sabían: que a Xunta de Galiza, co señor Feijóo á fronte, unicamente en determinados momentos escollidos —e sempre en *prime time,* iso si—, non estivo á altura das circunstancias e do que se debe esperar dun goberno áxil, resolutivo e, sobre todo, previsor.

A todos nos colleu a pé cambiado esta pandemia, e tamén ao Goberno da Xunta de Galiza. E por iso o BNG, nos primeiros meses de pandemia, adoptou unha postura responsábel apoiando as medidas que tanto o Goberno central como o autonómico —cada un dentro das súas competencias— adoptaron. Neses primeiros meses adoptaron —e diso non me cabe dúbida ningunha— as medidas que consideraron máis adecuadas para intentar frear a pandemia e minimizar as súas consecuencias.

Pero, co transcurso dos meses, a adopción de medidas sanitarias e de restrición da actividade en moitos sectores non foi acompañada de axudas directas por parte da Xunta que permitisen aos afectados cubrir, cando menos en parte, os gastos correntes en forma de alugueiro, recibos de luz, auga, gastos de mantemento de equipos, ou mesmo de limpeza. Aí sufriron especialmente a hostalaría e o ocio nocturno, a restauración e as cafetarías, pero tamén moitísimas liñas de negocio asociadas a eses sectores, como os autónomos e as pemes dedicadas á produción e á distribución de produtos alimentarios e bebidas, as empresas de limpeza, os servizos de atención técnica, técnicos de son, fotógrafos ou pequenas empresas de entretemento, sectores que nos transmitían, nas diferentes xuntanzas, que non entendían por que na inmensa maioría das comunidades autónomas se abriran xa en abril e maio liñas de axudas directas para compensar os gastos que se seguían devengando cando tiñan limitada a súa actividade ou pechados os seus negocios. E, sen embargo, en Galiza non percibiron nin unha soa axuda directa durante nove meses. Coincidirán comigo en que estar nove meses sen cobrar os seus soldos e pagando igualmente as facturas, señorías, resulta algo difícil de dixerir e de xestionar. Moi tranquilos non haberiamos estar se nos pasase a nós.

E isto sufrírono especialmente a hostalaría e, dentro dela, o ocio nocturno, ou as salas de concertos, pechadas dende o comezo da pandemia. Cando noutras comunidades xa van pola segunda quenda de axudas directas, aquí, en Galiza, foi hai ben pouco que se anunciaron as primeiras axudas directas; axudas directas que, dende o BNG, seguimos a estimar insuficientes e que para moitos negocios chegarán tarde. Son moitísimos os negocios pechados dende o verán, e a afiliación a autónomos segue a descender de forma alarmante. Por iso, dende o BNG vimos exixindo esas axudas do Goberno da Xunta dende hai meses, pero dende San Caetano fixeron oídos xordos e só cando a hostalaría se botou á rúa foi cando sentaron con eles e os escoitaron —en outubro, no mes de outubro—.

Se as protestas xurdiron neste mes de outubro, isto evidencia que o tan cacarexado —xa en abril— Plan de rescate da cultura e do turismo e outras medidas que tamén se dedicaron a publicitar dunha maneira importante pouco efecto tiveron nestes sectores. Os gobernos deben anticiparse, e a Xunta de Galiza non o fixo. Agora, nove meses despois, estes sectores están esperando aínda a cobrar as primeiras axudas directas, cando —como xa dixen— na maioría dos territorios do Estado xa van polas segundas.

Por outra banda, a maior parte dos concellos da Galiza, ante a falta de previsión e anticipación da Xunta, asumiron servizos pola covid-19 moito máis aló das competencias que lles

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

son propias; servizos como os extraordinarios de limpeza dos colexios, que moitos concellos —os que puideron— asumiron. Fixérono por responsabilidade, nun comezo de curso caótico no que se sucederon cambios continuos nos protocolos fixados pola Xunta e pola Consellaría de Educación, que establecían necesarias exixencias sanitarias de carácter extraordinario ante unha situación extraordinaria como é esta pandemia —medidas que, deliberadamente, non ían acompañadas de fondos para cumprilas e que os concellos tiveron que sacar das arcas municipais por pura responsabilidade, insisto—. Da mesma maneira, agora, na segunda vaga, e ante as novas restricións de actividade e de horario, que afectan, sobre todo, a hostalaría en xeral, nos concellos nos que goberna o PP vostedes presentan mocións para que os concellos bonifiquen ou eximan taxas, como as do lixo, e piden arrimar o ombreiro ás corporacións locais. Isto paréceme unha deslealdade institucional absoluta, xa que pon entre a espada e a parede moitos gobernos municipais, pois, de asumir eses servizos impropios ou esas medidas fiscais, poden ver gravemente comprometida a súa tesouraría para o ano que vén e, polo tanto, tamén poden ver comprometida a prestación de servizos básicos, como os sociais, que si lles son propios.

Tendo en conta a crise que se aveciña, esta forma de actuar da Xunta é desleal desde o punto de vista político e, sen dúbida, irresponsábel. Asuman as súas obrigas de goberno e non escorran o vulto. Se o Goberno do Estado non cumpre coa parte que lle corresponde, exíxanllo. O BNG estará aí, e xa o temos demostrado. Pero iso non é escusa para deixar abandonados durante meses os galegos e as galegas. Gobernen, teñen esa responsabilidade, e non se escuden no incumprimento doutros para non adoptar medidas que son vitais para moitos sectores da nosa sociedade. Amosen máis sensibilidade, porque a decisión de finiquitar o Servizo de Axuda no Fogar extraordinario pola covid-19 no mes de novembro está deixando moitos dependentes e as súas familias nunha situación crítica, máxime no momento de crise que estamos a vivir. Rectifiquen e manteñan esa axuda extraordinaria durante o tempo que dure a pandemia, e aumenten a porcentaxe que a Xunta asume no financiamento do Servizo de Axuda no Fogar ordinario. De facelo, os concellos poderán prestar ese servizo vital e non estar tan afogados desde o punto de vista das súas arcas municipais.

Todas as administracións deben loitar de forma coordinada e leal contra as consecuencias da pandemia, certo. Pero isto tamén exixe que a Xunta lexisle para darlles soporte legal ás bonificacións e ás exencións fiscais que os sectores afectados pola pandemia, como o da hostalaría, están a reclamar dos concellos. Aumenten a porcentaxe que asume a Xunta —como diciamos— no financiamento do Servizo de Axuda no Fogar ordinario. Isto tamén exixe que a Xunta lexisle —insisto— para darlles soporte legal ás bonificacións e ás exencións fiscais que os sectores afectados pola pandemia, como o da hostalaría, están a reclamar dos concellos. Relacionado con isto, a Xunta debe cooperar no financiamento local para que a redución de ingresos derivada das exencións e bonificacións non afecte os servizos básicos dos concellos. Nese sentido van as demandas da Fegamp. Por iso son necesarios eses fondos extraordinarios pola covid-19 e un incremento do Fondo de Cooperación Local. Tamén sería importante incrementar os fondos dedicados á Risga e ás axudas de emerxencia social, e aumentar a protección dos galegos e galegas en situación vulnerábel e de exclusión social. Pero aquí, no relativo á Risga, o BNG considera imprescindíbel que se permita compatibilizar a Risga e o Ingreso Mínimo Vital. Por iso hai que exixir do Goberno do Estado que se axilice o cobro do Ingreso Mínimo Vital, porque en Galiza aínda está pendente de tramitación unha

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

porcentaxe elevadísima de solicitudes. E isto, no contexto actual, está xerando situacións dramáticas. Ese atraso no acceso ao Ingreso Mínimo Vital foi recoñecido polo propio ministro de Seguridade Social e Migracións do Goberno do Estado.

Desde a bancada socialista, hai pouco preguntábanse en que país vive o BNG. O BNG vive neste país, coñece a súa realidade e defende os intereses dos galegos e das galegas con independencia de quen goberne en Madrid. *(Aplausos.)*

O que se solicita do Goberno da Xunta nesta moción é unha actuación inmediata que, dalgunha maneira, compense os sectores máis afectados polas medidas sanitarias restritivas da actividade durante tantos meses, que reduciron ou supuxeron que a súa facturación fose cero e que provocaron que actualmente se atopen asfixiados polas débedas que arrastran derivadas do devengo de gastos correntes e impostos, xeradas en nada máis e nada menos que nove meses de inacción da Xunta de Galiza neste eido.

Para moitos negocios, autónomos e pemes, chegan xa tarde, pero a supervivencia da maior parte do sector depende da axilidade na percepción desas axudas, que deben ser suficientes para acadar ese obxectivo. Iso conleva ter que aumentar as partidas destinadas para o efecto, porque o previsto no Proxecto de orzamentos parécenos insuficiente —a nós e aos sectores afectados—.

En canto ao punto b) da moción, queremos amosar o noso apoio para que se acorde constituír unha ponencia parlamentaria para abordar os proxectos que o Parlamento galego considere prioritarios á hora de acadar financiamento europeo. Ese consenso é imprescindíbel para que os proxectos que se escollan beneficien a maioría dos galegos e das galegas, e non só as grandes empresas.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor PÉREZ LÓPEZ: Un segundo, señoría.

Eses proxectos deben xerar sinerxías positivas en toda a sociedade galega e deben cumprir co que debería ser o seu obxectivo, mellorar, aínda que sexa un pouco, a vida dos galegos e das galegas.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Pérez.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ten a palabra o señor Tellado Filgueira.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, señor presidente.

Dende a bancada popular, a verdade é que asistimos con certo rubor ante este sainete que protagonizan en directo o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista. Señor Francisco

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rivera, todo parece sinalar que *se acabó el amor* e que estes acordos que os mantiñan xuntos nese barco de convivencia e de lealdades mutuas pasou á historia. E vén vostede aquí a pedirlle lealdade non se sabe a quen.

Mire, non nos fale de lealdade, porque non está o Partido Socialista para dar lecciónns de lealdade —lealdade incluso cos seus—. Eu non sei se vostede escoita líderes do seu propio partido cuestionando cales son os socios que os acompañan á fronte do Goberno e respaldan a maioría parlamentaria do señor Pedro Sánchez. Non conten con nós, non nos pidan lealdade, e aínda menos despois de vir aquí e votar en contra da admisión a trámite dunha lei de saúde pública para Galicia. E vén vostede dar lecciónns... ¿de que? Lealdade ¿de que tipo? ¿Lealdade para que apoiemos os peores orzamentos xerais do Estado dos últimos quince anos para a nosa comunidade, uns orzamentos que reducen o investimento para Galicia nun 14 %? Pois mire, afortunadamente o Bloque Nacionalista Galego mudou a súa postura inicial e finalmente aliñouse co Partido Popular de Galicia na crítica a eses orzamentos. Esta é a realidade. *(Aplausos.) (Fortes murmurios.)* Ben que os aplaudiron o primeiro día e logo non foron capaces de seguir ao seu carón. Polo tanto, en fin, ¿que quere que lle diga?

Quero comezar por amosar a nosa solidariedade e o respaldo do Grupo Parlamentario Popular —da maioría parlamentaria que sustenta o Goberno galego— a todos os autónomos, e en especial ao sector da hostalaría, que está a sufrir de forma moi especial as consecuencias desas restricións que adoptamos logo de escoitar o comité clínico que asesora a Xunta de Galicia. É un sacrificio que ten como obxectivo salvar vidas. Ese sacrificio foi correspondido, como corresponde, co maior paquete de medidas de apoio a un sector que nunca houbo en Galicia: 84 millóns de euros para autónomos e para o sector da hostalaría.

A súa iniciativa chega tarde. A iniciativa chega propoñendo axudas cando os beneficiarios están a piques de recibilas nas súas contas correntes neste mes de decembro. Chegan vostedes tarde, señores do Partido Socialista. Chegan tarde como chegaron tarde dende o primeiro momento. Lembren que o seu goberno era o que establecía as axudas dos ERTE e que foi a Xunta de Galicia quen tivo que adiantalas porque aquí, neste país, non cobraba ninguén. Polo tanto, ¿que lecciónns de celeridade e de compromiso pretenden darnos dende o seu partido?

Mire, estas axudas, as axudas establecidas pola Xunta de Galicia para os hostaleiros e para os autónomos do sector, son das maiores dunha comunidade autónoma no noso país, por riba doutras comunidades con moitos máis recursos que Galicia, por riba do País Vasco, por riba de Castela-León, por riba de Cataluña, por riba da Rioxa, por riba da inmensa maioría de comunidades autónomas. Galicia ten axudas de entre 3.600 e 9.200 euros para máis de 50.000 profesionais. Os números falan, falan sobradamente, señor Francisco Rivera.

Mire, aquí puxéronse medidas dende o primeiro momento. Aí está o plan de rescate. A Xunta puxo axudas enriba da mesa para os máis afectados, para o sector da hostalería, a través das terrazas e dos envases para comida para levar —por un importe de máis de 3 millóns de euros—. A Xunta de Galicia non asfixia os establecementos con impostos, como si fai o Goberno socialista, que, lonxe de controlar a presión fiscal no exercicio que vén, o que pretende é subirlles os impostos a todos. Non nos conte milongas de que lles van subir os impostos

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

aos que máis cobran. ¡A todos, a todos, e en especial ao sector dos autónomos! Por certo, vostede rexistraba esta iniciativa o mesmo día que o Goberno de España lles subía a cota mensual aos autónomos de toda España. Esa é a sensibilidade.

Mire, as medidas de Galicia foron aplaudidas polo Clúster do Turismo de Galicia e tamén por ATA, pola Asociación de Traballadores Autónomos de España, que o que dicía era que ogallá as axudas que puxera en marcha a Xunta de Galicia se adoptasen tamén dende outras comunidades autónomas. Polo tanto, ¿que é o que vén vostede criticar? Claro que nós lles pedimos implicación a todas as administracións públicas, a todas, aos concellos, ás deputacións, á Administración autonómica, por suposto, e tamén ao Goberno de España. Pero vén vostede aquí a dar lecciónsde non se sabe que, cando o seu partido en Ourense recorreu contra as axudas que estableceu a Deputación Provincial de Ourense para máis de 5.000 autónomos de toda a provincia. ¿Que tipo de lecciónsde pretenden darnos vostedes? Eran 4 millóns de euros para beneficiar a 5.000 autónomos dos 91 concellos da provincia de Ourense —axudas directas de 600 euros—, e ¿que fixo o Partido Socialista en Ourense? Ir ao xulgado a ver se conseguía paralizar esa liña de axudas. Pero ¿non lles cae a cara de vergoña?, ¿de verdade que non?

Fálanos vostede da Risga, de reforzar a Risga. ¡Pero se non fixemos outra cousa dende que gobernamos! A última vez que gobernaron vostedes no fatídico Bipartito —ano 2009— deixaron unha partida para a Risga de 22,7 millóns de euros. ¿Sabe canto se adica agora cada ano á Renda de Integración Social de Galicia? O próximo ano serán 64,4 millóns de euros. Duplicamos o número de beneficiarios e triplicamos a axuda percibida por eses beneficiarios. ¡Pero que lecciónsde nos quere dar, señor Francisco Rivera!

Gasto en inclusión social: no ano 2008 vostedes adicaban 30 millóns de euros ás políticas de inclusión social para os máis desfavorecidos. ¿Sabe canto se contempla no orzamento do ano 2021 en política de inclusión social? Pois 125 millóns de euros, de 30 a 125 millóns de euros. Señor Francisco Rivera, lecciónsde por parte de vostedes, nin a primeira, porque non están lexitimados para dárnolas.

Por certo, está moi ben o Ingreso Mínimo Vital. Nós apoiámolo, nós estamos de acordo. O que nos gustaría sería que funcionase, porque, dos 40.000 galegos que o poden percibir, non chegan a 7.000. Polo tanto, vostede vén pedirlle á Xunta de Galicia —que si fai— o que vostedes non fan onde gobernan. ¡Home!, iso chámase, cando menos, hipocrisía política clara.

Mire, nós incorporamos no Servizo de Axuda no Fogar os fondos extraordinarios deste ano. E por iso a partida do Servizo de Axuda no Fogar do ano que vén medra un 10 % o seu orzamento, ata acadar os 83,6 millóns de euros no ano 2021. ¡Fíxese se estamos comprometidos coa inclusión social e co apio ás persoas que máis o precisan!

Mire, dende o primeiro momento, cando o Goberno de España estaba completamente noqueado na xestión da crise, a Xunta de Galicia puxo medios para os concellos que o precisaban. Repartimos material, case 3 millóns de euros..., perdón, 3 millóns de unidades de material de seguridade, nos concellos de Galicia —moito máis diñeiro que 3 millóns de euros, 3 millóns de unidades nos concellos de Galicia—, porque do Goberno de España non

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

recibían nada, ¡nada! Nin lles collían o teléfono na Delegación do Goberno en Galicia. Debían de estar co twitter.

E logo falan vostedes dos fondos aos concellos. ¡Pero que trapallada é esta! ¿É que vostedes non saben que o Fondo de Cooperación Local depende da recadación? ¡Claro que baixa no 2021!, porque a recadación prevista —aquí non facemos trampas como no Goberno de España— vai ser menor. ¡Claro que baixa, pero vaia vostede comprobar cales son as transferencias aos concellos previstas para o ano que vén! Este ano —ano 2020—, 401 millóns de euros; ano 2021, 407 millóns de euros. E como é verdade que vostede pertence ao grupo do señor Gonzalo Caballero pero seguro que compara cifras moito mellor ca el, ten que convir comigo en que 407 é máis que 401 millóns de euros. *(Aplausos.)*

E logo, o último, o último xa da súa iniciativa, que é para escribir un libro, é o da ponencia parlamentaria. Isto é un *remake*, porque hai uns días vostedes propuñan un grupo de traballo. Mire, o grupo de traballo aquí en Galicia está constituído dende o mes de maio. Dende maio traballa un comité de expertos económicos —¡expertos independentes, eh!—: Emilio Bruquetas, de Reganosa; Ignacio Fernández, de Inditex; Fernando González Laxe, da Universidade da Coruña; Santiago Lago Peñas, da Universidade de Vigo; Rosa Sánchez-Yebra, do Banco de Desenvolvemento Europeo; Patricia García González, do Círculo de Empresarios de Galicia; Juan Antonio Lloves, do Clúster da Automoción de Galicia; Emilio Pérez Nieto, do Foro Económico de Galicia; Víctor Nogueira García, da Asociación da Empresa Familiar de Galicia; Miguel Vázquez Taín, do Consello Galego de Economistas, xunto con outros cargos do Goberno galego. É un comité de expertos independente que leva traballando dende o mes de maio. Eu entendo que os socialistas no mes de maio andaban, *entre el pijama y el chándal, de la cama al sofá y del sofá a la cama. (Aplausos.)* Pero aquí hai un goberno que estivo traballando ao pé do canón para poñer solucións onde o Goberno de España estaba autenticamente ausente. *(Murmurios.)* E, polo tanto, leccións, ningunha.

¿Ponencia parlamentaria? ¡Oia, claro que hai que repartir os fondos, e claro que estamos moi preocupados polo destino deses fondos! «*Sánchez renuncia a crear una agencia y repartirá las ayudas europeas desde la Moncloa.*» «*Sánchez se reserva el reparto de fondos europeos entre las comunidades autónomas.*» «*Pedro Sánchez tendrá el control total de los 140.000 millones del fondo covid europeo.*» ¡Amigo! Ou sexa, vostedes veñen aquí a pedirlle ao Goberno... ¿que? ¿O que non fan alí onde gobernan?

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Señor Francisco Rivera, temos motivos para estar preocupados pola repartición deses fondos, claro que temos motivos. Pero teña claro que este Goberno vai ser transparente e por iso vai comparecer nesta Cámara o vicepresidente segundo do Goberno para dar conta dos 108 proxectos remitidos ao Palacio da Moncloa.

Non teña ningunha dubida de que aquí haberá transparencia. Non lles chame «grupos de traballo», «ponencias parlamentarias», chámelles o que queira. Pero, dende logo, onde non o vai ver —porque xa o declarou el mesmo— vai ser no Goberno de España da man do seu defendido Pedro Sánchez.

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Tellado.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo grupo parlamentario autor da moción, ten a palabra o señor Francisco Rivera.

O señor FRANCISCO RIVERA: Grazas, presidente.

En relación con determinado tipo de comentarios, non imos entrar, loxicamente. En fin, eu creo que o señor Tellado viste a chaqueta de *hooligan* do Partido Popular cando sae da casa ás oito da mañá e non a solta ata que chega novamente á casa, probablemente de noite. Pero, en fin, eu creo que nese *hooliganismo* que vostede practica, nesa oposición á oposición que fai vostede, nesa letanía e matraca constante que nos solta contra o Goberno do señor Sánchez, hai moito de impostura e bastante falsidade.

Señor Tellado, as axudas son as que son, as que se publican no DOG: 3 millóns de euros. Acaba vostede de dicir 3 millóns de euros de axuda —unha axuda do Igape— para as terrazas. Efectivamente, se temos en conta o volume, é dicir, os negocios de hostalería que hai no conxunto do país —19.000 negocios de hostalería—, vostede bote as contas, bote as contas de a como lles saen as axudas. E, efectivamente, hai unha axuda de 17 millóns aprobada para a hostalería. E isto é o que hai, 17 millóns entre 19.000 negocios, que sae a oitocentos e pico euros. Estas son as axudas. *(Aplausos.)*

Señor deputado do BNG, agradezo loxicamente o apoio a esta moción. Eu creo que é unha moción que responde á necesidade de dar contas e de establecer mecanismos de axuda nun momento absolutamente dramático e agónico para o conxunto do país. E, polo tanto, eu creo que esta é a resposta que hai que dar, fundamentalmente tendo en conta que temos uns orzamentos expansivos, que permiten gasto suplementario, de 1.574 millóns, nos que a Xunta de Galicia ten capacidade de endebedamento como consecuencia da modificación da regra de gasto ata o 2,2 % —o 1,1 % asúmeo o Estado—. Por tanto, emprazamos a Xunta de Galicia a que efectivamente gaste, a que efectivamente se endebede, que iso é o que ten que facer neste momento para axudar á economía do país.

Pedimos 100 millóns de euros para a hostalería, basicamente porque isto é o que anuncia o señor Núñez Feijóo día si e día tamén nesa estratexia de propaganda na que está instalado o Partido Popular mezclando absolutamente todo, nesa estratexia de propaganda e de mezclar axudas dun lado e doutro, e de facer plans conxuntamente en relación coas axudas. Pedimos 100 millóns, que é o que anuncia o señor Núñez Feijóo e é o que lle compramos nós ao señor Núñez Feijóo. Polo tanto, iso é o que pedimos, 100 millóns de euros.

Respecto dos concellos, evidentemente, non reclama o Partido Socialista, reclámao a Fegamp —onde, por certo, tamén hai alcaldes do Partido Popular, ¿ou é que na Fegamp non hai concellos do Partido Popular?—. A Fegamp está reclamando que lle doten un fondo extraordinario que nos ciframos en 70 millóns de euros, 70 millóns de euros para compensar os

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

concellos basicamente pola desinfección e os gastos impropios que están asumindo, especialmente pola desinfección de colexios e gastos de emerxencia social —son 700 colexios públicos en Galicia, 700 colexios públicos nos que neste momento os propios concellos teñen que asumir este tipo de gastos—.

E, evidentemente, en relación coa Risga e, efectivamente, co Ingreso Mínimo Vital, vostede falaba de 7.000, e son 9.000 fogares no día de hoxe os que están percibindo o Ingreso Mínimo Vital —13.665, a Risga—. Polo tanto, xa hoxe o 70 % das axudas que se dan neste concepto veñen do Ingreso Mínimo Vital —en relación coa Risga, en relación coa porcentaxe da Risga—. Si, señor Tellado, si. Os 64,4 millóns son o mesmo orzamento que había o ano pasado destinado á Risga. Nós pedimos, en función dos datos... Xa se fixo aquí unha alusión, na iniciativa que se debateu antes, á exclusión social e ao risco de exclusión social que hai en Galicia. Xa se deron os datos da poboación que en Galicia está en risco de exclusión social. Lonxe de debater nun tema coma este e de entrar en confrontación con vostede, nin co Partido Popular —porque é un tema o suficientemente sensible para que todos nos entendamos neste asunto—, nós entendemos tamén que, diante dunha situación de emerxencia social, diante dunha situación de drama económico que están sufrindo miles e miles de galegos, o lóxico é reforzar os instrumentos de axuda e de emerxencia social —e as prestacións neste caso non contributivas— en tanto en canto non se chegue a unha harmonización —se é que iso é posible e se modifica a Lei da Risga— do Ingreso Mínimo Vital e a propia Risga.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor FRANCISCO RIVERA: E, en relación cos fondos europeos —remato xa—, nós mantemos a mesma posición que levamos mantendo nos últimos dous meses, que é a necesidade de que este Parlamento coñeza os proxectos que a Xunta de Galicia di remitir ao Plan nacional de recuperación e resiliencia.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor FRANCISCO RIVERA: Eu creo que esa ponencia implica un coñecemento polo Parlamento e ademais recolle o que neste sentido ten manifestado o conselleiro e membros, neste caso, da Comisión de Reactivación...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Francisco Rivera.

O señor FRANCISCO RIVERA: ...que fan pública a necesidade de que este Parlamento...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas. Xa rematou o seu tempo.

(O señor Francisco Rivera pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Pasamos á seguinte das mocións.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Mercedes Queixas Zas, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto da covid-19 no sector cultural

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Non se presentaron emendas.

Para formular a moción ten a palabra a señora Queixas Zas.

A señora QUEIXAS ZAS: Esta moción que agora presentamos é continuadora da interpelación que diriximos ao conselleiro de Cultura, Educación e Universidade no pasado pleno, relativa á demanda dun plan de reactivación do sector cultural galego. Nela presentamos —como vostedes saben— un conxunto integral de once medidas que verdadeiramente nos impliquen co impulso necesario da cultura galega como motor de reactivación económica; once medidas que non vou reiterar aquí porque están á súa disposición no documento correspondente, mais que me gustaría, si, simplificar en cinco grandes ideas: a primeira é a procura continuada do diálogo co sector cultural; a segunda, a procura tamén dun plan de actuacións que atendan toda a cadea cultural; a terceira, a reactivación das unidades de produción e creación; a cuarta, a declaración da cultura como ben esencial; e, finalmente, a adaptación das normativas de aforo ao avance en materia sanitaria, así como a reformulación do Xacobeo.

Cada semana que pasa, a incerteza medra. E un ano que xa é dado por perdido desde hai nove meses para os sectores culturais vai abrindo paso a outro ano novo que está a piques de chegar en que os interrogantes pesan como lousas sobre cada proxecto que ou ben aínda non puido nacer ou ben non puido desenvolverse na súa totalidade: axendas de cancelacións, mapas de adiamentos persistentes, unha cronoloxía de quilómetros cero para as traballadoras e traballadores da cultura que mal conviven con cifras regulares de pagamentos de alugueiros, créditos, salarios ou cotizacións sociais que ditan ben mal co necesario acougo que a xestación cultural precisa para o coidado de cada proceso creativo. Porque a cultura nace desde o esforzo de creala, e o talento trabállase. Non o esquezamos, non existe a inspiración divina. A cultura de hoxe é a memoria do noso pobo, que permanecerá moito máis alá de nós. E falará tamén por nós dos nosos actos en materia de conciencia colectiva, de pensar e de sentir, tamén de educar e formar a sociedade nese sentir e nese pensar crítico.

Son tempos covid para a cultura galega como o son para outros moitos sectores que requiren dunha atención prioritaria, preferente, esencial e con altura política para que, malia todo, sexa este tempo de contención coidadosa dos nosos valores culturais e de formación para continuar co seu desenvolvemento adaptado ás novas circunstancias; un tempo, pois, que ao noso ver debemos entender como de sementeira, que debemos alimentar desde un goberno responsábel que acredite de verdade na cultura como un dereito e como un ben esencial para a sociedade. Razóns de máis para teimarmos desde o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego na necesidade imperiosa de lles ofrecer aos sectores culturais e tamén ao conxunto da sociedade —porque a cultura é substrato cultural fundamental para a formación dun pobo liberado da barbarie da incultura— de lles ofrecermos —dicía— un plan de auténtica reactivación e impulso cultural que actúe en presente, mais que tamén promova o latexo do futuro. «O presente continuo é o único tempo verbal do compromiso.»

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

No Bloque Nacionalista Galego acreditamos nestes versos da escritora María Reimóndez, e traballamos contra un futuro condicional, condicionado en materia cultural en clave de país.

A realidade diaria dos sectores culturais galegos —que ben coñecemos de primeira man— non engana; obviamente, os datos tampouco. Xa temos falado aquí dos datos achegados polo informe do Consello da Cultura Galega na conxuntura estatística do ámbito cultural o pasado mes de outubro. Recollen literalmente que a previsión da evolución do sector cultural nos vindeiros meses para o conxunto do sistema produtivo da cultura é que este sufrirá un impacto máis severo que o conxunto da economía. En breve coñeceremos tamén os datos actualizados do novo barómetro da cultura galega correspondentes a este segundo semestre de 2020, e así tamén poderemos establecer a súa comparativa respecto do anterior barómetro do mes de xullo, que facía referencia ao primeiro semestre.

Na nosa interpelación anterior preguntabámoslle no pleno ao señor conselleiro, ao fío de todos os datos obxectivos e contrastados coñecidos —insisto en que non das nosas percepcións—, polo proxecto de actuación, polas estratexias deseñadas como resposta para facerlle fronte a este tempo poscovid, polo orzamento, polas estratexias de comunicación e coordinación activadas cos sectores e os axentes culturais tan altamente prexudicados. Dende aquela, transcorridos quince días, aconteceron nesta Cámara algúns episodios que nos achegaron moitas propostas mais poucas respostas.

En primeiro lugar, a diagnose que nos achegaron os comparecentes do sector na Comisión para a Reactivación Económica, Social e Cultural evidenciaron que seguen a ser presentes e necesarias moitas das propostas que o BNG ten traído a esta Cámara, por suposto neste primeiro período de sesións desta lexislatura pero xa tamén nas precedentes. Lanzaba esta pregunta un dos comparecentes: «¿Por que non facer desta lexislatura a do coidado, a da reactivación da nosa cultura e a dos seus traballadores e traballadoras?» E, aínda máis, este comparecente, Carlos Ares, deixounos explícitos os deberes para os grupos parlamentarios desta Cámara: «Cómpre un consenso entre todas as forzas políticas para este imprescindible plan de reactivación cultural. Cómpre que o Goberno da Xunta se comprometa decididamente, e cómpre tamén un decidido e continuo diálogo con nós, coas persoas que nos dedicamos á cultura. Falemos, falemos moito e tentemos facer un mundo mellor co noso traballo, porque coa cultura o mundo é mellor.» Consenso, compromiso, diálogo e cultura, catro palabras que residen na base identitaria, no ADN, do BNG por suposto tamén en política cultural.

Por outra banda, Marcos Lorenzo —outro comparecente— compartillou o esqueleto dunha planimetría cultural que require do compromiso de apoio desta Cámara e da decisión valente dun goberno que lidere ese compromiso desde o exercicio dun plan de actuación política decidida en materia cultural. Lembremos algúns destes obxectivos: incrementar o gasto liquidado en cultura até acadar o 1 % do gasto total da Administración autonómica —por certo, un deber que nos leva poñendo dende hai tempo o propio Consello da Cultura Galega—; en segundo lugar, o apoio á contratación por parte dos concellos de, por unha banda, técnicos e técnicas profesionais de cultura e, pola outra, de animación sociocultural; e unha batería de medidas orientadas a elevar os consumos, hábitos e prácticas culturais da poboación, reforzar as liñas de apoio aos novos talentos, consolidar as redes e circuítos de distribución,

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

conceder axudas directas e profesionais a empresas durante a covid-19, facilitar o asesoramento e o apoio integral ao emprendemento cultural, fomentar a investigación en xestión cultural, mellorar o posicionamento exterior da cultura galega e definir unha axenda e unha estratexia dixital para a cultura galega. Lembrémolos, teñámolos presentes, mais sobre todo, por favor, tomémolos en serio. Gobernen e póñanse á altura do que precisan os nosos sectores culturais, porque esta é a base que sostén a nosa moción.

E, en segundo lugar, quería tamén facer mención da defensa na Comisión 3ª por parte do señor conselleiro do orzamento dedicado á cultura para este 2021. De verdade que non é para pasar do loito ao alivio. Dicía na súa comparecencia o señor conselleiro que estes orzamentos falan sos. Falar falarán, non lles digo eu que non. Mais o que si lles digo é que, unha vez revisados con atención unha e outra vez, o que ven os sectores culturais representados neles é máis ben o verso do inmenso poeta do Courel Uxío Novoneyra na súa *Letanía de Galicia*: «De tanto calar, xa falo eu solo». Por iso asumimos no BNG a responsabilidade de non calar ante uns orzamentos que ocultan máis do que contan.

Nun contexto de necesarios orzamentos expansivos, cómpre lembrar que en cultura medran dun 0,63 % ao 0,68 %, é dicir, 0,05 puntos simplemente. Mais aínda nos queda moi lonxe un diferencial de 50 millóns dende o ano 2009. En conxunto —para ir finalizando—, o que percibimos nestes orzamentos é inercia, unha inercia rutineira e unha falta de impulso enorme, desde logo, non axustada á excelencia dos nosos sectores culturais —co que iso significa a respecto do gravísimo impacto que a pandemia está a ter neles, como xa sabemos que está verificado en diferentes informes—. É positivo que por fin a cultura non sexa nin programática nin orzamentariamente considerada un apéndice subalterno do turismo, como en orzamentos anteriores, ficando diluída no Xacobeo. No entanto, aínda así agora non vemos un proxecto cultural cun perfil propio que atenda a grave conxuntura económica que xa afecta —e afectará, non o esquezamos— no vindeiro ano os sectores culturais galegos. Falta imaxinación, falta proxecto ilusionante, innovador, comprometido, en primeira persoa e coñecedor sobre todo da diversidade do noso motor cultural. Por iso demandamos dos grupos parlamentarios desta Cámara actuar con empatía e recoñecemento cara aos nosos sectores culturais apoiando os puntos que dan corpo a esta moción.

Obrigada, sobre todo, pola atención. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Queixas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Grazas, presidente.

Bo día de novo a todos e a todas.

En xeral, as medidas decretadas pola covid dende o mes de marzo afectaron a gran maioría das empresas culturais, e hoxe aínda máis da metade non recuperaron a súa actividade. Hai

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tres indicadores importantes que dan conta da gravidade da situación no sector cultural, e que poderían ser —ou son—, un, que ao 6 % de traballadoras e traballadores que xa foron despedidos dende o comezo da pandemia haberá que sumarlle os vindeiros meses un 10 % máis; que 4 de cada 10 empresas terán dificultades para pagar impostos e seguros sociais; e que 6 de cada 10 empresas experimentaron unha caída do 50 % na facturación. Non vou ser reiterativa co dito agora pola voceira do BNG, pero é certo que as previsións apuntan a que o sistema produtivo da cultura sufrirá un impacto máis severo que o conxunto da economía. E, por certo, as peores expectativas daranse na empresa pequena e no sector das artes escénicas e da música.

Esta breve introdución acerca do impacto da crise sanitaria no sector cultural nútrese dos datos que xa foron mencionados aquí dalgúns destes informes da conxuntura estatística no ámbito cultural de outubro deste ano e do barómetro da cultura galega —do primeiro barómetro correspondente ao primeiro semestre—, ambos os dous realizados polo Consello da Cultura Galega.

Claro, realmente as expectativas non son nada alentadoras para un sector gravemente prexudicado pola pandemia, como xa puxemos de manifesto neste Pleno en varias ocasións. E parecerá obvio que diante deste panorama haxa que tomar decisións, decisións, claro, baseadas en informes rigorosos e en avaliacións sesudas da situación, como as que acabamos agora de mencionar; e, por suposto —e descúlpenme se insistimos tanto nesta cuestión—, decisións baseadas en estratexias. De nada serve unha inxección de millóns de euros a un sector se esa inxección non obedece a unha estratexia debidamente planificada, porque iso sería pan para hoxe e fame para mañá.

Por iso —xa llo adianto aquí tamén ao Grupo do BNG—, nós imos, por suposto, apoiar esta moción. Non a emendamos porque a realidade é que compartimos moitas das cuestións aquí formuladas e, ademais, outras xa estaban na moción anterior de hai dous meses que presentamos nós aquí tamén, así como noutras iniciativas que temos rexistradas pero non defendidas aínda. Irei agora por partes, un pouco para intentar poder tocar todo, aínda que non sei se me dará tempo.

Iso si, o que si queremos é mostrar a nosa sorpresa. Sorprendeunos que aquí xa non se fale dese necesario incremento orzamentario. Sabemos que evidentemente os orzamentos xa estaban, pero aínda así pensamos que non estaría de máis volver pedir un incremento orzamentario, que, como xa vimos na comparecencia de orzamentos do director da Agadic, irá moito para ese *hub* audiovisual pero non sabemos se todo se vai soster, se todo ese incremento provén de fondos europeos e se ao final se vai poder soster.

Pero ben, dito isto, o primeiro para nós é o que o grupo propoñente leva no punto 9, que é a necesidade de declarar a cultura como ben de primeira necesidade. Nós non sabemos se ao mellor o puxeron no punto 9 para que quede un pouco diluído porque pensan que van ter máis sorte. Esperemos que si a teñan. Pero nós de verdade que agardamos sinceramente que vostedes teñan mellor sorte ca nós e nesta ocasión isto quede aprobado. De ser así entenderiamos que o Grupo Popular por fin reflexionou sobre a cuestión e atendeu a necesidade de outorgarlle a máxima protección á nosa cultura.

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre a reunión cos sectores e axentes culturais tamén estamos de acordo, por suposto, pero o Grupo Parlamentario Socialista imos un pouco máis aló e propoñemos que a Consellería estableza unha mesa de diálogo permanente co mundo da cultura; e, ademais, debidamente sectorializada para poder ir dando respostas ás necesidades específicas de cada un dos sectores que compoñen a nosa cultura —que non son poucos, afortunadamente—.

Claro, á vista da situación sanitaria e da previsible continuidade da pandemia ata ben entrado o próximo ano, ao noso grupo parlamentario preocúpanos, como diciamos antes, a falla de estratexia e planificación en materia cultural deste Goberno xa que, a nada xa de que remate este ano, nada se sabe dos plans para o sector a partir do 1 de xaneiro de 2021. Si coñecemos o orzamento, pero aínda non sabemos en que se vai empregar.

Ese diálogo necesario do que falabamos debería servir nun primeiro momento para atender as demandas formuladas —como di a moción— respecto do Plan de reactivación cultural, ese que foi tan fortemente contestado. A pesar de que o conselleiro diga que non, si que o foi. E debería tamén servir para elaborar un plan de choque que, en primeira instancia, debería dirixirse a paliar as nefastas consecuencias que a pandemia, como dicimos e como é constatable, está provocando na nosa cultura.

E, si, tamén coincidimos en que estes plans, calquera que sexan —de choque, de reactivación, o plan que a Xunta dunha vez nos queira plantexar, poñer diante—, deben responder á Estratexia da cultura galega 2021, da que pouco sabemos, e moito menos do seu nivel de execución nin do que pretenden para o último ano precisamente deste plan. Cónstanos que ademais non comezaron con contactos previos —descoñecemos tamén se o pretenden facer— coas distintas asociacións profesionais para comezar a elaborar ese plan. Nós podemos chamarlle «plan» e o Goberno pode chamarlle como queira, pero ese documento, que dende logo debería ser distinto ao que se formulou para o 2020, debería, como tamén pedimos nós xa hai uns meses, incluír axudas directas e liñas de crédito moito máis favorables das que existían ata agora para que sirvan de balón de oxíxeno para ese sector.

Tratan tamén a cuestión dos aforos, que este grupo parlamentario denunciou hai unhas semanas cando o Goberno autonómico, despois de pasar meses afirmando incansablemente que a cultura é segura, que a cultura é segura, decide ampliar os aforos en lugares de culto e no transporte público, apelando no primeiro caso a unha investigación epidemiolóxica realizada —imaxinamos— nalgún lugar de culto. Non poñemos en cuestión, de ningún xeito —que quede aquí claro—, os criterios sanitarios para decidir as capacidades, ou aforos, dos distintos espazos, pero quería lerlles algo —creo que si, que me vai dar tempo—, quero lerlles algo textual, e agora explicareilles por que.

Di: «Son espazos seguros en relación coa transmisión do virus xa que non se detectou ningún gromo que puidese identificarse como orixe nese lugar.» E tamén dicía isto: «Pese a seren espazos interiores, a permanencia neles é dun tempo limitado, as persoas non interactúan entre elas, manteñen a distancia de seguridade en todo momento e empregan a máscara de forma sistemática salvo en momentos puntuais.»

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Claro, vostedes poden pensar que estamos falando dun teatro, ¿non?, ou dun cinema. Pero non, non estamos falando dun teatro ou dun cinema. Isto, o que acabo de ler, é a Orde do 4 de novembro sobre os lugares de culto, que, por suposto, como digo, non poñemos en cuestión en absoluto. Pero si que pensamos que a súa casuística é, dende logo, moi similar —se non, exacta— á dun espazo cultural como pode ser un cinema ou un teatro, como acabo de dicir. Entón, nós preguntámonos se sería posible que esa investigación se puidese realizar tamén nalgún espazo cultural para chegar á mesma conclusión ou non, pero polo menos que se faga, tendo en conta que a última normativa para os espazos culturais non é tampouco tan permisiva como a do transporte público —que, por certo, deixa que estean cheas todas as súas butacas— ou a dos lugares de culto. E non estamos pensando, por certo, nunha viaxe en transporte público de dez minutiños. Podemos pensar tamén en como chegan os trens de calquera dos deputados e deputadas que veñen nese medio de transporte aquí. Pódese pensar en como veñen sentados.

Entón nós, nesta cuestión dos aforos, xa pediamos tamén na nosa moción, na moción de hai dous meses, establecer un protocolo con criterios claros e inequívocos en canto ás capacidades e á aplicación de criterios sanitarios no desenvolvemento e organización de actividades culturais mentres dure a pandemia. Tampouco o pediamos nós, pedíao tamén, e ségueo reclamando, o propio sector.

A maiores, por suposto, vemos conveniente impulsar as catro leis que propón a moción e reactivar o Centro Dramático Galego —aínda que o outro día, pola comparecencia do director, si que parece que existe unha certa reactivación— e, o que máis nos preocupa, o Centro Coreográfico, que, aínda que sabemos que acaban de adxudicarse tres contratos de coprodución, seguimos sen ver un proxecto para este centro galego, que continúa descabezado e que ademais debe atopar canto antes o seu rumbo.

Sobre o Xacobeo pouco máis hai que dicir que o que xa puxemos aquí moitas veces de manifesto. Aproveitemos, si, por suposto, todas as súas potencialidades pero non circunscribamos toda a nosa estratexia cultural a un evento con evidente proxección pero efémero a todas luces.

En definitiva, construamos entre todas e todos. Casualmente eu tamén quería hoxe aquí aludir ao profesional que compareceu na Comisión de Reconstrución, a Carlos Ares, que tamén apelaba ao consenso. Nós tamén. O que é preciso nestes momentos é construír entre todos e todas —dende logo, co sector ao temón ou, polo menos, da man do Goberno— unha estratexia cultural para o noso país que nos guíe nestes tempos próximos, que serán duros. Pero esa estratexia debe servir xa de base para o necesario futuro da cultura.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Díaz Varela.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Egerique.

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Grazas, presidente.

Boas tardes.

Señora Queixas, vostede dicía que non existía a inspiración divina, pero eu creo que, se vostede trae aquí esta iniciativa, parece que eu teño que ter un pouco de inspiración divina para entender que vostede está solicitando tantas e tantas cousas que xa se están facendo, que xa expuxo o propio conselleiro no pleno anterior, como dixo vostede, á raíz da interpelación, que xa se explicaron. E ademais hai feitos, e vostede fala de que se poña en marcha un plan de reactivación cultural.

O que fixo este Goberno dende o primeiro momento, na alarma da pandemia, no mes de marzo, foi poñer en marcha este plan de reactivación cultural —ademais cunha cantidade orzamentaria enriba da mesa de 26 millóns de euros, que hoxe, en decembro, xa está no 95 % practicamente executado—.

Polo tanto, a vostedes non lles gustará, pero está feito. Eu creo que isto, en lugar de ser unha moción en favor do sector cultural, é unha moción en contra do Goberno, que é totalmente lícito presentala. Pero eu creo que os puntos que vostede expuxo aquí e que están na propia moción están plantexados todos encima da mesa. Quizais o método, a forma, como se fan as cousas, é o que a vostedes non lles gusta. Di vostede que o mundo coa cultura é un mundo mellor. Eu estou totalmente de acordo. Efectivamente, con toda a cultura, non só coa cultura do BNG. Tamén quero dicilo aquí, porque parece que ás veces non hai cultura porque o BNG non está de acordo coas políticas culturais que se levan a cabo dende a Xunta de Galicia, que —insisto— abranguen o total da comunidade autónoma.

Di vostede que son orzamentos que ocultan máis do que contan. Pois eu tamén me pregunto se vostedes non ocultarán máis do que contan en moitas ocasións. Porque, realmente, se estivo presente nas comparecencias... Eu aquí quero felicitar tamén a todos os comparecentes que estiveron na Comisión de Reactivación con respecto á cultura, porque cada un aportou, desde puntos de vista moi diferentes, sobre todas as necesidades e todo o que habería que abranguer nun documento. Eu creo que, ademais, houbo moitas opinións. Houbo tamén quen dixo que as políticas culturais da Xunta de Galicia están facendo que o sector cultural en Galicia despegue, que o posicionamento cultural de Galicia e de moitos dos sectores e disciplinas teña un bo posicionamento internacional, que é unha liña que hai que seguir e que son grans de area que pon a Administración para que teñan efecto multiplicador. E, efectivamente, non o fai a Xunta de Galicia nin eu mesma nin o conselleiro, fano as persoas que fan cultura, efectivamente. E claro que hai que formar —que despois xa darei datos das axudas que están tamén para a formación— para desenvolver talento. Hai que axudar tamén para que as persoas poidan adicarse á cultura dun xeito seguro e que ademais se consolide e se proxecte internacionalmente, que é o obxectivo que tivo en todo momento a Estratexia da cultura galega, que xa digo que foi cambiando polo tema da covid. Pero púxose en marcha un plan de reactivación, porque ten unhas liñas de traballo, e a Xunta o que fai é reaccionar cando hai unha emerxencia para que estas empresas que viven da cultura poidan ter sustento. E o que fixo tamén, como dixen en moitas ocasións, foi poñer á disposición desa xente liquidez para que, co falta de actividade, puidese manterse en pé.

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E a cultura é segura, por suposto, repetímolo todos e sabémolo todos. O tema dos aforos —moitas veces comentado en comisións e noutros debates— é un tema cun criterio sanitario. E xa se ten revisado —pode ver vostede o DOG do 3 de decembro, de hai uns días—, non é un criterio tampouco nin da Xunta nin do conselleiro de Cultura; é dicir, é un criterio sanitario que ademais vai amoldándose segundo sexan as restricións dos diferentes espazos. Eu mesma mañá irei a un concerto que se suspendeu no mes de novembro pero que mañá se vai poder realizar. Polo tanto, é verdade que a revisión dos aforos se fai e que as actuacións, os eventos, si se poden realizar segundo estea a situación da covid nos diferentes espazos.

Son moitos puntos, teño aquí desgranados todos eles. E, como dicía, quizais a vostedes son as accións ou o modelo de como se fan as cousas o que non lles gusta, pero realmente o que están solicitando xa está enriba da mesa.

Fala de reunirse co sector. Temos xa dito por activa e por pasiva que tanto o grupo parlamentario como o propio conselleiro como os diferentes axentes da Consellería teñen reunións permanentes co sector cultural. É especialmente falso que existira, como di vostede na moción, un paro forzoso de oito meses. É verdade que houbo un paro forzoso nun primeiro momento, pero recuperáronse moitas das actividades culturais, déuselles ademais axuda económica para que non esmorecesen, como dixen antes, e traballouse moito dende a Xunta para que isto fose así.

O número de actividades realizadas neste tempo de pandemia apoiadas pola Xunta de Galicia foron 1.163 —insisto, apoiadas pola Xunta de Galicia—. Non vou repetir a cifra porque xa no pleno pasado o conselleiro deu boa conta diso.

Respecto de atender as demandas e reclamacións presentadas a raíz do plan de reactivación, xa o dixen ao principio da intervención, con 26,4 millóns de euros, está xa arredor do 95 % das medidas do plan de reactivación executado ou en execución, polo tanto son 24 millóns de euros neste momento. Somos unha comunidade autónoma que foi exemplo para outras comunidades autónomas por como se soubo atender o sector cultural aquí en Galicia. De feito, formulouse como unha folla de ruta que podía ser cambiante e que podía modelarse segundo fora esta pandemia —xa que nunca sabemos o que vai pasar— para poder ir ampliándose con novas medidas de apoio. E é o que se fixo.

Presentar antes de fin de ano un plan de rescate. Vamos ver, se presentan isto a 27 de novembro e antes de fin de ano queren un plan de rescate, non sei se habería que facelo tamén con certa inspiración divina, porque creo que todas as reunións, todos os informes, todas as peticións dos sectores, incluso a propia Comisión de Reactivación —que temos que ter un ditame común—..., pois todo habería que traballalo e habería que facelo cunha certa solvencia, porque cremos que non é posible nun mes —e ademais sen ter ningunha pista do que vostede plantexa—.

A nós, xa que fala vostede de plan de rescate, parécennos un plan de rescate —moi digno e para estar orgullosos— os orzamentos da Xunta de Galicia, porque saben que a partida de cultura medra nun 27,4 %. É dicir, á cultura van dedicarse este ano 94 millóns de euros, 20,3 millóns de euros máis que no ano 2020. Ese é un verdadeiro plan de rescate, xa nun

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

documento plasmado, xa debatido na Comisión 3ª e que virá pronto ao Pleno para que poidamos aprobalo e poñelo á disposición, por suposto, dos sectores culturais.

Sobre prever ordes de axudas directas, aquí é onde digo eu que a vostedes ao mellor non lles gusta como se fai ou de que xeito se fai, pero isto xa está contemplado. Temos a clara convicción, ademais —e expúxose tamén na Comisión de Reactivación—, de que o mellor xeito de apoiar os sectores culturais e creativos é a través de axudas que incentiven a actividade. Esta actividade ten un efecto multiplicador e, como dicimos, dan resultado e estanse a poñer en marcha. O outro día estivo o director da Agadic na Comisión 3ª e fixo unha listaxe de todas as disciplinas culturais ás que se vai axudar e apoiar, e, polo tanto, tamén existe. Hai resultados, ademais; esta política cultural da Xunta ten resultados.

Eu dicía que tiñamos que mirar para atrás, a unhas épocas en que ademais os orzamentos foron máis cativos, como foron medrando, como se foron redirixindo os cartos á cultura, e como no mes de marzo, antes da pandemia, estabamos posicionados nun lugar a nivel internacional e ademais con respecto ao resto de España moi importante, do que nos temos que sentir —como digo sempre— moi orgullosos.

E creo que, ademais, non é soamente o papel que fixo a Xunta, pero é moi importante que teña esa política tamén a Xunta de Galicia. Polo tanto, agora acábase de presentar tamén unha campaña transversal, de fomento do consumo cultural. O máis importante é que nos impliquemos todos, o sector cultural, porque é certo que transversal é de todos e, polo tanto, a Xunta non deixa de traballar e poñer encima da mesa iniciativas para apoiar este sector; axudas directas á creación —xa lle digo—, que só se fai dende hai tempo dende o Goberno galego.

E, neste ano, financiáronse 192 axudas para empresas e profesionais do sector do libro, 40 axudas á creación no ámbito artístico, 20 axudas a galerías de arte, actividades formativas nas que participaron 680 persoas para formarse, como dicía vostede, porque é verdade: tamén hai que potenciar o talento e saber desenvolvelo. Pois moitas veces estas axudas, que quedan igual máis agochadas, tamén existen e a Xunta tamén ten ese punto completamente controlado.

Polo tanto, a Estratexia da cultura galega é a folla de ruta que seguiu este goberno, como dicía, e que tivo resultados moi positivos; unha estratexia da cultura galega que se viu ao mellor neste caso un pouco limitada coa covid pero na que a raíz da covid se puxo en marcha o plan de reactivación. Polo tanto, é unha folla de ruta moi clara, con 6 liñas estratéxicas, con 34 obxectivos clarísimos e 360 medidas de actuación, unha estratexia que está totalmente redactada e que ademais está moi consensuada co sector cultural.

Un establecemento, ademais, dun pacto pola cultura galega, tendo en conta o seu valor esencial, e con iso vou enlazar, porque quedo sen tempo e quero falar do que vostedes están permanentemente insistindo de ter a cultura ou nomear a cultura ben de primeira necesidade, cando cremos que é un brinde ao sol, porque realmente son moi boas intencións, como pode facer o Goberno central en Madrid, pero despois ¿que contraprestación ten iso, que contraprestación práctica —como estou dicindo—, con resultados prácticos, e realmente que des-

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

pois teña un asentamento da cultura en Galicia? Moitas veces un ben de primeira necesidade ten incentivos fiscais que agora neste momento escapan das nosas posibilidades, porque son ás veces competencias que están no Goberno central. Polo tanto, é un brinde ao sol que vostedes utilizan como estratexia política. Paréceme moi ben, pero non vai solucionar nada.

Reformulación do Xacobeo 2021. Está máis que feito. Ademais, falar do Xacobeo co Bloque Nacionalista Galego ás veces é complicado, porque vostedes nunca creron nun Xacobeo; é dicir, plantexaban o Xacobeo como que estes do PP poñen o Xacobeo como algo turístico, como algo cultural. O Xacobeo é un valor importantísimo que temos nesta comunidade autónoma e ao que temos que sacarlle ademais moita rendibilidade e moito proveito e presumir del. E, como dicimos, agora, nesta década do Xacobeo que vén adiante, pois temos moitísimas oportunidades no sector cultural, e noutros tamén, para poder aproveitalo. E —repito—, ademais, a cultura é unha base imprescindible do Xacobeo, algo único, noso, e polo tanto do que temos que sacar rendibilidade.

O Partido Socialista parece que cambia un pouco xa o seu discurso neste tema, pero non é certo que o apoien, cando nas emendas que presentamos no Congreso dos Deputados para que...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: ...se aumenten as asignacións votan en contra e despois á hora da verdade hai moitas cidades que nin sequera permiten incluso sinalizar o Xacobeo e o eluden totalmente. A cidade de Vigo —teño que dicilo porque eu son de alí— parece que é un oasis e é a única cidade do mundo onde non está sinalizado o Xacobeo, porque a un alcalde socialista non lle dá a gana de facelo.

Nós non imos apoiar a moción, porque é unha moción en contra do Goberno, da política do Goberno, pero non vai en favor do sector cultural. Non cremos que, apoiando estas iniciativas, que, como sabe vostede, a maioría xa se están levando a cabo, vaia mellorar o posicionamento e o sector cultural neste momento.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Egerique.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, autor desta moción, señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: Ben, é moi pouco tempo para responder debidamente e en profundidade.

En primeiro lugar, gratitude ao Grupo Parlamentario Socialista polo seu apoio. O feito de non ter recibido ningunha emenda case me fixo crer que podería ser aprobada por unanimidade desta cámara esta moción; lamento que non poida ser así; haberá que seguir intentándoo para chegar a conseguilo, porque temos ben claro as persoas que participamos na

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Comisión de reactivación que era unha demanda de quen alí participou representando o sector cultural.

Porque, desde logo, no BNG si acreditamos que a cultura é parte da reactivación do noso país e é un motor económico imprescindible co que hai que contar. E, por suposto, non vou facer xuízos nin vou facer de ventrílocua para o sector cultural sobre o que se dixo nesa comisión por parte dos diferentes comparecentes, só catro; vírono, verano, porque está na Mediateca do Parlamento e sacarán eles e elas as súas propias conclusións sobre o que alí se dixo e as intervencións que tivemos tamén os diferentes representantes de cada grupo parlamentario.

Desde logo, insisto en que na demanda de diálogo vostedes poderán dicir que si as veces que queiran e poñelo en maiúscula e en letra negra e cursiva, mais son demandas explícitas e mesmo quedaron recollidas por escrito nesta comisión.

Vostedes din que non é posible facer nun mes ese plan de rescate, de reactivación, plan B —como queiran poñerlle os nomes e apelidos—, agora nun mes, desde que presentamos a moción. Efectivamente. Nós dabamos por feito que era algo no que xa viñan traballando unha vez que ese plan de reactivación, que non esquezamos que era do sector cultural e do turismo, remata, ou entendemos que remata agora —é o que vostedes están dicindo—; polo tanto, dabamos por feito que xa estaban facendo os deberes de cal era o paso seguinte. Xa vemos que non, que non hai ningún plan de choque que vai dar continuación a ese primeiro plan de reactivación, que non hai polo tanto nada desenvolvido da Estratexia da cultura galega 2020-2021, tampouco polo visto hai nada. E desde logo que tamén queda claro que non hai tal diálogo co sector.

Un plan de reactivación do que vostedes seguirán enumerando cifras, pero o que nós preguntamos é cando nos vai chegar se está tamén xa preparando, prevendo o que debe ser algo fundamental, que é a avaliación cualitativa dese plan de reactivación, mais que números realmente de calidade, que é o que nos queda. E, sobre todo, por favor, volvemos e volveremos insistir sempre: consúlteno co propio sector. ¿Cal é esa avaliación cualitativa que o sector fai?

E volvo dicir: non hai nada para despois; díxonolo a voceira do Partido Popular agora aquí ben claro; non hai ningún plan para atender como é debido a cultura galega a partir do 1 de xaneiro.

Apelan vostedes reiteradamente a axudas, a que foron tamén os primeiros e demais. Eu, de verdade, recomendo que miren outro tipo de plans de axudas (Euskadi, Valencia, etc.,), que nada teñen a ver co que presentaron vostedes para o sector cultural galego.

E estes orzamentos seguen dicindo que falan sós. Efectivamente, si falan, falan sós; o caso é logo ver quen os escoita, porque non hai axudas, que pensen en algo que é estrutural na formación cultural galega como é o asociacionismo cultural. Non hai axudas realmente para a investigación, para a creación, segue sen haber axudas debidas para o fomento da creación cultural. E non hai axudas para internacionalización, segue sendo un absoluto desiderátum e un abandono, simplemente se configuran para esa partida 257.000 euros, moitísimo menos

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

do que, por exemplo, pois para a Fundación Camilo José Cela; debe ser que para vostedes no Partido Popular a internacionalización remata en Padrón e non vai máis alá.

Xa para rematar, resulta incrible observar a desatención, cada vez máis programada, do libro e da lectura. Seguimos sen plan de lectura, séguese sen avaliar o plan LÍA 2016-2020, segue sen estar o sector do libro coa necesidade, coa atención que se precisa. Difícil de explicar que o programa dos orzamentos 4.2.3.A, de campaña de sensibilización e fomento da lectura, baixe de 180.00 euros neste ano a 35.000 para o ano que vén. Esa é a atención que se lle presta ao fomento da lectura por parte do Goberno galego.

Patrimonio é o sector cultural fundamental absolutamente desatendido, e mencionaba vostede esa campaña que nos anunciaba o señor conselleiro, efectivamente, na súa intervención no pleno anterior. Eu pregúntome, preguntámonos de que campaña realmente imos falar, unha campaña na que para empezar non está en todos os medios, polo tanto non está chegando a boa parte da sociedade galega; por certo, aqueles medios que se por algo se caracterizan é por empregaren a lingua galega para comunicar a información. Unha campaña que concibe por exemplo a lectura como un panel de fondo duns andeis con moita bibliografía, con moita literatura pero ningunha en galego. ¿Que é o que estamos realmente publicitando? ¡Por favor!

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora QUEIXAS ZAS: Unha campaña incluso con faltas de ortografía: «Gozar do pracer da lectura ao caloriño da casa.» Señores e señoras, a palabra «calor» é feminina, será a «caloriña da casa». E unha campaña de consumo, de consumo ¿para quen? Só para quen ten, porque seguimos agardando —e seguiremos recordando tantas veces como faga falta— realmente unha política que apoie a promoción da cultura para quen non ten ese acceso prioritario como é a dotación de bonos culturais que permitan realmente que a cultura sexa un dereito.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora QUEIXAS ZAS: Remato.

Efectivamente, a súa política en relación coa cultura segue a ser interpretada como un cero á esquerda, non conta.

Moitas grazas, presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Queixas.

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Procedemos á votación das mocións.

Comezamos votando a moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa de dona Noa Presas.

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista e pediu quen participou no debate polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Ortega, separar a votación por puntos. ¿Acepta a votación por puntos? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pediu separar o punto número 4.

Votamos, en primeiro lugar, o punto número 4.

Votación do punto 4 da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Noa Presas Bergantiños, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co impacto na economía galega da consolidación da pobreza e da exclusión social e as repercusións da crise da covid-19.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 18; votos en contra, 40; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este punto número 4.

Votamos agora o resto dos puntos da moción.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, agás o punto 4, por iniciativa de Dª Noa Presas Bergantiños, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co impacto na economía galega da consolidación da pobreza e da exclusión social e as repercusións da crise da covid-19.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitados estes puntos.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a moción do Grupo Parlamentario Socialista.

Non hai emendas.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Carlos Francisco Rivera, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa crise económica e a situación social xeradas pola covid-19.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Por último, votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa de dona Mercedes Queixas.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Mercedes Queixas Zas, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto da covid-19 no sector cultural.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Suspendemos a sesión ata as dezaseis trinta.

Suspéndese a sesión ás tres e trinta e dous minutos da tarde e retómase ás catro e trinta e un minutos.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Reanudamos a sesión, co punto 4 da orde do día, proposicións non de lei.

Alteración da orde do día

O señor PRESIDENTE: Comezamos co debate acumulado das seguintes proposicións non de lei:

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Marina Ortega Otero e D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia tendentes ao mantemento do servizo de axuda no fogar extraordinario e a prorrogalo ata que a pandemia provocada pola covid-19 se atope controlada na nosa comunidade autónoma

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Olalla Rodil Fernández e dous deputados/as máis, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de modificar a normativa vixente que regula o servizo de axuda no fogar, así como as cuestións que se deben introducir nela

O señor PRESIDENTE: Ambas tratan sobre o servizo de axuda no fogar, mantemento e prórroga ata o remate da pandemia da covid-19 e modificación da normativa vixente.

Hai unha emenda que se formula á proposición non de lei do Grupo Parlamentario Socialista.

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Olalla Rodil Fernández, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda á proposición non de lei doc. núm. 3280 (11/PNP-000347).

Emenda de substitución:

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento insta a Xunta de Galiza a iniciar un proceso de diálogo de maneira inmediata cos concellos galegos —a través da súa representación na FEGAMP— e coas representantes das traballadoras/es do Servizo de Axuda no Fogar co obxectivo de modificar a normativa vixente que regula este servizo e introducir, como mínimo, as seguintes cuestións:

1. Revisar os criterios de financiamento do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) para incrementar o prezo/hora que achega a Xunta de Galiza para aquelas usuarias e usuarios que teñen recoñecido o servizo a través da Lei 39/2006 de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia. A aportación da Xunta de Galiza axustarase ao custe real e efectivo do servizo tendo en conta, entre outras cuestións, os dereitos laborais das traballadoras e a dispersión poboacional.

2. Determinar a aportación económica da Xunta de Galiza para o financiamento das horas de libre concorrencia prestadas polos concellos de acordo co disposto no Decreto 99/2012 polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

3. Estabelecer criterios obxectivos de distribución de horas de SAF que deberán ser revisadas anualmente á fin de garantir o acceso ao servizo de todas as persoas que o precisan.

4. Introducir un novo modelo de prestación do servizo que substitúa o actual baseado en horas co obxectivo de mellorar as condicións laborais das traballadoras e favorecer unha xestión máis eficaz e eficiente do SAF.

5. Modificar as rateos que fixan o persoal técnico mínimo exixible ás empresas prestadoras deste servizo reducindo o número de persoas usuarias por cada técnica/o.

6. Iniciar o proceso de negociación coa representación social da traballadoras para a aprobación dun novo Convenio colectivo para a axuda a domicilio de Galiza.

7. Elaborar protocolos de prevención e intervención en casos de agresión no domicilio, violencia machista ou discriminación.

8. Introducir as modificacións normativas oportunas que permitan adoptar, con seguridade xurídica para os concellos, medidas de suspensión temporal ou total do servizo en casos de agresión, violencia machista ou discriminación, entre outros.»)

O señor PRESIDENTE: Comezamos co debate.

Ten, en primeiro lugar, a palabra, polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Ortega.

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora ORTEGA OTERO: Grazas, presidente.

Boa tarde.

O SAF é un dos piares do noso Estado de benestar, un dos servizos máis emblemáticos dos servizos sociais, que xa daba os primeiros pasos nos anos 80. O SAF é ese recurso do que todo o mundo escoita falar pero que na realidade é un gran descoñecido. O servizo de axuda no fogar ten que ser posto en valor, así como trasladar á cidadanía a pedagoxía precisa para que sexamos conscientes de cales son as súas funcións e obxectivos como servizo complementario e profesionalizado que precisa dunha coordinación necesaria cos coidados familiares non profesionais.

O 11 de abril a Xunta de Galicia anunciaba un servizo de axuda no fogar extraordinario para responder ás situacións de emerxencia durante o tempo de alerta sanitaria causada pola covid. En concreto, a Xunta informaba de que asinaría cincocentas mil horas aos concellos para o coidado a domicilio de persoas con necesidades asistenciais.

En canto ao copago que habitualmente fan os usuarios de dependencia, a Xunta de Galicia comprometeuse neste caso no SAF extraordinario a que asumiría o custo dos mesmos; así, tamén elevaba a súa cota por hora a 12 euros por parte da Administración autonómica. O día 30 de novembro decide retirar este servizo de axuda no fogar extraordinario no medio da pandemia con restricións e limitacións moi duras pero necesarias para facer fronte ao virus pero que limitan aínda máis a situación das persoas dependentes, polo que segue a ser un servizo esencial pese a que a Xunta se escude en que só serve para substituír o labor dos centros de día, que mantivo pechados tanto tempo, mentres incluso unha persoa podía acudir a unha verbena pero non ao seu centro de día terapéutico.

As traballadoras sociais, así como as auxiliares, ben coñecen a situación e saben que, tendo en conta as restricións, é necesario. Pero non vale só con sumar horas sen reformular e dotar de recursos o servizo de axuda no fogar. Din que para todo hai un porqué e o certo é que o Partido Popular, que goberna a Xunta, fai un truco. Agora que xa pasaron os titulares e momentos tan delicados, xa cumpriu a súa función, e agora indican que aumentarán o SAF ordinario pero que retiran o SAF extraordinario.

Preguntarémonos por que. ¿Por que non manter o que xa hai, ademais de subir horas? Hai que ter en conta que, tal e como está deseñado o servizo de axuda no fogar extraordinario, elimínase a carga do copago aos usuarios beneficiados, pasando a cargo do Goberno galego. Dende o noso grupo preguntámonos: ¿por que non mantelo nun momento de crise —chámese extraordinario ou como queiran—? ¿Por que que eliminar o copago aos usuarios nun momento de crise como no que estamos? Non é por non aceptar o erro e darnos a razón —que podería ser—, senón que o truco está en que o Goberno da Xunta non actualizou a cota que lle pertence como Administración autonómica no pago do servizo de axuda no fogar. Isto quere dicir que pasou de custar apenas 12 euros/hora aproximadamente hai máis dunha década a pasar nestes momentos a custar entre 12 e 22 euros/hora.

E, ollo, que aquí está a cuestión: a Xunta, pese ao incremento do custo do SAF, segue a poñer a mesma cantidade que hai máis dunha década, máximo 9,70 euros/hora, polo que o resto

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

o están a pagar os concellos e os usuarios. Noutras palabras, co SAF extraordinario a Xunta sobe aos 12 euros e asume o copago dos usuarios e co ordinario paga a 9 euros e o copago recae nas persoas dependentes. Esta é a clave.

O xusto sería que as condicións nas que se estaba dando o SAF extraordinario sexan trasladadas ao conxunto do SAF ordinario. E a Xunta sae dando titulares como que regala horas do servizo de axuda no fogar aos concellos e veciñanza, cando en realidade o que está a practicar é o método «eu convido, ti pagas».

Polo tanto, é urxente para o bo financiamento do SAF en Galicia, primeiro, ter en conta o tipo de financiamento, e para iso só cabe que a Xunta aumente a aportación que lle corresponde e libere os concellos dunha carga inasumible para as propias arcas municipais. Teñen a oportunidade de ter contacto co sector a través das auxiliares de axuda a domicilio, así como a través das coordinadoras e coordinadores do SAF. E ambos os colectivos puxeron en común deficiencias dun sector que está e debe seguir a estar en auxe, tendo en conta que cada vez vivimos máis anos e, polo tanto, a nosa poboación precisa dun sector de coidados óptimo.

E isto vai na liña que defendemos dende o noso partido, que versa sobre que o novo modelo non só cabe a través dun modelo residencial novo, senón que o novo modelo debe de englobar todo o sector de atención e coidados a maiores e persoas dependentes, e o SAF é un piar evidente dentro dese modelo.

O colectivo asociativo de coordinadores do SAF, a través do grupo de traballo do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia, elaborou un estudo plasmado nun documento que deixa claras as prioridades polas que temos que traballar en Galicia, como son, por exemplo, mellorar a calidade de vida das persoas usuarias, posibilitar a permanencia das persoas na súa contorna de convivencia habitual, favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio, manter e mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social, previr situacións de dependencia ou exclusión social e retardar ou evitar a institucionalización.

A Lei 39/2006 fai responsable final a Xunta de Galicia na planificación do servizo de axuda no fogar. Polo tanto, é fundamental que a Xunta reformule, en primeiro lugar, o financiamento e reequilibrio do que aporta a Xunta respecto dos concellos, e hoxe máis ca nunca, nesta situación de pandemia, tendo en conta que os presupostos do Goberno do Partido Popular en Galicia recortan os recursos que destina a Xunta aos concellos.

Pero todo isto non o dicimos nós. O propio informe do cal falaba, dos traballadores e traballadoras do sector, cita textualmente: «Debemos ter en conta que a achega da Xunta para o servizo de axuda no fogar é de máximo 9,70/hora, sendo insuficiente. E o peso da achega local non é asumible para moitos, polo que na planificación xeral do SAF sería necesario de forma urxente o incremento do prezo/hora por parte da Administración autonómica».

Pero existen outras cuestións que temos que reformular no SAF. Unha moi importante é a situación laboral do propio sector, cunhas xornadas complexas de cadrar en canto a horarios, nas cales as propias traballadoras poden ter poucas horas asignadas e mesmo espaciadas ao

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

longo da xornada no mesmo día, polo que obteñen salarios moi baixos e incluso difíciles de compatibilizar con outra ocupación complementaria.

Outra cuestión que preocupa é a propia seguridade das traballadoras. Dende o sector alertan de que, tendo en conta que traballan con diversa casuística —pois, ademais de dependencia, como todos sabemos, saúde mental, desestruturación, adiccións, etc.—, en ocasións traballan con usuarios con capacidades cognitivas ou condutuais deterioradas e que poden existir casuísticas de comportamentos agresivos que as propias traballadoras non comunican por temor ás represalias laborais. Existe un cauce administrativo de comunicación que ten que ser reformulado para que as traballadoras poidan ter unha protección ao respecto tras unha comunicación deste tipo. Situacións como esta —ou outras máis sinxelas como, por exemplo, o traslado dun domicilio a outro en contornos rurais alonxados entre si, ou mesmo en núcleos urbanos onde teñen dificultades para aparcar os seus vehículos e cumprir cos horarios establecidos— fan complexo facer o seu traballo e cumprir a xornada.

Por iso é preciso unha reformulación e sobre todo —o máis importante— un diálogo claro, directo e constante co propio sector para poder dotar de recursos non só cuantitativos senón cualitativos.

Trátase dun sector cualificado e preparado que precisa dunha mellora nas condicións de traballo. No contexto da pandemia o SAF foi unha das profesións esenciais que mantiveron a vida no noso país pero lamentablemente non recibiron o trato que merece unha profesión esencial como tal en momentos tan duros. ¿Como é posible que unha auxiliar de axuda a domicilio que tivo contacto cun positivo non a chamen os rastrexadores ata catro días despois? Como este, moitos exemplos. ¿Como é posible que auxiliares de axuda a domicilio que tiveron que atender positivos nas súas casas non tiveran os equipos de protección para iso? ¿Como é posible que se abuse da telemedicina e as auxiliares a domicilio e traballadoras sociais teñan que visitar domicilios de positivos sen as condicións axeitadas?

As traballadoras e traballadores do sector falan da falta de protocolos claros ao respecto e falta de medios, que levou, en moitos casos, os mesmos a un estado de estrés laboral inasumible que repercutiu e repercute en moitos casos na súa propia saúde. É preciso incorporar máis profesionais aos equipos, como profesionais da psicoloxía ou a educación social, para implementar e aumentar a rehabilitación cognitiva dos usuarios e con iso prolongar ao máximo a posible autonomía e benestar dos nosos maiores e persoas con dependencia.

Polo tanto, impulso e reforzo do SAF, actualización do pago do Goberno da Xunta nun reequilibrio do financiamento do servizo que alivie o agobio económico que teñen os concellos, reformulación do servizo con máis profesionais e dentro dun novo concepto global de atención aos nosos maiores e persoas dependentes e formación para a incorporación de máis profesionais ao servizo e mellora das condicións laborais das mesmas froito do diálogo co sector.

Todos e todas, con sorte, chegaremos a maiores, e tamén podemos ter a desfortuna de sufrir unha dependencia ou unha discapacidade. É probable que poidamos precisar este servizo. Coidémolo, coidemos os traballadores e traballadoras do sector e, por suposto, coidemos os nosos maiores e persoas dependentes.

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Ortega.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Eu tamén quería comezar dicindo que non compartimos a decisión de acumular estas dúas iniciativas, toda vez que na parte resolutiva —como poden comprobar— se propoñen cousas completamente distintas. En todo caso, non nos toca a nós ordenar ou organizar o debate.

Pero hoxe desde o Bloque Nacionalista Galego o que traemos a este pleno é unha reflexión máis profunda, que é o mantemento do servizo de axuda no fogar extraordinario, que, como saben, rematou o pasado día 30 de novembro, para abordar en conxunto o deseño e a xestión do servizo de axuda no fogar no noso país. Por iso presentamos tamén unha emenda de substitución á iniciativa do Partido Socialista co texto da nosa.

O SAF extraordinario —digo e insisto— rematou o día 30 de novembro; de feito, este luns, o 7 de decembro, a Xunta de Galiza comunicaba aos concellos unha ampliación en máis dun millón de horas do SAF vinculado á Lei de dependencia para 2021, que van distribuír a partir do día 15 deste mes, nas mesmas condicións nas que viña desenvolvéndose até o de agora, é dicir, cunha aportación económica do Goberno galego de 9,7 euros/hora, efectivamente, prestada naquelas que están directamente vinculadas coa Lei de dependencia e sen máis criterio de distribución desas horas entre os distintos concellos que —cito literalmente a comunicación da Xunta— «as necesidades detectadas polo propio Goberno galego de acordo coa información recollida no SIGAD».

E aí é a primeira das cuestións que queriamos traer hoxe desde o BNG a este pleno, porque a Xunta de Galiza ten o mal costume —e non o fai única e exclusivamente cos servizos e a política social, faino tamén en moitos outros ámbitos— de tomar decisións que afectan os concellos pero sen contar en absoluto nin coas súas opinións nin coas súas consideracións, nin moito menos coa situación coa que teñen que facerse cargo as entidades locais. Aprobou, como se indicaba hai un momento, medio millón de horas de SAF extraordinario unilateralmente; comunicou, tamén da mesma maneira, unilateralmente, que daba por rematado o servizo a 30 de novembro, sen preguntar, sen contrastar que necesidades e que realidade tiñan os distintos trescentos trece concellos do noso país; e agora volve facer o mesmo, distribúe máis horas. Nós non negamos a necesidade desa ampliación ou ese incremento de horas, pero de novo volve facelo de maneira unilateral e sen contar coa opinión dos propios concellos, sen máis información nin máis contraste que un cartel informativo pendurado na web de Servizos Sociais.

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cremos que o debate que toca agora —e que xa é un debate que vén de vello ou vén de lonxe— é precisamente falar e abordar as condicións nas que se está a prestar hoxe o servizo de axuda no fogar, como se financia, como se xestiona e, sobre todo, que debe mudar para garantir a máxima calidade na atención das persoas usuarias, pero, sobre todo tamén, como garantir as mellores condicións laborais para as persoas que están a desenvolver ese traballo.

Falamos moito nesta cámara no que vai de lexislatura —e xa antes—, porque era imprescindible, porque era necesario, da situación das residencias de maiores no noso país, das condicións nas que desenvolven o seu traballo as traballadoras e traballadores das residencias, pero temos que ter en conta que un dos principais —por non dicir o principal—, o servizo de atención a persoas dependentes en Galiza, é precisamente este, é o servizo de axuda no fogar, especialmente naqueles concellos do interior e do rural do país que non contan con outros servizos de proximidade; case vinte e catro mil persoas usuarias en 2019 que son atendidas nos seus domicilios.

Tamén quero facer un inciso aquí, porque o grao de cobertura, sendo un dos principais servizos, que ten o SAF en Galicia está por baixo da media do Estado español. Nós temos un 2,98 % por cada cen persoas maiores de 65 anos, fronte ao 3,99 % no caso da media do Estado español.

Nós coincidimos desde o BNG: o SAF é un servizo fundamental, é un servizo moi necesario, pero que se sostén sobre unha enorme precariedade.

¿Que é o que propomos hoxe desde o BNG con esta iniciativa e, sobre todo, con que dous obxectivos queremos ou chamamos a revisar este servizo? O primeiro é reclamar ese diálogo do que falaba ao comezo, reclamar ese diálogo da Xunta cos concellos, a través da entidade que os representa a todos eles, que é a Fegamp: que calquera modificación substancial, sexa un incremento de horas ou de calquera outra índole, teña que ser o resultado dun diálogo e tamén dunha vontade cando menos de consenso e negociación, non de actitudes ou decisións unilaterais.

Lembrarán vostedes que no anterior pleno desde o BNG, nunha pregunta que formulabamos á conselleira de Política Social, pediámoslle que se mantivese ese incremento de horas que supuxera o SAF extraordinario unha vez que ese programa remataba. Pero tamén lle insistiamos moito á conselleira en que era necesario que ese mantemento das horas fose o resultado do diálogo e da coordinación cos concellos, porque son as entidades locais as que teñen, en última instancia, que xestionar este servizo.

En segundo lugar, o segundo obxectivo que pretendemos con esta iniciativa é unificar aínda máis as condicións nas que se presta e mellorar a calidade do servizo, fundamentalmente pola vía da garantía e o recoñecemento de máis e mellores dereitos laborais para as traballadoras deste servizo de axuda no fogar, practicamente o 100 % delas, sobre todo na categoría de auxiliares, mulleres. E tamén por esa feminización deste servizo, como a maior parte dos servizos que teñen a ver cos coidados no noso país, en boa medida por iso, tamén se atopa invisibilizado, precarizado e extremadamente desvalorizado para o gran beneficio social que reporta ao conxunto da sociedade deste país.

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

¿En que propomos desde o BNG con esta iniciativa que mude o servizo? En dous aspectos fundamentalmente: no que ten a ver co financiamento, pero tamén nunha parte importante coa organización do propio SAF.

No financiamento, fundamentalmente, indo cara a un incremento da aportación que a Xunta de Galiza fai para axustala ao custo real da prestación do servizo e garantir ademais con ese incremento un salario digno para as traballadoras. Hoxe atopámonos en moitísimos concellos deste país traballadoras do SAF que están percibindo un salario por debaixo do que marca un convenio colectivo que, como saben, está caducado no ano 2011. E ademais é que esa aportación que fai a Xunta de Galiza, eses 9,70 euros/hora, efectivamente prestada, está moi lonxe e é totalmente insuficiente para facer fronte ao custo real do propio servizo.

Dicía a señora Ortega que tiña un prezo, un custo de 13 euros, e realmente entre 18 e 23 euros a hora prestada, de acordo precisamente con ese informe elaborado polo Colexio Oficial de Traballo Social de Galiza.

Ese financiamento á baixa, é dicir, que a Xunta só aporte 9,7 euros/hora, o que está é a favorecer a precariedade laboral e que moitas traballadoras do SAF perciban un salario por baixo —insisto— do que marca o propio convenio, ademais de exixir un enorme esforzo ás entidades locais, porque teñen que asumir a diferenza entre o custo real da prestación do servizo e a parte que pon a Xunta. Partindo da base de que as usuarias e usuarios fan a súa achega en función da renda e o patrimonio que teñen, obviamente, no país como é Galiza, coas segundas pensións máis baixas do Estado, loxicamente —nós isto tamén o queremos deixar claro— a maior parte das persoas usuarias ou non aportan nada ou fan a aportación mínima, de acordo —insisto— coa súa renda e o seu patrimonio. Iso no que ten a ver co financiamento.

E na parte da organización do servizo o que nós propoñemos hoxe desde o BNG é, primeiro, que se establezan criterios obxectivos de distribución deses incrementos das horas, que non sexa unha decisión unilateral e discrecional da Xunta de Galiza, senón que responda a un contraste e a unha negociación previa cos concellos para que se axuste tamén a progresividade na incorporación desas horas e incluso o propio incremento ás necesidades dos concellos e á súa capacidade tamén como entidades prestadoras do servizo para enfrontar ese incremento de horas.

Modificar tamén a normativa para exixir que a maior parte daqueles servizos de axuda no fogar, que no noso país están xestionados por empresas privadas, teñan que contar con máis persoal técnico e de coordinación e, polo tanto, que haxa que reducir a ratio de persoal técnico en función do número de persoas usuarias e usuarios para axustalo tamén a unha maior calidade na prestación do servizo.

Mellorar tamén as condicións de traballo das auxiliares, cunha organización da xornada de traballo que non vaia en función das horas, senón que teña outra unidade de medida. ¿E por que dicimos isto? Porque hoxe os contratos a tempo completo nas traballadoras do servizo de axuda no fogar son a excepción e non a norma. O máis habitual é que nos atopemos xornadas partidas de cinco, de seis horas, que fan moi difícil a conciliación da vida persoal, da

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

vida laboral e da vida profesional desas persoas, e que están levando a moitísimas mulleres traballadoras do servizo de axuda no fogar a percibir salarios por debaixo do SMI.

E o que non podemos é, nin antes da pandemia nin moito menos despois do que levamos vivido neste país, soster os dereitos e os servizos sociais sobre a explotación laboral e a negación de dereitos ás traballadoras e traballadores.

Mellorar as condicións de traballo, que pasan tamén por contar con protocolos de intervención e de prevención sobre situacións que cada vez son máis habituais nos domicilios das persoas usuarias, onde se producen casos de discriminación, casos de agresión sexual ou mesmo de racismo.

E nós o que pedimos é que se elaboren protocolos e que se fagan as reformas normativas que sexan necesarias para poder suspender con carácter temporal ou absoluto o servizo naqueles casos en que se produce, efectivamente, esa vulneración de dereitos. Hoxe a normativa só prevé a suspensión temporal do servizo en dous casos que nada teñen a ver coas condicións laborais.

E remato cunha última reflexión, coa esperanza de vida que temos. Inmersas como estamos nesta cámara no debate sobre o impulso demográfico, temos que fortalecer os servizos e os coidados e, sobre todo, todo o que ten a ver coa atención das persoas dependentes, sobre todo daquelas persoas que teñen vontade, que así o desexan e ademais teñen dereito a quedar durante o maior tempo posible nas súas propias casas; é o seu dereito. Pero, sobre todo, tamén temos que ter en conta que o benestar social e que os coidados son xeradores de traballo, pero ese emprego ten que ser de calidade e en condicións laborais dignas.

Hoxe desde o BNG traemos esta iniciativa. Cremos que é un pasiño, aínda que sexa pequeno, nese camiño de garantir mellores servizos, de maior proximidade, de maior calidade e, sobre todo, con máis dereitos.

Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo non propoñente, Grupo Parlamentario Popular, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, señor presidente.

Boas tardes, señorías.

Podemos discrepar ou compartir a valoración da señora Rodil sobre a pertinencia ou non da acumulación, pero recoñecerá vostede que, despois de escoitar a intervención da representante do Partido Socialista, case houbo unha acumulación *de facto*, porque practicamente falou basicamente da emenda que presentaron vostedes e a asumiu como se fose unha cues-

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tión propia. Ou sexa, que non debe de estar tan alonxado o criterio da Mesa respecto a este tema.

En calquera caso, e centrándonos no que hoxe nos trae aquí para debater, eu e o meu grupo cremos sinceramente que resulta incuestionable a importancia que ten acadado o servizo de axuda no fogar como unha fórmula —probablemente a fórmula máis acaída, ¿verdade?— para conciliar as necesidades de atención dos nosos maiores e dependentes coa súa vontade maioritaria —maioritaria polo menos en Galicia— de permanecer nos seus domicilios.

E creo sinceramente —e agradézoo— que a presentación das dúas iniciativas que agora mesmo nos toca debater é unha constatación máis da importancia dese servizo de axuda no fogar. Porque creo sinceramente que o modelo de atención na casa, no domicilio propio, é o preferido pola inmensa maioría dos galegos. Tanto é así que, de feito, hai trinta mil demandantes deste tipo de servizos; a día de hoxe vinte e catro mil deles xa disfrutan do servizo de axuda no fogar. E creo que iso é ben indicativo de por onde van os gustos e as preferencias dos usuarios galegos.

A esta preferencia puramente dos usuarios súmase tamén unha alta valoración por parte dos profesionais, ¿verdade? Teño aquí unha entrevista de don José Augusto García Navarro *(O señor Pazos Couñago mostra un documento.)*, presidente da Sociedade Española de Xeriatría, que nos di que no futuro non deberiamos sequera ter residencias de anciáns. Cando lle preguntan por cuestións como pisos tutelados, atención domiciliara, pois sinala que deben de enriquecerse este tipo de servizos, fala incluso que se despracen terapeutas, fisioterapeutas aos domicilios e demais, e que ese é o obxectivo final do que debemos de ter. No futuro non deberiamos ter residencias e deberiamos ter todos os demais.

Talvez ese sexa o futuro ideal ao que debemos aspirar, pero namentres, evidentemente, temos que traballar para compatibilizar todo este tipo de ferramentas e de servizos que pon a Administración á disposición de maiores e dependentes. En todo caso, a alta valoración tanto de usuarios como dos profesionais fai que este sexa un compromiso prioritario da Xunta de Galicia, que se ten concretado nun aumento continuado do seu orzamento durante máis dunha década adicado a este tipo de servizos, e que ademais ten ese compromiso de continuidade neste ano 2021, no que se ratificou tamén esa progresiva subida do orzamento no proxecto orzamentario que neste momento se tramita nesta cámara.

Sirvan como exemplo algúns datos illados. Entre o 2009 e o 2021 a Xunta de Galicia, o Goberno de Alberto Núñez Feijóo, multiplicou os fondos para a atención domiciliara por sete, multiplicou por sete os recursos dispoñibles para este tipo de servizos. Dicían nun debate anterior que parece que estamos obsesionados co Bipartito. Non é obsesión, é unha cuestión de que entendo que, cando vimos aquí, vimos debater sobre modelos de prestación, sobre como se exerce cada un eses modelos cando ten a oportunidade de gobernar. A realidade é que este goberno, o actual da Xunta de Galicia, multiplicou por sete os recursos da axuda domiciliaria que prestaba o Goberno bipartito. Non é unha cuestión de demonizar a ninguén, é unha cuestión de poñer sobre a mesa datos obxectivos.

Pero ese compromiso segue materializándose a día de hoxe. O servizo de axuda no fogar neste ano 2021 no proxecto de orzamentos increméntase un 10 % e alcanza a cifra de

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

83,6 millóns de euros. Galicia xa era líder nacional deste tipo de servizos, pero creo que consolidamos así o servizo. E ese liderado que pretendemos consolidar ten un obxectivo, e o obxectivo é chegar a atender o cen por cen da demanda existente deste tipo de servizos.

E nisto si coincido co que dixo a señora Ortega, porque, efectivamente, o servizo de axuda no fogar precisa ser replantexado e precísao no marco dun replantexamento global de todo este tipo de servizos. Pero é que a Xunta tamén está a facer esta cuestión. E vostedes sábeno, porque, froito dese plantexamento ou desa necesidade de replantexar os servizos de atención aos nosos maiores, creouse a nova Dirección Xeral de Atención Sociosanitaria, precisamente para facer ese replantexamento.

E, ademais, dende o Goberno de Galicia tendeuse a man para que vostedes poidan sumar achegas a ese novo modelo que pretendemos construír entre todos. Polo tanto, creo que aí é a parte na que podemos poñernos de acordo.

Mire, aquí, aínda que estamos nun debate acumulado, creo que hai dous debates, intimamente ligados, pero cada un coas súas particularidades. Primeiro está a proposta do Partido Socialista de Galicia, que insiste en alimentar unha polémica sobre o servizo de axuda no fogar extraordinario que na miña opinión non ten ningún sustento real e que obedece, ademais, a un interese por crear unha polémica artificial que se basea, única e exclusivamente, na demagoxia.

Mire, o SAF extraordinario naceu como un servizo para prestar atención profesional basicamente aos usuarios de centro de día namentres eses centros de día permanecían pechados por razón da pandemia da covid que viñamos vivindo.

Ante unha necesidade, que era evidente, a Xunta de Galicia orzou 6 millóns de euros, dotou ese SAF extraordinario de cincocentas mil horas e, efectivamente, como non había tempo que perder e non podiamos estar con temas de valoracións e demais, pois decidiu que foran sen necesidade de copago.

Pero esa situación de peche excepcional dos centros de día non existe, e os centros de día están abertos e están prestando os seus servizos coa normalidade que permite a actual situación. E, polo tanto, eu pediríalle que non se utilizasen argumentos falsos. Falsos porque vostede utiliza dous argumentos: un é o da existencia de que a pandemia continúa entre nós; é certo, a pandemia, si, pero a situación que xustificaba a existencia do SAF extraordinario, non.

Fágolle unha comparación para ver se así nos poñemos de acordo. Mire, vostedes implementaron os ERTE. Os ERTE son unha ferramenta para intentar aliviar a carga daqueles comercios, daquelas fábricas, daqueles centros de produción que non poden desenvolver a súa actividade por mor da pandemia. A pandemia segue entre nós, pero, evidentemente, a todos eses centros de traballo que están agora a desenvolver o seu traballo —xa non están pechados— vostedes non lles permiten dispoñer dun ERTE, ou polo menos adóptano se a incorporación é progresiva.

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pois isto é exactamente igual. Hai un problema puntual, resólvese o problema puntual. Abren os centros, desaparece o SAF extraordinario. Abren os centros de traballo, desaparece a figura dos ERTE. Isto é unha cuestión bastante razoable, que entende todo o mundo, e eu o que non entendo é por que teiman vostedes exactamente en manter o contrario.

A outra cuestión moléstame se cabe aínda máis, porque o dixo vostede o outro día no seu último turno de intervención nunha PNL na que tratabamos este tema en comisión e hoxe volveu deslizalo. Falaba vostede de que é necesario o SAF extraordinario polas dificultades e as restricións de mobilidade. E eu creo que isto xa é máis grave, porque entón o que estamos é trasladando información falsa aos cidadáns. Non. As persoas maiores non necesitan que vaia por restricións de mobilidade ninguén, porque xa está exceptuada esa cuestión nas propias restricións de modalidade; 1.3 do decreto que regula esta situación; leo: «Quedan exceptuados das anteriores limitacións aqueles desprazamentos adecuadamente xustificados que se produzan por algún dos seguintes motivos (...). Apartado e): Asistencia e coidado, incluído o acompañamento a maiores, menores, dependentes, persoas con discapacidade ou persoas especialmente vulnerables.»

Non diga vostede o contrario, porque lles está trasladando unha información falsa aos galegos que pode repercutir moi negativamente na compañía dos seus familiares, que si está perfectamente contemplada de maneira legal e á que teñen dereito. Non se pode vir aquí dicir o contrario *(Aplausos.)*, porque é desinformar, señora Ortega.

A consecuencia do que vostede propón é que se crean dúas situacións que nós non acabamos de compartir. Unha sería a duplicidade, que sería que as persoas que están sendo atendidas nos centros de día, ademais, gozasen dun servizo de axuda no fogar, que non ten ningún sentido, porque xa están atendidas neses centros de día. E a segunda, que é incomprensible, é que persoas con menos requisitos tiveran máis vantaxes, porque no SAF extraordinario, evidentemente, se prescindía da valoración previa pola situación de urxencia. Pero o que non pode ser é que alguén que non foi sometido a avaliación desfrute dunha situación máis vantaxosa que aquelas persoas que si pasaron o seu procedemento de avaliación e que están desfrutando do SAF ordinario e facendo o correspondente copago. Polo tanto, non hai ningunha lóxica no que vostede pretende.

Pola parte do BNG, o que pretende é abordar unha revisión integral do servizo de axuda no fogar lexítima, pero cun plantexamento que na nosa opinión ten dúas eivas. A primeira é que ignora cales son as responsabilidades das distintas administracións na prestación do servizo. E a segunda é que prioriza cuestións competenciais sobre o que é o obxectivo prioritario da Xunta, que creo que debería ser un obxectivo compartido: estender o servizo ao cen por cen dos demandantes.

Vostede falou da necesidade dun novo convenio colectivo. Mire, o SAF é un servizo contratado polos concellos, por certo, maioritariamente, inmensamente de maneira maioritaria, privatizado polos concellos, polos do BNG tamén. Quéroo dicir, porque despois se escoitan aquí cousas que a un lle chaman a atención. Polo tanto, a Xunta non pode negociar un convenio colectivo porque non é o contratante. De feito, nin sequera eses concellos poden negociar, porque tampouco son eles os contratantes. Non. Quen ten que facelo é a representación sindical dos tra-

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

balladores e das traballadoras coa empresa, e o resto de administracións poderemos acompañar nese proceso, mediar e botar unha man no que poidamos, pero a cada un correspóndelle o que lle corresponde. Despois volverei sobre o tema da privatización, se teño tempo.

O sistema de horas é un sistema que practicamente o que pretende é ser un sistema flexible, compatible coas necesidades dos usuarios e que, evidentemente, nin ten que ser incompatible coas condicións laborais dignas que precisan os traballadores. Niso estamos de acordo e nese punto podémonos encontrar.

A asignación de horas, señoría, xa se fai de maneira obxectiva. E o que pedimos e precisamos é o compromiso dos concellos para intentar usar o cen por cen desas horas para beneficio dos usuarios potenciais deste servizo.

En canto ao que dicía vostede da necesidade de establecer protocolos de prevención de violencia de xénero, xa están previstos. De feito, aquí teño *(O señor Pazos Couñago mostra un documento.)* —baixeina da páxina da consellería, pode facelo vostede igual— a Guía de actuación coordinada contra maltrato de persoas maiores ou adultas con discapacidade, onde xa está previsto ese tipo de actuacións e onde incluso xa está prevista a retirada do SAF en caso de sanción ou dunha medida cautelar, porque evidentemente non se pode privar alegremente a alguén dun servizo social básico.

Por último, estamos a vivir unha situación de pandemia que precisa da distancia social como medida principal de prevención. E eu creo que o SAF se ten amosado como unha ferramenta esencial para compatibilizar distancia social e atención social. É unha ferramenta que agora precisa do compromiso de todos, de todos, porque hoxe díxose que comprometer os concellos é pouco menos que unha deslealdade.

Miren, todos os comparecentes que pasaron pola Comisión de reactivación afirmaron que non é o momento nin do ladrillo nin do cemento, é o momento de investir nas persoas. A Xunta fíxoo. Incrementou o orzamento do SAF e pon á disposición un millón de horas; por certo, pon á disposición, non obriga a ninguén a utilizalas, ponas á disposición.

E nós pedimos que os concellos aumenten o seu compromiso e que as deputacións aumenten tamén o seu compromiso social, porque agora si dispoñen dos remanentes —que algún grupo lles pretendía quitar— e agora están á disposición dos concellos. Por certo, o propio presidente da FEMP, antes de cambiar de opinión e de pretender regalarlle 15.000 millóns ao Goberno do Estado, defendía que este remanente tiña que ser para usos prioritariamente de carácter social. Pero ¿hai un uso máis social que o financiamento do servizo de axuda no fogar? Nós cremos que non, e, polo tanto, pedimos compromisos, señorías, non pedimos outra cousa. *(Aplausos.)* E actualmente este servizo finánciase conforme a legalidade vixente, porque aquí parece que se fala de incumprimentos.

E aclárolle unhas cuestións que me parece que son interesantes para todos. A Xunta aporta actualmente o 67,59 % do custo do servizo; por certo, porcentaxe sobre gasto xustificado e, polo tanto, custo real. A aportación dos usuarios é do 15,42 % e os concellos aportan o 16,91 %. Eu creo que hai marxe para sumarse a este intento de estender este servizo ao cen

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

por cen dos demandantes. Paréceme que hai recursos financeiros e o que temos que comprobar é se hai tamén a vontade política.

Tempo haberá de analizar as melloras que precisa o SAF, que seguro que hai. Pero esa análise débese facer no ámbito dun replantexamento integral de atención a maiores e persoas dependentes. En todo caso, hai unha dirección xeral que se vai adicar fundamentalmente —e creo que é un bo inicio— a que isto se faga de maneira coordinada. Foi na Comisión de reactivación económica, social e cultural onde se tendeu a man para estes efectos, man que continúa tendida.

Pero o que lles pido é coherencia, porque o que non pode ser é que vaian a esa comisión pedir que recuperemos para o público todo este tipo de servizos e despois nos seus concellos os presten empresas como Clece, DomusVi, Safir, Eulen, aos que vostedes insultan nesa comisión pero aos que despois vostedes contratan cando teñen a responsabilidade de facelo. Isto é un exercicio de hipocrisía in-to-le-ra-ble. E eu o que pido é coherencia *(Aplausos.)*, non pido nada máis, coherencia. Se vostedes actúan con coherencia, se vostedes actúan con boa fe, se vostedes se suman ao intento de mellorar este tipo de servizos, encontrarán un grupo e un goberno disposto a negociar, porque creo que o que queremos todos é que os maiores gocen dos mellores servizos posibles.

Nós imos seguir traballando nesa dirección, pero ímolo facer dende a coherencia, dende a aportación positiva e sen dicir nunha comisión unha cousa e despois actuar nos lugares onde temos responsabilidade da maneira exactamente contraria. Fágano vostedes e será máis fácil que todos nos entendamos.

Nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pazos.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

O señor PRESIDENTE: Grupos autores da proposición non de lei.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Ortega.

A señora ORTEGA OTERO: Grazas, presidente.

Señor Pazos, os ERTE continúan onde hai limitacións, xa o saben, non sei por que din que non.

E unha cousa: o que estamos a pedir é que as condicións do SAF extraordinario —pódeno chamar como queiran, se queren cámbienlle o nome— que se trasladen ao SAF ordinario.

¿É o momento de investir nas persoas ou non, señor Pazos, señorías do Partido Popular? ¿É o momento de investir nas persoas ou non? Elimine o copago aos usuarios, fágano. ¿Por que non o fan? É o que lles estamos a pedir. Entendo que non queren. Entendo que entón non é o momento de investir nas persoas, como vostedes din. Coherencia é o que estamos pedindo.

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Hai que falar da calidade das horas, non da cantidade. As propias profesionais están alertando diso. É o que lles estamos intentando trasladar dende o noso grupo.

Mirade, é importante mirar o pasado para entender como chegamos ao presente, e xa o dixo o propio Mariano Rajoy, foi sincero coa cidadanía, no ano 2011, foi sincero. *(A señora Ortega Otero mostra unha fotografía.)* Dixo: a dependencia non é viable. Foi sincero e non mentiu. A partir do ano 2012, a chamada Lei de dependencia sufría unha serie de recortes que fulminaban e descoordinaban a propia esencia e función da lei.

Principais recortes. Redución da contía establecida para a prestación económica por coidados na contorna familiar. ¡Como non vai aumentar o SAF se restamos ese tipo de coidados na familia! O que acabo de dicir significa redución da contía que recibían os familiares con persoas dependentes baixo o seu cargo. E non só a contía, senón que tamén quitaron o réxime especial da Seguridade Social para os coidadores non profesionais. O que é o mesmo: o que queira cotizar á Seguridade Social teno que pagar el mesmo. Isto afectou o 92 % das persoas afectadas, que neste caso eran mulleres.

Paralización da lei no período máximo de dous anos para as novas prestacións económicas por coidado no contorno familiar.

Redución da aportación xeral da Administración xeral do Estado para o financiamento.

Incluíron un novo réxime de incompatibilidades das prestacións, no que se declaraba a incompatibilidade entre prestacións económicas e os propios servizos do catálogo.

Reduciron as horas da prestación do servizo de axuda ao domicilio.

Pasaron nos graos tres, nos graos máximos, de noventa horas mensuais a setenta.

Isto fixérono vostedes.

E aquí deu comezo a sangría de recortes da dependencia por parte do Partido Popular. Ano 2014, *(A señora Ortega Otero mostra un documento.)* a dependencia perde máis de 1.000 millóns de euros. Seguimos. Ano 2016, *(A señora Ortega Otero mostra un documento.)* Rajoy recortou 2.865 millóns en dependencia na súa primeira lexislatura. O Goberno estatal actual, aínda que leva pouco tempo, nada máis iniciar o traballo, apostou por recuperar dereitos, como a cotización das coidadoras con familias dependentes a cargo. E, por certo —tamén o recolleron os medios— *(A señora Ortega Otero mostra un documento.)*, o Goberno recupera por decreto a cotización das coidadoras non profesionais dependentes; o Estado pagará *(A señora Ortega Otero mostra un documento.)* a cotización de 957 galegos e galegas que coidan de familiares dependentes.

Por certo, chegamos ao momento actual; aínda hai uns días outra nota de prensa. *(A señora Ortega Otero mostra un documento.)* «A dependencia recibe a súa maior partida dende o ano 2012, pero lonxe de recuperar os 6.000 millóns en recortes.» E continúa: «A Asociación de Directores Xerentes dos Servizos Sociais celebran a partida, aínda que consideran que se ne-

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cesita moitísimo máis tras os recortes de anos» —que, por certo, xa mencionei— «por parte do Partido Popular.»

É incrible que poidan presumir de cifras en dependencia e non lles dea vergoña. O Estado do benestar é moi difícil de construír, custa moito esforzo por parte dunha sociedade e por parte dos gobernos e das administracións. Por exemplo, podémolo comparar como cando un cativo constrúe unha torre moi alta con pezas e lle custa moito facelo; pero é moi sinxelo tirala dunha patada; a mesma patada que o Partido Popular deu á Lei de dependencia durante todos os anos, os sete anos que gobernou no Estado e aquí na Xunta de Galicia. *(Aplausos.)* Hoxe o Estado continúa aínda reconstruíndo esa torre chamada Lei de dependencia, que o Partido Popular tombou tras sete anos de goberno estatal e aquí na Xunta de Galicia.

O SAF, o servizo de axuda no fogar, é un dos servizos que se atopa en auxe, pero non vale a custa das traballadoras nin dos propios dependentes. Non serve de nada se as condicións dos usuarios e traballadoras non son óptimas. Non serve de nada se o servizo de axuda no fogar non dispón dos equipos completos. Non serve de nada aumentar horas ao tuntún se o financiamento que lle toca á Xunta non se actualiza e afogamos os concellos. E o peor de todo: se as propias traballadoras pagan a custa da súa precarización laboral. Non serve de nada se a Xunta non para a falar coas traballadoras e traballadores do sector e poñer solucións sobre a mesa.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora ORTEGA OTERO: ¿Por que non falan co sector, señorías do Partido Popular? Fagamos o posible polo novo modelo de atención aos nosos maiores e persoas dependentes, e polas traballadoras do sector, ás que tanto temos que agradecer, máis aínda neste contexto. Claro que é o momento das persoas. Coherencia e non só palabras, senón feitos, señorías do Partido Popular. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Ortega.

¿Acepta a emenda do BNG?

A señora ORTEGA OTERO: Aceptamos se cambia a substitución pola engádega. Estamos de acordo en todo.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

O señor RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde de novo.

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O primeiro, os servizos sociais son complementarios. Efectivamente, teñen que ser concibidos no seu conxunto, porque teñen que adaptarse á necesidade da persoa usuaria. Moitas veces a nosa vontade pode ser quedar na súa casa, pero non é o servizo que máis se axusta ás nosas necesidades e require unha institucionalización nunha residencia, por exemplo.

Non pode primar sempre a vontade, porque as necesidades moitas veces e a valoración técnica —para iso tamén se crearon os equipos de valoración ligados á Lei de dependencia— priman por riba do desexo ou da vontade de cada unha ou cada un de nós, que sempre vai ser quedar o máximo posible, ou na medida en que se poida, todo o tempo das nosas vidas nas nosas casas. Iso por un lado.

Despois, unha apreciación, porque, claro, vén aquí o señor Pazos e case temos que darlle as grazas porque estea o servizo de axuda no fogar; parece que non é un dereito adquirido pola poboación deste país. E, claro, escoitándoo a vostede, sobre toda esa cantidade de diñeiro que o señor Pazos nos relataba sobre o incremento que efectivamente tivo nos orzamentos da Xunta de Galiza o servizo de axuda no fogar —non desde o 2009, se collemos desde o propio nacemento do propio servizo, antes da aprobación mesmo da Lei de dependencia—, é que a Lei de dependencia e os servizos vinculados a ela son progresivos. Isto quere dicir que cada vez se van incrementando máis os orzamentos porque se incorporan máis horas na prestación do servizo e máis persoas usuarias tamén accedendo a el.

O debate que traemos aquí desde o BNG é que a aportación económica, a contribución que o Goberno da Xunta de Galiza fai ao sostemento dun servizo social galego —e agora matizo esta cuestión— non pode seguir sendo a mesma once anos despois, porque non se axusta nin á realidade poboacional nin ás necesidades de atención das persoas usuarias vinculadas á Lei de dependencia, nin tampouco ao custo real e efectivo do propio servizo, que efectivamente xestionan e prestan os concellos, pero que é galego. E por esa razón existe unha orde, aprobada no ano 2009, que é a que regula a prestación do servizo da axuda no fogar no conxunto do noso país, independentemente do concello que o preste, independentemente do concello que o preste. E ese é o debate que hoxe traemos desde o Bloque Nacionalista Galego.

Ten que reformarse unha orde do ano 2009, que efectivamente tivo a súa funcionalidade; foi, ademais, elaborada por un goberno do Bloque Nacionalista Galego, pero que a todas luces ten deficiencias, ten carencias, ten eivas, como toda a lexislación. Calquera dos que estamos aquí aspiramos a que os textos que saen, emanan desta cámara duren moitos anos, pero teñen a necesidade de ir adaptándose á realidade do propio país.

E o que non pode ser é que se paguen 9,70 euros —voulle poñer exemplos concretos— independentemente do concello no que nos atopemos, porque se paga o mesmo prezo pola hora de dependencia na cidade de Lugo que no concello de San Román de Cervantes, cando o custo real da prestación do servizo non é o mesmo, entre outras cousas porque non se ten en consideración na aportación que fai a Xunta o quilometraxe, o desprazamento e o tempo que tarda unha auxiliar do servizo de axuda no fogar en chegar a un domicilio e a outro. Claro, dentro da cidade de Lugo, aínda sendo o concello con máis parroquias de todo o país, que ten cincuenta e seis, a poboación está moito máis concentrada que por exemplo no con-

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cello de San Román de Cervantes ou da Fonsagrada, que ten que facer dezasete quilómetros para ir a unha casa e a outra. E iso tampouco se ten en conta, cando as empresas, por exemplo, deseñan os cuadrantes para pagar o desprazamento, a quilometraxe e os gastos vinculados a ese desprazamento das auxiliares e das traballadoras do servizo de axuda no fogar.

A min gustoume que trouxese o das deputacións, porque eu, pensando en que diría o Partido Popular e como argumentaría non apoiar —tampouco nos quedou moi claro ao final que van facer, pero a priori non apoiar— a iniciativa do BNG, supoñiamos que sairía o tema das deputacións, que efectivamente fan unha aportación para as horas de libre disposición, as que non están vinculadas á Lei de dependencia, en concellos de menos de vinte mil habitantes no noso país. E entón eu busquei os datos das deputacións galegas —temos catro—, a ver canto aportaba cada deputación efectivamente para atender, acompañar e axudar os concellos de menos de vinte mil habitantes no noso país.

E léolles, ¡eh!, 2020: «A Coruña, 3,2 millóns de euros; Pontevedra, 2,3 millóns de euros —52 concellos—; Lugo, 1,5 millóns de euros.» ¿Saben cal é a que menos aporta? Doulles unha pista —que son catro—: comparte partido aquí coa bancada maioritaria que sostén o Goberno da Xunta de Galiza. Efectivamente, o Concello de Ourense, que é a provincia que ten un maior índice de avellentamento da poboación, aporta 900.000 tristes euros. Efectivamente, eu coincido con vostede en que teñen que facer unha maior aportación ao servizo de axuda no fogar para persoas *(Aplausos.)* —xa digo— daqueles concellos que teñen menos de vinte mil habitantes.

Nós insistimos: non se pode intentar usar a Comisión de reactivación como subterfuxio para negar os debates nesta cámara. Esa comisión e os traballos que se desenvolven dentro da ponencia cando se constitúa non furtan a capacidade de impulso e iniciativa política dos grupos dentro deste pleno e dentro desta cámara.

Non intenten esconder un debate necesario, que xa o era antes de que chegase a covid ás nosas vidas, intentando dicirnos *vuelva usted mañana*. Ese é un debate que xa estaba pendente desde antes de chegar a covid, pero agora cobrou aínda máis importancia se cabe.

Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Alberto Pazos Couñago e seis deputados/as máis, sobre a demanda por parte do Goberno galego ao Goberno central da transferencia á Comunidade Autónoma de Galicia da xestión do ingreso mínimo vital creado a través do Real decreto lei 20/2020

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei formulouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e outra do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Olalla Rodil Fernández, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 3384 (11/PNP-000361),

Emenda de adición:

Engadir un segundo punto co seguinte texto: «2. Así mesmo, o Parlamento insta a Xunta de Galiza a impulsar de maneira inmediata as modificacións normativas necesarias para garantir a compatibilidade da RISGA co IMV de cara a facilitar a transición cara á unha Renda Galega de Inserción Social e Laboral concibida como un rendemento básico que englobe o conxunto de prestacións presentes e futuras, co obxectivo principal de evitar que ningunha persoa residente na Galiza caia ou fique na pobreza e na exclusión social, buscando para iso o seu desenvolvemento integral como ser humano e promovendo e mellorando as súas condicións económicas e sociais, cun importe equivalente ao SMI.»)

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 3384).

Emenda de modificación:

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que baixo criterios de eficiencia e no marco de colaboración que establece o Real decreto-lei 20/2020 do ingreso mínimo vital, se analice a xestión desta prestación pola Comunidade Autónoma de Galicia, e se manteñan vías de diálogo e acordo co Goberno do Estado.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Grazas, presidente.

Pois outra vez aquí.

Por certo, por puntualizar, como vexo que na bancada socialista acostuman a padecer este defecto da falla de memoria, recórdolle que todos eses recortes dos que vostede fala apareceron despois do maior desplome da economía da nosa historia recente, que os levou a vostedes por certo a conxelar as pensións e a recortar todos, o cen por cen, dos salarios públicos do país. Desa parte sempre se esquece vostede, señora Ortega *(Aplausos.)*, ¡sempre se esquece! É unha cousa curiosísima.

Por certo, señora Rodil, cando fale dos datos das magnitudes comparables entre provincias, compare tamén —digo eu— as poboacións da provincia, porque tamén inflúen un pouco nestas cousas —creo eu—. Non, ¡eh!, igual non, igual non, e os beneficiarios tampouco.

En fin, imos ao que imos, porque nós plantexamos hoxe unha iniciativa na que reivindicamos a cesión da xestión do ingreso mínimo vital ao Estado en favor da Xunta de Galicia, unha solicitude que ao noso entender resulta dobremente importante. Primeiro, pola necesidade

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

de axilizar as axudas asociadas ao ingreso mínimo vital e que cheguen da maneira máis rápida e efectiva posible aos potenciais beneficiarios das mesmas. E, segundo —que non é menos importante—, porque nós cremos que Galicia non pode aceptar un trato discriminatorio respecto doutras comunidades autónomas.

Mire, o ingreso mínimo vital nace como unha renda de inclusión que pretende garantir o sustento básico de persoas en risco de exclusión social. Así é o modelo da Risga e doutras moitas rendas básicas de carácter autonómico, no caso da Risga xa implementada dende o ano 1991. E hai que dicir que suscitou un amplo consenso no Congreso, ao punto de que foi aprobado sen votos en contra, con algunha abstención, co apoio tamén do grupo da bancada popular.

A pesar de que hai diferenzas respecto do seu plantexamento, pero entendendo que nun contexto derivado da pandemia social e sanitaria que estamos a vivir, parece razoable que se implementen unha serie de medidas que teñen como obxectivo paliar as necesidades básicas dun grupo importante de poboación. De feito, o obxectivo do ingreso mínimo vital era chegar a 850.000 fogares, 2,5 millóns de persoas beneficiarias, e alcanzar case de maneira inmediata unha redución da pobreza no noso país do 80 %.

Supoño que algúns os cremos, pero foi a custa de desoír o refraneiro galego, que —sempre sabio— di aquilo de: «Cando a limosna é moita, ata o santo desconfía». E deberiamos ter desconfiado, porque a realidade é que seguindo, por certo, o antecedente da Lei de dependencia, da que nos falaba a representante socialista hai pouco tempo, un goberno de esquerdas creou outra vez unha ¡enorme! expectativa social que, unha vez máis, remata nunha gran frustración social. Aquí falábase antes de dereitos adquiridos. Claro, é que unha cousa son os dereitos creados e, despois, outra son os dereitos consolidados. Normalmente, crear créaos a esquerda; despois, tócanos consolidalos a nós, e cando están consolidados fálannos de dereitos adquiridos. Pero é que vostedes nunca aproban un dereito e despois o financian ou poñen os cartos para que ese dereito se materialice. *(Aplausos.)* Mire, un exemplo: a Lei de dependencia. A señora Ortega criticaba que o señor Rajoy dicía que non era viable. ¡Home!, tal e como estaba plantexada, claro que non era viable. Tanto non era viable que levamos dez anos financiando as comunidades autónomas. ¡Mire vostede se era inviable!

Por certo, nós continuamos, dez anos despois, demandando o 50 % da aportación do Estado, porque claro, vostede vén despois aquí e pide o 100 % de gratuidade dun servizo como o do SAF, pero esquécese desta aportación do 50 %. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Por certo —si, si, a máis importante—, ¿cumpre o 50 %?, porque vostede di que isto era porque o señor Rajoy era un recortador que se empeñaba en non cumprilo. O orzamento máis expansivo da historia de España, cunha dotación de fondos europeos sen precedentes, que está centrado fundamentalmente en atender as necesidades das persoas, ¡pois seguen vostedes sen atender o 50 % da dependencia! *(Aplausos.)* Piden gratuidade pero que a pague a Xunta. ¡É que hai que ter un mínimo!

Mire, a realidade, despois de todas estas promesas do ingreso mínimo vital, é que deses 850.000 fogares chegou a 160.000, e que en Galicia dos 40.000 presuntos beneficiarios chegou a menos de 8.000, a menos do 20 %. Claro, vostedes empezaron coas súas especialida-

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

des. Mire, primeiro houbo denuncias por parte de traballadores sobre irregularidades na tramitación do ingreso mínimo vital; imos pasalas por alto. Despois hai que buscar un culpable: «*El Gobierno achaca los retrasos en el ingreso mínimo vital al tiempo de rodaje de los trabajadores de la pública Tragsa*»; a culpa é dos traballadores. E, ao final, a realidade acaba impoñéndose, e tras sucesivas improvisacións chegamos a: «*El ingreso mínimo vuelve al taller. El ministro Escrivá reconoce que ni de lejos llegará a los 850.000 hogares*» aos que estaba previsto. Seis meses despois o señor Escrivá recoñece o fracaso, e tamén —por ser xustos— é o único que dá a cara, porque, seis meses despois, o señor Iglesias e a señora Díaz, escondidos.

Namentres en Galicia os grupos da oposición nos solicitan que compatibilicemos o ingreso mínimo vital e a Risga, o Goberno continúa a modificar a súa normativa. Eu fágome dúas preguntas. A primeira: ¿non debería ser o ingreso mínimo vital o que se adaptase ás rendas de integración social autonómicas, que levan funcionando máis de trinta anos? Segunda pregunta: ¿como nos adaptamos a unha lexislación que, aínda no día de hoxe, segue sen consolidarse e da que seguen avanzando novas reformas?, ¿como se consolida isto?

Mire, a realidade é que nos atopamos ante unha nova superprodución da factoría Sánchez-Iglesias. Un novo fracaso estrepitoso, porque cando a vostedes lles toca pasar do anuncio á realidade, ou da publicidade aos feitos, aí, efectivamente —e a señora Ortega deu boa mostra—, os titulares dánselles ben; poñer os cartos, xa virán outros. A realidade é que Galicia precisa de que se transfiran os fondos asociados ao ingreso mínimo vital para poder integralos nunha renda a medio prazo. Debería ser unha renda única, que permita evitar duplicidades, mellorar as prestacións e atender algunhas lagoas do propio ingreso mínimo vital.

Nós cremos que se ten que articular ao redor da Risga esa única renda, porque presenta algunhas vantaxes que nos parece que son evidentes. Primeiro, porque a Risga está vinculada ao cumprimento dun itinerario de inserción social, que nos parece que é unha cuestión interesante. Segundo, porque chega a máis persoas; as persoas que compartan piso poden chegar a cobrar máis de 900 euros coa Risga e, en cambio, co ingreso mínimo vital, só 600 euros. Tamén porque, dados os requisitos de acceso ao ingreso mínimo vital, hai certos colectivos que non poderían acceder, ao contrario do que pasa coa Risga; por exemplo, persoas de entre 18 e 23 anos que proceden de centros de menores ou dunha prisión; os que teñan discapacidade igual ou superior a un 33 %; os que se encontren en situación de orfandade absoluta; as persoas que teñan residencia legal nunha vila galega durante menos dun ano —a Risga só pide seis meses; o ingreso mínimo vital exixe doce—; as persoas que vivan soas e non poidan demostrar ter cotizado un mínimo de doce meses á Seguridade Social —que o ingreso mínimo vital tamén deixa fóra—. Ademais, a Risga contempla un trámite abreviado en casos de violencia de xénero, que o ingreso mínimo vital non contempla. Polo tanto, parécenos interesante traballar ao redor desta renda autonómica.

Sinceramente, creo que hai que buscar a complementariedade entre ambas e non a compatibilización, porque non ten sentido que compatibilicemos ao 100 % dúas rendas de integración social sen que se cubran estes ocos e sen que se mellore o funcionamento xeral de ambas. Creo sinceramente que as necesidades sociais dos cidadáns o que non poden é estar supeditadas ao mercadeo político, porque non existe ningún impedimento para que este

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

traspaso se concrete, agás a vontade do Goberno do señor Sánchez e do señor Iglesias de castigar unha vez máis a Galicia.

Esta é a realidade, señorías, porque o Goberno de Sánchez parece que está disposto a pagar calquera prezo por manterse no Goberno e a calquera inxustiza para castigar aquel que non se someta ao seu desexo e ansia de poder. Nós isto non o podemos compartir, señorías. Galicia non merece o maltrato político ao que está sendo sometida e, por iso, solicitamos que se nos recoñeza como a nacionalidade histórica que somos e que non se nos neguen a nós os recursos que non sabemos moi ben por que xa se lles concedeu ao País Vasco e a Navarra —estas dúas dicíannos que era unha cuestión de atender á foralidade— e agora tamén a Cataluña, porque facíanlle falta os votos de Esquerra para intentar atornillarse un pouco máis no sillón e, polo tanto, o que era imposible nunhas horas mudou a posible. ¡Home!, dado que xa hai unha constatación evidente de que isto non depende de ningunha outra cuestión máis que de vontade política, o que lle pedimos é esa mostra de vontade política.

Eu creo que, sinceramente, despois da recente caída do cabalo do BNG camiño de Damasco, *(Risos.)* dinnos: «Non, mantivemos a nosa postura». ¡Oia!, eu da memoria aínda ando regular. Hai un mes vostedes estaban nesta cámara sacando peito do acordo histórico que o BNG acadara para os orzamentos *(Aplausos.)* e agora ¡esqueceron todo isto! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pero, ¿como que non, señor?, *(Aplausos.)* pero, ¿como que non, señor? Se a algún o abroncaron por dicir que lles fixeran o truco do tocomocho. ¡Por favor, imos ser un pouco serios! Rectificaron. Aplaudo a decisión, paréceme ben. Entón, xa que vostedes caeron do cabalo, a ver se hai sorte...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...e o Partido Socialista —non sei se do cabalo, pero polo menos baixa da burra—, cun pouco de sorte, apoia isto, porque eu creo que para calquera representante desta cámara é simplemente inasumible que o que se regala por intereses políticos ao País Vasco, a Navarra e a Cataluña se negue aos galegos. *(O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.)* As Vascongadas, as Vascongadas, efectivamente, non pasa nada...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PAZOS COUÑAGO: Gústame que o señor Bará teña tamén tempo para o *Real Diccionario da Academia Española*.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PAZOS COUÑAGO: Efectivamente, alí contémplase o termo «Vascongadas». Vascongadas ou País Vasco, todo o noso respecto para eles, pero, exactamente, o mesmo respecto para os galegos, que exixen ter un trato igualitario con esas nacionalidades históricas, que é exactamente a valoración que nós merecemos.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Couñago.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Socialista, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Boas tardes, señores e señoras deputadas.

Hoxe o Grupo Parlamentario do Partido Popular de Galicia tráenos unha iniciativa que presenta como unha aldraxe do Goberno do Estado cara ao Goberno galego. A verdade é que calquera podería pensar que se trata da creación por parte do Estado dalgún privilexio ou dalgún dereito para a cidadanía no que se exclúe os galegos e as galegas; en fin...

O Grupo Parlamentario do Partido Popular de Galicia non nos trae unha iniciativa para que o Goberno galego poña os medios para mudar a situación de vulnerabilidade na que levan vivindo homes e mulleres galegos durante os once anos de goberno de Feijóo en Galicia, *(Aplausos.)* ningunha iniciativa na que solicite empregar a política para que sexa útil aos galegos e ás galegas que peor o están pasando. Tampouco trae unha proposición de lei para reconverter a Risga, ben como un complemento do ingreso mínimo vital ou ben para destinala a outras necesidades sociais que si existen no noso territorio. Non, iso non o trae aquí o Partido Popular.

O Grupo Parlamentario do Partido Popular de Galicia trae unha iniciativa para zumbarlle, unha vez máis, ao Goberno do Estado, ao Goberno de Pedro Sánchez, a ese goberno que vostedes non entenden que é un goberno lexítimo e que goberna para as persoas, para que ningún quede atrás. Vostedes, o Grupo Parlamentario do Partido Popular —o grupo que sustenta o Goberno galego—, deberían recordar que o PP en Galicia leva gobernando once anos, e once anos esquecéndose das persoas que viven en situación de pobreza ou en risco de exclusión social. Vostedes, coa súa maioría absoluta, co seu rodillo depredador, impediron que iniciativas que foron traídas a esta cámara polos socialistas durante estas lexislaturas saísen adiante; iniciativas traídas polos socialistas que terían permitido que o Goberno galego achegase recursos para aliviar a situación destas persoas que viven, ás veces, en circunstancias de extrema vulnerabilidade.

Miren, voulles dar datos —coma sempre, datos—, datos que os tiñan que avergoñar, porque detrás destes datos, señores e señoras do Partido Popular, hai persoas, hai homes e mulleres, hai nenos e nenas de aquí, do noso país, de Galicia, de aquí, de aquí; persoas moitas veces invisibles para as que este goberno non ten cumprido nin coa súa obriga legal nin coa súa obriga moral de poñer os medios ao seu alcance para axudarlles a paliar a súa situación.

Poderiamos coller varias fontes, pero eu voume centrar nos últimos datos publicados pola Rede europea de loita contra a pobreza e a exclusión social, *El estado de la pobreza en Galicia*, simplemente porque son os datos máis actualizados, que corresponden ao ano 2019. E o que é inasumible, señor Pazos Couñago, é que en 2019 —antes da pandemia da covid— había

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

en Galicia 655.000 persoas, galegos e galegas, que estaban en situación de pobreza ou exclusión social —máis que no ano 2018—. O que é inasumible é que en 2019 dous de cada dez galegos e galegas estaban en risco de pobreza —tamén máis que en 2018— e que en 2019 en Galicia 212.000 persoas vivían en pobreza severa. Iso é o que é inasumible, señor Pazos Couñago. *(Aplausos.)*

Polo tanto, nin a recuperación económica dos últimos anos antes da pandemia nin o emprego de calidade decente chegou á maioría das persoas que se encontraba en situación de pobreza ou de exclusión social na nosa Galicia.

Podemos mirar outras fontes, se quere. Podemos ir ao IGE, e o IGE dinos que no cuarto trimestre de 2019 case o 46 % dos fogares galegos manifestaban ter dificultades ou moitas dificultades para chegar a fin de mes. E esa porcentaxe sobe ao 52 % no terceiro trimestre de 2020. E tamén nos di o IGE que no terceiro trimestre de 2020 había en Galicia 53.200 fogares con todos os seus membros en paro e 33.500 fogares sen ingresos. Iso é o que é inasumible.

Miren, señores deputados e deputadas, vostedes saben perfectamente que, para loitar contra a pobreza e a exclusión social, a solución pasa por unha aposta firme dos gobernos que garanta o desenvolvemento dunha vida digna ao tempo que facilite a incorporación das persoas en itinerarios de inserción laboral. Porque a creación de emprego de calidade é imprescindible para que se cumpra todo o circuíto. Pero a herdanza que temos dos gobernos do Partido Popular non di iso. No Estado foi grazas ás reformas de Mariano Rajoy que naceu a clase traballadora pobre; esas persoas que traballan pero ás que o seu traballo non lles permite saír desa situación de pobreza ou incorporarse a unha inclusión social plena.

Tampouco en Galicia a creación de emprego foi unha prioridade dos distintos gobernos de Núñez Feijóo na Xunta de Galicia. O número de ocupados despois de once anos de goberno do señor Núñez Feijóo non acadou os datos do ano 2009, cando era gobernada por Emilio Pérez Touriño. E o Goberno de Núñez Feijóo, nesta última lexislatura, deixou sen executar 447,5 millóns de euros en políticas de emprego. Iso é o que é inasumible, señor Pazos Couñago. *(Aplausos.)*

Polo tanto, señores e señoras do Partido Popular, antes da pandemia xa en Galicia tiñamos unha porcentaxe moi elevada de poboación vulnerable, e o emprego, lonxe de ser unha prioridade para este goberno, foi un dano colateral das súas políticas. Pero claro, estas persoas nunca foron unha prioridade para este goberno; a súa prioridade é zumbarlle ao Goberno do Estado, iso si, cando no Estado goberna un partido distinto do Partido Popular, porque, cando gobernaba Mariano Rajoy, vostedes viñan aquí, calaban e facían seguidismo das súas políticas.

Pero mire, resulta que cando o Goberno do Estado —o Goberno de Pedro Sánchez— promove lexislar sobre asuntos que inciden directamente na vida das persoas máis vulnerables; cando promove que, por fin, neste país —entendida toda España— se garanta por lei un ingreso mínimo vital igual para todo o territorio que permita reconducir a vida destas familias incorporándoas activamente na sociedade, que lles facilite volver aos cauces de busca activa de emprego, de formación para o emprego ou de mellora do emprego, que lles permita de-

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

senvolver unha vida digna, neses momentos, o Grupo Parlamentario do Partido Popular e o Goberno de Galicia están máis preocupados por quen xestiona este ingreso mínimo vital, buscando un rédito político, no canto de arbitrar medidas de colaboración co Estado que supoñan un rédito social, que é o que verdadeiramente afecta a vida das persoas.

Mentres vostedes buscan a confrontación co Estado, o Goberno de Pedro Sánchez traballa, traballa para dar resposta coa política aos problemas actuais da sociedade. Mentres vostedes berran, o Goberno de Pedro Sánchez lexisla para sacar 2,3 millóns de persoas do estado da situación de pobreza ou de risco de exclusión. Cando o PP goberna, as desigualdades no noso país agrándanse, deixando as oportunidades aos que máis teñen, incrementando a súa riqueza, e esquecendo os que menos teñen, que incrementan a súa pobreza.

Cun goberno socialista no Estado, con este goberno socialista de Pedro Sánchez, púxose en marcha o ingreso mínimo vital, que aspira a corrixir as carencias redistributivas e activadoras das políticas públicas actuais, que se teñen demostrado claramente insuficientes para paliar esta situación. Trátase dunha prestación que se tivo que aprobar e desenvolver nun tempo récord. En febreiro falábase de aprobalo a finais de ano, pero a pandemia obrigou a que houbera que atender inmediatamente as persoas e, polo tanto, no mes de maio aprobouse e, no mes de xuño, empezaron a cobrar os primeiros beneficiarios.

Vostedes presentan unha iniciativa na que reclaman a xestión desta prestación. Pero é que mire: os socialistas cremos que o Goberno galego nestes momentos non está preparado, posto que ten un déficit importante na xestión das prestacións que ten ao seu cargo. Se realmente vostedes queren xestionar o ingreso mínimo vital, teñen que poñerse a traballar, díganlle ao Goberno que se poña a traballar, posto que dende a aprobación do ingreso mínimo vital os fogares beneficiados en Galicia, nos seis meses de desenvolvemento, están xa por riba dos 9.000, é dicir, case o 70 % dos fogares beneficiados pola Risga.

E a experiencia da xestión da Xunta de Galicia o que nos revela é que o Goberno galego tarda preto de seis meses en resolver os expedientes da pensión non contributiva de invalidez, noventa e cinco días en resolver a pensión non contributiva de xubilación, mentres que o tempo medio para o recoñecemento dunha pensión contributiva por parte da Seguridade Social, é dicir, por parte do Estado, é tan só de once días.

E a Xunta de Galicia —vostede dicíao na súa intervención— leva xestionando dezaoito anos a Renda de inclusión social de Galicia. E para un volume de 13.600 solicitudes en 2019 tardaron máis de dous meses en resolvelas. Polo tanto, non nos parece que estean na mellor das circunstancias...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...de eficiencia para poder xestionar esta nova prestación.

Dito isto, nós presentamos unha emenda que nos gustaría que fose aceptada para que desta cámara saia un acordo unánime que permita ao Goberno galego, conxuntamente co Goberno do Estado, analizar, no marco de colaboración que establece o Real decreto lei 20/2020, de

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ingreso mínimo vital, e baixo criterios de eficiencia, a xestión desta prestación pola Comunidade Autónoma de Galicia, mantendo vías de diálogo e acordos co Goberno central. Esperamos que por vostedes sexa aceptada, e, evidentemente, nese caso votaremos en contra.

Moitas grazas, señor presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde de novo a todas e a todos.

Eu hei dicirlle unha cousa, señor Pazos. A posición do Partido Popular neste tema, como en tantos outros ultimamente, paréceme entre tenra e o colmo do cinismo, porque mire, a vostedes impórtalles *(Aplausos.)* a condición de nación ou nacionalidade histórica deste país, cero, cero. Todo o máis que lles importa é canto de útil lles é para zurrarlle ao Partido Socialista en Madrid.

E póñolle un exemplo. Vostedes levan —porque, claro, calquera pensaría que acaban de entrar pola porta onte, pero non— gobernando este país once anos, ¡once!, con maioría absoluta. ¿Saben cantas competencias gañou o autogoberno deste país en once anos? ¡Cero, cero! Nunca, desde que este país ten recoñecido o seu autogoberno no Estatuto de 1981, nunca, nunca un partido que estivo durante —insisto— once anos no Goberno non trouxo nin sequera aquelas que foron obxecto de unanimidade nesta cámara.

E dítolles algunhas: a competencia na xestión das bolsas de axuda ao estudo; nada, nin llela foron pedir. A competencia en materia de saúde penitenciaria; foi obxecto, ademais, dun acordo unánime e recoñecido ademais para outros territorios do Estado español, garantía dos dereitos en materia sanitaria das persoas reclusas nos cárceres do noso país —que son dereitos fundamentais, iso tamén hai que lembralo—. Nada, ¡nin unha soa competencia en once anos! A vostedes interésalles isto do status político, da condición de nación, de nacionalidade histórica, o xusto, señor Pazos, o xusto, para facerlle oposición ao Goberno do Partido Socialista no Estado español.

Pero é que vostedes non defenden Galiza. Vostedes envólvense na bandeira e instrumentalizan as galegas e os galegos para facerlle oposición a outro partido cando goberna en Madrid.

Eu dígolles que mañá vostedes, o Partido Popular, entra outra vez pola porta da Moncloa e sentan o señor Casado alí de inquilino naquela santa casa, e volven vostedes ser a procesión dos caladiños, que estiveron sendo, ademais, durante oito anos, *(Aplausos.)* mentres gobernou o Partido Popular en Madrid.

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Antes falaba da Lei de dependencia. Eu dígollello cada vez que se abre ese debate: non houbo un só goberno, nin un só desde que se aprobou esa lei no ano 2006 —e pasaron varios—, que pagase o 50 % que obriga a lei española ao Goberno español a achegar para o mantemento e o sostemento dos dereitos fundamentais que son das persoas dependentes.

Pero logo, claro, vén aquí e dinos que se lle transferiu a Euskadi e Navarra —logo imos deternos ben nestes dous casos— e tamén a Cataluña. Iso é mentira, é falso. Non se lle transferiu a Cataluña. Claro, nós aquí podemos vir e ler os titulares de prensa que queiramos, pero creo que o xusto coa verdade e coa cidadanía deste país é que leamos o *Boletín Oficial do Estado* e o *Diario Oficial de Galiza*. Non se lle transferiu á Generalitat de Cataluña. Pero é que tampouco se lle transferiu nin ao Goberno do País Vasco nin ao Goberno navarro, a pesar de que o marca a lei que regula esta prestación.

¿Outorgarlles a competencia a Euskadi e a Navarra na xestión do ingreso mínimo vital é un privilexio, como di o Partido Popular nesta iniciativa, nesta exposición de motivos? Porque eu tamén lles hei de dicir algo: que para o devotos que son da Constitución española, *la leen poco. (Murmurios.) (Aplausos.) Disposición adicional primera*, que recoñece os dereitos históricos dos territorios forais, e a Lei de concerto económico 12/2002, o cupo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Chámase soberanía económica, e se lles parece que é máis xusto coas traballadoras e cos traballadores vascos e cos traballadores e coas traballadoras navarras, reclamen para este país o mesmo. *(Aplausos.)*

É unha aldraxe —a min encántame ese momento *revival* años noventa de nacionalismo galego—, é unha aldraxe, din que é unha aldraxe, ¿non?, porque aquí ademais quere crearse esa falsa dicotomía de que isto é un problema, un conflito entre o pobo traballador vasco, o pobo traballador galego, o traballador vasco, o traballador catalán. Iso tamén é outra milonga máis para intentar tapar o que verdadeiramente está detrás de todo isto: que o problema que ten este país é o escaso poder político que ten, e o problema que ten este país é o marco competencial que crea esa Constitución sacrosanta coa que vostedes se dan moito golpe de peito con ela pero despois non len.

A nós alégranos —hei de dicírllelo, desde o BNG— que vexan agora os límites dese marco competencial que tanto veneran e as consecuencias negativas do escaso —por non dicir cada vez máis pírrico— poder político que ten este país, porque, efectivamente, Galiza ten recoñecidas competencias en materia de política social e servizos sociais, pero non ten nin facenda propia nin ten competencia ningunha en materia de seguridade social, que é o que se rexe por ese ingreso mínimo vital.

Este é un exemplo perfecto de que centralizar competencias nin é máis eficiente nin é máis eficaz, nin moito menos é máis xusto. Iso é absolutamente mentira. É unha boa medida, é unha moi boa medida o ingreso mínimo vital —nós sempre o dixemos—, por unha razón fundamentalmente: porque o que fai é garantir máis dereitos e incrementar as rendas de inclusión ou de integración social autonómicas, a excepción daquelas que seguen sendo máis elevadas que o ingreso mínimo vital. É o caso vasco e o caso navarro unha vez máis, entre outras cousas, pola capacidade financeira que teñen eses dous territorios. Pero o que está é moi mal xestionado, é unha chapuza —eu teño que dicirllo así—, é unha absoluta chapuza,

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

é unha absoluta chapuza levada ata ese extremo única e exclusivamente por puro sectarismo, por querer centralizar as competencias e non concederlles o recoñecemento e o exercicio da tramitación desta prestación ás comunidades autónomas.

E agora o que temos é milleiros de persoas, non en Galiza, centos de miles de persoas traballadoras no Estado español —no seu conxunto— que teñen dereitos recoñecidos pero que non acceden a esa prestación. Falamos de pouco máis do 20 % das persoas que teñen dereito, son beneficiarias hoxe dese ingreso mínimo vital.

Nós, no BNG, vimos reclamando desde o primeiro momento a transferencia da xestión do ingreso mínimo vital, pero, ¿para que? —esa é a parte importante—, ¿para que? ¿Cal é o obxectivo? O primeiro é que se materialice ese dereito recoñecido formalmente na lexislación. E o segundo —e máis importante de todo— é que sirva para crear unha verdadeira renda galega de inserción social e laboral e superar con iso as eivas e as carencias da renda de integración e de inclusión social de Galiza. Esa é a clave, porque claro, aquí ponse de exemplo que a Xunta leva trinta anos xestionando a Risga, ¿pero que Risga? ¿É o modelo a seguir a renda de inclusión social de Galiza? Non. Primeiro, porque a pobreza hoxe non é a dos anos noventa. Hoxe pola mañá comentábase por parte da deputada do Partido Popular que a mellor garantía de inclusión social era un posto de traballo. Efectivamente, pero a realidade que temos, grazas á reforma laboral do Partido Popular, é que o 12,5 % das persoas traballadoras de Galiza non ten ingresos suficientes para atender as súas necesidades básicas. Falamos de 130.000 persoas que non contan con ingresos suficientes para pagar as facturas, pagar o alugueiro e comprar a comida para comer —que é un luxo burgués— tres veces ao día.

En segundo lugar, é preciso que chegue a todas as persoas que o necesitan, porque a Risga non está chegando a todas as persoas que o necesitan. Non chega o ingreso mínimo vital, pero tampouco a Risga o fai. O grao de cobertura das rendas mínimas en Galiza —fundamentalmente a Risga, pero tamén hai algunha municipal— é do 6,3 %, fronte á media estatal dun 8% e, sobre todo —¡ollo!—, fronte aos territorios que mellor e maior cobertura teñen, que son Euskadi e Navarra, cun 63% e cun 70 %. Ese é o exemplo a seguir. Ese modelo é o que —tendo en conta a realidade que temos no noso país, porque non pode ser adoptado mimeticamente— ten que servir de guía. ¿Para que? Para garantir un dereito fundamental, que é o dereito de toda persoa a contar cuns ingresos que lle permitan vivir, e que lle permitan vivir nunhas condicións dignas.

A Risga é a segunda renda de inserción autonómica máis reducida de todas as que existen no Estado español. ¿Saben cal é a primeira? Madrid. Só é compatible cun traballo durante seis meses, e vai reducíndose progresivamente mes a mes, até que o sétimo quedas sen ela. Ti podes seguir cobrando un salario de miseria, pero a Risga desaparece. ¿Canto se cobra, ademais, pola reforma de 2019 —que chegou cinco anos tarde, porque o que a lexislación galega dicía era que esa reforma tiña que estar aprobada, como moito, no ano 2014—? Dígollelo sinceramente, non están vostedes para dar lecciónns nin de eficiencia, nin de eficacia, nin de axilidade, porque ¡tardaron cinco anos!, *(Aplausos.)* ¡cinco anos! en facer compatible esa Risga, só durante seis meses, cun posto de traballo. No noso país, unha persoa adulta sen menores ao cargo percibe 403 euros de Risga. ¡Catrocentos tres euros de Risga é o que

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

eu pago de alugueiro en Lugo! ¡Iso para que a xente se dea conta do que supón un ingreso destas características! ¡Ten que permitirche vivir! ¡Ten que permitirche vivir! ¿Canto cobra unha persoa adulta cunha menor ou un menor ao cargo? Catrocentos oitenta euros. ¿E unha familia con catro integrantes? Menos de seiscentos euros ao mes. Unha unidade de convivencia de catro persoas percibe menos de seiscentos euros ao mes. Isto non é para dar golpes de peito nin para vangloriarse de nada. Efectivamente, o ingreso mínimo vital melloraba esas contías, pero o que non pode ser é que ti poñas no papel que tes dereito a algo e despois ese algo nunca chegue, porque xera unha frustración enorme entre moitísimas persoas que tiñan unha enorme expectativa posta, precisamente, nesa renda de garantía de ingresos.

Esta é unha oportunidade. Nós estamos de acordo. Hai que pedir a transferencia da xestión e dos fondos, pero ten que servir, e para iso é necesario modificar a normativa actual do noso país para crear unha renda de verdade de inclusión e de integración social. O que é un dereito, e iso non podemos olvidalo nunca, é o traballo, pero o traballo con condicións salariais e laborais dignas. Iso é tamén o que formulamos, ademais, coa nosa emenda de adición, que agardamos que se teña en consideración e se acepte para, de verdade, non envolvernos na bandeira galega simplemente para zurrarlle ao contrario, senón para sermos útiles ás galegas e aos galegos e ás traballadoras e aos traballadores deste país. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo autor da Proposición non de lei, ten a palabra o señor Pazos Couñago.

O señor PAZOS COUÑAGO: En fin, señorías, algo teñen en común. ¡E que longos se lles están facendo estes once anos e que longos se lles van facer os catro que quedan por diante! *(Aplausos.)* Teñen que tomalo con calma, señorías. Isto de dicir que somos útiles ou non somos útiles é unha cousa que os galegos van decidindo cada catro anos e, por agora, non saen moi ben parados, pero, ben, non sei... Nós cremos no peso político de Galicia. Señora Rodil, vostede parece que cre que ten escaso peso, e eu creo que confunde o peso político do señor Rego co peso político de Galicia. Son dous pesos moi distintos, afortunadamente para os galegos.

¡Home!, eu a Constitución léoa, estudeina *(Murmurios.)*, e tamén digo que non é mala lectura. Eu recoméndollela, porque así non dirían cousas como que é un dereito histórico xestionar un ingreso que se creou hai seis meses. Isto é unha novidade interpretativa constitucional certamente curiosa, señoría; ¡curiosa!

Mire, imos ver se todos nos centramos.

Dicía a señora Rumbo —outra gran desmemoriada do Partido Socialista— que non se está creando un privilexio para a cidadanía. Unha pregunta: ¿exactamente, vostedes por que comprometeron a cesión ao País Vasco, a Navarra e a Cataluña?, ¿porque cren que o van xestionar peor? Supoño que será porque cren que eles o van xestionar mellor pola cercanía que teñen no territorio. ¿Por que Galicia non? Fago unha pregunta bastante lóxica, porque, claro, vos-

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tede... ¡Ah, non!, será porque vostede —«*la profe*»— nos acaba de dicir que non estamos preparados e que temos que ir á reválida para ver se nos deixan xestionar o ingreso mínimo vital. Permítame que a nota a acepte cando vén posta polos galegos e non por vostedes. Se quere comparar notas, non lle digo máis, señoría. *(Aplausos.)*

Vostede di que estamos ante un goberno lexítimo que non deixou a ninguén atrás. Niso ten razón. Mire, non deixou atrás a Podemos, despois de dicir que non gobernarían con eles porque lles ían quitar o sono; non deixou atrás a Esquerra Republicana, despois de dicir que xamais recaería a gobernabilidade do Estado nos independentistas; e nin sequera deixou atrás a Bildu, despois de dicir: «nunca pactaremos con Bildu, nunca pactaremos con Bildu..., ¿cuántas veces le tengo que decir que no pactaremos con Bildu?». *(Aplausos.)* Efectivamente, non deixan a ninguén atrás. Iso si que teño que recoñecérllelo

Mire, di vostede: «voulle dar os datos de pobreza do último ano, porque....» claro, do último ano porque lle interesa a vostede, porque, se vai á comparativa da pobreza entre o último ano que vostedes gobernaron e este ano, despois dunha década de crise, resulta que se ve que hai menos pobreza en Galicia hoxe que cando vostedes gobernaban. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Home!, que me discuta a min ten un pase, pero que llo discuta á presidenta da Rede galega contra a pobreza, que o recoñeceu hai dúas semanas na Comisión, xa me parece un exceso de cinismo ata para o propio Partido Socialista. Sinceramente, non vaian por aí. Non hai máis pobreza en Galicia, nin pola taxa AROPE, nin polo índice Gini, nin polo 80-20. Colla vostede o indicador que queira. Estamos mellor que cando vostedes gobernaban, e queremos mellorar, e por iso pedimos este ingreso, porque queremos seguir mellorando.

Non comento o do emprego, porque a min, cada vez que un socialista me vén falar de crear emprego, me dá a risa frouxa e non podo. Entón, teño pouco tempo e vouno aproveitar noutras cousas.

Vostede di que pretendemos «zurrarlle ao Estado». A señora Rodil dicíame que temos que mellorar e coller o exemplo básico: contía máxima da renda de inclusión do País Vasco, 915 euros; contía máxima galega, 914 euros. ¡Home!, non andamos tan mal. Digo eu que é unha cuestión de condicionantes, despois de ver cada particular e de ver caso a caso. Pero, en canto a zumbar ao Estado, gustoume a expresión. «Zumbar ao Estado», pois vaia vostede saber por que. Pero eu pregúntome quen zumba a quen. ¿Quen zumba a quen, señora Rumbo? Mire, vostedes aumentaron o investimento en Valencia un 50 %; no País Vasco, un 56 %; en Cataluña, un 48 % e reduciron o investimento en Galicia un 11,2 %. Nos últimos orzamentos vostedes duplicaron o concerto vasco como mostra de respecto á foralidade de Galicia. Nese mesmo acordo, acordaron reducir a autonomía fiscal de todas as comunidades para adaptala aos criterios concretos que Cataluña marca. Vostedes chamáronlle «harmonización». Por certo, señora Rodil, os seus socios de lista, que, falando de centralizar competencias, son os primeiros independentistas recentralizadores do mundo.

Eliminaron o control financeiro da Generalitat e están a punto —xa o anunciaron— de modificar o delito de sedición no Código penal. ¿Para que? Para gañar a confianza do Goberno autonómico máis desleal das últimas décadas. Ao mesmo tempo, vostedes atacan os pactos

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

sucesorios do dereito civil galego e lesionan os dereitos históricos dunha comunidade onde levamos gobernando once anos con absoluta lealdade ao Estado. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Vostedes poñen 20 millóns de euros nos orzamentos para a cocapitalidade cultural de Barcelona, pero non poñen nin un só euro para o Xacobeo. Ceden a xestión do ingreso mínimo vital porque hai un compromiso político... *(O señor Pazos Couñago diríxese ao señor presidente.)* —oio ruído, señor presidente; ¡oio ruído!— *(Murmurios.)* explicitado en favor do País Vasco, de Navarra e de Cataluña, e néganlle a cesión do ingreso mínimo vital a Galicia, porque a señora Rumbo considera que o Goberno non está maduro. Pero, ¿quen lle zumba a quen? Pero, ¿que broma é esta?...

O señor PRESIDENTE: Imos rematando.

O señor PAZOS COUÑAGO: Vostede vén aquí tomarlles o pelo aos galegos, e iso non llo podemos consentir. *(Aplausos.)*

O Goberno de Galicia xa é maiorciño de idade e non necesita certificados de madurez outorgados polo Partido Socialista.

Non podo admitir, evidentemente, a emenda do PSdeG.

Señora Rodil, se vostede quere, creo que podemos falar e intentar chegar a un acordo respecto á emenda que vostedes presentaron; intentamos e vemos se somos quen.

Se me permite —iso si—, quería dicirlle que me pasaron unha información de última hora. Conviría que vostede falase cunha alcaldesa do BNG, concretamente a de Ferreiros, que ten a xestión directa do Servizo de axuda no fogar, e que en plena pandemia dixo que as súas traballadoras non tiñan dereito a cobrar a quilometraxe. Dígollo porque igual lle pode pasar a moción que presentaron hoxe aquí, xa que seguro que é do seu interese.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pazos.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

O señor PRESIDENTE: Debatemos agora de xeito conxunto a seguinte proposición, porque é unha iniciativa dos tres grupos da Cámara.

Proposición non de lei dos GG. PP. Popular de Galicia, do Bloque Nacionalista Galego e dos Socialistas de Galicia, sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a creación da nova especialidade de Medicina de Urxencias e Emerxencias

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Dado que é unha proposición conxunta, na Xunta de Portavoces acordouse que sexa un debate de cinco minutos por cada grupo.

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Entón, comezaremos polo Grupo Parlamentario Socialista.

Ten a palabra o señor Torrado por un tempo de cinco minutos.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Boa tarde.

Hoxe trasladamos a este Parlamento un acordo entre os grupos sobre unha proposta que non é nova, senón, tristemente, que ten longo tempo, e que podería ser resolta en breve, segundo todas as informacións apuntan, incluso as informacións que o Goberno central vén adiantando.

Dicimos que non é nova, e ten que ver coa creación da especialidade de Urxencias dentro do Sistema Nacional de Saúde. Unha especialidade sobre a que moitos cidadáns, en xeral, poden non ser conscientes —tampouco é necesario que teñan coñecemento pleno do sistema—, pero non é unha especialidade por si. Urxencias é un traballo encomiable; os servizos de urxencias resolven problemas, moitísimas veces de moita gravidade, que afectan o noso día a día, a nosa capacidade vital máis básica, pero non é unha especialidade como tal. Fórmanse en Urxencias, con miles doutras especialidades cando rotan, pero non teñen recoñecida unha capacidade de especialidade, e iso ten que ver con que o Sistema Nacional de Saúde necesita ir actualizando e formando os seus cadros e as súas políticas de recursos humanos conforme o tempo vai pasando. É unha reivindicación xusta e lexítima, aínda que non unánime entre todo o colectivo sanitario; si, probablemente, entre o colectivo de Urxencias, pero as persoas que nos están seguindo —ás que enviamos un agarimoso saúdo; algunhas delas coñecidas, ademais, de xeito persoal— saben que é un debate que tivo algunha oposición dentro do colectivo médico, como é normal e lexítimo, como nalgún caso poden ser os profesionais de primaria —xa menos que antes—, que consideraban que igual non era axeitado. En todo caso, este é un tema que foi avanzando no tempo e esta especialidade —como dicimos— é un tema que vén de longo.

A Administración é lenta, indubidablemente; en xeral, normalmente por unha cuestión garantista, pero tamén porque moitas veces a lentitude ten que ver con reticencias do sistema e con intencións de crear acordos e consensos que permitan sacar adiante cousas. Nós estamos a favor desta iniciativa. Este é un debate histórico no que tamén é certo que convén clarexar, sen moito máis ánimo que —porque cada un é responsable do que vai facendo— aclarar algunha cuestión. É un traballo que vén de lonxe, xa que falamos, probablemente, de máis de dez anos que a Semes vén demandando a reivindicación desta especialidade. Dicimos que xa hai máis de dez anos que se vén facendo un traballo de negociación e de diálogo con responsables políticos, con responsables de xestión e tamén dos parlamentos, especialmente no Congreso dos Deputados, porque é un tema estatal. Froito diso, a Semes conqueriu que se levase unha proposición non de lei ao Congreso dos Deputados. Vou evitar dicir que partido a levou para que non me acusen de partidismo, pero tamén é certo que se aprobou por unanimidade. Para poñelo en termos de anos, estamos falando da IX lexislatura, porque as lexislaturas en España, sobre todo nos últimos tempos, distorsionaron bastante a distribución anual. Estamos aproximadamente falando do ano 2010.

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O compañeiro Alberto Fidalgo —un compañeiro noso profesional de Ourense e querido aquí por profesionais e polas persoas de todo o arco parlamentario— traballou moito naquela cuestión. E ese avance —bo para todos—, cando chegou o 2011, como di a canción: *«llegó el comandante y mandó parar»*. De 2011 a 2018 producíronse cero avances. É mais, o problema que tivemos nesta cuestión é que, sendo conscientes de que era difícil e de que era unha cuestión que suscitaba ese problema que sinalabamos antes, se produciu unha minoración da proposta anterior, *a priori* aprobada por consenso. Cando o PP non gobernaba en Madrid aprobou que se recoñecera a especialidade, pero, despois, cando tivo que gobernar, apareceu aquel concepto de «capacitación específica» coa ministra Ana Mato e co señor Castro Deza á fronte da ordenación dos recursos humanos e a cousa xa foi un pouco máis complicada.

Pasou o 2018, cambiou o Goberno —xa me perdín nas lexislaturas— e agora volvemos ver o PP reivindicando —e está ben— unha demanda que é difícil, que é lenta, pero que é necesaria e que nós compartimos. Está ben que nos sumemos todos a un acordo. Mellor estaría que, seguindo o acordo do Parlamento e do Congreso dos Deputados, os gobernos que pasaron do 2011 ao 2018 o fixeran, e así xa non estariamos con este debate, pero non o fixeron; votaron a favor cando gobernaban outros, pero logo non o fixeron, e agora estamos nisto.

O ministro de Sanidade dixo, practicamente ao final do ano pasado ou a principios deste ano —agora non atino ben coa data, pero aproximadamente nesa franxa—, que o Real decreto que regularía iso estaba próximo a ser aprobado, e iso é unha boa noticia. Durante a pandemia, que freou este tipo de avances porque os focos estaban noutro lugar, avanzouse que, a pesar dalgún pequeno atraso, aínda así seguiría adiante.

Nós estamos a favor. Celebramos que todos poidamos estar de acordo, que a iniciativa poida saír adiante desta volta; e felicitamos os que estiveron dende hai moito tempo detrás desta reivindicación. Comprometémonos a ser conscientes e a solventar as reticencias a través do diálogo; e, ademais, amparamos e avalamos o traballo do Ministerio, que ten en marcha ese real decreto. A través da Comisión de Recursos Humanos, o Sistema Nacional de Saúde porá en marcha esta reivindicación, que é lexítima e que é histórica, da que nos alegramos de que se chegase a un consenso, pero, ademais, vai ser boa para o Sistema Nacional de Saúde.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidente.

Efectivamente, hoxe os tres grupos parlamentarios con representación neste Parlamento presentamos unha iniciativa conxunta—boa tarde, señor conselleiro— asinada polos tres grupos; evidentemente, iso significa que os tres grupos estamos de acordo, parece máis que

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

obvio. Eu saúdo as persoas que seguramente nos están seguindo, porque esta é unha iniciativa que nos chegou a través da Semes —Sociedade Española de Medicina de Urxencias e Emerxencias— e que logo na Comisión de reactivación —na que o presidente galego compareceu— o ata a altura tamén presidente a nivel do Estado da Semes nos volveu demandar o apoio a esta iniciativa. Polo tanto, o BNG tamén a vai apoiar, porque non pide outra cousa que a creación da especialidade de Medicina de Urxencias e Emerxencias.

Esta é unha demanda que vén de vello, bastante de vello. Hai profesionais que levan trinta anos demandando esta cuestión a nivel individual, logo a nivel colectivo, e fundamentalmente a nivel da sociedade científica que mencionei.

Claro, unha das primeiras preguntas que cabe facerse é por que aínda esta especialidade non está creada. Hai certas discrepancias en parte do colectivo; algunhas poden ser máis ou menos compartidas, pero a realidade é que no Congreso dos Deputados hai iniciativas favorables, no Senado hai iniciativas favorables, unha parte importante dos parlamentos das comunidades autónomas son favorables, no Consello Interterritorial de Sanidade practicamente existe unha posición favorable dos conselleiros alí presentes, pero resulta que a creación desta especialidade non dá saído para adiante. Eu sei quen vai dicir que é porque ao principio se tramitou por vía dun decreto de troncalidade que non puido ser, mais a realidade é que esta especialidade si a hai para o Exército —co cal, máis unha vez, parece que igual sobran militares e faltan sanitarios—, pero a especialidade non se dá creado.

Nós, dende logo —e dígoo con total franqueza—, agardamos que se faga dunha vez e que non volva quedar no caixón —ao igual que outras cuestións fundamentais, como a taxa de reposición—; que as prazas da especialidade de Urxencias e Emerxencias se sumen a outras prazas tamén necesarias; que non haxa a tentación de que, unha vez creadas, as dividan a respecto de cantas van, por exemplo, para a formación de medicina familiar ou comunitaria; e que non se dividan coas de emerxencias, senón que sumen, porque hai moita necesidade. É unha evidencia que moitas das prazas das persoas que prestan os seus servizos nos servizos de urxencias en sentido amplo —sexan hospitalarias ou sexan extrahospitalarias—, nos PAC, ou nos servizos de transporte terrestre ou aéreo de emerxencias, se surten dunha parte moi importante de prazas de medicina familiar ou comunitaria; tamén de medicina interna e de ucistas, pero fundamentalmente destas. Co cal, é necesaria esta especialidade, pero para sumar non para dividir as prazas.

Creo que os argumentos están perfectamente claros na iniciativa que nos fixeron chegar a respecto desa necesidade, de que cada vez é máis necesario ter destrezas en determinadas técnicas que se aplican en urxencias e de que o tempo e a destreza na aplicación desas técnicas é fundamental. A situación na que están os profesionais de atención primaria —moi saturados, moitas veces— impídelles formación a respecto desas técnicas; e ter unha boa formación en asistencia a urxencias é bo para os profesionais e para a asistencia que prestan. É unha especialidade recoñecida en moitos dos países do noso contorno —con variables, con matices máis precisos—, sobre todo nos últimos tempos, onde a atención á urxencia e á emerxencia adquiriu máis relevancia, e onde —insisto— o tempo é un elemento fundamental.

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Polo tanto, o BNG apoia esta iniciativa e insisto en que agardamos que se sume ás peticións chegadas desde outros ámbitos, que se faga xa e que se deixen as escusas para que non sexa unha realidade, porque non entendemos as razóns que fan que no día de hoxe, despois de levar moitos anos con posicionamentos en moitas administracións —fálese de Congreso, de Senado, de administracións autonómicas...—, non sexa unha realidade.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra o señor Vázquez Almuíña.

O señor VÁZQUEZ ALMUÍÑA: Moi boas tardes.

Señor presidente, señores deputados, moitísimas grazas.

Señor conselleiro de Sanidade.

A verdade é que quero agradecer ao meu grupo que hoxe me deixase participar, por varios motivos: un, porque —como saben— esta semana é a miña despedida do Pleno do Parlamento, xa que este venres vou tomar posesión como presidente da Autoridade Portuaria de Vigo; despois porque é o meu antecedente, eu fun médico de urxencias, e, polo tanto, é querido; e, ademais, porque é unánime. No Parlamento tamén está ben que haxa mocións unánimes, aínda que sempre sae algunha cousa, sempre hai algún pelo aí que quitar dentro de todos os argumentos, pero é igual.

Moitísimas grazas de verdade ao grupo, ao portavoz xeral, Pedro Puy, e aos portavoces de Sanidade por darme esta oportunidade de poder intervir.

A verdade, como digo, creo que a demanda que fan os médicos de urxencias e emerxencias é xusta e vén de lonxe; pero vén de lonxe como vén a medicina. Ao final, é unha actividade rexistrada, a nivel de práctica médica, dende hai trinta e sete séculos, dende o Código de Hammurabi, que xa indicaba que facer ante determinados enfermos.

A evolución da medicina, sobre todo nos últimos cincuenta anos, fixo que fora imposible que un médico puidese abarcar todos os coñecementos; por tanto, no último século empezaron a xurdir de forma exclusiva as especialidades médicas e, sobre todo, as superespecialidades. Ademais, procédese a un sistema que se implanta en España, copiando o modelo americano, que lle chamaban «aprender traballando», o sistema MIR. É un sistema que empeza por formar eses médicos de forma coordinada e sempre con titorías. Un pouco antes tamén se crean as residencias sanitarias, onde os médicos especialistas se agrupan nun edificio e poden atender os pacientes de forma complexa e complementaria. Alí apareceu un servizo, que en principio buscaba dar asistencia as 24 horas do día e os 365 días do ano, que eran os médicos de urxencias ou coñecidos naquel momento como «médicos de porta».

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Desde entón pasaron moitísimos anos. Eles levan facendo un magnífico labor para atender a poboación, e así se ve claramente rexistrado e avalado por toda a cidadanía e polos médicos xoves. Moitos deles están dicindo que, no caso de que houbese a especialidade, unha porcentaxe alta a elixiría como tal.

Foron crecendo en persoal, e completáronse equipos con enfermería, con celadores e con auxiliares de enfermaría, e tamén ao integrarse dentro dos demais servizos hospitalarios, sempre con radioloxía, con laboratorios e formando un equipo multidisciplinar que no día de hoxe ten uns resultados magníficos que fan que a cidadanía os valore de forma importante.

Nas reformas e nos novos hospitais sempre se incrementa a superficie de Urxencias. De feito, o último gran hospital que se construíu, o Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo, ten unha superficie de 6.000 metros cadrados, e, anteriormente, tamén se incrementara a superficie do Servizo de Urxencias do hospital da Coruña. En todos os novos hospitais e en todas as reformas que se fan neles sempre se incide neste feito.

Os datos, ademais, aválano: máis dun millón de actuacións ao ano teñen os servizos de urxencias de Galicia e máis de dous mil profesionais atenden todas as necesidades, especialmente —como se dicía anteriormente— as patoloxías tempodependentes, que son moi importantes. Os infartos, os ictus, as sepses ou os traumas necesitan unha especialización importante.

Como dicía, posteriormente o sistema MIR complementouse ao integrar outras profesións, como a enfermería —hoxe en día temos xa varias especialidades en enfermería e van seguir crecendo—, pero tamén outras como a bioloxía, como farmacia e demais.

Desde logo, neste momento e despois de diferentes vicisitudes, creo que non hai que buscar culpables. Castro Deza non era o director de Recursos Humanos, senón o secretario xeral, pero desde entón pasaron ministros, pasaron directores... Si houbo inconvenientes e parou a normativa de troncalidade por temas accesorios. Desgraciadamente, isto tardou moito en desenvolverse. Agora temos que dar entre todos este empuxón definitivo e creo que estamos no momento.

Hoxe este Parlamento ponse de acordo para votar que se quere homoxeneizar a asistencia das patoloxías, especialmente das tempodependentes; que tamén se quere desenvolver a innovación dentro de Urxencias con novos aplicativos, como o Sigur; ou que tamén se quere crear esta especialidade para completar cada día máis a asistencia día a día moi complexa. Desde logo, tamén se vota pola estabilización das plantillas do Servizo de Urxencias. Para iso é fundamental a eliminación da taxa de reposición, que creo que pedimos todos os grupos aquí presentes.

Hoxe tamén votamos por potenciar a docencia e a investigación; por permitir a libre circulación de profesionais no espazo Schengen, ou por promocionar as reunións científicas de especialidades. Neste caso, o ano que vén —para o ano 2021— vai haber o Congreso nacional de Semes en Vigo, que houbo que aprazar. Tamén votamos para que haxa posibilidade de

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

adaptarse aos novos retos: aos pacientes crónicos e fráxiles, á violencia machista, á patoloxía psiquiátrica aguda e a outros criterios.

Con esta iniciativa, o Partido Popular de Galicia e o Parlamento no seu conxunto quere agradecer a todos os profesionais de todas as categorías o seu traballo continuo nos servizos de urxencias durante tantos anos e cun único fin, que é o de mellorar a sanidade galega.

Tamén quero agradecer de forma sinalada, en nome de todos os galegos, á Sociedade Española de Medicina de Urxencias e Emerxencias (Semes) —hoxe aquí cunha ampla representación—, ao presidente nacional, o doutor Vázquez Lima, pero tamén ao doutor Fandiño —actual presidente galego—, á secretaria xeral de Semes Galicia, a doutora Maza Vera, e á vicepresidenta, dona Concepción Abellás Álvarez, así como tamén ao presidente nacional —que o foi ata hai moi pouquiño—, o doutor González Armengol, da Comunidade de Madrid, esa entrega total e absoluta á cidadanía galega.

Sen máis —como dicía ao principio—, nesta miña última intervención neste Parlamento, quixera agradecer, en primeiro lugar, ao meu grupo todo o que fixo para arrouparme aquí durante todo este tempo. Aprendín moito aínda que, evidentemente, me queda moito por aprender. Quixera tamén agradecer aos grupos da oposición a colaboración que me prestaron en todo momento. As discusións que temos cos portavoces de sanidade entran dentro do lóxico, pero sempre no ámbito do respecto mutuo. E quixera facer o mesmo agradecemento ao presidente do Parlamento, á Mesa e tamén aos traballadores desta institución, que en todo momento están dándonos apoio para poder realizar unha tarefa das máis importantes, que é poder lexislar para que os galegos teñan unha mellor calidade de vida.

Moitísimas grazas a todos vostedes. *(Fortes aplausos.)*

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Vázquez Almuíña.

Continuamos co debate e coa seguinte proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Pasamos á seguinte proposición non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Rey Varela e oito deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co sector naval de Ferrol

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e outra do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do seu deputado Ramón Fernández Alfonzo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa e para debate no Pleno a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 5234).

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Emenda de substitución.

Débese substituír o texto da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte:

«O Parlamento insta a Xunta de Galiza a que, tendo en conta a relevancia socio-económica dos centros produtivos galegos da empresa pública Navantia reivindique e esixa a constitución dunha negociación real co goberno central, que teña en conta, como mínimo os seguintes aspectos:

1. Carga de traballo inmediata para os estaleiros da Ría.

2. Entrada da Xunta de Galiza no Consello de Administración de Navantia.

3. Constitución do Complexo Integral para a construción naval da ría de Ferrol, con:

3.1. Recuperación do Estaleiro do Fene como centro con plenas capacidades produtivas.

3.2. Deseño de novos produtos dirixidos ao mercado da construción naval civil, nomeadamente no segmento de cruceiros, off-shore, e buques especializados.

3.3. Potenciar a Fábrica de Turbinas, procurándolle participación nos contratos da eólica mariña, traballando para obtención de produtos propios no sector das turbinas para xeración de enerxía, e potenciando as súas posibilidades de mecanizado converténdoo en taller central da empresa a nivel estatal que dea servizo a todos os centros.

3.4. Potenciar a división de Reparacións e Carenas na Ría de Ferrol.

3.5. A construción de novos talleres, diques, e outras infraestruturas necesarias, para garantir o futuro do COMPLEXO INTEGRAL con plenas capacidades.

4. Incluír aos cadros de persoal das compañías auxiliares en toda as medidas sociais e industriais que se adopten.

5. A incorporación inmediata á empresa principal de tantas persoas como marcharon ou está previsto que marchen por causa da aplicación do último plan de reestruturación posto en marcha en Navantia.

6. Posta en marcha dun Centro tecnolóxico do sector naval na Ría de Ferrol, coa participación da propia Xunta, SEPI, Navantia, UDC, industria auxiliar, empresas fabricantes de equipamentos, etc.

7. Negociar de forma activa e efectiva coa Comisión europea a posibilidade de axudas á contratación na construción naval mentres non se poida garantir a igualdade de condicións para a contratación cos grandes competidores internacionais, a comezar pola declaración do sector naval europeo como Sector Estratéxico.»)

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Martín Seco García, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 5234).

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Emenda de adición.

Débese engadir, despois da parte resolutiva dapProposición non de lei, un novo punto:

«4. O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que co fin de utilizar as plenas competencias industriais da Administración galega:

a) Participe máis activamente no desenvolvemento do Estaleiro 4.0 de Ferrol, que inclúa proxectos para a captación de fondos europeos de reconstrución no estaleiro ferrolán.

b) Elabore un plan industrial para a comarca de Ferrolterra co fin de ter unha maior diversificación do sector industrial.

c) Leve a cabo un plan formativo para os traballadores da industria auxiliar do sector co fin de garantir a competitividade do sector e unha continuidade na actividade dunha man de obra altamente capacitada.

d) Elabore un plan de captación de actividades industriais ligadas á industria eólico-mariña, que poida englobar outros sectores que sexan estratéxicos para a comarca, de tal xeito que se aproveiten as instalacións portuarias, as comunicacións e o solo industrial.»)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Rey Varela.

O señor REY VARELA: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, moi boa tarde.

Ferrol naceu vinculada ao mar. O seu nacemento como cidade débese a unha decisión do Estado; unha decisión adoptada polas súas características naturais e estratéxicas: unha ría estreita, profunda, doada de defender e próxima ás principais rutas atlánticas. Así é como se crea un estaleiro para construír barcos e un arsenal para albergalos, e despois desenvólvese unha cidade, a cidade de Ferrol, a cidade departamental.

O primeiro gran reto de fabricación de barcos foi a construción simultánea dos doce *Apóstolos* en 1751, doce buques en grada botados só en dous anos. Así, durante case tres séculos, a cidade, a Armada e Navantia formaron unha única realidade e uniron o seu destino, forxando o ADN de milleiros de ferroláns de distintas xeracións.

Esta proposición que hoxe presentamos ao Pleno non trata sobre o pasado; demasiado se dixo xa, demasiado argumentario de partido. O sucedido está aí, e non creo que ninguén estea orgulloso diso. Nin sequera trata do presente, aínda que é difícil que nos poidamos subtraer del cando no último ano 1.047 persoas perderon o seu emprego no naval, e as perspectivas son aínda peores para marzo do próximo ano, porque por primeira vez en moito tempo presentaremos gradas totalmente baleiras. ¡E iso que levamos vivido momentos difíciles: de empregar 15.000 persoas nos estaleiros a pouco máis de 2.000 nestes momentos!

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Fan falta plans e carga de traballo inmediata, niso coincidimos todos. Pero os orzamentos do Estado xa constataron que a única nova construción para a Armada vai ser no sur, e que o AOR, que todos demandabamos unanimemente en Ferrol, non aparece no orzamento do Estado.

A situación é tan dramática que, dende o noso punto de vista, non admite que as árbores nos deixen ver o bosque. O naval precisa de concreción ao redor dun único proxecto estratéxico, solvente e posible nestes momentos para garantir o futuro dunha cidade e dunha comarca. Por iso precisamos a suma de todos, en lugar de discutir sobre o que nos separa. É o que esperan os galegos e galegas aos que representamos e tamén os ferroláns. Dise sempre —e é verdade— que as persoas son o maior valor para protexer nunha comunidade ou nunha cidade. Hoxe Ferrol ten 66.000 habitantes, os mesmos que tiña en 1950. Somos a única cidade de España que perdeu un terzo da súa poboación nos últimos corenta anos. Isto si que é unha verdadeira crise demográfica. Contamos coa taxa de paro máis alta de Galicia, o 17,9 %, e á crise do sector naval súmase agora a crise enerxética, coas decisións sobre Endesa, Alcoa e un longo etcétera.

Da crise industrial enerxética pasamos á crise na propia cidade. Un recente estudo acredita que no centro dela, no barrio da Magdalena, temos 313 locais comerciais baleiros. Finalmente, despois dunha crise económica, unha crise demográfica, unha crise industrial, vén o máis duro, que é a crise social. Desgraciadamente, Ferrol tamén é a cidade de Galicia coa taxa de pobreza máis alta, o 24 %. Por iso dicía que seguir discutindo ante unha situación de emerxencia industrial e social en lugar de unirnos para mudar a situación é perder o tempo, e, sobre todo, fallarlles á confianza das persoas que a depositan neste Parlamento.

Igual que dicir que as cousas van ben, que xa chegan as fragatas, é unha irresponsabilidade se non facemos realidade o proxecto estratéxico ao redor do que xira o noso futuro, non o futuro dos próximos dez anos, senón o futuro para ser competitivos nas próximas décadas; un proxecto para que poidamos seguir facendo o que sempre fixemos, diversificando, si, pero tamén facendo o que sempre fixemos, que é construír barcos; un proxecto para que os nosos fillos non teñan que marchar da cidade que os viu nacer.

Podemos discutir de diversificación, de eólica, de novos plans industriais e emprego, de competencias... Seguramente todos os grupos teremos visións diferentes ao redor destes temas. Podemos discutir de público, de privado, de civil, de militar, de Montoro, de Montero..., do que queiramos, pero sen proxecto de dique e sen proxecto de transformación do Estaleiro 4.0, Ferrol non terá futuro. Ese proxecto e o seu financiamento —en Ferrol ninguén o dubida— correspóndelle ao propietario dos estaleiros, que é o Estado. Así é como naceu o proxecto de Estaleiro 4.0: naceu como naceu nos estaleiros máis importantes do mundo. En Ferrol naceu da man de magníficos enxeñeiros industriais formados nas nosas escolas universitarias e en Navantia, que emularon o que hai tres séculos Jorge Juan fixo por encarga do marqués da Ensenada: visitar os estaleiros máis modernos do mundo para copiar moitas das súas técnicas construtivas. Así se fixo tamén no século XIX coa gran transformación dos barcos de aceiro e a vapor, coa incorporación da machina ou da construción en seco, nas que Navantia —o seu precedente— foi un auténtico avanzado de carácter mundial. E así se fixo tamén, por última vez, a principios do século XIX despois da Lei Ferrándiz, cun proxecto —hai que dicilo— idén-

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tico a aquel do que se está a falar neste momento, unha reforma do estaleiro e novos acoirazados para a Armada.

Un século despois precisamos dun novo salto tecnolóxico, non para dez anos, senón para os próximos cen anos. Na nosa historia estamos vendo como cada cen anos hai que facer un gran proxecto de transformación dos estaleiros, e en Ferrol levamos madurando isto durante os últimos anos. Como hai un século, inclúe a modernización das unidades máis importantes da Armada da man das fragatas F-110. Un dato: coa posta en marcha do Estaleiro 4.0 conseguiremos o aforro de 36 millóns de euros para cada fragata, permitindo así que o investimento necesario de 400 millóns de euros para este proxecto consiga un retorno do seu investimento aos dez anos da posta en marcha. Non queremos esquecer que aínda que un estaleiro sexa público ten que ser competitivo para manterse no mercado, e neste proxecto de transformación do Estaleiro 4.0 aparecen tres investimentos chave: o dique seco cuberto de 360 por 65 metros —sobre o que xira todo o proxecto—, o taller de subloques e a ampliación de tres novos molles de 273, 200 e 350 metros.

Este proxecto recibiu o apoio financeiro técnico da Xunta de Galicia a través de dúas unidades mixtas de investigación nas que, ademais da Xunta e de Navantia, participou a Universidade da Coruña. Traballaron en liñas de traballo, na optimización dos procesos de deseño e construción, no incremento do grao de optimización e robotización e na mellora da coordinación coa industria auxiliar. O proxecto estaba rematado en 2018, tras oito revisións técnicas baixo a presidencia de Navantia do ferrolán Esteban Vilasánchez, e moitas persoas participamos en decenas de reunións técnicas coa Dirección Xeral de Avaliación Ambiental e co Instituto de Estudos do Territorio.

Vanme permitir sinalar a importancia deste proxecto para a cidade, porque tamén ten un retorno directo para un vello anhelo de todos os ferroláns, que é abrir a cidade ao mar, xa que o proxecto de transformación do estaleiro tamén permite liberar unha parte da nosa fachada marítima.

A verdade é que todo quedou conxelado co cambio no Goberno de España. Cesouse a Esteban Vilasánchez e nomeouse a unha enxeñeira agrónoma andaluza. E como en tantas ocasións da nosa historia, o Plan estratéxico de Navantia volve a mirar para o sur.

O promotor do proxecto, Navantia, a SEPI e o Estado, co novo Goberno, o que estiveron facendo foi marear con ver quen era o órgano substantivo; é dicir, con quen tramitaba o proxecto. Acaban pasándollo ao Porto de Ferrol, pero a realidade é que dous anos despois nin sequera depositaron o aval para comezar a tramitación. Esta é a realidade. Dous anos despois, o estudo de impacto ambiental está a piques de rematar, e mentres tanto o naval de Ferrol esmorece e a cidade está nunha auténtica situación de emerxencia social, económica e laboral.

Por iso, esta proposición, para que cunha voz firme o Parlamento de Galicia inste a Xunta de Galicia a demandar ao Goberno do Estado a presentación dos proxectos, licenzas e autorizacións, así como o financiamento do Estaleiro 4.0, especialmente no que se refire ao dique seco cuberto. Para a súa aprobación solicitamos o apoio dos grupos políticos do Parlamento de Galicia.

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Rey Varela.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra o señor Seco García.

O señor SECO GARCÍA: Grazas, presidente.

Señorías, a situación do sector naval é complicada, e moito máis nestes tempos da covid. A caída da demanda do transporte marítimo e de mercadorías e pasaxes está a ter efectos negativos sobre a contratación e reparación naval civil este ano, mentres que no mercado naval de defensa os efectos e dificultades orzamentarias e fiscais, aínda que non se viron totalmente reflectidos neste exercicio, xa se aprecian caídas considerables en todas as áreas xeográficas da suma de contratación naval, militar e civil; un 42 % en China, un 71 % en Xapón, un 55 % en Corea e unha caída de contratación do 97 % en Europa.

O impacto tamén se produce na industria colaboradora e nos subministradores de equipos, que tiveron que reducir ou deter a súa produción, tendo, ademais, que implementar rigorosas medidas de seguridade e saúde durante a convivencia co coronavirus.

Outro impacto significativo foi sobre os armadores, en particular sobre os operadores de cruceiro, debido á intensa caída de pasaxeiros de turismo, que supuxo atrasos de pedidos e a caída total da demanda nos estaleiros en Europa. As previsións indican que o impacto total da crise na industria marítima será máis intenso a partir do 2021 pola falla de pedidos e a falla de carga de traballo.

No sector de defensa, aínda que se descoñece en que medida afectará o mercado internacional, considéranse os seguintes efectos: unha replanificación dos programas navais militares previstos por reaxustes orzamentarios, unha caída do mercado de exportación en países de Oriente Medio motivado polo desplome dos prezos do petróleo e unha tendencia global a protexer e a desenvolver cada país as súas respectivas bases industriais, co obxectivo de asegurar a soberanía na cadea de subministración.

Señorías do Partido Popular, este é o panorama do sector naval en xeral, e estas son as dificultades coas que se atopa Navantia dende marzo de 2019, pero xa que vostedes enchen continuamente, aínda que non sexa na intervención, si é no escrito, culpabilizando o Goberno actual de todos os males, pregúntolles: ¿cal era a situación que deixaron en Navantia no ano 2018? Señores do Partido Popular, a empresa estaba en quebra técnica, inmersa en causa de disolución, segundo a Lei de sociedades de capital, e, polo tanto, nunha situación extraordinariamente difícil producida pola incapacidade, incompetencia e falla de convicción en materia industrial dos sete anos de goberno do seu partido e pola falla de aposta por Navantia durante todo ese tempo.

En decembro de 2018, para actuar fronte á quebra que deixaron vostedes, asinouse o Plan estratéxico 2018-2022, co acordo dos representantes dos traballadores e co obxectivo de

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

conseguir a viabilidade da empresa, mantendo a actividade en todos os centros, modernizando os procesos de instalacións coa panca da transformación dixital, rexuvenecendo a plantilla e adaptándoa ás necesidades do mercado. Certamente, nese plan, non estaba recollida a construción dun dique seco e tampouco fora algo que desenrolara o Partido Popular nos sete anos de goberno, que, en materia do naval, xa sabemos todos os galegos como funcionan: cando non gobernan, dedícanse a reivindicar e prometer para logo non facer nada do prometido. ¿Onde queda a promesa de Feijóo daqueles suculentos contratos de Pemex e a construción de decenas de buques para a empresa mexicana, acompañado duns directivos que logo rematan imputados por corrupción? ¿Ou o famoso dique flotante que ía construír en Ferrol? Señores do Partido Popular, todo fume. Resultado: quebra técnica e falta de carga de traballo e de modernización do estaleiro.

Compartimos cos traballadores a necesidade de fortalecer a competitividade da empresa coa construción dun dique seco que complemente as actuacións de modernización que se van levar a cabo no estaleiro. Dende o Partido dos Socialistas de Galicia xa llo transmitimos á nova dirección de Navantia cun investimento que garante un incremento da produtividade e un retorno económico que podería garantir unha infraestrutura deste calado. Entendemos que o financiamento podería buscarse nos fondos europeos, sempre e cando se analice xuridicamente para que poidan destinarse a este fin. Pero se o Partido Popular o ten claro —espero que o teña máis claro que o que o tiña co ridículo que fixeron co dique flotante—, ¿por que o presidente da Xunta, cando expuxo os sete proxectos tractores e plans transversais para acudir aos fondos de reconstrución europeos, non anunciou absolutamente ningún vinculado cos estaleiros galegos? ¿Por que cando posteriormente comunicou que tiña 108 proxectos non houbo noticia de que o Goberno galego introducise absolutamente nada sobre o estaleiro de Ferrol?

Señores do Partido Popular, intentan facerlle crer á sociedade galega que o Goberno estatal castiga o estaleiro ferrolán, e logo dende o Goberno galego non anuncian ningún proxecto para este estaleiro dentro dos 108 que presentan en Madrid.

Vostedes falan moito de atraso e de falla de carga de traballo ata o inicio da construción das fragatas F-110; falan moito, pero non acaban de explicarlles aos cidadáns de Ferrol a que é debido ese atraso e por que dende o Goberno foron incapaces de desenrolar o proxecto; ata a chegada do Goberno socialista que, baixo a dirección de Margarita Robles, firmou os contratos que van supoñer un investimento de máis de catro mil millóns de euros para Ferrol, garantindo dez anos de carga de traballo e a creación de 7.000 postos de traballo para a comarca.

Cóntenlle á cidadanía cales eran os intereses do ministro Morenés, do Partido Popular, e por que tivo metido o proxecto das fragatas nun caixón durante dous anos. Agora que din que o Partido Popular está tan preocupado pola falta de carga de traballo ata o inicio das fragatas, cóntenlle por que tiña o Goberno Popular tanto interese en poñerlles ás fragatas uns mísiles da empresa MBDA, contra o criterio da propia Armada. *(Aplausos.)* ¿E cal era a relación que tiña a dita empresa co ministro? Grazas que chegou o Goberno actual e desbloqueou un investimento esencial para a cidadanía de Ferrol, deixando atrás as políticas daqueles que sempre priman os seus propios intereses.

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Señores do Partido Popular, poden sumar e intentar arrimar o ombro para facer de Navantia un estaleiro con futuro, como dicía vostede. Poden colaborar dende a Xunta de Galicia para darlle un maior impulso ao proxecto do Estaleiro 4.0, como está recollido no plan.

Poñan máis recursos dende a nosa Administración, traballen dende as políticas públicas da Xunta de Galicia para que o dito estaleiro consiga unha maior carga de traballo e novos investimentos, ou poden seguir de perfil, deixando ao Goberno do Estado só, como fixeron durante meses con Alcoa ou como fan actualmente en Gamesa-Siemens.

Despois de doce anos continuados de goberno na Xunta de Galicia do Partido Popular e gobernando 33 dos 39 anos de historia desta autonomía, poderían facer o esforzo de cumprir o Estatuto galego, que di que o Goberno galego ten competencia exclusiva en materia industrial, elaborando algún tipo de proxecto que faga algo máis que criticar o que fan ou deixan de facer outros.

Señores do Partido Popular, a comarca de Ferrol sofre sen ningún tipo de actuación por parte da Xunta de Galicia en doce anos de goberno, con 23.000 postos de traballo menos no sector en Galicia, cun índice de produción industrial en Galicia que caeu un 2,5 % na pasada lexislatura e cun emprego industrial que representaba o 7,1 % no 2009 no conxunto de España e que no 2019 era do 6,6 %.

Non foron capaces en doce anos de plasmar accións concretas na produción lexislativa en materia industrial. O mellor exemplo é a Lei de fomento do sector naval de Galicia, unha norma cunha nula incidencia real no sector dende a súa aprobación.

Vostedes no 2015 aprobaron a Axenda de competitividade de Galicia e a Industria 4.0. As dúas metas principais da axenda eran, ata o 2020, o crecemento do sector industrial ata o 20 % do PIB galego e a creación de 50.000 postos de traballo na industria. ¿Onde quedan aqueles obxectivos, señores do Partido Popular, agora que vai acabar 2020? Xa non vou falar do Igape e da súa infrautilización cunha execución de 160 millóns de euros dos 306 que tiñan para o trienio dende o 2016 ata o 2018.

Poden seguir coa súa política de propaganda nos medios de comunicación, dáselles ben, pero, entre tanta borracheira de éxitos no mundo irreal no que vive Feijóo, poderían facer algo para exercer as súas competencias en industria, como poñer enriba da mesa un plan para a implantación da industria en Ferrolterra, porque as empresas auxiliares deberan ter alternativas de traballo na comarca, e vostedes son incapaces de captar ningunha nova actividade industrial e deixan morrer ou deslocalizarse as existentes.

Poñan enriba da mesa un plan de formación para os traballadores da industria auxiliar do sector co fin de fortalecer a competitividade do sector e unha continuidade na actividade dunha man de obra altamente capacitada. Elaboren un plan de captación de actividades industriais ligadas á industria eólico-mariña que poida englobar outros sectores que sexan estratéxicos para a comarca, aproveitando as instalacións portuarias, as comunicacións e o solo industrial existente.

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Dende o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia introducimos, precisamente, unha emenda nese senso para que, ademais de poñerlle deberes ao Goberno central, que está moi ben, fagan algo máis dende a Xunta de Galicia que adurmiñarse mirando para Madrid.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Soto.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Fernández Alfonzo.

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: Moi boa tarde.

O PP presenta unha iniciativa na que demanda do Goberno do Estado que presente proxectos, licenzas e autorizacións, así como financiamento para taller e dique, que o faga a través dos fondos europeos e que solicite á Comisión da Unión Europea a consideración do sector naval como estratéxico, o que permitiría axudas a fondo perdido.

Está moi ben, dígollo honestamente; estamos de acordo. O PSOE tamén está de acordo e presenta unha emenda para ir máis aló. Por suposto, eles queren que se demanden tamén da Xunta varias cousas. E así botan o día, uns demandan do Goberno central e outros demandan do Goberno da Xunta, xogando á pelota cos problemas de Galiza.

O PSOE demanda da Xunta que participe máis activamente no desenvolvemento do estaleiro, que inclúa proxectos para a captación de fondos europeos, que elabore un plan industrial para a comarca co fin de ter maior diversificación, que leve a cabo un plan formativo para os traballadores da industria auxiliar e que elabore un plan de captación de actividades industriais ligadas á industria eólico-mariña.

En canto aos fondos para modernizar o estaleiro, o lóxico, sendo Navantia unha empresa pública das dimensións e da transcendencia social e económica que ten, sobre todo na Galiza, o lóxico —dicía— sería que a Xunta participase no consello de administración da empresa, tal como prevé o artigo 55 do Estatuto de autonomía de Galicia. Pero iso non figura nin na iniciativa do PP nin na emenda do PSOE; non lles interesa. Están os dous de acordo en manter o actual *status quo* na dirección de Navantia. Como o lóxico sería que fose ese consello de administración —onde todas as partes interesadas estivesen representadas— o que elaborase un proxecto consensuado, para que independentemente de a quen corresponda a iniciativa ou o impulso, houbese un acordo xa de inicio sobre o proxecto de modernización do estaleiro que garantise despois dos trámites que correspondan que o proxecto cristalice e apareza o financiamento. E isto, señorías do PSOE, non nos fagan trampas, aínda que a Xunta o inclúa entre os seus proxectos, a última palabra no día de hoxe é do Goberno do Estado.

Pide o PSOE un plan industrial para a comarca de Ferrol. Xa vai ser difícil poñerlle nome. De tantos plans comarcais que levamos deben de ter vostedes o santoral de plans baixo mínimos.

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pero, en definitiva, como o obxectivo é o de sempre, procurar diversificación industrial, poden usar calquera dos anteriores nomes e engadirlle «júnior». ¿Non sei que lles parece? *(Aplausos.)* Vanme desculpar se lles parece que frivolizo con estas cousas, pero entre uns e outros xa somos moitos en Ferrol os que imos un pouco fartos, porque o plan industrial que precisa a comarca de Ferrol é poñer Navantia a traballar. Non hai outra posibilidade real de traer nada a Ferrol, nin hai empresa, nin posibilidade de inventar nada que poida substituír ou equiparse á construción naval: en volume de emprego, na diversidade das actividades que concorren na construción dun barco, no seu nivel tecnolóxico, no seu potencial exportador ou no efecto multiplicador do prezo da obra na economía comarcal —catro euros e medio por cada euro—.

¿A diversificación? A diversificación industrial que precisa Ferrol é que Turbinas recupere o mercado das enerxías renovábeis, aproveitando este xa tan manido cambio de paradigma enerxético, aproveitando os contratos da eólica mariña e aproveitando que ten experiencia no sector porque xa traballou no eólico e na construción de centrais de biomasa. A diversificación tamén é que Carenas non teña que renunciar a traballo por falta de infraestruturas.

Recuperar a construción naval civil, recuperar a actividade de Turbinas e potenciar Carenas; esta é a única diversificación industrial na comarca de Ferrol que non sería mera retórica, porque conta de partida coas instalacións, co coñecemento, coas sinerxías e cunha reputación internacional; todo de propiedade pública. ¿Que falta? Falta vontade política.

E aquí están vostedes con iniciativas perfectamente pensadas para meter os dedos nos ollos uns a outros, e máis nada, sen contido real, porque a realidade é esta: o plan industrial e a diversificación sería poñer Navantia a traballar, e non se fai porque non queren, porque teñen outros plans; outros plans para unha Navantia na ría de Ferrol aínda máis reducida da que coñecemos hoxe, si, porque, mentres vostedes montan aquí o espectáculo de quen se preocupa máis por Navantia, a dirección de Navantia está dando pasos para abandonar a eólica mariña. Están negociando un contrato para prover de *monopiles* a Iberdrola durante cinco anos no que a participación de Navantia na UTE con Windar pasa dun 70 % a menos dun 10 %. A participación de Navantia redúcese a facer de caseiro da Windar.

Pero non se escandalicen, porque isto víase vir. Mentres o presidente da Xunta acudía a Fene a celebrar os fitos da alianza Navantia-Windar, a CIG xa advertía de que cando Navantia non ten persoal propio neses proxectos, cando Navantia renuncia a controlar a subcontratación de empresas na parte da obra que lle correspondía pola súa participación na UTE, cando Navantia renuncia a determinados proxectos de asesoramento, formación ou reparación en favor das súas contratas é porque non ten interese no sector. Así que isto non é novo, vén xa da anterior dirección, a do PP; agora cristaliza. Igual que a renuncia a que Turbinas traballe na área de enerxías renovábeis non é nova, pero agora precisamente deixou de ser unha división con dirección propia dentro de Navantia. Xusto nun momento en que a descarbonización da mobilidade marítima é chave para facerse un oco no sector, a fábrica de turbinas que podía e debía ser a cerna dunha nova área de actividade con forte impronta tecnolóxica e innovadora perde galóns, recursos e actividade.

Presentar unha iniciativa para que se soliciten as licenzas e autorización e para que se inclúa Navantia nos proxectos para os fondos europeos está moi ben, de verdade, nós apoiámolo,

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

pero se tivesen interese real polo sector solicitarían estar no consello de administración, estar onde se toman as decisións; se tivesen interese real polo sector, estarían demandando recuperar capacidades e actividades, porque esta Navantia versión reducida, restrinxida á construción militar, non é viable económica nin socialmente. Os números están aí para quen os queira ver. Algúns están incluso na súa propia exposición de motivos: crise demográfica, primeiros en desemprego, etc. E isto é, precisamente, resultado das restricións.

Señor Rey Varela, o baleirado de gradas en Ferrol non é novo, e hai máis dun ano que non hai barcos nas gradas de Ferrol. «Formación para o persoal da industria auxiliar», di o PSOE. Tamén está moi ben, nós apoiámolo, pero veriamos mellor que o persoal da industria auxiliar con 61 anos e 30 de actividade puidese xubilarse igual que os da principal. Non pode ser que sistematicamente o persoal de auxiliares —a quen desde aquí mando un saúdo fraternal— quede á marxe das medidas de carácter social que se pactan para o persoal da principal. Despois dunha vida laboral de inestabilidade, de peores salarios e de peores condicións de traballo, tamén á hora de perder o emprego hai clases, e iso que perden o emprego sempre por causa dalgunhas das reducións de capacidades da empresa, que sempre responderon, na historia de Navantia, a decisións políticas. Se os gobernos, calquera deles, quixesen facer algo neste sentido, poderían facelo. Fagan un mapa do persoal da industria auxiliar, comproben que volume de persoal ten anos de cotización suficientes para xubilarse aos 61, convoquen unha mesa cos sindicatos, patronal do sector, Navantia e SEPI e poñan unha solución enriba da mesa para moita xente que o vai pasar mal durante estes anos, xusto ao final da súa vida laboral.

Respecto da constitución dun centro tecnolóxico do sector naval na ría de Ferrol que vimos demandando en todas as nosas iniciativas, temos clarísimo que sen investigación e sen innovación estamos fóra do mercado, en xeral en todos os sectores, pero sobre todo nun sector coma este, con procesos construtivos complexos e de alto valor engadido, onde se traballa cunhas especificacións técnicas e de calidade cada vez máis exixentes e, por suposto, que compite nun mercado totalmente globalizado.

A Unidade Mixta de Investigación Navantia e Universidade é un primeiro paso, pero non é suficiente. Desde logo, a Xunta non pode presumir de realizar un gran esforzo económico con esta unidade de investigación. A Axencia Galega de Innovación achega 750.000 euros, o resto, até 3 millóns, ponos a propia Navantia —millón e medio— e a universidade outros 750.000.

Das 50 persoas que a Universidade achega a esta unidade de investigación, 30 son persoal do centro investigador da propia universidade; é dicir, apenas 20 teñen contrato especificamente para traballar na unidade de investigación; unha unidade de investigación que funciona con base en convenios temporais, o actual cunha duración de catro anos 2018-2021, e que remata precisamente agora. Recursos escasos e inestabilidade estrutural; iso si, con grandes resultados á conta dun persoal investigador que neste país supera todas as expectativas. Navantia e o sector naval galego precisan que a Xunta aposte en serio pola investigación e a innovación, e isto significa consolidar os centros e as unidades de investigación dotándoos de estabilidade e recursos a longo prazo.

«Negociacións coa Comisión da Unión Europea para a declaración da construción naval como sector estratéxico», é fundamental, pero hai outras cousas que falar coa Unión Europea, alén

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

desta declaración, e que condicionan absolutamente a contratación de buques, como, por exemplo, a política de subvencións a armadores da Unión Europea que despois contratan os buques fóra da Unión Europea. E tamén hai cousas que aprender dos competidores asiáticos, por exemplo, como organizan os seus estaleiros, dentro de conglomerados industriais máis amplos e diversificados, xusto o contrario do que fan vostedes con Navantia.

O futuro da construción naval na ría de Ferrol pasa por aproveitar todas as posibilidades dos diferentes centros que aínda existen no día de hoxe en Navantia Ría de Ferrol; todas, sen restricións, dun xeito integrado.

A comarca de Ferrol precisa recuperar capacidades, precisa emendar o actual deseño de empresa en permanente redución, e insisto, é unha empresa pública...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: ...depende única e exclusivamente da vontade política.

Xa remato, señor presidente.

Desde o BNG apelamos a que tanto o PP como o PSOE rachen co espírito daquela falsa reconversión que condena a comarca de Ferrol a vivir nunha situación de crise permanente. Abandonen dunha vez esa lealdade suicida para con aqueles acordos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: ...e aposten polo sector con todas as consecuencias. As infraestruturas son básicas, diso non hai dúbida.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Fernández.

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: Este é o plan de reestruturación e de reindustrialización que precisa Ferrol:...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Fernández.

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: ...rachar coas limitacións e poñer Navantia a traballar.

Obrigado. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra o señor Rey Varela.

O señor REY VARELA: Moitas grazas, señor presidente.

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Señorías, a verdade é que creo que non debemos vir aquí a ler ningún argumentario de partido. Estamos ante unha situación de emerxencia, a peor das que levamos vistas, e ninguén en Ferrol —e invítoos a que me digan alguén— dubida de que o proxecto estratéxico de Navantia e do naval para os próximos anos é o dique seco cuberto e o proxecto de transformación do Estaleiro 4.0.

Coincido co que dixo aquí o deputado do BNG. En Ferrol estamos fartos de escoitar falar de plans industriais. El non deu ningún nome, eu vou dar algún: a ZID, a ZUR... Eu lembro cando era neno e moitos dos meus compañeiros de clase dicían que ían ir a Italia porque ían montar aquela fábrica de vidro. Iso é ao que estamos acostumados, e por iso algúns dos que estamos sentados aquí, que somos de Ferrol, non queremos que ás cousas se lles chame doutra maneira. Nós queremos claramente un proxecto de transformación do estaleiro, non queremos que nos veñan vender novamente plans de industrialización eólica, etc. Todo, benvido, pero, dende logo, o que queremos é o proxecto de transformación do estaleiro feito en Ferrol e por enxeñeiros ferroláns. Esa é a aspiración desta moción, precisamente para que non nos volvan enganar con palabras, porque o que necesitamos, diante desta situación, de verdade, son feitos. *(Aplausos.)*

E por iso a nosa proposición é moi concreta. Nós estamos a falar do proxecto de transformación do Estaleiro 4.0 e do dique. Alá quen queira facer outros debates, totalmente lexítimos, pero non son obxecto desta proposición. Saudámolos, seguramente podemos compartir moitos dos que presenten, pero para nós é imprescindible, neste momento, isto.

Voulles ler algo do que están dicindo en Ferrol os representantes sindicais: «Máis de mil traballadores das auxiliares perderon o seu emprego». *«Cuenta atrás para el Naval: en el mes de marzo se acaba todo lo que tenemos en producción». «El naval clama contra el año en blanco que se avecina en Ferrol».*

Por iso, señor Seco García, de verdade, ninguén en Ferrol pode compartir que un debate como este sexa un debate de crítica permanente; ninguén en Ferrol, garántollo. No último pleno municipal que celebramos o xoves pasado en Ferrol todos os grupos políticos apoiaron dúas mocións, unha do Partido Popular e outra do BNG que pedían cousas moi similares a estas. Por iso, señor Seco García, non entendo que poida reducir a súa intervención a falar de Morenés...; o de sempre, o de sempre.

¿Que a pandemia afectou o sector naval? Señor Seco, ¿de verdade, vostede cre que a pandemia, a covid-19, ten algo que ver co dique ou que ten algo que ver co AOR? O único que ten que ver co AOR é que a carga de traballo se fixo no sur en vez de facerse no norte, como pediamos na Cámara galega coa abstención do PSOE, e en Ferrol todos os grupos políticos. Unha cousa moi bonita é votar en Ferrol unha cousa, votar aquí abstención e votar en Madrid que non. Polo menos, entenderá aos que somos minimamente coherentes.

¿Por que nace esta proposición? Voullo dicir, de verdade, señor Seco, voullo dicir: porque houbo unha reunión do señor Mato co señor Núñez Feijóo. Vostede coñecerá a reunión. Creo que o señor Mato é do Partido Socialista. Pois eu agradezo que haxa socialistas en

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ferrol que apoien o sector naval de Ferrol, porque temos que estar na rúa e representando a xente da rúa. *(O señor Rey Varela le unha nota de prensa.) «Feijóo y Mato urgen la construción del dique para Navantia.»* «O alcalde e o presidente da Xunta» —esta é unha nota oficial do Concello de Ferrol, que lla vou deixar por se non a ten— «expresaron a necesidade de se constrúa o dique cuberto e de que o estaleiro diversifique a súa produción.» Por iso nace esta proposición, para darlles seguimento a esas xuntanzas. Somos xente organizada.

Voulle dicir a seguinte en Ferrol: «Ángel Mato exixe xa a Navantia que impulse o proxecto de dique cuberto: como alcalde de Ferrol, quero exixirlle á empresa pública Navantia que presente o proxecto de dique cuberto do estaleiro de Ferrol; un proxecto» —palabras textuais— «maduro, traballado» —atenda vostede— «dende o ano 2015 por parte dunha unidade mixta de investigación» —refírese á da Xunta; iso non o pon—; «a finais do 2018 ía xa pola oitava revisión, e estaba a piques de ser presentado á SEPI para a súa execución». Finalmente non se fixo. Sen dique, non hai estaleiro.

E voulle dicir a última, unha valoración do alcalde de Ferrol sobre os orzamentos xerais do Estado, que bota en falta máis compromiso cunha partida para o dique cuberto de Navantia. Non fala deses fondos nin de plans, fala dunha partida. E di que confía —en fin, eu tamén confiaba— en que mellore na tramitación parlamentaria.

Polo tanto, creo que presentamos unha proposta moi concreta que é compatible con outras moitas iniciativas.

Nós desexamos que se presenten moitas iniciativas para o naval, pero o BNG quere que quitemos esta iniciativa —que igual é compartida— para poñer as súas propostas para o naval, e nós moitas compartímolas, pero moitas tamén entenderán que non as compartamos. Polo tanto, non podemos admitir a súa emenda porque non é nin de adición; é de supresión do noso texto, cambiándoo polo texto do BNG.

E o mesmo con respecto á que plantexa o Partido Socialista, porque, xa digo, eu o único que desexo...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor REY VARELA: ...é que nesta Cámara se reproduza a unanimidade que temos en Ferrol os representantes dos ferroláns para que sintamos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas.

O señor REY VARELA: ...nestes momentos difíciles o apoio de todos os galegos.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, señor Rey Varela.

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e Dª Marina Ortega Otero, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co volume de diagnoses e a capacidade asistencial dos servizos de oncoloxía do sistema sanitario público de Galicia durante o ano 2020

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Torrado Quintela.

O señor TORRADO QUINTELA: Boa tarde. Grazas, señor presidente.

Dende o noso grupo cremos importante debater hoxe, ademais das cuestións que temos tratado sobre sanidade, unha cuestión algo máis específica. Ten que ver coa capacidade do sistema de atender ou de responder ás necesidades que se veñen dando durante este ano 2020 —inevitable, histórica e claramente marcado pola covid— pero en pacientes non covid. Evidentemente, a xestión da pandemia é tremendamente complicada. Os gobernos tiveron e teñen que facer fronte a unha situación inesperada; unha situación de dificultade inherente e que ademais provoca unha serie de problemas e de desaxustes no sistema, unhas descoordinacións inevitables que, conforme vai pasando o tempo, pódense ir reaxustando, pero que provocan algunhas situacións nas que estamos algo máis atrasados do que deberamos.

A pandemia provocou un problema gravísimo no sistema de saúde. Con todo, e a pesar de todo o dito e de que houbo quen se quixo aproveitar da pandemia, o Sistema nacional de saúde de España funcionou razoablemente ben, a pesar das circunstancias e de todo o que se poida aprender a mellorar e se necesite mellorar, razoablemente ben.

A segunda onda demostra que hai algúns problemas estruturais no sistema. Tamén demostra —se quixeramos facer outro tipo de lectura— que a parte da primeira onda, xestionada polo Estado, tivo uns resultados, e a segunda, xestionada polas comunidades autónomas, está tendo outros —peores nalgúns casos—. Pero demostra que os gobernos non teñen ningunha variña máxica, e, por tanto, todo o que ocorre dentro do sistema é comprensible, compresible ata un punto natural, pero comprensible dentro dunha lóxica da xestión do sistema e das dificultades que os dirixentes dos distintos niveis asistenciais, os dirixentes das consellerías e do ministerio, teñen que afrontar neste escenario.

Pero nós aquí traemos unha cuestión que nos parece preocupante e que ten que ver con focalizar ou atender algunha realidade. Os servizos de oncoloxía en Galicia funcionan ben, especialmente ben nalgúns puntos e especialmente ben nalgúns tipos de tratamentos, porque, como en todo, seguramente haberá profesionais moi bos e outros xa tremendamente excelentes, pero en xeral funcionan ben.

Os servizos de cribado que se teñen feito e que se teñen desenvolvido nos últimos anos, mellorados nos últimos anos tamén pola consellería, funcionan ben. Existen posicións discrepantes sobre isto; non é a do Partido Socialista, que cre que funcionan especialmente ben. E fronte a quen poida decidir ou defender que os cribados ou as probas se fan con algún outro

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tipo de interese, non o compartimos. Funcionan ben e cremos que este servizo é paradigmático dunha boa sanidade.

Mellorable nalgún punto. ¿En cal? Dende o noso punto de vista —e trasladámolo aquí durante un debate recente sobre terapias CAR-T no ámbito da oncoloxía— hai un problema en oncoloxía sinalado polos profesionais e que ten que ver co baixo ou reducido nivel de diagnóstico oncolóxico neste ano 2020 respecto doutros anos. Ten que ver co reducido nivel de diagnóstico. Non con que non se continuaran os tratamentos, que continuaron; non con que non se realizaran as intervencións cirúrxicas necesarias, que se realizaron, evidentemente, senón co baixo nivel de diagnóstico. É dicir, que estamos tardando máis que noutro tempo en detectar.

¿Cal é o problema? O problema é que isto deriva, inevitablemente, nunha perda de capacidade asistencial, por empezar máis tarde, por entrar a tratar o problema cando a situación é moito máis grave, porque a perda temporal, evidentemente, vai moi en contra do agravamento da enfermidade e porque, ademais, estamos perdendo capacidade de facer aquilo que realmente é o máis eficiente dentro do tratamento oncolóxico, que é xa non a prevención senón a detección precoz. Estamos perdendo capacidade nisto. Non é culpa de ninguén.

Dende o noso punto de vista cremos que o sistema podería ter sido máis eficiente. Nós cremos que dentro do funcionamento correcto do sistema hai unha eiva, e é que estamos diagnosticando máis tarde. E isto provoca, din os especialistas —dadas as circunstancias, non hai datos aínda concretos deste ano, porque aínda non terminou e porque ademais a recollida é máis complicada— que podemos estar falando na sucesión de tempo —poñamos dous ou tres anos, pola permanencia e pola evolución das enfermidades— dun 10 % ou ata un 20 % de aumento de mortalidade nos cancros que se poderían ter diagnosticado este ano.

E nisto —no que ninguén pode ser responsable, porque ninguén quere facer as cousas mal, especialmente nalgúns ámbitos concretos— nós o que traemos aquí é unha iniciativa que pretende tres obxectivos. Primeiro, poñer o foco. Cremos que non se está traballando suficiente dende as direccións en poñer o foco sobre isto. Os profesionais están alertando.

Segundo, poñer datos enriba da mesa. ¿Por que? Porque nese último debate que fixemos sobre as terapias oncolóxicas novidosas nós plantexamos isto aquí. Eu tiven a oportunidade de trasladar esta idea aquí e fóiseme negada. Fóiseme negada sobre o feito de que estiveramos tendo este problema. O Partido Popular considerou que isto era un ataque ao sistema. Non o é ao global senón á súa coordinación ou á súa dirección, ao feito de que non atenderon o suficiente a isto. Así o consideramos nós. Pero púxose en dúbida a capacidade real que tiñamos nós de traer este debate aquí, asumindo que non era certo. E probablemente tamén que, como se di habitualmente, atacamos os profesionais, cousa que, evidentemente, non ten ningún sentido.

Nós queremos poñer os datos enriba da mesa. Está existindo traballo de recollida de datos; estano facendo os colectivos, a Sociedade Española de Oncoloxía Médica, pero cremos que Galicia necesita ter eses datos. ¿Que datos? Pois saber canto estamos diagnosticando, en que momento da enfermidade e que variación hai con respecto a outros anos, para avaliar o feito diferencial do impacto da covid sobre o diagnóstico oncolóxico.

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Así que, primeiro, é poñer o foco; segundo, ter os datos; e terceiro, resolver, se hai un problema. Nós estimamos que hai un problema. Porque a información da que dispoñemos, os datos que fan públicos ou as posicións que comentan e trasladan profesionais oncolóxicos din que evidentemente temos un problema nisto e que non se está dedicando suficiente atención a esta cuestión. E, por tanto, cremos que este é un problema. Estamos falando, en palabras dalgún profesional, da pandemia poscovid, que se trata do que pasa con aquelas enfermidades que non están sendo correctamente tratadas —ou totalmente ben tratadas— agora con respecto a como se estaba facendo antes, comprendendo a complexidade da situación.

¿Que nos din os especialistas? Que os tratamentos seguen. Dinnos —como se ten sinalado recentemente— que incluso o número de falecementos en pacientes oncolóxicos —que a priori se estimaba que podía ser moitísimo máis grave nos pacientes pola relación coa covid, sendo lixeiramente superior en pacientes oncolóxicos afectados— non é un número —aínda que todo número é preocupante— estatisticamente tan significativo como para que poidamos ser ou sentir que a preocupación se multiplica; elévase pero non é tan multiplicada. Por tanto, dinnos os especialistas que están sendo capaces de controlar a realidade nesta situación. Pero si nos din que os diagnósticos diminúen.

Polo tanto, hai unha conclusión, que é a perda de oportunidades dos pacientes, a perda de oportunidades. Traducido: estamos tardando máis en diagnosticar, estamos tardando máis en tratar. E, por tanto, imos ter un problema en dous anos, tres anos ou catro anos sobre esta situación.

Nós cremos que o noso sistema de tratamento oncolóxico é bo. Nós o que cremos é que hai que poñer o foco dende o sistema non só en dedicarse a algunhas cousas que nós cremos prescindibles, sobe imaxe e márketing, senón en poñer de verdade a realidade. Nos orzamentos actuais de Sanidade —sei que se vai presumir aquí nesta tribuna, e está ben, do aumento— non elevan realmente a posición relativa nos orzamentos, senón que a baixan en termos de sanidade, tamén nesta cuestión.

Nós presentaremos emendas ao orzamento para aumentar a capacidade de diagnóstico. ¿Como? A través de maiores equipamentos, a través de melloras na diferenciación de circuítos covid e non covid e da dotación de maior número de profesionais. Porque cremos que neste espazo, onde estabamos nunha posición nunca suficiente pero ben avanzada, non debemos perder comba.

E, por tanto, este é o plantexamento: estamos diagnosticando máis tarde. Estamos atendendo peor os pacientes non covid. E xa non estamos no primeiro, no segundo ou no terceiro mes. O sistema debe asumilo. E os profesionais estano facendo por diante dos gobernos, e falo en plural. Os pacientes están necesitando deses profesionais que están traballando por diante dos gobernos. Pero necesitamos atender, porque xa non é —como dicía— nin o primeiro nin o segundo nin o terceiro mes de pandemia. Imos alá para moitos meses; quédannos uns meses. Ogallá a situación mellore. Ogallá vexamos que todas as noticias boas se plasman nunha realidade de verdade boa. Pero ata entón, e tamén despois, temos un problema que temos que solucionar.

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E, por tanto, neste servizo, nesta especialidade que funciona ben e que tiña un grandísimo nivel de rendemento, non podemos deixarnos caer. E non podemos abandonar o nivel de autoexixencia do sistema, que agora, segundo trasladan os profesionais, si estamos abandonando. Xa non é tan xustificado pola cuestión da pandemia, e nisto queremos poñer o foco.

Verán que a parte resolutiva da iniciativa é tremendamente fácil de aprobar. Estamos convencidos de que se vai aprobar. Que non quedemos unicamente na literalidade, senón que aquilo que aprobamos —que é obter os datos— sirva para que se os datos nos din que non estamos ben nos alonxemos de triunfalismos e poñamos os mecanismos para resolvelo. Que iso é ao final do que estou seguro de que todos —os setenta e cinco deputados e deputadas mais os membros do Goberno que non o son— queremos que se mellore neste sistema. E por iso traemos esta iniciativa que pretende poñer o foco e atender unha realidade que ata o de agora —ou no último debate— se negou. E nós cremos que é necesario que non se negue, porque é real e está aí, para que nos preocupemos por ela.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señor Torrado.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Carreira Pazos.

A señora CARREIRA PAZOS: Boa tarde. Grazas, señora presidenta.

Boa tarde, señor conselleiro.

A covid veu poñer enriba da mesa múltiples cuestións que, aínda que xa tiñamos sabidas e aprendidas de moito tempo atrás, quizais si que é importante que revisásemos e que puxésemos o foco sobre elas. Unha delas é a importancia dun sistema de coidados e de atención ás persoas anciás e dependentes de calidade, accesible e que supuxese un activo de saúde máis para estas persoas. Falámolo antes neste plenario: do benestar delas, destas persoas, nas residencias sociosanitarias ou nos seus domicilios depende directamente a súa saúde; e máis aínda, se cabe, no medio desta pandemia.

E todas nós eramos conscientes disto. Mais este virus fixo saír á luz situacións verdadeiramente horripilantes, como a dalgunha residencia que xa se comentou tamén neste plenario, onde as anciás estaban nunhas condicións deplorables que case rozaban o abandono; ou, por exemplo, a necesidade dun servizo de axuda no fogar con recursos e con capacidade real para operar.

Outros exemplos destas evidencias notorias son as que trae aquí a iniciativa do señor Torado. É innegable que a pandemia trouxo consigo unha diminución tanto nos diagnósticos do cancro como tamén no seu tratamento. Segundo a Sociedade Europea de Oncoloxía Médica, a

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

terceira parte dos tratamentos oncolóxicos de toda Europa víronse interrompidos. E o problema é que non só falamos de cancro. Tamén falamos doutras patoloxías que se diagnostican máis tardiamente, que van dende infartos ata ictus.

Para falar dos diagnósticos, a Sociedade Española de Oncoloxía Médica estima unha redución de entre o 15 % e o 20 % nos novos diagnósticos. Atrasos, aprazamentos de citas, interrupción de tratamentos —como xa se comentaba— ou paralización de programas de cribado veñen crearnos unha nova emerxencia sanitaria cando aínda non rematou a pandemia.

E a demora nestas patoloxías graves trae parello que moitas delas non van ter un tratamento efectivo, supoñendo secuelas de por vida para as pacientes e incluso a redución da súa esperanza vital. Sabémolo ben, que hai estadios da enfermidade neoplásica no que as pacientes xa non poden ter acceso máis que a tratamentos paliativos, ou incluso, en moitos casos, nin sequera a eles.

O grave nesta situación é que non se circunscribe dun xeito exclusivo ao primeiro golpe da pandemia, senón que se mantén a día de hoxe. E aí xa non podemos, ou máis non ben non debemos, botarlle a culpa á covid. Estamos nunha situación na que se manteñen os centros de saúde funcionando cunha atención eminentemente telefónica, na que as pacientes unicamente poden coller unha cita para ser chamadas pola súa médica de cabeceira, pola súa enfermeira ou pola súa dentista. Levamos meses nesta mesma situación. A única porta que existe para que as pacientes poidan acceder ao sistema —fóra, evidentemente, do caso das urxencias— son as citas telefónicas, citas, ademais, que deben agardar lista de espera.

E reitero o que xa dixen noutra ocasión desde este mesmo lugar: non son casos puntuais, son situacións cada vez máis xeneralizadas e que atentan contra a base da atención primaria, contra a súa proximidade e accesibilidade. Temos as pacientes dando voltas en citas telefónicas, cando en moitísimos casos precisan dunha exploración física e estamos perdendo un tempo que pode resultar vital. Hai veces en que o síntoma ao que a paciente non lle dá ningunha importancia ou que comenta de pasada é un signo chave para detectar patoloxías graves. A conversa cara a cara, a anamnese presencial é moito máis rica; dá pé a que as pacientes comenten outras cousas que lles preocupan e a que se poida interrogar por outros factores, e tamén permite que o persoal facultativo repare en algo tan importante a nivel comunicativo como é a linguaxe non verbal.

E xa non imos falar só de patoloxías. Falamos da importancia da presencialidade, por exemplo, como ferramenta para detectar casos de violencia machista que se están a dar dentro dos fogares.

É urxente: hai que desconfinar a atención primaria habilitando as consultas presenciais, permitindo que as pacientes poidan acceder aos seus centros de saúde cunha certa normalidade.

Comentaba o señor Torrado que os avances científicos feitos no campo oncolóxico nos últimos anos permitiron que estas pacientes teñan unhas mellores expectativas vitais, que moitas delas poidan dicir que superaron a enfermidade e que outras moitas a leven consigo dun

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

xeito crónico. Os tratamentos son mellores, con menos efectos secundarios, e tamén se melloraron as técnicas diagnósticas. Cada vez somos quen de detectar tumores máis pequenos e máis incipientes.

Mais todo isto fica suspendido cando a porta de entrada ao sistema está funcionando a medio gas, cando as consultas presenciais son moito menores. Certo é que existe un sistema de derivación á atención hospitalaria cando se sospeita un proceso neoplásico; vías rápidas que permiten consultas temperás para reducir ao máximo eses tempos de espera. Son de grande axuda cando a situación das pacientes é altamente sospeitosa, pero deixan de selo cando os indicios non son tan claros.

Pola propia definición do que é unha vía rápida, os criterios de inclusión nesta canle son moi restritivos para evitar que colapse. Pero é que isto déixanos fóra un gran número de pacientes que, aínda que non se axeitan totalmente a estes criterios, si que poden facer intuír que algo non vai ben. ¿Que pasa con estes pacientes? Que aí volven comezar o baile; que se perden entre consultas, entre citas telefónicas e citas presenciais que tardan en efectivizarse. E estamos de novo a perder un tempo que as pacientes verdadeiramente non teñen.

Os servizos hospitalarios —e entre eles o de oncoloxía— deben estar reforzados con persoal suficiente para atender a demanda que teñen. Non podemos estar a perder o tempo en listas de espera; listas en cuxas estatísticas só figura o tempo de demora na primeira consulta, mais que tamén sería importante valorar o tempo de espera nas segundas e sucesivas, o tempo de demora para a realización de probas complementarias e o tempo para as consultas de resultados. Porque a foto dos números bonitos queda moi ben, pero oculta toda unha realidade detrás na que pode haber tres, catro ou cinco meses de espera porque non hai ocos antes habilitados, ou na que se lles di ás pacientes —e cito textualmente—: «chama aí a principios de decembro, a ver se ao abrir a axenda de vacacións de Nadal aparece algún oco para vela antes».

É evidente que a covid trouxo consigo moitos problemas pola súa propia patoloxía e as morbilidades que provoca. Pero a covid tamén axudou a levantar unha alfombra baixo a que se levan anos varrendo as miserias.

Imos apoiar esta iniciativa porque é vital coñecer a situación na que se atopan os servizos de oncoloxía. O primeiro paso para poder solucionar un problema é coñecer a súa magnitude. Mais —apuntaba agora o señor Torrado ao final— non podemos quedar só nisto; debemos ir máis alá. Sábese cal é a situación. Podemos intuír cales van ser os resultados en base aos que se proporcionan doutras partes do mundo. E sabemos, *de facto*, que a xente está consultando menos. É imprescindible adiantarse a isto; cómpre traballar na prevención e reforzar o diagnóstico temperán. A covid non pode supoñer que toda a sanidade leve nove meses a marchas forzadas. Hai que poñer a funcionar a atención primaria; hai que reducir as listas de espera de atención hospitalaria. Ten que volver funcionar con normalidade o control das patoloxías crónicas. Porque o que non pode ser é que por evitar o virus teñamos vellas epidemias petándonos xa na porta.

Moitas grazas e boa tarde. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señora Carreira.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Partido Popular, ten a palabra a señora Amigo Díaz.

A señora AMIGO DÍAZ: Boas tardes a todos.

Moitas grazas, presidenta.

Eu vou comezar facendo un breve recordo da situación que estamos a vivir. O 13 de marzo deste ano, en Galicia, por acordo do Consello da Xunta, declarouse a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma, activándose o Plan territorial de emerxencias de Galicia, que establecía no ámbito da atención primaria e hospitalaria medidas transitorias, dirixidas a protexer os profesionais sanitarios e dirixidas a reforzar a seguridade dos pacientes fráxiles ou máis vulnerables.

Dende o Servizo Galego de Saúde tomáronse as medidas para que a situación epidemiolóxica provocase o menor impacto posible, co obxectivo de proporcionar o máximo grao de atención ás persoas con cancro. En consecuencia, parece fundamental remarcar que en Galicia non se deixou de atender ningún enfermo oncolóxico e ningún servizo de oncoloxía deixou de traballar. E para poder cumprir esta premisa a Xunta levou a cabo un proceso continuo de adaptación e reorganización do sistema sanitario, tanto no que respecta á súa actividade como tamén aos recursos materiais e humanos; e todo coa finalidade de dar resposta á situación extraordinaria asistencial xerada pola pandemia.

Con base nisto, o Servizo Galego de Saúde emitiu a Instrución 6/2020 sobre a reordenación asistencial motivada pola situación actual da covid-19 en Galicia, tanto nos centros de atención primaria ou hospitalaria como nas entidades dependentes e nos centros concertados ou con autorización de uso do Servizo Galego de Saúde. E segundo establece a instrución citada —a 6/2020— ditamínase que «poderá ser suspendida ou aprazada a actividade cirúrxica programada». Pero esa propia instrución establece unha excepción: poderá ser suspendida ou aprazada a actividade cirúrxica programada salvo as patoloxías recollidas no Decreto 105/2017, polo que se regula o sistema de garantías de tempos máximos de espera, que, como vostedes saberán, son fundamentalmente patoloxías oncolóxicas.

E o mesmo acontece para as consultas non urxentes, que poderán ser substituídas por modalidades de atención non presencial. E a atención telefónica —que, evidentemente, nunca vai substituír a presencial, pero si que é moi útil en moitas ocasións— mesmo na Comisión de reactivación foi moi valorada polo representante de SOS Sanidade, o doutor Manuel Martín, quen nos deixou saber que é unha ferramenta moi valorada por el e que levaba moitos anos utilizándoa.

Señorías, tomáronse medidas excepcionais para unha situación excepcional. Afortunadamente, en Galicia contamos con profesionais comprometidos, que fixeron un extraordinario esforzo para poder manter en gran medida a actividade das consultas con sospeita de pato-

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

loxía oncolóxica —estou a falar das vías rápidas de cancro—, así como a cirúrxica relacionada coas patoloxías recollidas no Decreto de garantías de tempos máximos, que —insisto— son maioritariamente tamén oncolóxicas.

Señores da oposición, grazas á Lei de garantías sanitarias —por certo, fronte á que vostedes votaron en contra— púidose garantir en Galicia a asistencia nos tempos máximos establecidos para os pacientes de oncoloxía. Foi unha ferramenta moi útil durante esta pandemia. E os datos de actividade son indiscutibles. As distintas áreas sanitarias mantiveron os tempos medios de espera das vías rápidas dentro dos estándares legalmente establecidos; un sistema de vías rápidas ante as sospeitas oncolóxicas que cómpre recordar que foi implantado por un goberno do Partido Popular no ano 2010, co obxectivo de manter os tempos de primeira consulta especializada por debaixo dos quince días.

E, por certo, a xente que traballamos en sanidade sabemos que despois da primeira consulta oncolóxica, tanto nos TAC como nas biopsias, como nas cirurxías ou en calquera proba complementaria, hai unha enfermeira xestora que as axiliza, e ninguén espera. Estes obxectivos sempre se cumpriron, reducíndose ata a metade. E o mesmo aconteceu durante esta pandemia.

O cancro sempre foi unha prioridade asistencial para a Consellería de Sanidade, e así queda reflectido ao longo destes anos. E aí están as medidas que se tomaron e se están tomando, sempre respondendo ao desafío que esta patoloxía representa antes, durante e despois desta pandemia. E aí están os datos. Se miramos os datos do Ministerio de Sanidade de xuño deste ano, é evidente que, aínda coa fase aguda da pandemia, Galicia está entre as cinco comunidades autónomas con menor tempo de espera cirúrxica e con menor espera nas consultas.

Polo que se refire á prevención, efectivamente durante a pandemia tivéronse que adiar os programas de cribado, ao igual que no resto das actividades non urxentes. Con respecto ao Programa de detección precoz de cancro de mama, non se paralizou ata rematar o estudo de todas as mulleres que, resultando positivas, necesitaron completar o seu estudo mamográfico, pero si se detivo transitoriamente o chamamento á exploración mamográfica do cribado despois de mediados do mes de marzo. E, co fin de garantir os estándares de calidade dun programa deste tipo, este cribado reanudouse en canto foi posible. E, así, o día 25 de maio empezaron de novo as citacións cunha actividade de entre un 50 % e un 70 % das mamografías habituais para chegar o 15 de xullo a unha actividade similar á existente antes da pandemia. Esta parada nas invitacións do Programa de cribado de mama de dous meses supón un tempo aceptable con base na evidencia científica dispoñible para garantir os estándares de calidade do programa.

Con respecto ao cribado de cancro colorrectal, parouse o 14 de marzo pero reanudouse de novo entre os días 11 e 18 de maio, dependendo da área sanitaria, realizando as colonoscopias pendentes. E conforme se foi completando este traballo comezouse coas citacións en atención primaria daqueles participantes que resultaron positivos antes do peche da actividade. E a día 1 de xullo xa estaban todas as áreas funcionando en pleno rendemento.

En ambos os dous cribados, efectivamente, para garantir o mínimo risco de transmisión do SARS-CoV-2 fíxose un protocolo de actuación propio en cada hospital, pasándolles unha

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

enquisa na que tiñan que deixar os seus datos, polo que, tan pronto como foi posible, reanudáronse os programas de cribado e podemos dicir que, nestes momentos, todos os programas están de novo en marcha.

En definitiva, na meirande parte dos casos estamos falando de programas de atención ao cancro que creou este goberno: as vías rápidas, que permiten un acceso rápido ao estudo; a garantía de tempos máximos de espera cirúrxica; ou o cribado de cancro colorrectal. Isto foi posible grazas á Lei de garantía sanitaria. Agora vemos que os que se opuxeron a estas medidas veñen pedir que fagamos unha avaliación. E a avaliación, señor Torrado, é que afortunadamente esta lei existe, afortunadamente hai un decreto que a desenvolve e afortunadamente cúmprese. E todo isto con vostedes en contra. Señorías, os servizos de oncoloxía non deixaron de traballar en ningún momento durante a pandemia, algúns ata facendo quendas nocturnas, como os servizos de radioterapia.

A avaliación que vostedes solicitan parece innecesaria, porque sabemos que, grazas ás vías rápidas e grazas aos tempos máximos, existen no Servizo Galego de Saúde mecanismos que garanten esta axilidade na detección e no tratamento. E sabemos que temos un programa de cribado de cancro colorrectal que non existía cando chegamos ao Goberno e que desde o ano pasado funciona en toda a comunidade autónoma.

Non teña ningunha dúbida, señor Torrado. Eu espero que esa xestión peor á que vostede se refería desde que as comunidades tomaron o mando non se refira á nosa comunidade autónoma. No Sergas tómanse todas as medidas necesarias para recuperar a participación perdida por eses meses nos programas de cribado e manter os altos índices de participación como en anos anteriores.

E no que respecta aos servizos de diagnóstico e intervención de cancro, os sistemas de garantías que puxo en marcha este goberno permitiron que a atención non se resentise. Eu alégrome de que vostede recoñeza que o sistema que temos é bo, que tamén llo escoitei. Pero, señor Torrado, concordará con nós en que se algo cómpre avaliar é a súa postura respecto do sistema de garantías de tempos máximos. Realidades como estas poñen de manifesto que vostedes se equivocaron opoñéndose a esta medida, e vai sendo hora de que recapaciten e recoñezan o seu erro; non sexa que lles pase como cando dicían que no Servizo Galego de Saúde non se atendía os pacientes con hepatite C. Eu confío en que non teñan a intención de facer o mesmo cos pacientes con cancro. A Xustiza deixou claro que cando vostedes abrazan este tipo de discursos non é para protexer os pacientes, senón máis ben que o que pretenden é calumniar un goberno que fai as cousas ben. *(Aplausos.)*

Nós somos conscientes de todo o que pandemia trouxo, da crise que estamos a vivir, do que supuxo o estado de alarma, e tamén somos coñecedores dos estudos que diferentes sociedades científicas españolas, europeas e de moitos países publicaron. Pero, sobre todo, sabemos que grazas ás vías rápidas e aos tempos máximos existen no Sergas mecanismos que garanten esa axilidade na detección e no tratamento. E, como lle comentaba anteriormente, non teña ningunha dúbida de que o Sergas tomará todas as medidas necesarias para recuperar esa participación perdida nestes meses nos programas de cribado.

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Temos que saber e temos que transmitir á poboación...

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Vaia rematando, señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: ...—remato xa— que os centros de saúde sempre se mantiveron abertos, que son seguros, que calquera persoa que teña sintomatoloxía de calquera índole ten o seu médico de cabeceira, como sempre, esperando para ser atendido, que ten que ir sen medo, que os centros sanitarios son seguros, que temos vías rápidas, que os servizos de oncoloxía están traballando arreo.

E nós, señor Torrado, estamos ao lado dos galegos, ao carón dos profesionais, que contan co noso apoio e co noso agradecemento infinito por todo o que deron e están dando durante a pandemia. Nunca llelo imos agradecer o suficiente e, por sorte, formamos parte dun partido —o Partido Popular— que sempre tomou medidas, que sempre lexislou e se adiantou aos acontecementos preocupándose polo seu pobo...

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: ...e protexéndoo da mellor maneira posible.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidenta.

Recoñezo, señora Amigo, que é a intervención máis difícil que vou facer neste parlamento. Foime imposible imaxinar que vostede ía argumentar en contra desta iniciativa, imposible. Estamos pedindo un informe sobre os datos de diagnóstico oncolóxico en Galicia dun ano e vostede saíu aquí lerme un argumentario electoral para dicirnos que estamos maltratando ou atacando o sistema sanitario. *(Aplausos.)*

É que non tiña nada pensado sobre que podía eu argumentar se vostedes estaban en contra desta iniciativa, porque é inconcibible. Estamos pedindo un informe para saber se os datos que din os profesionais de oncoloxía son certos. ¿Por que? Porque cremos —como dixen na miña primeira intervención— que o sistema, os servizos oncolóxicos en Galicia funcionan ben, moi ben, con desaxustes, que a pandemia afectou todos os servizos dos sistemas de saúde e que é comprensible —dixen, no nome do meu grupo— que os gobernos —e dixen: todos— tiveran desaxustes, e que nós comprendemos que a realidade cambiou as prioridades do sistema pola covid, pero que agora temos un problema. E non dixemos que nós xa o diciamos antes, nin que nós alertamos... Hai quince días que debatemos sobre isto e mencionámolo por primeira vez. É que, se me apura, tamén lle digo que nós tamén somos culpables de non detectar este problema antes, ¡tamén!

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pero é que, señora Amigo, os profesionais de oncoloxía están dicindo que diagnosticamos menos. O que están facendo é un chamamento. Nós queremos unicamente... Fíxese que traemos unha iniciativa que, de verdade, eu creo que se pode ler outra vez. Pénseno outra vez, que non lle estamos pedindo nada malo a ninguén. Un informe. E díxeno na intervención: o único que estamos pedindo é poñer o foco sobre o asunto, poñer o foco. Non é unha crítica ao Goberno. Pero pódollo repetir. Está o conselleiro de Sanidade... Señor conselleiro de Sanidade, o sistema oncolóxico en Galicia funciona ben; estano facendo vostedes ben, levan anos facéndoo ben.

Señora Amigo, non todo é ir á guerra. *(Aplausos.)* É que non é lexítimo votar en contra disto e ademais argumentar, señora Amigo, que estamos nós maltratando ou falando mal dos profesionais de oncoloxía. É que non é posible. É que non estamos... De verdade, eu teño a convicción de que alguén non leu de verdade toda a iniciativa.

Creo que o dixen anteriormente, que funcionamos ben. Pódese votar en contra, ¡home!, pero, de verdade, se unicamente é para dicirlles aos profesionais: estamos pensando en vostedes, entendemos o que están dicindo, sabemos que este sistema é bo e que agora hai un desaxuste, e que vostedes están apuntando que hai un problema que se vai ver dentro de equis tempo; eles apuntan dous anos, tres anos, pola duración das probas; vostedes saben perfectamente que eses son tempos estimables nese servizo para facer análise estatística. É que nos están falando de que poden aumentar índices de mortaldade. Non porque se reducisen esperas cirúrxicas, creo que o trasladei. Non se interromperon as cirurxías oncolóxicas. Non se interromperon os tratamentos.

Sinxelamente —e era o único punto, repetino varias veces— estamos diagnosticando menos, porque os pacientes están indo menos aos hospitais e incluso porque queren ir menos. Querían ir menos porque se senten máis débiles, porque teñen medo, como é normal. Porque a relación paciente-médico é distinta cando tes que ter dous metros de distancia. É distinta a atención telefónica para este tipo de servizos.

Se non dixemos... Puiden dicir algo; seguro, seguro, porque a min ás veces cústame non desvariar. Pero non foi un ataque a ninguén. É unicamente poñer o foco, dicir que hai un problema. Non me poden argumentar que estamos atacando o sistema, maltratando os profesionais ou falando mal deles —os de oncoloxía—. Señora Amigo, non. Dígollo no plano persoal, que lle teño afecto. Non me verá a min atacar os profesionais de oncoloxía. Dígollo de verdade. Non estamos falando diso.

Hai un problema: hai xente que está diagnosticándose tarde nunha enfermidade que cun diagnóstico precoz ten unha taxa de éxito moito maior. Estábase facendo ben. Hai un problema pola covid que non é culpa de ninguén e a partir de aquí nós temos que ser conscientes de que estamos agora tardando algo máis nisto. Poñamos todo o foco nisto. Isto é o que plantexamos.

Vólvollo repetir: estase facendo ben. Señor conselleiro, estamos facéndoo ben. Non todo é ir á guerra con isto, señora Amigo. De verdade, eu creo... Se foi culpa miña na intervención primeira, descúlpome, de verdade; creo que non, pero descúlpome. Pero pídolle, por favor,

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que avalíen outra vez votar a favor disto. Soamente, aínda que o vaian facer igual, por unha cuestión simbólica, por unha cuestión simbólica, por favor.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e dous deputados/as máis, sobre as demandas que se deben realizar en relación co desenvolvemento en Galicia do corredor atlántico de mercadorías

O señor PRESIDENTE: Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa do deputado Martín Fernández Prado, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta, ante a Mesa, a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 5579 (11/PNP-000643).

Emenda de substitución.

Débese substituír a texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

A) Demandar ao Goberno de España:

1.- A priorización dos proxectos de infraestruturas do Corredor Atlántico Noroeste en coordinación co resto de CC.AA. implicadas, así como da mellora das conexións con Portugal coa construción da Saída Sur de Vigo.

2.- O establecemento de Monforte de Lemos como centro loxístico do transporte de mercadorías en Galicia.

3.- A convocatoria urxente dunha xuntanza coas comunidades do noroeste peninsular para abordar a modernización das infraestruturas ferroviarias do Corredor Atlántico de Mercadorías e para establecer as liñas estratéxicas encamiñadas a acadar financiamento para a execución destas obras a cargo dos fondos Conectar Europa e Next Generation da Unión Europea.

4.- A atención á intermodalidade do corredor, mediante a priorización das conexión ferroviarias cos portos da fachada atlántica e coas principais plataformas loxísticas. Singularmente coa execución das conexións ferroviarias ao porto de Langosteira (A Coruña).

5.- O inmediato nomeamento, como xa se fixo para o Corredor Mediterráneo, dun Comisionado do Goberno para o Corredor Atlántico e así poder axilizar e coordinar a presentación de proxectos susceptibles de financiamento europeo.

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

B) Que axilice a súa Estratexia Loxística para que o Goberno central conte con estudos e proxectos de apoio para o desenvolvemento do Plan Director que contribúa á definición e axilización do desenvolvemento do Corredor Atlántico do Noroeste».)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Fernández Gómez.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Boa tarde.

Grazas, presidente.

Presentamos esta iniciativa co obxectivo de que esta cámara se posicione de forma unánime —esperemos— sobre dúas cuestións centrais para o noso país. En primeiro lugar, cal é a estratexia que debe ter Galiza ao respecto da rede de infraestruturas europea de mercadorías, e tamén ser capaces de definir o deseño e o trazado da rede que mellor nos permita organizar o espazo económico ao servizo dos intereses do país. Cremos que tamén é importante ser capaces de decidir sobre aqueles proxectos que deben ser prioritarios para sacar esa estratexia adiante. Estamos ás portas dun novo marco financeiro 2021-2027 e o Goberno central parece non estar ao tanto.

Este parlamento cremos que debe posicionarse para exixir ao Estado o desenvolvemento inmediato do corredor atlántico, entendendo como proxectos todo o desenvolvemento de marcos institucionais nos que os axentes galegos e o propio Goberno galego poidan participar da toma de decisións, incluír a planificación dos investimentos e tamén —obviamente— o investimento necesario para sacalo adiante. Porque de pouco valen as declaracións e os acordos se logo non hai cartos nin tampouco vontade.

Os corredores europeos forman parte dunha redefinición do marco xeopolítico de enorme calado, que nos afecta e que nos compete como país. Por iso creo que é necesario abrir este debate complementando a axenda inmediata e urxente cunha contextualización do proceso de fondo no que estamos inmersos.

No que afecta a Galiza, hai tres dinámicas chave que están a determinar e definir o rol xeopolítico do noso país. A primeira delas é a implantación dese proxecto neoliberal e as súas consecuencias en termos espaciais. Dende os anos oitenta veñen desencadeándose novos patróns de desigualdade. Por unha banda, prodúcese unha maior concentración e acumulación en torno ás grandes aglomeracións e, pola contra, as cidades medias perden cada vez máis peso. Iso significa unha nova rediferenciación espacial que afecta especialmente o noso país, un país policéntrico, polinucleado, con cidades medias. Estanse agrandando no conxunto do Estado as desigualdades xeográficas e estase producindo, en definitiva, unha nova división do traballo.

Por outra parte, ese proxecto neoliberal e as súas consecuencias en termos espaciais supoñen tamén unha rearticulación e unha transformación das escalas. Pasamos das políticas de industrialización que procuraban certa cohesión e homoxeneización estatal interna cara a un modelo de grandes metrópoles que operan dentro dun modelo de economía arquipélago, onde esas grandes metrópoles compiten entre si na escala global pero están cada vez máis desvinculadas do seu contorno.

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E a lección que podemos tirar deste proceso que está en marcha é que aguantan mellor aquelas áreas que teñen ou ben unha grande metrópole ou ben contan con rexións conformadas por un conxunto de cidades medias grandes cun nivel de cohesión alto. Nós temos ese sistema de cidades medio policéntrico, o que non temos é esa vertebración interna necesaria. Nós facemos parte tamén dunha das grandes rexións europeas, o eixo atlántico, pero o que nos falta é a vertebración interna.

Temos tamén o enorme potencial xeopolítico de estar no epicentro das comunicacións atlánticas, pero tampouco podemos desenvolvelo. Porque este potencial todo colisiona coas outras dúas dinámicas chave que explican o noso rol hoxe, que son a estratexia xeopolítica da Unión Europea e a estratexia xeopolítica do Estado, que condicionan a aplicación concreta dese modelo neoliberal no noso territorio.

A segunda desas chaves é, por tanto —como dicía—, a Estratexia espacial europea. Quedou moi ben plasmada neste documento *(A señora Fernández Gómez mostra un documento.)* de 1989 co título de *Megalópoles europeas*, elaborado pola axencia francesa DATAR, que distingue ese espazo coñecido como «a banana azul» —esa área central que vai de Londres a Milán, o chamado núcleo duro da Unión Europea—. E nesa estratexia determinábase que esta grande metrópole europea, en risco de conxestión, debía poñer en marcha a expansión e a creación de colonias periféricas para aumentar a riqueza.

Ben, esta é a base do modelo territorial europeo. Eu sei que haberá quen me diga: non, pero se nos documentos oficiais da Perspectiva europea de ordenación territorial plantexábase outro modelo policéntrico. A realidade é que ese modelo policéntrico só se aplicou realmente no que é ese espazo da banana azul.

Esa concepción, ese modelo que presentaba antes é, en realidade, a base do que despois se aplicou nos corredores europeos *(A señora Fernández Gómez mostra un documento.)*. Esa estratexia aprobada en 2013, con ese modelo policéntrico e cunha malla densa de conexións no núcleo duro, ese núcleo duro europeo, que permite esa malla tan densa, permite tamén incentivar dinámicas rexionais e ademais incentivar dinámicas de especialización metropolitana. Non obstante, a periferia, os corredores radiais periféricos teñen un trazado articulado moi diferente, articulado en torno a corredores nos que se concentran os fluxos de mercadorías dun número limitado de portos. Este tipo de trazado, fronte ao da malla, ten a debilidade de que limita a capacidade de crear dinámicas de cohesión territorial a escala rexional.

Pois ben, tendo en conta que a nosa capacidade de ser máis competitivos depende da maior vertebración das cidades medias en termos rexionais e da articulación do continuo do eixo atlántico, a segunda lección que podemos tirar é que este tipo de modelo —o modelo de corredor— é insuficiente para as nosas necesidades.

Non nos valía o modelo que se presentou en 2013, cando nin sequera se nos incluía dentro dos corredores, pero tamén nos parece insuficiente a modificación do trazado aprobado en 2019, con ese ramal que vai dos portos galegos a León. É un paso; é un paso importante para conectarnos á rede. Pero o noso obxectivo a medio prazo debe ser o de ampliar a rede e apos-

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tar por un eixo atlántico continuo e cohesionado, permitindo desenvolver o potencial dunha rexión que suma á rede seis portos, dende Ferrol a Sines, tres deles de gran calado.

O que estamos plantexando é fundamental: pasar dun modelo exclusivamente radial cara á Meseta a un modelo combinado co corredor litoral. E este modelo de corredor litoral non é nada revolucionario. De feito, o modelo de corredor litoral é o modelo de todos os espazos periféricos de Europa. Téñeno en Italia, téñeno en Grecia, téñeno en Irlanda... Todos aqueles que despois foron coñecidos como PIC teñen corredor litoral, incluída a fachada portuguesa, pero non o ten o Estado español.

E aquí chegamos á estratexia espacial do Estado español. Porque, se ben todos os estados intentaron incentivar aqueles enclaves que tiñan vantaxes competitivas e mellores condicións para captar recursos, intentaron potenciar, polo tanto, os seus portos e a súa conexión interna, a anomalía foi a proposta do Estado español para o corredor atlántico. E aquí —como digo— está a terceira dinámica chave, que é a estratexia xeopolítica do Estado, cada vez máis radial.

Nesa proposta de 2013 había unha versión de mínimos dese modelo radial, que era conectar só os portos de todo o Estado con Madrid, o porto de Bilbao e o de Alxeciras, os únicos portos atlánticos conectados por parte do Estado. E renunciaban a conectar nin un só porto dende O Porto ata Bilbao. E por culpa desa decisión perdemos a oportunidade de contar co programa de investimentos do período 2014 a 2020 da Unión Europea. Esta decisión é consecuencia desa función xeopolítica que o Estado lle outorga ao corredor atlántico, que se reduce exclusivamente a que Madrid funcione como un nodo no contexto peninsular. Preocúpanos que na práctica esta visión si que siga operando, porque, a pesar da aprobación polo Parlamento Europeo en 2019 do tramo A Coruña-Vigo-Ourense-León —no que se acordou que se debía executar a través dos tramos existentes que xa pertencían á rede básica—, a realidade é que, despois disto, non se avanzou absolutamente nada por parte do Goberno central.

Polo tanto, a inclusión deste tramo na rede básica hai que ter en conta que exixe, segundo o Regulamento europeo, cumprir con toda unha serie de requisitos que son imprescindibles para formar parte desa rede: cuestións que teñen que ver coa electrificación da liña, coa carga mínima do eixo, coa velocidade, coa lonxitude do tren, co sistema de seguridade e ancho de vía... En definitiva, a tarefa é inxente e estamos preocupados porque, ás portas do novo período de fondos de 2020-2027, nada se move no Goberno central.

Con esta iniciativa queremos exixir precisamente iso, que o Goberno central deixe a política de brazos caídos. Queremos garantías de que en xaneiro de 2021 van presentarse proxectos para o desenvolvemento deste ramal do corredor atlántico, porque escoitamos o Goberno central anunciar o seu compromiso día si e día tamén co corredor mediterráneo, pero, pola contra, silencio absoluto respecto do corredor atlántico.

Preocúpanos que na práctica volvamos quedar descolgados do financiamento, porque hai síntomas claros de que as prioridades do Goberno central non son iguais para todos os tramos do Estado. Se non, ¿como explican que Adif teña unha oficina técnica para a xestión do corredor mediterráneo e que para o atlántico nin tan sequera exista? Por iso, demandamos estratexia e proxectos.

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A estratexia —como dicía— a medio prazo debe ser a de seguir avanzando na inclusión de novos tramos que nos permitan a articulación do eixo atlántico. E acorde con esa estratexia, quero dicir que a saída sur —como xa debatemos recentemente— é unha peza fundamental para a que podemos, por certo, contar dende xa co cofinanciamento europeo, ao ser un tramo transfronteirizo. ¿A que esperan, señores do Partido Socialista? Precisamos que se poña en marcha o estudo informativo previo e non andar dando pasos cara atrás con estudos de alternativas. A estratexia no inmediato pasa por avanzar na elaboración, por parte do Goberno central, dun plan director do corredor ferroviario atlántico para ese ramal aprobado, onde queremos tamén que Galiza poida intervir e decidir.

Como sabedes, o organismo do eixo atlántico acaba de elaborar un estudo das intervencións que precisaría a infraestrutura para adaptarse aos requisitos que marca a Unión Europea. O estudo cifra esta intervención en aproximadamente uns mil catrocentos millóns de euros. É unha aproximación inicial. Pero debe ser o Goberno central quen se poña a traballar dende xa nesta proposta. Non é normal que non haxa nin a menor proposta por parte do Goberno central e que teñan que ser outros organismos os que teñan que ir dando pasos.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Por último —vou acabando xa—, é necesario, como digo, tamén apostar pola intermodalidade do corredor mediante a priorización das conexións ferroviarias cos portos e coas plataformas loxísticas.

Señores do PSdeG, sinceramente, vostedes deixaban Galiza unha vez máis fóra dos orzamentos. Vostedes colaboran con esa crecente desigualdade espacial que se está dando dentro do contexto do Estado. Esperemos que hoxe aquí, neste Parlamento, nesta Cámara, teñamos unha voz única na que exixamos ao Goberno central que non atrasen máis isto, que poidamos solicitar eses fondos europeos e que activen dunha vez por todas o corredor atlántico.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Fernández Gómez.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Fernández Prado.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

Señora Fernández, compartimos a filosofía, o fondo, desta proposición non de lei. Tamén nos gustou, teño que recoñecelo, escoitar algunhas das cousas que dixo. Por iso, presentamos unha emenda que, coa autocorección tamén do BNG, máis que de substitución, é de adición e por iso esperamos acadar ese acordo, porque creo que é unha emenda que pode completala. E tamén creo que é importante que academos a unanimidade, como dicía vostede. Non é a

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

primeira vez que neste tema neste Parlamento o conseguimos, pero esperamos que hoxe tampouco quede sen conseguir. Xa lle digo que nós, en calquera caso, imos apoiar a proposición non de lei, aínda que esperamos que acepte tamén esa emenda de adición, esa posible transacción de como podería quedar despois.

Creo que neste tema a postura do Partido Popular de Galicia e do Goberno que sustenta o Goberno da Xunta —na reivindicación deste corredor atlántico do noroeste como infraestrutura prioritaria e estratéxica para Galicia— non ten dúbidas e é inequívoca. Cremos que é imprescindible para incrementar a competitividade e a capacidade loxística de todo o noroeste peninsular, así o levamos reivindicando e defendendo incluso diría que moitos anos e así tamén o fai, con insistencia, o Goberno da Xunta ante o Goberno central.

Mire, podemos dedicarnos a falar do pasado. Nós diremos que isto se negociou no 2009 —cando estaba o señor José Blanco de ministro—, aínda que se publicase posteriormente no 2011. Como pasa agora: xa está negociada a modificación no 2018, no 2019 dixéronnos que si, pero entrará en vigor no 2023. Imos intentar que, polo menos, o consideren para os fondos no 2021, como vostede dicía.

Pero non creo que se trate tanto de falar de pasado, senón do presente e do futuro e do que creo que entre todos temos que demandar. Eu estou convencido, ademais, de que os tres grupos desta Cámara e o conxunto da sociedade galega así o demandan. Porque creo que temos máis acordos que diferenzas; por iso espero tamén que academos esa unanimidade. E creo que así o demanda non só o Goberno da Xunta, senón que tamén fixeron público ese acordo as tres comunidades autónomas do noroeste —por certo, de distintos partidos—: Asturias, Castela-León e Galicia. Acadaron ese acordo porque entenden que é verdadeiramente importante e que temos que implicarnos todos se queremos acadar e conseguir este obxectivo.

Non vai ser fácil e, ademais, é importante —como dicía vostede, señora Fernández— porque é posible financiarse con cargo aos fondos europeos, tanto do mecanismo Conectar Europa como do Fondo de Reconstrución. Por iso creo que é importante que teñamos claro que nese período 21-27 e tamén nos outros fondos especiais e estruturais e nos grandes programas de Conectar Europa e de Reconstrución estean estas obras para o corredor noroeste, para este corredor de mercadorías.

Por certo, é unha visión que creo que en Galicia comparte toda a sociedade. Creo que a comparten os axentes sociais, os empresarios, sindicatos, os portos e creo que os grupos políticos tamén —penso que de xeito unánime—, e así creo que se plasmou hai poucos días. O 30 de novembro a Xunta, o Consello Económico e Social de Galicia, e o Eixo Atlántico acordaron crear unha comisión executiva para reforzar, facer traballo conxunto e unir as voces, e anunciaron que tamén van invitar a Fegamp para que se incorpore. Así, entre todos, queremos intentar conseguir non só que se confirme isto, senón que aparezan eses fondos europeos para o financiamento destas obras, que —como vostede dicía— polo de pronto non se sabe. Algúns deses fondos vainos decidir, desde un despacho de Moncloa, un asesor da presidencia do Goberno. Son decisións políticas e, evidentemente, como vostede dicía, parece que todas as tendencias van cara ao Mediterráneo e non cara ao noroeste.

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Falaba vostede tamén da importancia do tema da loxística. A Xunta xa anunciou a licitación desa estratexia loxística de Galicia, que non só —como vostedes pedían, por certo, para a Lei de ordenación do territorio— vai recoller e contemplar as obras estatais, senón que do que se trata tamén é de estender por capilaridade e facer que toda a comunidade autónoma se beneficie desas grandes infraestruturas estatais.

Evidentemente, non temos que esperar a esa estratexia, creo. Compartimos todos —e así se materializou noutras votacións— que dúas das actuacións prioritarias para Galicia son non só esa saía sur de Vigo —para reforzar ese eixo atlántico, esa conexión atlántica con Portugal—, senón tamén que apareza expresamente a conexión ferroviaria co porto de Langosteira, porque queremos —e por iso tamén na emenda facemos especificamente referencia a Langosteira— que quede claro que se non aparece non é porque este deputado non o incorporara na súa emenda, senón porque o BNG non o aceptou —espero que agora si—, porque, xa lle digo, evidentemente, compartimos todos que é importantísimo. Non podemos ter un porto como Langosteira sen ese tren, porque é como ter un traxe sen mangas —permítame a comparativa—. Queremos, polo tanto —dicía—, estender estes beneficios a todo o conxunto da comunidade a través desta estratexia loxística.

Antes falaban de se recuperabamos, dende o PP, o que creo que lle chamaban o «revival do nacionalismo dos 90» —creo que foi unha voceira do BNG—. Non se trata diso; nin de falar de aldraxes. Trátase de falar de agravios que son evidentes e que están presentes nos orzamentos xerais do Estado, e creo que os entendemos igual as tres comunidades do noroeste.

O que queremos é que os orzamentos e os fondos europeos recollan con igualdade o eixo mediterráneo e o eixo noroeste atlántico, vía noroeste. E dígoo por dúas cousas. Primeiro, porque non pedimos nada a maiores dos demais. O único que pedimos é que se nos trate igual que se trata o mediterráneo. ¡O único! Non máis, pero tampouco menos. Creo que isto tampouco é pedir moito.

E o segundo que queremos, sinceramente, dicir é que esta Cámara ten isto claro e é unánime nestas demandas, que considera prioritarias desde os orzamentos. Porque, miren, está ben falar de intereses e de cousas..., pero onde un se retrata claramente é nos presupostos xerais do Estado, e acabamos de saber que para o eixo mediterráneo, a pesar de que din que o van tratar igual, poñen o dobre de investimento: case 400 millóns para o eixo mediterráneo fronte aos 198 ou 190 para o eixo atlántico.

Por certo, non confundamos. Non estamos falando do eixo atlántico que pedimos para Galicia, estamos falando do que se chama eixo atlántico; desa estrutura que é Lisboa-Alxeciras-Madrid-Valladolid-Bilbao, non da rama noroeste —chamémoslle como queiramos, rama atlántica—, que é o que demandamos e é o que queremos que apareza nos orzamentos xerais do Estado. E non se trata de facer pinza. Onte falaban —creo que era— de zumbar. Xa zumbou bastante, creo, a voceira do BNG. *(Risos.)*

Compartimos exactamente que os orzamentos xerais do Estado —e ademais os orzamentos e os fondos europeos que se van decidir nun despacho na Moncloa— incorporen o tren a Galicia; incorporen as melloras deses trens e completen a infraestrutura dos portos e a in-

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

fraestrutura loxística de toda Galicia, porque, sinceramente, iso é retratarse de verdade e non falar en xeral das cousas. O dobre no Mediterráneo, a pesar de que din que van tratar igual os dous eixos.

Remato xa, esperando que cheguemos a un acordo, esperando que acepten este acordo de transacción e que se incorporen esas peticións. Cremos sinceramente que o trato que estamos recibindo desde o noroeste —chámenlle como queiran— do Goberno central, neste momento, é discriminatorio. Entendemos que non quixeron arreglalo nas emendas, a pesar de todo o peso que ten ese deputado que ía arreglar todo e tamén a pesar de que estaba nese famoso acordo coñecido como «de Ana e Adriana». Nese famoso acordo estaba o do tren; pero cartos, orzamentos, partidas presupostarias..., máis alá desa foto, dese acordo, nada, de nada, de nada.

E, polo tanto, xa digo: esperamos que unha vez máis este Parlamento acade unha petición unánime; que acade ese acordo e que mostremos claramente que o único que pedimos é o mesmo que se lle dá ao eixo mediterráneo.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Prado.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra a señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

A verdade é que os voceiros do Bloque Nacionalista Galego e do Partido Popular coincidían en pedir compromisos, en pedir posicionamentos. É verdade que tamén coincidían —ultimamente parece que coinciden bastante, ¿non?— en zurrarlle ao Goberno central e en olvidarse tamén da deixadez, do que fixo —utilizando certas palabras, que as utilizaron hoxe aquí— o Partido Popular cando gobernaba en Madrid. *(Aplausos.)*

Vostedes pedían compromisos, e a mellor forma de demostrar os compromisos a verdade é con feitos. Pois aí vai un compromiso máis do Goberno de Pedro Sánchez coa renovación da nosa rede ferroviaria: no Consello de Ministros de hoxe o Goberno autorizou a renovación da vía do tramo Monforte de Lemos-Lugo e a construción do novo túnel do Oural—hoxe, no Consello de Ministros—. *(Aplausos.)* Son 108 millóns de euros, IVE non incluído, por moito que lle moleste, señor Balseiro. Estes traballos enmárcanse nas actuacións promovidas por Adif para a mellora da conexión ferroviaria Ourense-Monforte-Lugo, co obxectivo de incrementar a súa calidade e a súa fiabilidade. ¡Consello de Ministros de hoxe!

Coincidimos co grupo propoñente da iniciativa en que é preciso e é prioritario facer unha aposta decidida para darlle un pulo ao corredor atlántico noroeste. E así, este grupo nas úl-

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

timas lexislaturas trouxo a esta Cámara iniciativas neste senso, así como tamén prestamos apoio ás iniciativas presentadas polos outros grupos.

Polo tanto, amosouse en diversas ocasións, como xa se dixo aquí, unanimidade deste Parlamento en defensa do corredor atlántico. Non vai a ser hoxe o meu grupo, o Grupo Parlamentario do PSdeG, o que rompa esta unanimidade. Xa avanzo que imos apoiar a iniciativa que hoxe trae o Bloque Nacionalista Galego a esta Cámara.

Pero, claro, é que agora o PP urxe o Goberno central a realizar melloras nas comunicacións ferroviarias, cando vimos como durante os anos de goberno do señor Rajoy non se apostou por este corredor. Agora atopámonos en situación de desvantaxe con respecto a outros corredores. Daquela, o Grupo Parlamentario Popular e a Xunta de Galicia calaban e non reivindicaban decididamente este corredor. Agora todo son présas e querer facer en dous días o que non se fixo en máis de sete anos.

Miren vostedes, o Goberno de Pedro Sánchez ata outubro de ano 2020 investiu, a través do Ministerio de Fomento, 2.830 millóns nas tres comunidades do noroeste peninsular: Galicia, Asturias e Castela e León, por moito que vostedes digan que se priorizan outras actuacións. Pero, miren, discriminación foi a que realizou o Goberno central popular e que nos trouxo a esta situación. Polo tanto, coincidimos co BNG en que é preciso priorizar os proxectos destas infraestruturas do corredor atlántico, para que así tamén poidan optar aos fondos europeos. Porque, miren, a maioría dos investimentos previstos no noroeste son para realizar electrificacións, o que resalta o atraso da rede ferroviaria da zona. Mentres que —iso tan recorrido por vostedes para facer a comparación— no Mediterráneo case todas as obras son para introducir o ancho internacional e a alta velocidade, no noroeste aínda hai pendentes actuacións para xubilar definitivamente as locomotoras de diésel.

Por iso, nestes orzamentos xerais do Estado contémplanse partidas para dar continuidade á electrificación do trazado Medina do Campo-Salamanca-Fuentes de Oñoro, cun tramo de 123 quilómetros con vía única e sen electrificar. Polo tanto, non poden circular as locomotoras eléctricas que chegan ata a fronteira portuguesa en Vilar de Formoso, o que dificulta as relacións comerciais entre o noroeste de España e Portugal. Tamén se inclúe nos orzamentos do Estado a electrificación Tui-Vigo. Completar a electrificación da rede era unha das medidas incluídas no plan plantexado polo noroeste.

Este goberno central está impulsando proxectos para mellorar o corredor de mercadorías que unirá Galicia co corazón da Unión Europea para optar e contar —como dixen antes— con fondos europeos, como pode ser tamén o proxecto de adecuación da liña Vigo-Ourense, o inicio á saída á Meseta do corredor ou a liña Monforte-Covas. Polo tanto, unha puntualización: mentres no 2014 unha galega —a señora Pastor— excluía Galicia do corredor atlántico, a partir de xuño do 2018 comezaron a mudar as cousas e comezouse a potenciar este corredor atlántico. *(Aplausos.)*

Miren, a verdade é que ao Grupo Parlamentario Popular non sei nin sequera como non se lle pon a cara vermella de presentar a emenda que presentou á iniciativa do Bloque Nacionalista Galego, porque incluso meten o tema de Monforte. Pero imos recordar: porto seco de Mon-

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

forte. Vaia por diante que nós si que coincidimos coa centralidade da que vostedes falaban na súa emenda; de Monforte como nodo loxístico do noroeste, nodo loxístico de transporte de mercadorías dende e cara aos portos galegos de interese xeral. O que implicaría que Monforte contase cunha plataforma ferroviaria de altas prestacións que canalizaría un gran volume de mercadorías.

Precisamente foi un ministro de Fomento socialista, o señor Blanco, o que fixo unha aposta decidida en Bruxelas para poñer a Monforte no mapa das grandes infraestruturas ferroviarias no ano 2010. Pero despois chegou o Goberno de Mariano Rajoy e parece que se olvidou de Monforte. *(Murmurios.)*

Datos para avergoñar o Partido Popular e a Xunta de Galicia. *(Aplausos.)* Ano 2001: o señor Aznar e o señor Fraga anunciaron en Monforte unha infraestrutura que, no día e hoxe, carece de conexións adecuadas. Ano 2014: trece anos despois do anuncio é inaugurado. E repito, no día de hoxe o porto seco segue seco e sen visos de encherse, porque, repito, segue sen ter conexións, e a Xunta de Galicia segue a paralizar este porto seco e as súas conexións. Imos polo cuarto ano de parálise desta infraestrutura, destes accesos, porque, miren, o único que fan —e agradezo que agora estea aquí a señora conselleira— é consignar unha cantidade no orzamento de cada ano, pero, como nada executan, pasa para o ano seguinte. Ano 2018: consignados, 750.000 euros; executados, cero. Ano 2019: consignados, 750.000; executados, cero. Ano 2020: consignados, 750.000 euros; executados cero. ¿Adiviñan canto hai previsto nos orzamentos do ano 2021? Non é moi difícil de sacar a cantidade que está consignada. *(Aplausos.)*

Coincidimos, en definitiva, coa priorización das infraestruturas do corredor atlántico en Galicia para que poidan tamén optar a eses fondos europeos. Tamén coincidimos coa necesidade de mellorar as conexións con Portugal coa construción da saída sur de Vigo. Para o Goberno de España esta saída sur é unha prioridade, xa o falamos, e nos orzamentos xerais do Estado —por se non o sabe, señora conselleira— para o ano 2021 vai unha partida para iso. A principios de ano licitarase o estudo de alternativas para ver a configuración ferroviaria da saída sur con tres obxectivos: unificar o transporte de viaxeiros en torno á estación de Urzáiz, mellorar a conectividade das mercadorías e garantir a conexión do eixo atlántico ferroviario con Portugal.

Unha puntualización: nos orzamentos da Xunta só se consignan 200.000 euros para o impulso á colaboración transfronteriza e loxística da eurorrexión Galicia-norte de Portugal, que resulta crucial para o desenvolvemento de Galicia. Polo tanto, o Goberno central quere atender as necesidades reais dos territorios e por iso prioriza tamén este corredor, pero non todo se fai en dous días.

E, para rematar, esperamos e desexamos que dende a Xunta de Galicia e dende a Consellería de Infraestruturas deixen de polemizar con esta infraestrutura, que deixen de buscar confrontacións estériles, que deixen de buscar enfrontamentos, xa non só a nivel político, senón tamén entre os técnicos das distintas administracións. Con iso o único que fan é atrasar esta infraestrutura fundamental; ademais de que amosan pouca lealdade institucional promovendo interpretacións erróneas, esa lealdade institucional que tanto lle piden ao Goberno

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

central. Deixen esa confrontación e aglutinemos apoios institucionais e investidores privados para rendibilizar as actuacións, como Europea exixe.

Polo tanto, estamos de acordo co que pide o BNG na súa iniciativa e imos apoiala.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Fernández Gómez.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Alégrome enormemente —e celébroo— de que parece que hoxe vai saír esa posición unánime de aposta polo corredor atlántico, pero tamén está ben dicir que tampouco hai que pasarse de freada e reescribir a historia, señores do Partido Popular.

Dicía o señor Prado que a culpa era do Partido Socialista de non incluílo, na altura en que Pepe Blanco apostaba máis por deixar fóra o corredor atlántico. Pero a realidade tamén, señores do Partido Popular, é que vostedes votaron dentro do Parlamento Europeo a favor dese proxecto que deixaba fóra o corredor atlántico. Entón, eu creo que está ben que hoxe poñamos aquí, efectivamente, o presente, que busquemos acordo hoxe, pero tampouco un pode subir a esta tribuna e tratar de reescribir a historia, porque non sería xusto. *(Aplausos.)*

E, como digo, alégrome enormemente de que haxa unha posición unánime. De feito, xa comentabamos o outro día que a cuestión que permitiu o desenvolvemento do corredor mediterráneo nun inicio non foi a aposta por parte do Goberno do Estado polo corredor mediterráneo. De feito, existiu tamén unha política de boicot ao corredor mediterráneo nun inicio. O que conseguiu que o corredor mediterráneo hoxe estea tendo o financiamento que ten é a posición en clave de todo o corredor mediterráneo a nivel valenciano e, especialmente, a nivel catalán Esa unidade de acción foi a que conseguiu que hoxe o corredor mediterráneo reciba os fondos que ten. Por iso deberiamos aprender esa parte e tratar de buscar foros onde traballemos esa unidade.

E quero tamén contestarlle a unha cuestión nese sentido, que tamén comentaba o señor Prado. Falaba da Lei de ordenación do territorio, que podería ser unha oportunidade para que dende Galiza puidésemos definir o modelo de infraestruturas do país. Nós, dende o Bloque Nacionalista Galego, incluímos unha emenda á Lei de ordenación do territorio precisamente encamiñada a que as grandes infraestruturas deste país —portos, aeroportos, ferrocarril— poidan decidirse en Galiza, para que sexa o propio Goberno galego quen deseñe o seu mapa de infraestruturas, sexan competencia do Estado ou sexan competencia galega. Iso é o que nos permitiría definir tamén o trazado.

A cuestión, señores do Partido Popular, non é se Galiza está ou non; é tamén unha cuestión de que modelo e de que trazado. Non podemos seguir con ese modelo radial. Esa emenda

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que presentamos á Lei de ordenación do territorio permitiría que dende Galiza empezásemos a poder decidir cal é o trazado das nosas infraestruturas e como as vertebramos. E isto, que pode soar moi radical, non é nada radical; está aplicándose neste momento na Lei de ordenación do territorio de Andalucía —nada que nos faga pensar que é moi soberanista ou, como digo, moi revolucionario—.

Entón, paréceme unha gran contradición que, por un lado, estean votando en contra desa emenda á Lei de ordenación territorio que nos permitiría ter soberanía e, por outro lado, que estean abonados a unha política de «instar o Goberno central a». Non queren facerse cargo das súas responsabilidades. Teñen capacidade para tomar decisións; asuman as súas responsabilidades tamén.

E, señores do Partido Socialista, eu creo que é momento xa de feitos. Xogámonos moito; estamos ás portas do novo marco de financiamento que comeza no 2021. Estamos a un mes e non sabemos nin sequera cal é o plan para o corredor atlántico. Non hai absolutamente nada. Subiron aquí tamén a entrar nese xogo de que se o Partido Popular facía o mesmo que fan vostedes agora cando eles estaban na Moncloa, pero miren máis para este lado, *(A señora Fernández Gómez fai acenos coas mans indicando un lado do hemiciclo.)* Compárense mellor cara a este lado, cos que dicimos e votamos sempre o mesmo en favor deste país, porque mellor nos iría. *(Aplausos.)* ¡Miren máis para este lado! *(Aplausos.)*

Como digo, xogámonos moitísimo dentro dese marco de financiamento. Pódese chegar a cofinanciar ata o 60 % das accións. Xogámonos o futuro deste país... *(Murmurios.)* E quero dicir tamén que esa estratexia que ten en marcha neste o momento o Goberno central contrasta enormemente coa reacción que estamos vendo por parte do Goberno portugués, que está dando pasos claros e inequívocos nesa aposta de tecer o corredor atlántico.

O Partido Socialista dicía que o Goberno do Estado incorpora unha partida para o estudo de alternativas de 200.000 euros para a saída sur de Vigo. Quero recordarlles que o que fai falta nun estudo de alternativas é un estudo informativo previo, que ten un custo aproximado dun millón e medio de euros. Polo tanto, o que vostedes están orzando non vai servir para dar pasos. Temos unha data, o 2030, e temos que chegar a tempo. Polo tanto, déixense de marear a perdiz e dean pasos cara a ese estudo informativo.

E respecto da emenda do Partido Popular —para acabar—, efectivamente, imos tratar de chegar a unha transacción. Xa era practicamente igual que a nosa iniciativa. O único que recollemos a maiores é o punto relativo á creación dun comisionado, que, efectivamente, está no espírito desta iniciativa e que nos parece ben que quede recollido explicitamente nesta iniciativa.

Como digo —para resumir—, creo que temos que facer fronte a ese monopolio que practica o Estado na toma de decisións e que está a ter unhas consecuencias nefastas para o país, nun momento no que se está transformando e redefinindo o desenvolvemento espacial desigual tanto no contexto europeo como no contexto estatal...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Por iso queremos que este Parlamento hoxe dea un paso á fronte para gañar soberanía, para definir a estratexia propia e para que o noso país poida intervir e decidir en proxectos tan fundamentais como o corredor atlántico dende unha perspectiva realmente atlántica, onde prime o interese xeral, a eficiencia da infraestrutura e a cohesión territorial.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Imos esperar a ver se chegan a un acordo coa transacción. *(Pausa.)*

¿Está? ¿Podemos? *(Asentimento.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Comezamos logo as votacións das proposicións non de lei.

Comezamos votando as que se debateron de xeito conxunto sobre o tema das axudas no fogar.

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Marina Ortega Otero.

Acéptase pero como engádega —foi o que dixo agora a señora Ortega— a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Marina Ortega Otero e D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia tendentes ao mantemento do servizo de axuda no fogar extraordinario e a prorrogalo ata que a pandemia provocada pola covid-19 se atope controlada na nosa comunidade autónoma.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este texto.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández.

Non hai emendas.

Votamos.

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Olalla Rodil Fernández e dous deputados/as máis, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de modificar a normativa vixente que regula o servizo de axuda no fogar, así como as cuestións que se deben introducir nela.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de don José Alberto Pazos Couñago.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista e hai pendente unha transacción co Bloque Nacionalista Galego. Non sei se chegaron a acordo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¿Si? *(Asentimento.)* Se nola le...

O señor PAZOS COUÑAGO: Si, presidente.

Quedaría así a transacción: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que demande do Goberno de España a transferencia á Comunidade Autónoma de Galicia da xestión do ingreso mínimo vital creada a través do Real decreto lei 20/2020. E, así mesmo, o Parlamento insta a Xunta de Galicia a impulsar, no prazo máis breve posible, as modificacións normativas necesarias para garantir a complementariedade da Risga co ingreso mínimo vital de cara a facilitar a transición cara a unha renda única.»

O señor PRESIDENTE: Votamos esta transacción.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Alberto Pazos Couñago, sobre a demanda por parte do Goberno galego ao Goberno central da transferencia á Comunidade Autónoma de Galicia da xestión do ingreso mínimo vital creado a través do Real decreto lei 20/2020.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 56; abstencións, 14.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este texto transaccionado.

(Murmurios.)

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Tranquilos, puido ser peor, ¡home! *(Risos.) (Aplausos.)*

Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei dos GG. P.P. Popular de Galicia, do Bloque Nacionalista Galego e dos Socialistas de Galicia, sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a creación da nova especialidade de Medicina de Urxencias e Emerxencias.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 70.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: Grazas en nome de todos os que estiveron aquí hoxe presentes. Eles, médicos e os urxenciólogos, transmítenlles as grazas a todos os deputados polo que se acaba de aprobar aquí. Grazas en nome deles.

Seguimos votando.

Agora a do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Julio Torrado Quintela... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

Perdón.

Retomamos.

Entón, votamos a do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de don José Manuel Rey Varela.

Non se aceptan as emendas do Grupo Parlamentario Socialista e tampouco a do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Rey Varela e oito deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co sector naval de Ferrol.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 70.

O resultado da votación é positivo.

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Julio Torrado Quintela.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e Dª Marina Ortega Otero, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co volume de diagnoses e a capacidade asistencial dos servizos de oncoloxía do sistema sanitario público de Galicia durante o ano 2020.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei. (Murmurios.)

O señor PRESIDENTE: E, por último, votamos a proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da señora Fernández Gómez.

Estaba pendente unha transacción. ¿Teñen a transacción? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Letrados, ¿teñen a transacción? ¿É moi longa? Ou nola len ou a leo eu. Se non é moi longa...

Isto ten varios puntos. A transacción di: «O Parlamento insta o Goberno da Xunta a que reclame do Goberno central a priorización dos proxectos de infraestrutura do corredor atlántico, así como a mellora de conexións con Portugal coa construción da saída sur de Vigo». Primeiro punto.

Segundo punto: «A mobilización de fondo do período 2021-2027, así como de fondos extraordinarios da Unión Europea para fomentar o desenvolvemento do corredor atlántico galego en condicións de igualdade con outros corredores».

Terceiro punto: «A atención á intermodalidade do corredor mediante a priorización das conexións ferroviarias con portos da fachada atlántica e coas principais plataformas loxísticas, singularmente coa execución das conexións ferroviarias porto de Langosteira (A Coruña)». Este é o punto terceiro.

Cuarto: «A presentación do Plan director do corredor ferroviario atlántico, a dotación de partida nos orzamentos do Estado e a solicitude de fondos europeos para conectar Galicia...» —aquí pon Galiza, pero eu leo o normal— *(Murmurios.)* (Risos.) «...nas mesmas condicións e nos mesmos prazos que os outros corredores». Este é o punto cuarto.

E, por último: «O inmediato nomeamento, como xa se fixo para o corredor mediterráneo, dun comisionado do Goberno para o corredor atlántico e así poder axilizar e coordinar a presentación de proxectos susceptibles de financiamento europeo».

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luis Bará Torres e dous deputados/as máis, sobre as demandas que se deben realizar en relación co desenvolvemento en Galicia do corredor atlántico de mercadorías.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 70.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este texto por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: Xa non hai máis temas hoxe. Suspendemos a sesión ata mañá ás dez.

Boa noite.

Suspéndese a sesión ás oito e corenta e sete minutos da noite.

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Abelairas Rodríguez, María Isaura (S)
2. Aira Díaz, María del Carmen (BNG)
3. Álvarez Martínez, Luis Manuel (S)
4. Amigo Díaz, María Encarnación (P)
5. Arangüena Fernández, Pablo (S)
6. Arias Rodríguez, Raquel (P)
7. Armada Pérez, José Antonio (P)
8. Balseiro Orol, José Manuel (P)
9. Bará Torres, Xosé Luís (BNG)
10. Caballero Miguez, Gonzalo (S)
11. Calvo Pouso, Diego (P)
12. Candia López, María Elena (P)
13. Carballo Páez, Ramón (P)
14. Carreira Pazos, Iria (BNG)
15. Castro García, Daniel (BNG)
16. Castro Rey, Paloma (S)
17. Conde López, Francisco José (P)
18. Cores Tourís, José Manuel (P)
19. Díaz Mouteira, María Sol (P)
20. Díaz Varela, Noa Susana (S)
21. Egerique Mosquera, Teresa (P)
22. Fernández Alfonzo, Ramón (BNG)
23. Fernández Gómez, Alexandra (BNG)
24. Fernández Prado, Martín (P)
25. Ferro Iglesias, José Luis (P)
26. Francisco Rivera, Juan Carlos (S)
27. Gallego Sanromán, María Leticia (S)
28. García Martínez, Fabiola (P)
29. González Albert, María (BNG)
30. González Iglesias, María do Carme (BNG)
31. González Vázquez, José (P)
32. Lourenzo Sobral, Manuel Antonio (BNG)
33. Lorenzo Gómez, Rubén (P)
34. Martínez García, Valeriano (P)
35. Murillo Solís, María Guadalupe (P)
36. Nóvoa Iglesias, Marta (P)
37. Núñez Feijóo, Alberto (P)
38. Ortega Otero, Marina (S)
39. Otero Rodríguez, Patricia (S)
40. Pazos Couñago, José Alberto (P)
41. Pérez Fernández, Rosana (BNG)
42. Pérez López, Daniel (BNG)
43. Pérez López, Noelia (P)
44. Pomar Tojo, Carmen María (P)
45. Pontón Mondelo, Ana (BNG)
46. Porro Martínez, María Corina (P)
47. Prado Cores, María Montserrat (BNG)
48. Prado del Río, Paula (P)
49. Presas Bergantiños, Noa (BNG)
50. Puy Fraga, Pedro (P)
51. Queixas Zas, Mercedes (BNG)
52. Quintana Carballo, Rosa María (P)
53. Rey Varela, José Manuel (P)
54. Ríos Santomé, Paulo (BNG)
55. Rivas Cruz, Xosé Luís (BNG)
56. Rodeiro Tato, Ovidio (P)
57. Rodil Fernández, Olalla (BNG)
58. Rodríguez Dacosta, María del Carmen (S)
59. Rodríguez González, Román (P)
60. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María (P)
61. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña (S)
62. Rueda Valenzuela, Alfonso (P)
63. Santalices Vieira, Miguel Ángel (P)
64. Sanz Arias, Cristina (P)
65. Seco García, Martín (S)
66. Suárez Sarmiento, María Elena (P)
67. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago (BNG)
68. Tellado Filgueira, Miguel Ángel (P)
69. Torrado Quintela, Julio (S)
70. Vázquez Almuíña, Jesús (P)
71. Vázquez Domínguez, Sandra (P)
72. Vázquez Mejuto, María Ángeles (P)
73. Vázquez Mourelle, Ethel María (P)
74. Vega Pérez, Daniel (P)
75. Verea Fraiz, Borja (P)

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

CSV: BOPGDSPGVOJP2J3o18
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/